CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios

Pontedeume *Nº 29*





CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios

Consello de Redacción:
Alexandre Caínzos Corbeira
Carlos de Castro Álvarez
Andrés López Calvo
Rocío Pena Pena
Sindo Vilariño Gómez
Adrián Ares Legaspi
Juan Coira Pociña

Tradución e supervisión lingüística dos textos en galego:
Esther Leira Penabad

Imaxe da cuberta:
Panteón en estilo neoexipcio, pertenceu á familia de Dona Carmen Couceiro Tenreiro, hoxe é propiedade da familia de Don Rosendo Paz. Atópase no cemiterio vello e a súa data de construcción é o ano 1927.

Deseño da cabeceira da revista:
Noli Vilariño

Deseño e maquetación da cuberta e do interior:
Marga L. Lamas. flopsestudio.com

Impresión:
Imprenta da Deputación Provincial da Coruña

Colaboracións:
As colaboracións deberán dirixirse a
"Cátedra. Revista eumesa de estudios"
Biblioteca Municipal de Pontedeume
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 - 15600 PONTEDEUME (A Coruña)
Telf. 981/43 25 98
Os traballos deberán ser inéditos.
O Consello de Redacción da revista non se identifica necesariamente coas opinións vertidas nos artigos publicados.

Páxina *web* da revista:
catedra.pontedeume.es

Edita: Concello de Pontedeume
Dep. Leg.: C-1702/93
ISSN: 1133-9608

Esta revista está subvencionada
pola **Deputación Provincial da Coruña**

PRESENTACIÓN

A historia constrúese e reconstrúese nun continuo proceso de cambio e permanencia. Este labor véñeno realizando admirablemente en Cátedra dende hai 29 anos, tantos anos como números publicados. É un labor colectivo de numeroso persoal investigador que afonda en temas locais de importancia para a vila, reiteradamente tratados, como os Andrade, ou a historia dos mosteiros de Caaveiro ou Montefaro, que Antonio Couceiro Freijomil considerou, con acerto, parte da comarca Eumesa, e aos que dedicou sen-llos capítulos. E xunto a estes temas este número trata outros de xenuíno sabor local, de nomes propios, de mulleres e homes que naceron, viviron e morreron en Pontedeume, verdadeiras e verdadeiros protagonistas da nosa historia; ou un tema de candente actualidade, como a epidemia da Covid, recentemente vivida e aínda non de todo superada.

Tamén, ano tras ano, a revista incorpora o "Premio de Investigación Concello de Pontedeume", que vén realizando un importante labor de recuperación do noso patrimonio etnográfico; ou "Escolma da nosa Historia", que exhuma publicacións de difícil acceso, recuperando así un corpus documental que facilite o labor do persoal investigador. Este ano a escolma está dedicada ao voto de San Nicolás de Tolentino, con motivo do 400 aniversario deste acontecemento fundamental da identidade da nosa vila.

Despois destes 29 anos, podemos dicir que a semente plantada por Couceiro Freijomil foi frutífera. E sería xusto dicir que a dita semente non só se ramificou en Cátedra senón que o fixo noutras moitas iniciativas, entre as que nos gustaría lembrar a fundación da librería e da imprenta de Miguel López Torre, da que se cumpren agora cen anos.

Pasado, presente e futuro, pois, danse a man. Futuro garantido pola incorporación ao Consello de Redacción de dous mozos historiadores, Juan Coira e Adrián Ares, aos que damos a benvida e felicitamos; felicitación que facemos extensible ao resto do Consello e a todas aquelas persoas que fan posible que Cátedra siga a ser cada ano un referente da nosa historia e, polo tanto, da nosa identidade.

Bernardo Fernández Piñeiro
Alcalde de Pontedeume

"AFICIONADOS Y AMANTES". INTRODUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO DEPORTE EN PONTEDEUME (1910-1940)

Roque Sanfiz Arias

Introducción

O redactor de *La Voz de Galicia* en 1904 ben sabía do prestixio que lle daba a realización de regatas no río Eume ás festas das Virtudes e San Nicolás de Tolentino. Entraba o século XX e os programas das festas patronais comezaban a adaptarse aos novos tempos. Cucañas, regatas e partidos de fútbol complementaron as tradicións relixiosas.

Este é o punto de partida do proceso polo que Pontedeume se introduciu de pleno na modernidade da época. O deporte era a comezos de século unha actividade moderna e modernizadora, dinamizadora de cidades, vilas e aldeas que buscaban o prestixio social que outorgaba ter un equipo campión.

Neste estudo pretendemos fixar Pontedeume no contexto deportivo de Galiza e de Europa dende os seus comezos até o ano 1940. A través do deporte observaremos como os cambios chegaron, foron collendo forma e cristalizaron en sociedades de *"aficionados y amantes del fútbol"* nunha vila costeira galega. Tendo en conta o conflitivo contexto social e político destes anos, veremos como influíron na actividade cotiá da xente eventos como a Segunda República ou o golpe de estado de 1936 e a brutal represión desatada na comarca.

O estudo das orixes do deporte ten unha dobre utilidade para a historia de Pontedeume: é unha nova forma de coñecela e unha nova ferramenta para divulgala.

Deporte para coñecer a sociedade galega

Para os sociólogos Norbert Elias e Eric Dunning, os deportes son hoxe "a principal fonte de identificación, significado e gratificación" na maioría de países do mundo[1]. O

1. Elías, Norbert, Dunning, Eric: *Deporte y ocio en el proceso de civilización* (Trad. Purificacvión Jiménez). México, Fondo de Cultura Económica, 1992. p. 247.

deporte, tal e como o coñecemos hoxe, xorde a mediados do século XIX coa sociedade contemporánea. En palabras do historiador catalán Xavier Pujades, o deporte é fillo da modernización e, á vez, un síntoma dela[2]. Estudar a traxectoria que levou á xente a facer deporte é fundamental para entender os cambios que propiciou nas sociedades, nos seus costumes, hábitos e concepcións morais. Só así conseguiremos entender a súa omnipresenza actual.

En Galiza contamos cunha obra de referencia sobre os inicios do deporte[3]. Este estudo permítenos ter un coñecemento das formas de introdución e popularización da cultura deportiva na nosa terra. Non se trata dunha exposición cronolóxica dos primeiros días do deporte en Galiza senón dunha explicación histórica, sociolóxica e antropolóxica de como unha actividade plenamente moderna entraba nunha sociedade que se debatía entre a permanencia das tradicións seculares e o progreso.

Partindo deste estudo pretendemos enfocar a lente en Pontedeume. Na vila dos Andrade moraban a comezos do século XX unhas 6.000 persoas e a maioría vivían quer da pesca quer do agro. A emigración tamén tivo unha forte pegada na vila[4]. Pontedeume foi tamén epicentro do movemento agrarista da contorna[5]. En definitiva, tratábase dunha sociedade cuxo modo de vida estaba empezando a sufrir cambios determinantes. Había quen quería acabar co caciquismo, quen vira outros mundos do outro lado do océano e novidades que chegaron en forma de vía férrea ou liña telefónica. Neste magma de permanencias e cambios agromou unha actividade propia do mundo moderno: o deporte.

No século XIX comezou a practicarse nas cidades británicas, máximos expoñentes do capitalismo industrial, e expandiuse por toda Europa e América, chegando xa na segunda metade do XIX ás cidades galegas e comezando a súa práctica en todo o territorio galego nos albores do século XX. Outra das novidades do século XIX foi a prensa, que testemuñou os cambios que vivía a sociedade[6].

Para esta investigación foi fundamental a consulta de xornais de diversos ámbitos territoriais, nos que puidemos ler crónicas que dan conta do avance do fenómeno deportivo na localidade. Comezando polo máis próximo á realidade da vila servímonos do semanario *Ecos del Eume*. Publicado entre 1910 e 1918, nas súas páxinas promulgaron algúns agraristas a súa loita contra o caciquismo[7], apoiouse o ensino en galego[8], o voto da

2. PUJADAS, Xavier: "Els orígens de lésport a la Catalunya contemporánia: entre la modernización del lleure i la massificació (1870-1936), en SANTACANA, Carles (Coord.), 2009, Nadala 2008: *L'esport a Catalunya*- Barcelona, Fundación Carrulla Económica, 1992, pp. 13-28, p- 14.

3. *Domínguez Almansa*, Andrés: *Historia social do deporte en Galicia: cultura deportiva e modernidade, 1850-1920*. Vigo, Galaxia, 2009.

4. MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo: *Emigrantes 'Retornados de acción' en Ferrolterra e Eume: 1898-1936.* "Cátedra", 10 (2003), pp. 129-146.

5. cita a cabo

6. cita a algo de prensa

7. VILARIÑO, Sindo. *No centenario de Ecos del Eume*. "Cátedra", 17 (2010), pp. 7-36.

8. COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio. *Los idiomas regionales en las escuelas*, "Ecos de Eume", 31/3/1918.

muller[9] e foi testemuña da chegada do ferrocarril[10] e das primeiras expresións deportivas na vila[11].

Xornais de maior tirada tamén prestaron atención ao deporte eumés. No diario ferrolán *El Correo Gallego* atópanse unha boa cantidade de referencias a partidos e regatas. Tamén no coruñés *La Voz de Galicia*, grazas aos constantes enfrontamentos con equipos da Coruña e a que o correspondente do xornal en Pontedeume era directivo dun dos equipos locais. O deporte eumés tamén resoou nas páxinas de *El Pueblo Gallego*, xornal vigués de referencia no primeiro terzo do século. Este xornal tiña un correspondente na vila que publicaba as súas crónicas do fútbol eumés nas páxinas do diario.

Alén das fontes hemerográficas, foi necesaria a consulta dos expedientes dispoñibles no Fondo de Asociacións do Arquivo do Reino de Galicia. As sociedades tiñan a obriga legal de dirixir as súas actas de constitución e regulamentos ao Goberno Civil para seren constituídas. Así, hoxe atopamos un fondo dun incalculable valor, onde se gardan os documentos de centos de asociacións da provincia que nos achegan datos tan importantes como os nomes dos fundadores, as actividades ás que se dedicaban e mesmo balances de contas.

O cruzamento de datos da bibliografía, a prensa e os arquivos permítenos obter unha visión de como o deporte chegou a Pontedeume, de que maneira se desenvolveu até o 18 de xullo de 1936 e que supuxo esta data no asociacionismo deportivo e na vida local.

Cucañas, regatas e paseos: primeiras manifestacións deportivas

O deporte chegou a Galiza ao mesmo tempo que a moitos outros lugares europeos. As primeiras manifestacións déronse a mediados do século XIX nas principais cidades coa apertura de ximnasios. Estes respondían a unha lóxica hixienista e rexeneradora da raza, que se pretendía mellorar co exercicio físico. Máis tarde, comezaron a incorporarse outras disciplinas como o remo ou o ciclismo, potenciadas polos mesmos ximnasios nos que cultivaban os seus corpos notables da localidade[12].

O remo prendeu forte nas rías galegas e xa no último terzo do século XIX se organizaban regatas en moitas cidades e vilas. As orixes do remo como práctica deportiva non están de todo claras mais consideramos que a explicación de Andrés Domínguez Almansa é a máis viable. Segundo a súa argumentación, o remo é un exemplo de "deportivización" de prácticas populares e espontáneas nos portos. Trátase da evolución de

9. *El voto femenino,* "Ecos del Eume"*, 24/2/1918.*

10. "Ecos del Eume", *11/5/1913.*

11. "Ecos del Eume"*, 17/7/1910, 24/7/1910, 31/7/1910, 23/4/1911.*

12. Domínguez Almansa, Andrés: "La práctica de la modernidad: Orígenes y consolidación de la cultura deportiva en España, 1870-1914", en Pujadas, Xavier (coord.): Atletas y ciudadanos: historia social del deporte en España (1870-2010). Madrid, Alianza, 2011, pp. 55-66.

prácticas lúdicas durante ou despois do traballo[13]. O remo foi unha actividade propia da clase obreira que pasou a ser practicada por burgueses interesados en convertela nun deporte "homologable á modernidade"[14]. A nova burguesía con ideas progresistas e liberais estaba interesada en promocionar o deporte como un elemento propio da súa clase e como unha actividade de prestixio que os permitise ascender socialmente e equipararse ás burguesías europeas.

Unha das maneiras máis comúns de introducir as prácticas deportivas nas vilas foi a súa inclusión nos programas de festas. *La Voz de Galicia* dá conta en 1904 do programa das festas de Pontedeume na honra da Virxe das Virtudes e de San Nicolás de Tolentino. Nestes primeiros días de setembro celebraríanse "dianas, sesiones de vistosos fuegos de artificio, veladas musicales, funciones religiosas, procesiones, bailes en las sociedades de recreo, cucañas y regatas". Como colofón das festas facíase unha excursión marítima ao Eume que, segundo o xornal, "no desmerece del que a pleno bombo de corresponsales entusiastas y literatos sportmen se celebra anualmente en el Urumea". Demóstrase o coñecemento do panorama deportivo estatal, destacando o potencial galego para alcanzar a fama de Donostia, onde a tradición regatista estaba ben estendida: "Pusiéramos en el Eume como en los Caneiros, como en el Lérez, el formidable tren de embarcaciones y la legión de veraneantes aristócratas que da nombre á esa gira en tierra vasca, y la fama de tales excursiones en el vergel gallego pasarían la frontera regional y después otras fronteras, con adjetivos calientes y con categoría de inimitables"[15].

O compromiso de certos sectores co progreso e cos novos hábitos e costumes das cidades europeas non só se materializou en renovados programas festivos. As cidades estaban levando a cabo procesos de urbanización e os espazos públicos deberon atender aos novos usos. O paseo, práctica hixienista e antecedente non competitivo do deporte, reclamou un espazo en grandes alamedas. En Pontedeume houbo voces que reclamaron un lugar para camiñar e onde os nenos puideran xogar *"bajo un ambiente sano y purificador [...] liberándolos del raquitismo"*[16] propoñéndose a adecuación da Alameda de Raxoi. Desta maneira, o espazo urbano comezou a ser pensado e organizado atendendo os novos tempos. Non só había que construír vivendas e estradas, senón que era necesario espazo público para o recreo e para a mellora da saúde da poboación.

Anos despois, constatamos un paso máis; a decidida aposta pola modernidade no entorno festivo eumés. En 1909, ás tradicionais procesións e bailes sumáronselles dous novos reclamos: a iluminación eléctrica e un partido de *foot-ball*[17]. Incorporábase a modernidade á tradición e chegaba á vila o fútbol, para xa nunca marchar.

13. Domínguez almansa, Andrés: *Historia social...*, p.120.
14. Domínguez almansa, Andrés: *Historia social...*, p. 200.
15. "La Voz de Galicia", 7/9/1904.
16. "Ecos del Eume", 17/04/1910.
17. "La Voz de Galicia" 2/9/1909.

Neste momento chegaron tamén aos portos de Vigo e Ferrol barcos de estranxeiros que tiñan certos costumes estraños cando tocaban terra. Xogaban ao foot-ball, un xogo *"que por fortuna no se conoce en España y del que se habla mucho estos días en El Ferrol, con motivo de dedicarse frecuentemente a él los oficiales de la escuadra inglesa"*[18]. Estas actividades eran exóticas para os locais polo descoñecemento da súa lóxica e por entrar en conflito cos valores morais da maioría da poboación. Non en van, destácase na prensa que usaban *"una indumentaria sobrado fresca, como ayer habrán visto muchos de nuestros lectores"*[19]. O estupor ante os primeiros xogadores foi mudando a medida que rapaces con boa posición económica foron estudar a Europa ou América onde comezaban a xogar ao fútbol[20]. Ao volver trouxeron consigo este novo costume, exercendo de "mestres" cos seus veciños. Nunha escala distinta ocorreu o mesmo cos mozos de pobos ou vilas que foron a cidades onde aprenderon o xogo. Unha vez o fútbol foi coñecido nas principais cidades e vilas, foi precisa a competición para fomentar a súa popularidade e mellorar o seu nivel. Neste senso foi clave o establecemento de grupos de traballadores británicos ou alemáns en Ferrol, na Coruña ou Vigo. Algúns viñan a traballar nos estaleiros[21], outros a despregar o cable inglés, mais todos acabaron sendo mestres deportivos dos entusiastas *sportmen* locais. Segundo conclúe Domínguez Almansa, a influencia dos británicos para a chegada do fútbol a Galiza foi real, mais para a súa expansión definitiva polo territorio galego foi precisa a implicación de galegos que unha vez iniciados no xogo estivesen dispostos a popularizalo entre a xuventude local[22].

Os comezos do foot-ball en Pontedeume, 1910-1927

Ademais dos beneficios físicos do paseo e do remo, destacábanse as capacidades civilizadoras do deporte e a súa función para o progreso da sociedade, a educación e a erradicación da violencia[23]. Nunha sociedade que herdaba costumes atávicos como o das pelexas grupais[24], a inclusión de partidos de *foot-ball* nos programas de festas pretendía educar sociedade en valores cívicos e canalizar o enfrontamento no terreo de xogo.

18. *"*El Correo Gallego"*,* 11/11/1892.

19. *"*El Correo Gallego"*,* 11/11/1892.

20. Para unha explicación máis completa da introdución do fútbol en Galiza, véxase Domínguez almansa, Andrés: *Historia social...*, p. 385.

21. Os ingleses participaron de xeito maioritario na *Sociedad Española de Construcción Naval*, empresa constituída en 1908, á que o Goberno lle cedeu a xestión das zonas industriais dos estaleiros de Ferrol, Cádiz e Cartagena. A presenza na comarca de técnicos e militares ingleses foi frecuente a partir desa data.

22. Domínguez almansa, Andrés: *Historia social...*, p. 388. Para a bisbarra de Ferrol, véxase Deza Rey, Jorge: *Historia do Racing Club de Ferrol (1919-1939).* Ferrol, Embora, 2005.; Sanfiz Arias, Roque: *Febre no campo. Fútbol en Fene ata 1936*. "Murguía: revista galega de historia", 39 (2019), pp. 71-93

23. Domínguez almansa, Andrés, SANFIZ ARIAS, Roque, RIVEIRO-RODRÍGUEZ, Tania: "Deporte, educación, violencia: outra perspectiva do proceso civilizador (Galicia 1890-1936)". En Leira-Castiñeira, Francisco J. e Cabo Villaverde, Miguel (Eds.): *A xustiza pola man. Violencia e conflictividade na Galicia Contemporánea*. Vigo, Xerais, 2021.

24. Cabo Villaverde, Miguel, Vázquez Varela, José Manuel: *Las otras guerras de nuestros antepasados:la violencia inter-*

En 1910 atopamos referencias a dous equipos na localidade: o *Club Eume* e o *Club Rajoy*. Do primeiro cóntase que se desprazaba a Ares[25] e do segundo que recibía un equipo aresán en Pontedeume[26]. Ambas as dúas crónicas presentan dous equipos eumeses que comparten a maioría dos seus xogadores, feito común nun momento no que os equipos e competicións non adoitaban estar oficializados e os xogadores podían cambiar de camisola todas as semanas.

No *Ecos del Eume* do 24 de xullo de 1910 anunciábase que *"Aparecieron ya fijados en el pueblo unos grandes carteles impresos en Ferrol anunciando el match*"[27]. O mesmo día da publicación do semanario celebrouse este esperado partido entre o *Club Rajoy* de Pontedeume e o *Club Aresano*. Unha semana despois publicábase a crónica completa cun foto-gravado de gran valor. O *match* celebrouse na praza do Marqués de Figueroa, un espazo que en 1905 pasara de horta do pazo do Conde a praza pública e que hoxe son os chamados xardíns de Lombardero[28]. Exemplo do cambio de usos dos centros das cidades e vilas, este espazo debeu ser acondicionado para a ocasión futbolística a xulgar pola imaxe e porque non volve ser mencionado nas crónicas deportivas.

Segundo se relata, o club de Ares chegou a Pontedeume por mar nunha expedición con presenza de *"muchas y bellas jóvenes de Ares, que vienen a presenciar el match"*. A presenza feminina nos campos de fútbol está probada dende os comezos deste deporte e terá continuidade. Malia todo, eran só espectadoras e tardaron tempo en participar como protagonistas ou organizadoras[29]. O ton festivo do encontro poñíao unha banda de música que acompañaba a comitiva dende que desembarcou e que tocaba despois de cada *goal* e no descanso. Para rematar, lanzáronse uns globos ao son da música e todo o pobo acudiu ao peirao, onde *"Los vivas y aclamaciones duraron largo rato, y despedida tan entusiasta no se recuerda en esta localidad"*.

Os enfrontamentos entre os equipos das dúas localidades tiveron continuidade nas festas de comezos de setembro de 1910[30]. Grazas á prensa coñecemos quen formaba este primeiro equipo que se bateu cos aresáns no verán de 1910 (Anexo II). Entre os nomes destacan os irmáns Ramón e Laureano Sardiña. Ramón Sardiña cumpría 15 anos en 1910, polo que debía ser un dos compoñentes máis novos do equipo, recollendo o legado daqueles primeiros impulsores e asegurando a transferencia inter-xeracional do *sport*. Os dous eran fillos de Juan Sardiña Silvar, alcalde de Pontedeume en 1890[31], e seguindo a súa

comunitaria en la Galicia rural contemporánea, "Hispania", 251 (2015), pp. 781-804.

25. *Excursión deportiva*, *"*Ecos del Eume", 17/7/1910.

26. *Un match de foot-ball, "*Ecos del Eume", 31/7/1910.

27. *"*Ecos del Eume", 24/7/1910.

28. de Castro Álvarez, Carlos: *Nombres ilustres en la calles, plazas y jardines de Pontedeume*. "Cátedra", 11 (2004), p. 58.

29. Para o papel das mulleres no deporte galego véxase LÓPEZ VILLAR, Cristina: *Pioneiras do deporte en Galicia*, A Coruña: Deputación da Coruña, 2017. e Domínguez Álmansa, Andrés: "Un esfuerzo contra la exclusión: mujer, modernidad y cultura deportiva (Galicia 1880-1940)", en *III Ciclo de conferencias: xénero, actividade física e deporte (2011-2012)*, Universidade da Coruña, 2013, pp. 33-45.

30. "El Correo Gallego", 25/8/1919; "El Eco de Galicia", 30/10/1910.



Equipos de los clubs ARESANO y RAJOY que tomaron parte en el partido amistoso de foot-ball, celebrado en Puentedeume el 24 de Julio de 1910.

Imaxe . Imaxe do club Aresano e Rajoy. Ecos del Eume, 27, 31/7/1910

figura varios dos irmáns Sardiña estiveron implicados na política local en partidos de esquerdas até que Ramón e Celestino foron asasinados tralo golpe de estado de 1936.

O ano 1910 rematou coa presenza de dous equipos na localidade: o *Club Eume* e o *Club Rajoy*. As referencias atopadas dos dous equipos son escasas mais permiten constatar o primeiro testemuño de auto-organización asociativa deportiva en Pontedeume, máis alá das regatas e encontros ocasionais nas festas de anos anteriores. Tal e como apuntou Domínguez Almansa, a existencia de clubs "potencia o sentimento de pertenza a un grupo singularizado e cohesionado" e para facelo sérvese de tres mecanismos. O primeiro é a necesidade de sustentar o club e garantir a súa continuidade, servíndose de vínculos estreitos entre os asociados, que forman unha sorte de "familia". O segundo mecanismo é a "manifestación pública da súa existencia", para o que é imprescindible a organización de partidos e festivais nos espazos urbanos. Por último, o apoio e as simpatías que espertan os clubs nos enfrontamentos con outros equipos[32].

A formación de dous clubs distintos na mesma localidade foi unha tendencia común nos inicios do fútbol galego. Na Coruña competían o *Coruña* e o *Deportivo*, en Vigo o *Fortuna* e o *Vigo Sporting* e en moitas vilas e pobos xurdiron dous referentes que

31. Castro Pérez, David: *Poder e parentesco en Pontedeume (1877-1936). O método da Xenealoxía Entrelazada*. "Cátedra", 14 (2007), pp. 13-44.

32. Domínguez Almansa, Andrés: *Historia social*..., p. 391.

pularon por liderar no terreo de xogo e no aspecto simbólico. Nalgúns casos a estas disputas tamén se lle sumaba un compoñente político/ideolóxico ou de enfrontamento de grupos sociais distintos[33].

Non foi posible constatar se a creación de dous clubs en Pontedeume responde á lóxica de enfrontamento político ou de grupos sociais. Todo parece indicar que non, pois a seguinte mención atopada aos dous clubs é co gallo dunha xunta de socios para acordar a fusión dos dous equipos[34]. Un mes despois, a nova entidade denominouse *Puentedeume F.C.*[35]. No ano 1911 atopamos unha serie de enfrontamentos contra o *Club Floreal* da Coruña, que se desprazou en lancha até Redes. A expedición deportiva acompañábana cidadáns que aproveitaban para facer unha excursión fóra da cidade[36]. A mesma ruta seguiron un ano despois os socios do *Club Artesano de Monelos* que tamén se acercaron á vila dos Andrade a disputar o mérito futbolístico[37].

Respecto ao espazo físico onde se practicaba deporte, a única mención atopada foi a adaptación da antiga horta do Pazo do Conde como campo de *foot-ball*. Probablemente aquela localización fose utilizada nos primeiros partidos mais pronto debeu pasar a usarse o Campo do Arenal. En maio de 1912 un artigo en *Ecos del Eume* propoñía realizar unha colecta entre os comerciantes da vila para mellorar o mal estado do campo do Arenal, que impedía a celebración de máis encontros[38]. Cabe destacar a concepción dos directivos como *"entusiastas jóvenes"* e a necesidade da implicación dos comerciantes locais, sen esperar a intervención das institucións municipais. Considérase que fomentar a chegada de excursións para ver partidos son un deber de *"todo pueblo culto"*, que ademais supón un grande beneficio para o comercio. Conxúganse nesta reclamación as dúas vertentes do deporte: os seus comezos como expresión asociativa de socialización burguesa e a súa expansión como espectáculo público que atrae visitantes e xera benefi-cios económicos.

Con todo, a estas alturas o deporte non era aínda unha actividade de masas. A maioría dos practicantes eran rapaces e homes cun certo prestixio social e unha posición económica acomodada. Inda con esta mínima potencia económica os medios eran precarios, como demostra que en setembro de 1912 se tivese que rematar quince minutos antes un partido contra o *Alfonso XIII* de Ferrol pola perda do balón[39]. Pouco sabemos das mulleres no deporte eumés até 1927. Só hai constancia da súa presenza nas bancadas,

33. Domínguez Almansa, Andrés: *Historia social*..., p. 393-394.

34. "Ecos del Eume", 12/2/1911.

35. "Ecos del Eume", 12/3/1911.

36. "Ecos del Eume", 23/4/1911; *Gaceta de Galicia*, 28/4/1911; "Ecos del Eume", 30/4/1911.

37. "Diario de Galicia", 25/5/1912.

38. *"Después de escrito lo que antecede, se nos ocurre hacer un ruego a los entusiastas jóvenes que componen la directiva del Club de este pueblo, y es el siguiente: ¿Cómo no hacen una cuestación entre el comercio de esta villa para poner en condiciones el campo del Arenal y poder aceptar partidos con equipos de otros pueblos, que según nos aseguran no han aceptado por falta de fondos? ¿Acaso los comerciante se niegan á la demanda de esos entusiastas jóvenes?* No lo creemos, porque está demostrado que con esas partidas se organizan excursiones que todo pueblo culto está en el deber de fomentarlas, de las cuales el mayor beneficio es para el comercio." "Ecos del Eume", 9/6/1912.

39. "El Correo Gallego", 25/9/1912.

consideradas case que unha atracción extra dos partidos. Non se menciona a práctica de deporte feminina en Pontedeume, malia que xa había casos na altura en Galiza.

Nos seguintes anos debeu seguir practicándose deporte na vila mais non atopamos referencias até a década de 1920. Entre 1922 e 1923 xurdiron o *Breamo*, o *Arenas*, o *Andrade* e o *Rayo F.C.*[40]. Malia levaren o nome doutras parroquias e lugares da localidade, nada parece indicar que se tratase dunha expansión territorial polas distintas zonas do municipio, pois unicamente se fala do campo do Arenal, cunha excepción na que se menciona o "Campo Grande"[41]. O que si podemos observar é un cambio nos rivais. Os enfrontamentos comezaron a ser contra equipos de Ferrol e a súa contorna, desaparecendo os rivais coruñeses que viñan en lancha. Isto pode deberse á mellora das comunicacións coa cidade departamental despois da creación da liña de ferrocarril Betanzos-Ferrol en 1913.

A mediados da década de 1920, Pontedeume levaba máis de quince anos practicando deporte. Comezara como parte do programa das festas e pasara a organizarse en clubs grazas ao impulso de mozos interesados nas expresións da modernidade. Varios intentos asociativos deron lugar á continuidade e expansión da práctica deportiva na localidade. Os baleiros documentais non teñen porque supoñer un abandono do deporte. Fútbol e remo deberon seguir practicándose nos anos dez e vinte, pois é necesaria unha actividade previa para o que aconteceu en 1927.

"Jóvenes entusiastas" e asociacionismo deportivo, 1927-1931

Unha das fontes vitais para esta investigación é o Fondo de Asociacións do Goberno Civil da Coruña. Nel podemos consultar os datos das asociacións rexistradas na localidade. Dende 1894 até 1927 constituíronse en Pontedeume 24 asociacións, ningunha delas deportiva. Para poñelo en perspectiva, no mesmo período de tempo constituíronse en Betanzos 19. As mesmas persoas que practicaban deporte adoitaban estar en sociedades profesionais, mutualistas ou recreativas onde obtiñan aprendizaxe e conciencia asociativa que logo adaptaron ao contexto deportivo.

Unha destas sociedades foi o *Club Moderno* rexistrado en 1922[42]. Os estatutos son consecuentes co seu nome e establecen como fins da sociedade a instrución dos seus asociados; a creación dunha biblioteca e a celebración de bailes, veladas musicais, veladas literarias e festivais. Malia non mencionarse o deporte como fin, na súa directiva aparecen nomes xa coñecidos como Ramón Sardiña, Felisindo Sardiña e Frutos Fernández, mestre da vila. Un aspecto a destacar son as condicións que marcan para a afiliación de mulleres.

40. "El Ideal Gallego", 27/6/1922; "El Ideal Gallego", 7/7/1922, "El Correo Gallego", 22/3/1923; "El Ideal Gallego", 4/4/1923; "El Correo Gallego", 30/5/1923; "El Ideal Gallego", 1/6/1923; "El Correo Gallego", 1/7/1923; "El Ideal Gallego", 21/7/1923.

41. "El Correo Gallego", 1/7/1923.

42. Club Moderno, 1922. Fondo de Asociacións, Goberno Civil da Coruña. ARG 31920/3.

O artigo 16 contempla que de non haber varóns no domicilio, poden asociarse mulleres pero sen voz, voto nin dereito a asistir ás xuntas da asociación[43]. Constátanse aquí dúas realidades da Galiza da época. En primeiro lugar a incidencia da emigración maiormente masculina e a situación de discriminación que sufrían as mulleres na vida pública. A "modernidade" destas asociacións permitía a participación das "viúvas de vivos"[44], mais sen pasar os límites marcados pola organización.

A aparición desta sociedade é un síntoma doutro paso adiante dos *jóvenes entusiastas* da vila. Os ensaios no ámbito asociativo cultural e mesmo político dalgún dos rapaces que facían deporte deron lugar á súa decisión de organizar novos clubs de fútbol.

No verán de 1927, ao tempo que se inaugurou o teléfono en Pontedeume, aparecen novas mencións a partidos de fútbol. *O Eume F.C.* e o *Arenas* reapareceron[45] xunto a novas formacións, algunhas probablemente de nenos: *Alfonso XIII*, *Infantil* e *Fenicia*[46]. A reactivación do fútbol na vila cristalizou no outono co rexistro na sede do goberno civil de dúas novas sociedades: o *Eume Fútbol Club* e o *Rajoy Fútbol Club*.

A anunciada fusión de 1911 debeu apagarse co tempo e en 1927 volveron a xurdir os dous equipos. Só atopamos continuidade nun nome da antiga directiva do *Puentedeume F.C.* nalgún dos dous novos equipos: Benito Vizoso Riera, en 1911 fora vicepresidente e en 1927 é vogal do *Rajoy F.C.* Tamén parece que había representación daqueles clubs que aparecían brevemente nos anos vinte. É o caso do porteiro do *Breamo* que coincide co presidente do novo *Eume F.C.*: Antonio Tenreiro Salgado.

Non obstante, como xa observamos para a súa anterior época, non parece que houbese ningunha división ideolóxica, clasista ou grupal. Como estaba escrito no regulamento do Eume F.C., a sociedade constituíana *"aficionados y amantes del fútbol"*[47]. Unha boa mostra de que había lazos de amizade entre os propulsores dos antigos e novos equipos é que Miguel Frade, antigo xogador do *Club Rajoy* e do *Puentedeume F.C,* e Antonio Tenreiro Salgado, presidente do *Eume F.C.* de 1927, foron testemuñas na voda do irmán deste último[48]. Outro exemplo é o de Manuel Salorio, que asistiu aos actos de fundación dos dous clubs. No acto de constitución do *Rajoy F.C.* estaba tamén José Gen del Río, que nos anos 30 é citado continuamente como xogador do *Eume F.C.*[49].

43. *"La familia que no tenga en su domicilio varón alguno y sí ausente de él, queda autorizada la hembra para solicitar el ingreso como socio cotizando y asistiendo a los festivales con todos los derechos de socio, a escepción que no tendrá voz ni voto en ningún caso ni podrá asistir a las Juntas Generales que se celebren"* Reglamento do Club Moderno, 1922. Fondo de Asociacións. Goberno Civil. ARG 31920/3.

44. Denominación que lle outorgou Rosalía de Castro a estas mulleres que non emigraron. Sobre o tema, véxase o proxecto de Rodríguez Martínez, D. Miguel. "Das que se quedaron. As viúvas de vivos: unha realidade silenciada", *Mazarelos*. Dispoñible en: https://www.mazarelos.gal/2019/01/17/das-que-se-quedaron-as-viuvas-de-vivos-unha-realidade-silenciada/ (Consultado 10/8/2020).

45. "El Pueblo Gallego", 31/6/1927; "El Pueblo Gallego", 19/6/1927; "El Pueblo Gallego", 18/8/1927.

46. "El Pueblo Gallego", 22/6/1927; "El Ideal Gallego", 28/6/1927.

47. Reglamento do Eume F.C., 1922. Fondo de Asociacións. Goberno Civil. ARG 31920/5.

48. "El Correo Gallego", 13/2/1926.

49. Acta de constitución Eume F.C. Fondo de Asociacións. Goberno Civil da Coruña. ARG 31920/5. Acta de constitución Rajoy F.C. Fondo de Asociacións. Goberno Civil da Coruña. ARG 31920/3.

Neste momento apareceron novos nomes que tiveron continuidade nos anos 30. Isto parece indicar un relevo xeracional. Aqueles que xogaban no ano 1910 xa non están nos terreos de xogo e o seu lugar ocúpano outros que creceron vendo como na súa vila se xogaba ao fútbol. Como vemos, nestas directivas seguía habendo moitos xogadores, mais non todos como si acontecía en 1911; síntoma da popularización do deporte.

Os vellos *sportmen* agrupaban as funcións de xogador, propagandista e directivo. En moitos lugares, cando estes colgaron as botas, comezaron a asumir funcións directivas, aparecendo xente que organizaba pero non xogaba. Novos talentos ocuparon os terreos de xogo e a función de xogador comezou a ser diferente da de socio. Nalgúns casos, os novos xogadores mesmo pensaron en deixar de pagar por pertencer ás sociedades considerando que a súa achega no campo era contribución suficiente[50]. Daquela, a ascendencia e o prestixio social pasaron a un segundo nivel de importancia, a destreza cos pes foi a chave que permitiu a moitos mozos comezar a xogar nestas sociedades antes elitistas, pois o seu xogo xeraba expectación. Cando na metade dos anos 20 a expectación se traduciu en diñeiro, abriuse o camiño da profesionalización, que aínda tardaría moito en implantarse debido ao gran debate público que a rodeaba.

O remo é outro deporte que se practicou todo este tempo na vila. Ao igual que viña facéndose dende 1904, en 1927 as festas da Virxe das Virtudes de comezos de setembro incluían regatas no seu programa. O remo foi un deporte cunha incidencia social moito máis concreta en toda Galiza. A maioría dos que remaban e organizaban pertencían a unha clase acomodada. A estanquidade social permaneceu neste deporte até os anos 30. Con todo, o remo introduciu dúas novidades: a participación das mulleres e a relación co poder público.

Nas regatas celebradas en 1927 houbo dúas probas *"la de señoritas y la de caballeros"*[51]. O bote gañador da feminina foi o de Antucha García, Maruja Prego, Consuelo Cobián, Maruja Rosado e Isabel Iglesias, patroneado por Teolindo Rosales. Moitos dos seus apelidos recórdannos os dos xogadores de fútbol de 1910, o que nos fala dunha socialización deportiva a través de vínculos familiares. No bote masculino gañador remaban Ramón Goyanes, Andrés García, Luís García e Teolindo Rosales. Os dous últimos foran xogadores do *Club Rajoy* en 1910 e Andrés García foi parte do *Club Moderno.*

A coincidencia de apelidos e persoas non é unha casualidade. Aqueles entusiastas do fútbol de 1910 eran verdadeiros *sportmen*. O seu interese ía máis aló dunha disciplina e por iso anos despois, cando xa eran maiores para xogar ao fútbol, seguiron patrocinando outros deportes.

A segunda novidade é a relación co poder público. En 1912 pedíase unha subscrición entre os comercios para a mellora do campo do Arenal, evidenciando unha falta de interese das institucións públicas co deporte. En 1927, o *Club Náutico* da Coruña par-

50. Pujadas, Xavier, Santaclara, Carles: *El club deportivo como marco de sociabilidad en España. una vision historica (1850-1975)*. "Hispania. Revista española de historia", 63[214] (2003), p. 515.

51. "El Ideal Gallego", 13/9/1927.

ticipou nunhas regatas organizadas polo alcalde de Pontedeume. Os remeiros chegaron en autocar á vila e foron recibidos polo alcalde e o secretario. Despois da regata, agasallóuselles cun *lunch* no concello. Segundo a crónica do xornal, *"allí mismo se hicieron las gestiones preliminares para fundar un Club Náutico en Puentedeume"* e mesmo se tratou a adquisición dunha traiñeira[52].

Non temos constancia de que se chegase a activar o dito club náutico pero si da continuidade das regatas, consolidadas dende comezos de século no programa festivo da vila xunto á cucaña[53]. O *Club Náutico* da Coruña seguiu a visitar a vila para participar en regatas e mais para xogar ao fútbol contra o re-fundado *Rajoy F.C.*[54].

Volvendo ao fútbol, dende 1927 a 1931 observamos un crecemento na cantidade de partidos que se disputan. A maioría deles polo *Eume F.C.*, que se volveu neste momento no club máis presente na prensa da época. Coincidindo co agromar do fútbol noutras localidades próximas como Mugardos ou Fene[55], os equipos de Pontedeume desprazábanse ou recibían equipos de Ferrol, Mugardos, Barallobre, Fene, Betanzos, A Coruña, O Burgo, Montrove, Rutis...[56] Tratábase de encontros amigables ou pequenos trofeos que creaban unha rede de contactos entre os clubs, mais sen unha organización superior que os englobase e sistematizase unha competición.

O aumento do número de partidos indícanos unha popularización do fútbol na localidade. É factible ademais que isto se transformase nunha mellora das infraestruturas deportivas. Así parece indicalo o feito de que, na previa dun Deportivo-Celta de 1928, os xogadores coruñeses se concentrasen en Pontedeume "*donde tendrán una semana de entrenamiento al aire libre*"[57].

Tamén observamos nestes anos o xurdimento de equipos de rapaces, o "Alfonso XIII" e o "Infantil"[58]. A aparición de equipos de rapaces confírmanos os indicios de transmisión inter-xeracional xa mencionada. Non só se integraron os rapaces no deporte, senón que formaron equipos propios que competían entre eles, elevando o nivel xeral e creando un entorno favorable á socialización de xuventude na cultura deportiva.

52. "El Ideal Gallego", 20/9/1927.

53. "El Ideal Gallego", 6/9/1928; "El Pueblo Gallego", 9/9/1928; "El Ideal Gallego", 18/9/1928; "El Pueblo Gallego", 18/8/1932.

54. "El Correo Gallego", 29/10/1927.

55. Sanfíz Arias, Roque: *Febre no campo...,* pp. 71-93.

56. "La Voz de Galicia", 2/2/1928; "El Correo Gallego", 20/7/1928; "El Correo Gallego", 24/7/1928; "El Pueblo Gallego", 9/9/1928; "El Correo Gallego", 11/9/1928; "El Pueblo Gallego", 30/10/1928; "El Correo Gallego", 20/11/1928; "El Correo Gallego", 18/11/1928; "La Voz de Galicia", 27/03/1929; "La Voz de Galicia", 17/4/1929; "La Voz de Galicia", 25/4/1929; "El Pueblo Gallego", 8/9/1929; "La Voz de Galicia", 3/9/1929; "La Voz de Galicia", 3/10/1929; "El Correo Gallego", 17/1/1930; "La Voz de Galicia", 22/6/1930; "El Pueblo Gallego", 13/9/1930.

57. "El Eco de Santiago", 22/3/1928; "El Pueblo Gallego", 22/3/1928; "El Progreso", 25/3/1928.

58. "El Ideal Gallego", 22/6/1927; "El Ideal Gallego", 28/6/1927; "El Correo Gallego", 12/10/1927.

Teléfono, cine e República. A popularización do deporte, 1931-1936

O 30 de xuño de 1927 inaugurouse en Pontedeume a Central de Teléfono Interurbano[59]. En novembro de 1928, *"numerosísimo público que se había estacionado en la Central de Teléfonos"* esperaba polo resultado do *Racing de Ferrol* que xogaba en Pontevedra[60]. Ese mesmo ano, abriu as súas portas o Coliseo "García Novoa"[61] onde pronto se comezaron a proxectar películas[62]. A modernidade levaba anos axexando Pontedeume. A iluminación eléctrica nas festas, o ferrocarril e os partidos de fútbol abriron un camiño no intento de imitar as formas de vida máis "civilizadas" de Europa. O teléfono e o cine foron cambios definitivos nas formas de comunicarse e pasalo ben da vila. A súa aparición mudou os hábitos de tanta xente, que até os ladróns se adaptaron aos novos tempos[63].

Mais sen dúbida, o cambio definitivo para a sociedade do estado español foi a Segunda República. Abril de 1931 abriu un novo tempo para a vila ao que todos os cidadáns tiveron que adaptarse. As vellas elites locais que se disputaban o poder viron aparecer novas forzas que querían disputar a súa hexemonía e tiveron que acomodar as súas redes clientelares ás urnas. No ámbito asociativo, dúas noticias permítennos albiscar o cambio dos tempos. A finais do mes de abril créase no local do Comité Republicano a *Sociedad de Oficios Varios*, coa presenza do socialista fenés Manuel Montero[64]. En outubro, celébrase un partido con dous novos equipos de fútbol: *Colorín* vs. *Juventud Obrera*[65]. A elocuencia das denominacións indica a aproximación de novos grupos sociais e ideoloxías.

O deporte comezou sendo un acto marcadamente político. Partidarios do progreso promoveron a renovación dos costumes e da vida da xente a través da cultura física e deportiva. Cos anos, novos grupos sociais que nun comezo mostraron a súa reticencia ou frontal rexeitamento, tamén se incorporaron. Os conservadores organizaron os seus clubs e nos seminarios tamén se daban patadas ao balón. Non obstante, seguiu habendo ideoloxías políticas que rexeitaban o deporte por ser considerado unha distracción da xuventude. Foi a postura de socialistas, anarquistas e comunistas nas primeiras décadas do século XX. Nos anos 30, en Europa estas ideoloxías comezan a achegar posturas ao deporte,

59. "El Pueblo Gallego", 31/7/1927.

60. "El Pueblo Gallego", 20/11/1928.

61. López Lamas, Tomás: *El coliseo García Nóvoa, salón de variedades y cine de Pontedeume.* "Boletín académico ETSAC", 11 (1989), pp. 55-57.

62. "El Ideal Gallego", 7/1/1930.

63. *"En los kilómetros 27 y 28 de la línea férrea de Betanzos a Ferrol apareció robado el alambre de cobre de la red telefónica, en unos 230 metros. A pesar de las pesquisas practicadas por la Guardia Civil de los puestos de Puentedeume y Fene, no han podido ser habidos el autor o autores del hurto, así como tampoco el de 838 metros del mismo hilo de la red telefónica entre los kilómetros 27 y 32 de dicho ferrocarril". "*El Correo Gallego", 23/5/1930.

64. "El Correo Gallego", 28/4/1931.

65. "El Pueblo Gallego", 14/10/1931.

comezando a instrumentalizalo para as súas causas, como xa facían todas as familias políticas. A caída da ditadura de Primo de Rivera e a proclamación da Segunda República favoreceron no Estado español a incorporación de todas as ideoloxías ao fenómeno deportivo e un aumento inaudito do tecido asociativo. Galiza e Pontedeume non foron alleos ao que pasana no mundo e tamén viviron esta transformación.

O incremento de partidos que se deu na vila dende 1927 continuou en 1931. O *Eume F.C.* seguiu a ser o maior protagonista da actualidade deportiva e disputou moitos partidos contra equipos da Coruña, na casa e fóra. *Sin Querer F.C.*, *Caifás F.C.*, *Hércules F.C.*, *Unión Juvenil de Los Castros*[66] foron algúns dos equipos cos que competiu, mesmo chegando a gañar ao *Anderson* en Riazor[67]. Até 1935 mantívose unha liña ascendente en canto a número, distancia e importancia dos equipos cos que competía o *Eume* en enfrontamentos amigables ou na pelexa de trofeos puntuais. En 1935 aparecen na prensa retos lanzados e partidos xogados contra equipos fortemente politizados: *C.N.T.*, *Fene F.C.*, *Racing Barallobre* e o *Ateneo Popular* da Coruña. Tamén superaron os límites territoriais até o momento explorados retando ao *Racing de Vilalba* e ao *Sporting Club de Viveiro*[68].

Nese mesmo ano houbo un intento por crear unha competición comarcal que permitise establecer un calendario de partidos. O campionato estaba promovido polo *Racing de Ferrol* e o seu interese por aumentar o nivel global para captar xogadores de proveito. Malia o interese por fixar unhas datas, seguiron presentes as concepcións do pasado, permitindo escoller *"fechas que por ser festivas en la localidad le conviene jugar en casa"*. Neste comunicado invitábase os equipos de todos os concellos dende Ribadeo a Lugo e dende Santiago a Ferrol, incluíndo Pontedeume[69]. Non temos constancia do éxito desta proposta, mais poñelo sobre a mesa é sintomático do avance do fútbol na sociedade. Tamén foi o momento no que se eliminaron definitivamente as barreiras clasistas para a práctica do fútbol. Por esta época xa había referentes dabondo de rapaces de clase obreira que chegaran ao máis alto no fútbol. Tamén na vila, onde por exemplo Juan Lourido Fernández, empregado da construtora naval, era destacado xogador do *Eume F.C.*[70].

Pontedeume seguiu o camiño europeo e galego no ámbito deportivo, mais cómpre sinalar unha excepción. Os clubs creados en 1910 non amosaban unha identificación con ningún grupo social concreto. Tampouco o fixeron na década dos 20. Coa chegada da república apareceron clubs identificados con ideoloxías concretas pero tampouco se atoparon evidencias de enfrontamentos violentos. A violencia estaba moi arraigada na sociedade galega de comezos de século e Pontedeume estaba dividida en dous claros

66. "La Voz de Galicia", 2/7/1933, "La Voz de Galicia", 18/3/1933; "La Voz de Galicia", 4/5/1934; "La Voz de Galicia", 31/5/1934.

67. "La Voz de Galicia", *21/7/1934*; "La Voz de Galicia", *26/7/1934*.

68. "La Voz de Galicia", *2/5/1935*; "La Voz de Galicia", *15/5/1935*

69. "El Pueblo Gallego", 22/5/1935.

70. "La Voz de Galicia", *25/10/1935*.

bandos políticos[71] mais isto non tivo o seu reflexo no ámbito deportivo-futbolístico. As novas atopadas falan dun público que *"se mostró como siempre, correcto; animando a los suyos y aplaudiendo las buenas jugadas, lo mismo de un bando que de otro"*[72]. Aínda que poida ser certo, esta era unha fórmula amplamente utilizada nas novas deportivas e podería responder a un interese dos cronistas, algún deles directivos dos equipos de Pontedeume, por non dar publicidade aos actos violentos que puidesen ter lugar. Malia todo, non atopamos referencias a rivalidades concretas entre clubs da localidade nin cos doutras. As únicas mencións neste sentido apuntan a unha identificación do Eume coa totalidade da vila *"Y cada uno, en lo que pueda, ha de ser un velador más de los intereses del Eume, que, al fin y al cabo, son los intereses del pueblo. Por Puentedeume y por el deporte: ¡Arriba, Eume!"*[73].

Política, represión e control do deporte, 1936-1942

A estrea no Coliseo García Nóvoa do filme arxentino "*Foot-ball y Tangos*" e a *"grande afluencia de forasteros para pasar la temporada de verano"* marcaron o comezo do verán de 1936 en Pontedeume[74]. O *Eume F.C.* xogou algúns partidos e o 17 de xullo formouse un comité local para que a III Volta a Galicia de ciclismo pasase pola vila[75].

No clima de politización crecente provocado pola república, protagonistas no eido deportivo tamén participaron da vida política municipal[76]. Moitos xa participaban nalgún dos dous "bandos" que se disputaban o poder local: o *"partido del orden"* e o *"partido del progreso"*. Coa chegada da Segunda República os que xa mandaban adaptáronse ao contexto e pasaron á "esquerda" ou á "dereita". Como xa comentamos, non houbo ningunha participación preferente de ningún grupo social no deporte en Pontedeume. Abondan os exemplos de ambos os dous bandos nas sociedades deportivas da vila.

Un dos máis destacados probablemente sexa Ramón Sardiña. Fora xogador do *Club Rajoy* e do *Puentedeume F.C.* na década dos dez e despois presidente do *Club Moderno*. Durante a república emerxe como líder da ORGA de Casares Quiroga. Com-partía militancia co seu irmán e tamén fundador do *Club Moderno* Celestino Sardiña, que foi tamén presidente da xestora do concello en marzo do 1936. Outros militantes de diversas agrupacións da esquerda foron Andrés García e Ramón Goyanes, remeiros en 1927.

71. Castro Pérez, David: *Poder e parentesco...,* pp. 13-44.

72. *"*La Voz de Galicia", 20/5/1936.

73. *"*La Voz de Galicia", 31/5/1936.

74. *"*La Voz de Galicia", 5/6/1936; *"*La Voz de Galicia", 5/7/1936.

75. *"*La Voz de Galicia", 8/7/1936; *"*El Pueblo Gallego", 17/7/1936.

76. Para documentar as adscricións políticas utilizamos a base de datos *Nomes e Voces* (http://www.nomesevoces.net/) e os artigos Gradío Seoane, Emilio. *Derecha católica y elecciones generales en la Segunda República: Pontedeume: 1931-1936*. "Cátedra", 1 (1994), pp. 55-73 e Máiz Vázquez, Bernardo. *'Bandos' e política no Pontedeume da Segunda República*. "Cátedra", 7 (2000), pp. 95-102.

A dereita tamén practicou deporte. No acto de fundación da *Derecha Regional Gallega* de Pontedeume en 1932 asinan Ramón López Lence e Eduardo López, depositario do *Puentedeume F.C.* en 1911 e asinante do regulamento do *Eume F.C.* en 1927 respectivamente. Tamén Antonio Salvadores, socio do *Club Moderno*, estivo no acto fundacional do partido da dereita eumesa. Dende marzo de 1933 asumiu a presidencia da *DRG* Francisco Freijomil, antigo xogador do *Puentedeume F.C.*

As ideoloxías que colleron pulo nos anos trinta en toda Europa tamén chegaron á vila. Os obreiros formaron un equipo e os anarquistas puideron asistir a partidos de equipos libertarios da Coruña. Nos anos finais da república tamén chegou a Galiza o falanxismo. En Pontedeume debeu ser case anecdótico antes do golpe, mais na prensa atribúeselle a creación das *JONS* locais a José Gen del Río[77]. Este home estivera na fundación do *Rajoy F.C.* en 1927 e probablemente se corresponda con "Gen", que aparece en varias aliñacións do *Eume F.C.* nos anos 30.

A sublevación do día 18 de xullo de 1936 tardou uns días en aniquilar o réxime constitucional en Pontedeume. Segundo relata Bernardo Máiz[78], o mesmo día 18 constituíuse un Comité da Fronte Popular. Del formaron parte Ramón Ares, fundador do *Rajoy F.C.* e Celestino Sardiña, fundador do *Club Moderno* e irmán de Ramón e Laureano Sardiña, recoñecidos futbolistas da vila. Formouse unha pequena brigada armada que montou barricada na ponte e control en Campolongo á espera das instrucións gobernamentais. Durante catro días a vila permaneceu fiel á república. O día 23, militares, gardas civís e falanxistas irromperon cun pequeno tiroteo e tomaron o control do concello.

As forzas sublevadas seguiron exercendo a violencia unha vez no poder, comezando unha represión brutal na vila que sufriron directamente 85 persoas[79]. Nos días seguintes do golpe foron paseados moitos dos defensores da república. Días despois, o delegado do goberno civil Celestino Sardiña e o seu irmán Ramón Sardiña foron sacados da casa na madrugada do 18 de agosto de 1936 e apareceron asasinados no cemiterio da Capela. Algúns conseguiron fuxir e botarse ao monte, sendo especialmente relevante a zona das Fragas do Eume. Moitos dos alí agochados mantiveron a resistencia armada á ditadura[80].


A vida local cambiou dende este momento. Falange apareceu no pobo impoñendo a súa presenza nos espazos outrora comúns. Exemplo disto témolo en febreiro de 1937, cando *"se celebró el pasado miércoles, en el Coliseo García Novoa, un patriótico acto de admiración, adhesión y gratitud a las naciones amigas Alemania, Italia y Portugal, organizado por Falange Es-pañola de las 'Jons'"*. Este acto celebrábase coa finali-dade de recadar fondos para as centurias de Falange. Se-gundo a crónica do xornal, *"El pueblo*

77. "La Voz de Galicia", 7/8/1938.

78. MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo. *'Bandos' e política...*, p. 99,

79. Datos extraídos de *Nomes e Voces* (http://www.nomesevoces.net).

80. A guerrilla antifranquista tivo presenza nas fragas até mediados dos anos 50, co asasinato de "Pancho". Para máis información sobre a guerrilla na zona, véxase OTERO ROBERES, C., SOBRINO CEBALLOS, J., DOMÍNGUEZ FERRO, M.: *Fuxidos na fraga: episodios da guerrilla antifranquista nas Terras do Eume*. "Cátedra", 8 (2001), pp. 205-234.



Héroes de España

JOSE GEN DEL RIO
¡PRESENTE!

En el rosal de nuestra Santa Revolución, floreció una nueva rosa, regada con generosa sangre joven. Con tu vida le diste vida tú, José Gen del Río, que buscaste la gloria por los difíciles caminos de la lucha heroica, participando, desde los primeros momentos, en tantas acciones de guerra.

Tú llegaste a Oviedo, con la columna libertadora, en cuyas filas formabas como voluntario y te ganaste, en tantos otros combates, tus dos flechas de plata, que te confirieron un puesto de mando en la gloriosa Centuria López Cortizas.

Eras fundador de las JONS de Puentedeume. Luchador desde los tiempos heroicos. Te has ganado la paz eterna y gloriosa entre los elegidos.

JOSE GEN DEL RIO
¡PRESENTE!

Imaxe 2. "La Voz de Galicia", 7/8/1938

de Puentedeume ha sabido corresponder con un deber ineludible a este homenaje que el pueblo español, representado por los vecinos de esta histórica villa, dedican a estas grandes potencias defensoras de la civilización cristiana, del orden, de la paz, de la patria y del trabajo"[81]. No verán de 1937 nomeouse xefe comarcal da *FET de las JONS* a Andrés Leira Piñeiro[82], presumiblemente o mesmo que fora tesoureiro do *Rajoy F.C.* e vicepresidente do *Eume F.C.*

Outro protagonista deportivo da vila loitou coa Falange: o ex-xogador do *Eume F.C.* José Gen del Río. Segundo as informacións aparecidas en *La Voz de Galicia*, morreu en combate en 1938 en Asturias.

O golpe de 1936 tivo moita influencia sobre o deporte. Nun primeiro momento, paralizouse toda actividade deportiva e compoñentes de moitos dos equipos foron asasinados ou enviados á guerra. Moitos foron represaliados por ser persoas de relevancia pública, que normalmente se correspondían cos dirixentes das entidades deportivas. Así, moitos clubs e equipos quedaron descabezados nos meses seguintes a xullo de 1936. Ademais das directivas, os xogadores eran mozos de xeracións que neste momento foron recrutadas para a fronte de guerra e non puideron seguir xogando ao fútbol[83].

Mais alá do impacto en termos numéricos, produciuse outro cambio. As novas autoridades cortaron de raíz o tecido asociativo existente, de base auto-organizativa e de funcionamento democrático. A partir deste momento toda actividade deportiva pasou a estar dirixida dende o "novo estado", cobrando especial relevancia no ámbito deportivo os cadros de *Falange*, que seguiron modelos organizativos fascistas e nazis.

Trala sublevación de xullo disputáronse partidos cun carácter benéfico ou simplemente para dar sensación de normalidade[84]. En outubro de 1936 aparece a primeira mención dun *"Eume"* que xoga en Miño para reunir fondos para o exército[85]. A seguinte noticia que atopamos sobre deporte en Pontedeume foi a concentración da selección española na vila en novembro de 1937[86]. Os representantes da selección da España nacional prepa-

81. "El Pueblo Gallego", 27/2/1937.

82. "El Pueblo Gallego", 22/6/1937; "El Correo Gallego", 24/6/1937.

83. Sobre o recrutamento dos soldados do bando sublevado, véxase Leira Castiñeira, Francisco: *Soldados de Franco. Reclutamiento forzoso, experiencia de guerra y desmovilización militar*. Madrid, Siglo XXI, 2020.

84. Sobre o deporte na retagarda da guerra civil, véxase Domínguez Almansa, Andrés: "Estadios y trincheras: Deporte y retaguardia en la Guerra Civil, 1936-1939", en Pujadas, Xavier (coord.): *Atletas y ciudadanos: historia social del deporte en España (1870-2010)*. Madrid, Alianza, 2011, pp. 169-201.

85. "La Voz de Galicia", 8/10/1936.

86. "El Pueblo Gallego", 17/11/1937.

rábanse para xogar un partido en Balaídos contra a selección de Portugal, nunha demostración de amizade co ditador portugués Antonio Salazar.

O control do deporte materializábase para os clubs máis pequenos en que a súa actividade estaba supeditada ao permiso das autoridades. Como se recordaba no propio xornal aos clubs, *"se le advierte lo mismo que a todos los clubs inscriptos, que para celebrar partidos, debe solicitar del Comité la correspondiente autorización"*[87]. Como quedou patente nos arquivos, a autoridade competente de dar luz verde á creación de sociedades deportivas xa non era o gobernador civil, senón que correspondía *"a Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S. según determina el Decreto de la Jefatura del Estado del 22 de Febrero de 1941"*[88]. Se ben non atopamos exemplos para Pontedeume, a maioría de asociacións creadas dende 1936 ou aquelas que quixeron reactivar a súa actividade tiveron que pedir autorización. Para serlles concedida, abríase unha investigación aos membros da directiva, impedindo a participación de aqueles que non mostrasen "afección ao Movimiento Nacional" ou que foran partidarios da república ou da Fronte Popular. Ademais da purga, o nomeamento das directivas cambiaba de dirección. Antes do golpe, as directivas eran nomeadas enteiramente polos socios. Despois, o presidente das sociedades deportivas era proposto pola federación rexional. O presidente propoñía entón os membros da xunta directiva e a federación rexional era quen os nomeaba[89].

O deporte, e en concreto o fútbol, foi utilizado polo novo réxime como un lugar onde fomentar os valores que se querían implantar. Ao igual que fixeran os fascistas italianos, os rapaces entraban en contacto co deporte moi novos nas distintas formacións infantís e xuvenís. Neste marco enfrontáronse os reservas do *Frente de Juventudes* de Miño e Pontedeume pola copa da Delegación Comarcal de Sindicatos en setembro de 1942[90]. Seguindo esta lóxica tamén se socializaba as mulleres no deporte a través *da Sección Femenina de Falange*, que decidía que exercicios físicos e deportes eran aceptables e cales non[91].

Conclusións

Unha vila como Pontedeume ofrece aos investigadores unha gran cantidade de temas onde escoller. Se falamos de Historia, os condes, bispos e políticos saídos da vila foron amplamente estudados pola disciplina. Tamén a xente do común foi estudada en moitas ocasións. Neste caso, quixemos ofrecer unha panorámica dos primeiros anos do deporte, que hoxe forma parte inseparáble da vida local.

87. "La Voz de Galicia", 25/6/1942.

88. Solicitude de aprobación dos regulamentos do Club Tennis de Ribeira, 1942. Fondo de asociacións, Goberno Civil A Coruña, ARG 31920/14.

89. Este funcionamento constátase nos regulamentos de distintas sociedades deportivas. Véxase, por exemplo o do Club Betanzos FC, 1940. Fondo de Asociacións. Goberno Civil da Coruña. ARG 31523/22.

90. "El Correo Gallego", 2/11/1942.

91. Domínguez Almansa, Andrés: *Un esfuerzo contra la exclusión...,* p. 42.

O fenómeno mundial que foi a expansión do deporte chegou a Pontedeume nos primeiros comezos do século. Unha pronta incorporación na vida social e asociativa que deixa ver como personaxes locais quixeron incorporarse rapidamente á modernidade, con todo o que isto supuña en termos de prestixio social. A Pontedeume o deporte chegou por mar, mais non falaba outra lingua. Fíxoo dende as cidades próximas coas que tiña máis facilidade de comunicación: A Coruña e Ferrol. Desta maneira, constatamos que Pontedeume segue os patróns de expansión territorial do deporte en Galicia apuntados no seu día por Domínguez Almansa para os ambientes vilegos[92].

A dinámica deportiva de Pontedeume do primeiro terzo do século segue os patróns estudados noutras zonas da península e de Europa. Lévase por diante o mito do atraso secular galego mostrando unha sociedade plural, acostumada a dialogar cos cambios e en contacto co que pasa polo mundo adiante. Constatamos a vertente ximnástica inicial, o xurdimento do asociacionismo deportivo, a concepción do deporte como espectáculo con implicacións económicas e a socialización en termos deportivos das novas ideoloxías en voga. Por todo isto, consideramos que a traxectoria deportiva de Pontedeume ofrece unha visión moi completa dos cambios experimentados pola sociedade galega da primeira metade do século.

Inda que vexamos paralelismos co que acontecía en Europa, tamén atopamos singularidades. O deporte foi en Europa e Galiza campo de loita das identidades parroquiais, locais, políticas ou simplemente recolleu os enfrontamentos e os levou ás bancadas. Porén, en Pontedeume non observamos este fenómeno. Non atopamos testemuños de rivalidades entre equipos ou enfrontamentos violentos nas bancadas. Malia todo, era un pobo con bandos políticos delimitados e un historial de disputas entre eles polo que non descartamos que se produciran. Confiamos que futuras investigacións poidan aproveitar o que aquí expoñemos e logren afondar nesta dirección.

Outra das eivas atopadas na documentación é a relativa ao papel feminino no deporte. Neste senso, si é posible que o baleiro documental sexa sintomático e indique unha baixa participación feminina no deporte eumés até a guerra civil, como cremos que foi habitual fora do mundo urbano.

A chegada da república e dos sublevados no 1936 foron dous puntos de inflexión na traxectoria deportiva da vila. O réxime democrático supuxo un incremento e popularización da práctica do deporte na poboación que se veu cortado polo golpe do 36. En Pontedeume, ao igual que en toda Galiza a represión marcou a vida local e tamén o deporte. A maioría dos clubs foron abandonados e impuxose un control férreo sobre os que permaneceron. Ademais, as directrices do bando nacional encamiñáronse a aparentar "normalidade" nos territorios de retagarda, para o que foi clave o uso do deporte como aquí vimos.

92. Domínguez Almansa, Andrés: *Historia social...*, p. 255,

O deporte e a súa evolución ofrécenos un bo exemplo dos mecanismos de adopción de cambios das sociedades, da súa capacidade de auto-organización, de como funcionan as dinámicas de poder e da influencia que todo isto ten na vida da xente.

Fontes

Arquivo do Reino de Galicia
- Fondo de Asociacións, Goberno Civil de A Coruña. Especialmente a caixa 31920.

Biblioteca Municipal de Pontedeume
- "Ecos del Eume", 1910-1918

Hemeroteca Galiciana. Arquivo dixital de Galicia.
- "El Correo Gallego", 1910-1942
- "El Pueblo Gallego", 1927-1937
- "El Ideal Gallego", 1922-1935

Hemeroteca* "La Voz de Galicia", *1904-1938

Bibliografía

CABO VILLAVERDE, Miguel, VÁZQUEZ VARELA, José Manuel: *Las otras guerras de nuestros antepasados:la violencia intercomunitaria en la Galicia rural contemporánea*, "Hispania", 251 (2015), pp. 781-804.

CASPISTEGUI, Francisco: *En los límites de la ortodoxia historiográfica: fútbol y cómics. "*Memoria y Civilización (MyC)", 4 (2001), pp. 253-280.

CASPISTEGUI, Francisco, WALTON, John (Eds.): *Guerras danzadas fútbol e identidades locales y regionales en Europa.* Pamplona, EUNSA, 2001.

de CASTRO ÁLVAREZ, Carlos: *Nombres ilustres en la calles, plazas y jardines de Pontedeume*. "Cátedra", 11 (2004), pp. 41-60.

CASTRO PÉREZ, David: *Poder e parentesco en Pontedeume (1877-1936). O método da Xenealoxía Entrelazada*. "Cátedra", 14 (2007), pp. 13-44.

DEZA REY, Jorge: *Historia do Racing Club de Ferrol (1919-1939).* Ferrol, Embora, 2005.

DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés: *Historia social do deporte en Galicia: cultura deportiva e modernidade, 1850-1920*. Vigo, Galaxia, 2009.

DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés: "La práctica de la modernidad: Orígenes y consolidación de la cultura deportiva en España, 1870-1914", en Pujadas, Xavier (coord.): Atletas y ciudadanos: historia social del deporte en España (1870-2010). Madrid, Alianza, 2011, pp. 55-66.

DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés: "Estadios y trincheras: Deporte y retaguardia en la Guerra Civil, 1936-1939", en Pujadas, Xavier (coord.): *Atletas y ciudadanos:*

historia social del deporte en España (1870-2010). Madrid, Alianza, 2011, pp. 169-201.

DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés: "Un esfuerzo contra la exclusión: mujer, modernidad y cultura deportiva (Galicia 1880-1940)", en *III Ciclo de conferencias: xénero, actividade física e deporte (2011-2012)*, Universidade da Coruña, 2013, pp. 33-45. Dispoñible en http://hdl.handle.net/2183/11569 (Consultado 10/8/2019)

DOMÍNGUEZ-ALMANSA, Andrés, SANFIZ ARIAS, Roque, RIVEIRO-RODRÍGUEZ, Tania: "Deporte, educación, violencia: outra perspectiva do proceso civilizador (Galicia 1890-1936)". En LEIRA-CASTIÑEIRA, Francisco J. e CABO VILLAVERDE, Miguel (Eds.): A xustiza pola man. Violencia e conflictividade na Galicia Contemporánea. Vigo, Xerais, 2021.

ELIAS, Norbert, DUNNING, Eric: *Deporte y ocio en el proceso de civilización* (Trad. Purificación Jiménez). México, Fondo de Cultura Económica, 1992.

GRANDÍO SEOANE, Emilio. *Derecha católica y elecciones generales en la Segunda República: Pontedeume: 1931-1936.* "Cátedra", 1 (1994), pp. 55-73.

LÓPEZ LAMAS, Tomás: *El coliseo García Nóvoa, salón de variedades y cine de Pontedeume*. "Boletín académico ETSAC", 11 (1989), pp. 55-57.

MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo. *'Bandos' e política no Pontedeume da Segunda República*. "Cátedra", 7 (2000), pp. 95-102.

MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo: *Emigrantes 'Retornados de acción' en Ferrolterra e Eume: 1898-1936*. "Cátedra", 10 (2003), pp. 129-146.

OTERO ROBERES, C., SOBRINO CEBALLOS, J., DOMÍNGUEZ FERRO, M.: *Fuxidos na fraga: episodios da guerrilla antifranquista nas Terras do Eume.* "Cátedra", 8 (2001), pp. 205-234.

PUJADAS, Xavier: "Els orígens de l'esport a la Catalunya contemporània: entre la modernització del lleure i la massificació (1870-1936)", en SANTACANA, Carles (Coord.), 2009. *Nadala 2008: L'esport a Catalunya*, Barcelona, Fundación Carulla, 2009, pp. 13-28.


PUJADAS, Xavier, SANTACANA, Carles: "La mercantilización del ocio deportivo en España. el caso del fútbol 1900-1928". *Historia social*, 41[2] (2001), pp. 147-168.

PUJADAS, Xavier, SANTACANA, Carles: E*l club deportivo como marco de sociabilidad en España. una vision historica (1850-1975)*. "Hispania. Revista española de historia", 63[214] (2003), pp. 505-522.

SANFIZ ARIAS, Roque: *Febre no campo. Fútbol en Fene ata 1936*. "Murguía: revista galega de historia", 39 (2019), pp. 71-93.

VILARIÑO, Sindo. *No centenario de Ecos del Eume*. "Cátedra", 17 (2010), pp. 7-36.

Anexo I.
Cronograma de equipos de fútbol de Pontedeume (1910-1936)



Elaboración propia.

Anexo II.
Nomes do deporte de Pontedeume (1910-1936)

Apelidos, Nome	Equipo	Función	Mencionado en
Agras	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Alfredo	Alfonso XIII	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Allegue, Francisco	Club Rajoy	xogador	Ecos del Eume 31/7/1910
Álvarez Placer, Ramón	Puentedeume F.C.	presidente	Fusión Eume F.C. e Rajoy F.C., Ecos del Eume, 12/2/1911
Álvarez, Félix	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/8
Álvarez, Ramón	Club Rajoy	xogador	Ecos del Eume 31/7/1910
Álvarez, Ramón	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Alvarito	Infantil	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Álvaro	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/3/1929
Amado, Antonio	Comité pro Volta ciclista a Galicia	vogal	El Pueblo Gallego 17/7/1935
Angelito	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 4/5/1934
Aranville, Gabriel	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Ardao	Juventud Obrera	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Ardao, Constante	Eume F.C.	vogal	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Ares López, Antonio	Rajoy F.C.	vogal-entrenador	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Ares López, Ramón	Rajoy F.C.	vicepresidente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Ares, Antonio	Comité pro Volta ciclista a Galicia	corresponsal	El Pueblo Gallego El Pueblo Gallego 17/7/1936
Asturias	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/5/1936
Bardillo	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Bernardo	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Bernardo	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Botas	Eume F.C.	xogador	El Ideal Gallego 14/9/1930
Bujía	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Cabana	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/3/1929
Cabana	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 4/5/1934
Cabana	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 20/6/1934
Cabana	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 8/7/1945
Cabana	Infantil	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Cabana Carrillo, Indal.	Rajoy F.C.	secretario	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Cabana Carrillo, Juan	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Cabana, Juan	Eume F.C.	vogal	La Voz de Galicia 2/5/1935
Cabana, Juan	Eume F.C.	asistente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Cabezas	Sporting	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Calvo, Jesús	Eume F.C.	asinante regulamento	Regulamento Eume F.C. 3/10/1927. ARG 31920/5
Camino Regueiro, José	Eume F.C.	vogal	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5

Apelidos, Nome	Equipo	Función	Mencionado en
Campos	Alfonso XIII	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Campos	Eume F.C.	xogador	El Pueblo Gallego 18/8/1927
Campos	Eume F.C.	xogador	El Ideal Gallego 14/9/1930
Campos	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 20/6/1934
Campos	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 26/7/1934
Campos	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 8/7/1937
Campos, Ramón	Eume F.C.	vogal	La Voz de Galicia 2/5/1935
Campos, Ramón	Eume F.C.	asistente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Cancela	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 4/5/1934
Cancela	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 20/6/1934
Cancela	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 26/7/1934
Cancela	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/5/1936
Cancela	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 8/7/1943
Capelo	Eume F.C.	xogador	El Pueblo Gallego 18/8/1927
Capelo	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/3/1929
Capelo	Eume F.C.	xogador	El Ideal Gallego 14/9/1930
Capelo	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/5/1936
Carlos	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Carrillo, Bernardo	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/23
Caruncho II	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 20/6/1934
Casdelo, Crisanto	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/10
Chaco	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Chalala	Alfonso XIII	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Chichito	Sporting	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Chito	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Cobián, Consuelo	Gañadora regata	remeira	El Ideal Gallego 19/9/1927
Colas	Juventud Obrera	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Constante	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/5/1936
Correa Paradela, Manuel	Rajoy F.C.	presidente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Cortizas, Ángel	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/19
Cotín	Eume F.C.	xogador	El Pueblo Gallego 18/8/1927
Couce	Eume F.C.	xogador	El Pueblo Gallego 18/8/1927
Cuiñas	Eume F.C.	xogador	El Pueblo Gallego 18/8/1927
Cuíñas	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/5/1936
Cuíñas Placer, Antonio	Eume F.C.	vogal	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Cuíñas, Antonio	Eume F.C.	vogal	La Voz de Galicia 2/5/1935
Díaz	Infantil	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Eliseo	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/3/1929
Enrique	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Feal Ares, Álvaro	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Fernández Ares, F.	Eume F.C.	asistente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5

Apelidos, Nome	Equipo	Función	Mencionado en
Fernández Ares, José	Eume F.C.	capitán	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Fernández Martínez, Frutos	Puentedeume F.C.	contador	Fusión Eume F.C. e Rajoy F.C., Ecos del Eume, 12/2/1911
Fernández-Villamil Teijeiro, Florentino	Eume F.C.	Presidente honorario	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Fernández, Daniel	Eume F.C.	vogal	La Voz de Galicia 2/5/1935
Fernández, Frutos	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/5
Fernández, Frutos	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Fernández, Lito	Eume F.C.	directivo	La Voz de Galicia 4/5/1934
Fernando	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 8/7/1946
Fito	Sporting	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Fornos	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Fornos II	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Fornos II	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Frade, Miguel	Club Rajoy	xogador	Ecos del Eume 31/7/1910
Frade, Miguel	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Freijomil, Francisco	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
García Luís	Gañador regata	remeiro	El Ideal Gallego 19/9/1927
García Moñitro(?), Antucha	Gañadora regata	remeira	El Ideal Gallego 19/9/1927
García Salgado, T.	Eume F.C.	secretario	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
García, Andrés	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/6
García, Andrés	Gañador regata	remeiro	El Ideal Gallego 19/9/1927
García, Luís	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/9
García, Luís	Club Rajoy	xogador	Ecos del Eume 31/7/1910
Gen	Alfonso XIII	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Gen	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/3/1929
Gen	Eume F.C.	xogador	El Ideal Gallego 14/9/1930
Gen	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 4/5/1934
Gen	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 20/6/1934
Gen	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 26/7/1934
Gen	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/5/1936
Gen del Río, José	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Gómez, Perin(?)	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/7
González Santaren(?), Germán	Eume F.C.	tesoureiro	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
González, Herminio	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Goyanes	Infantil	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Goyanes, Ramón	Gañador regata	remeiro	El Ideal Gallego 19/9/1927
Guntín	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/3/1929
Guntín	Eume F.C.	xogador	El Ideal Gallego 14/9/1930
Guntín	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 20/6/1934
Guntín	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 26/7/1934

Apelidos, Nome	Equipo	Función	Mencionado en
Guntín Iglesias, Ramón	Eume F.C.	secretario	La Voz de Galicia 2/5/1935
Guntis	Alfonso XIII	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Iglesias	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 8/7/1939
Iglesias	Juventud Obrera	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Iglesias, Isabel	Gañadora regata	remeira	El Ideal Gallego 19/9/1927
José María	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
José María	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/3/1929
José María	Eume F.C.	xogador	El Ideal Gallego 14/9/1930
José María	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 4/5/1934
José María	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 20/6/1934
Juan	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Lage	Infantil	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Lage, Arcadio	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/22
Lage, Nazari	Eume F.C.	asistente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Lameiro	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 8/7/1940
Lapique, José María	Comité pro Volta ciclista a Galicia	vogal	El Pueblo Gallego 17/7/1934
Leira Piñeiro, Andrés	Rajoy F.C.	tesoureiro	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Leira, Andrés	Eume F.C.	vicepresidente	La Voz de Galicia 2/5/1935
López	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 4/5/1934
López Lence, Ramón	Puentedeume F.C.	depositario	Fusión Eume F.C. e Rajoy F.C., Ecos del Eume, 12/2/1911
López, Eduardo	Eume F.C.	asinante regulamento	Regulamento Eume F.C. 3/10/1927. ARG 31920/6
López, José	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
López, Juan	Eume F.C.	vogal	La Voz de Galicia 2/5/1935
López, Ramiro	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
López, Román	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Losada	Eume F.C.	xogador	El Pueblo Gallego 18/8/1927
Lourido	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 26/7/1934
Lourido	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/5/1936
Lourido	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 8/7/1942
Lourido Fernández, Juan	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 25/10/1935
Luciano	Juventud Obrera	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Luis	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Machaco	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Malpica	Sporting	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Manolo	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/5/1936
Martínez	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 4/5/1934
Martínez Breijo, Higinio	Eume F.C.	vicepresidente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Martínez Vázquez, Vicente	Eume F.C.	contador	La Voz de Galicia 2/5/1935
Martínez, José	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Martínez, R.	Eume F.C.	asistente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5

Apelidos, Nome	Equipo	Función	Mencionado en
Mateo	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 4/5/1934
Mateo	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 20/6/1934
Mateo	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 26/7/1934
Miranda	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 8/7/1941
Mistal, Agapito	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/16
Mito	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 20/6/1934
Mito	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 26/7/1934
Mito	Infantil	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Miura	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 8/7/1938
Mona	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Monago I	Juventud Obrera	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Monago II	Juventud Obrera	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Nunto	Eume F.C.	xogador	El Ideal Gallego 14/9/1930
Papulo	Sporting	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Pardo, Dolores	destacada regata	remeira	El Ideal Gallego 18/9/1928
Paz, Gabriel	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/20
Pedrun	Eume F.C.	xogador	El Ideal Gallego 14/9/1930
Pena	Eume F.C.	xogador	El Pueblo Gallego 18/8/1927
Pena Navarro, Francisco	Puentedeume F.C.	secretario	Fusión Eume F.C. e Rajoy F.C., Ecos del Eume, 12/2/1911
Pena, Andrés	Eume F.C.	asistente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Pena, Jesús	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/18
Peneiras	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Pepito	Eume F.C.	xogador	El Pueblo Gallego 18/8/1927
Pepucho	Infantil	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Pichocho	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Piñeiro	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/3/1929
Piñeiro	Eume F.C.	xogador	El Ideal Gallego 14/9/1930
Piñeiro	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 20/6/1934
Piñeiro	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 26/7/1934
Piñeiro Fraga, Jose Y.	Eume F.C.	vicesecretario	La Voz de Galicia 2/5/1935
Piñeiro López	Infantil e Alfonso XIII	entrenador	El ideal Gallego 28/6/1927
Piñeiro López, José	Eume F.C.	tesoureiro	La Voz de Galicia 2/5/1935
Piñeiro López, Manuel	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Piñeiro, Eduardo	Club Rajoy	xogador	Ecos del Eume 31/7/1910
Piñeiro, Eduardo	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Piñeiro, Eugenio	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/11
Piñeiro, Eugenio	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Piñeiro, José	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Piñeiro, Juan	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Piñeiro, Manuel	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6

Apelidos, Nome	Equipo	Función	Mencionado en
Piñeiro, Ramiro	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Pita, Eduardo(?)	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/14
Placer	Alfonso XIII	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Placer, Antonio	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Ponce	Alfonso XIII	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Ponce, Juan	Eume F.C.	asistente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Porobo	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/5/1936
Prego, Francisco	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Prego, G.	Infantil	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Prego, M.	Infantil	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Prego, Maruja	Gañadora regata	remeira	El Ideal Gallego 19/9/1927
Rada	Sporting	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Ramiro	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/3/1929
Ramiro	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 4/5/1934
Ramiro	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/5/1936
Ramiro	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 8/7/1944
Regueiro Costas, Vicente	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Ríos, Antonio	Rajoy F.C.	vogal	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Rodeiro	Alfonso XIII	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Roque	Sporting	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Rosado Fajardo, Pio	Puentedeume F.C.	vicesecretario	Fusión Eume F.C. e Rajoy F.C., Ecos del Eume, 12/2/1911
Rosado Fajardo, Teolindo	Puentedeume F.C.	vogal	Fusión Eume F.C. e Rajoy F.C., Ecos del Eume, 12/2/1911
Rosado, Enrique	Comité pro Volta ciclista a Galicia	presidente	El Pueblo Gallego 17/7/1933
Rosado, Juan	Club Rajoy	xogador	Ecos del Eume 31/7/1910
Rosado, Juan	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Rosado, Maruja	Gañadora regata	remeira	El Ideal Gallego 19/9/1927
Rosado, Pío	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Rosado, Teolindo	Club Rajoy	xogador	Ecos del Eume 31/7/1910
Rosado, Teolindo	Gañador regata	remeiro	El Ideal Gallego 19/9/1927
Rosado, Teolindo	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Rosales, Teolindo		patrón de regata	El Ideal Gallego 19/9/1927
Salgado	Alfonso XIII	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Salgado Fernández, José	Puentedeume F.C.	vogal	Fusión Eume F.C. e Rajoy F.C., E Ecos del Eume, 12/2/1911
Salgado, Jesús	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Salgado, José	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Salgado, Victor	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Salorio	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/3/1929
Salorio	Eume F.C.	xogador	El Ideal Gallego 14/9/1930
Salorio, Manuel	Eume F.C.	asistente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5

Apelidos, Nome	Equipo	Función	Mencionado en
Salorio, Manuel	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Salvadores	Infantil	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Salvadores, Antonio	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/15
Santiago	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/5/1936
Sardiña Navarro, Laureano	Puentedeume F.C.	capitán segundo equipo	Ecos del Eume 12/3/1911
Sardiña Navarro, Laureano	Puentedeume F.C.	vogal	Fusión Eume F.C. e Rajoy F.C., Ecos del Eume, 12/2/1911
Sardiña, Celestino	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/4
Sardiña, Felesindo	Club Rajoy	xogador	Ecos del Eume 31/7/1910
Sardiña, Felisindo	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/12
Sardiña, Felisindo	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Sardiña, Laureano	Club Rajoy	xogador	Ecos del Eume 31/7/1910
Sardiña, Laureano	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Sardiña, Ramón	Club Moderno	presidente	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/3
Sardiña, Ramón	Club Rajoy	xogador	Ecos del Eume 31/7/1910
Sardiña, Ramón	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Silva, Jesús		espectador	Ecos del eume 30/4/1911
Solla	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Solla	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 8/7/1936
Suso	Juventud Obrera	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Tano	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 20/6/1934
Tarrata I	Juventud Obrera	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Tarrata II	Juventud Obrera	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Tarro	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 26/7/1934
Tenreiro	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 27/3/1929
Tenreiro	Eume F.C.	xogador	El Ideal Gallego 14/9/1930
Tenreiro	Infantil	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Tenreiro del Río, Dimas	Puentedeume F.C.	vogal	Fusión Eume F.C. e Rajoy F.C., Ecos del Eume, 12/2/1911
Tenreiro Salgado, Antonio	Eume F.C.	presidente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Tenreiro, Antonio	Breamo	Porteiro	ECG 30/5/1923
Tenreiro, B.	Eume F.C.	xogador	El Pueblo Gallego 18/8/1927
Tenreiro, Bernardo	Eume F.C.	asistente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Tenreiro, G.	Eume F.C.	xogador	El Pueblo Gallego 18/8/1927
Tenreiro, José	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/13
Tie	Juventud Obrera	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Tola	Sporting	xogador	El Pueblo Gallego 7/2/1936
Toñi	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Toñito	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 26/7/1934
Torrente	Eume F.C.	directivo	La Voz de Galicia 4/5/1934
Torrente, Manuel	Eume F.C.	presidente	La Voz de Galicia 2/5/1935

Apelidos, Nome	Equipo	Función	Mencionado en
Varela	Eume F.C.	xogador	El Pueblo Gallego 18/8/1927
Varela	Juventud Obrera	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931
Varela Paz, Gumersindo	Puentedeume F.C.	capitán	Ecos del Eume 12/3/1911
Varela, Fernando	Club Rajoy	xogador	Ecos del Eume 31/7/1910
Varela, Gumersindo	Puentedeume F.C.	xogador	Ecos del eume 30/4/1911
Varela, Manuel	Eume F.C.	asistente	Acta de constitución 7/12/1927. ARG 31920/5
Vázquez	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 4/5/1934
Vázquez, Constante	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/21
Vilariño, Rosendo	Club Moderno	socio	Acta de constitución, 3/5/1922. ARG 31920/17
Viñas	Alfonso XIII	xogador	El ideal Gallego 28/6/1927
Viñas	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 26/7/1934
Viñas Iglesias, Ramón	Rajoy F.C.	asistente	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
Vizoso Riera, Benito	Puentedeume F.C.	vicepresidente	Fusión Eume F.C. e Rajoy F.C., Ecos del Eume, 12/2/1911
Vizoso Riera, Benito	Rajoy F.C.	vogal	Acta de constitución 20/10/1927. ARG 31920/6
X	Eume F.C.	xogador	La Voz de Galicia 4/5/1934
Zamora	Colorín	xogador	El Pueblo Gallego 14/10/1931

A SIMBÓLICA RETIRADA DOS CRUCIFIXOS E O CONFLITO RELIXIOSO NA SEGUNDA REPÚBLICA

Sindo Vilariño

Introdución. A cuestión relixiosa

A chegada do sistema democrático republicano vai supoñer un cambio radical das relacións entre o Estado e a Igrexa católica. A nova Constitución aprobada na Segunda República en decembro de 1931 recollía no seu artigo 3º: *o Estado Español non ten relixión oficial*. Esta declaración complementada cos artigos 26 e 27 reforzaba o carácter laico do Estado, é dicir, a separación da Igrexa e o Estado.

A prohibición dos colexios das ordes relixiosas, que recollía o artigo 26, incomodou profundamente, e foi considerada polos católicos integristas unha declaración de guerra aos católicos. Esixiríase o título de mestre para exercer o Maxisterio no ensino primario, requisito que deixaba fóra os relixiosos. Aínda que a *Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas*, que prohibía o exercicio do ensino aos centros eclesiásticos, non se aproba ata xuño de 1933, vaise a atopar con grandes dificultades para levala á práctica, tanto económi-cas como organizativas, debido á debilidade da rede estatal de centros públicos. Nos anos 34 e 35 paralízase e silencia a súa aplicación.

Outro tema tamén moi sensible e que causará serios problemas, sobre todo aos curas rurais, será a supresión dos soldos ao clero, que corrían a cargo do Estado.

Ás poucas semanas de botar a andar o réxime republicano, o Decreto de seis de maio do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes suprimía a obrigatoriedade do ensino relixioso nas escolas primarias e tamén instaba á retirada dos símbolos relixio-sos das mesmas. Poderían exhibirse, pero non presidir a vida escolar, aínda que deixaba aberta a posibilidade de que, se os mestres e os pais estaban conformes, poderían perma-necer os crucifixos nas aulas. Unha vez aprobada a nova Constitución, nunha *Circular de xaneiro de 1932* recóllese a eliminación total de signos relixiosos confesionais e supri-míase do horario e do programa escolar o ensino e a práctica relixiosa.

A obrigatoriedade do ensino da relixión católica nas escolas estaba regulada xa desde a Lei Moyano de 1857 e concretábase no estudo do Catecismo, que autorizase o prelado da diocese, e nocións da Historia Sacra.

O Estado republicano propoñía unha escola pública, gratuíta e de libre acceso, cuns principios pedagóxicos baseados na coeducación e o laicismo.

Estas medidas arriscadas da República a favor do laicismo do Estado, unidas a outras como a implantación do matrimonio civil obrigatorio, como única forma de matrimonio válido para todos os contraentes *–Lei do matrimonio civil de 1932–*[1], a aprobación no mesmo ano da lei do divorcio, a secularización dos cemiterios pasando a ser propiedade exclusiva dos concellos, eliminando a distinción entre cemiterios católicos e cemiterios civís[2], a autorización previa para realizar as procesións tradicionais do calendario católico ou para realizar os cortexos fúnebres polas rúas, van chocar de fronte co poder e control atafegante que a Igrexa católica mantiña sobre a sociedade española, tanto no ámbito do ensino como no social ou persoal.

A influencia da Igrexa en Galicia ía máis aló da posición privilexiada que lle concedía o seu patrimonio ou a súa forza económica. *A Igrexa logrou garantir o control capilar do territorio, grazas á estrutura administrativa das súas dioceses, arciprestados e parroquias. Como organización local, a parroquia foi capaz de tecer unha densísima rede que ordenaba a vida cotiá da sociedade rural galega, formada por trinta mil aldeas, lugares e casas illadas*[3].

A identificación da Igrexa co réxime monárquico e a súa actitude de confrontación contra o réxime republicano alimentaba e favorecía como reacción inmediata o anticlericalismo dalgúns sectores da sociedade, aínda que os actos violentos serán illados. Ao que hai que engadir a actitude belixerante da clase obreira e os seus sindicatos, que vían s Institución Católica como parte da loita de clases. O anticlericalismo violento estalará como reacción á sublevación militar en xullo do 36, e non achegou beneficio ningún á causa republicana.



A transición cara a unha sociedade laica ou secularizada estaba infestada de dificultades, sobre todo na difícil substitución dos colexios relixiosos, e tiña inimigos moi poderosos, pero tamén incomodaba unha parte importante da poboación con fortes sentimentos relixiosos.

Como afirma o historiador Santos Juliá, *moitos daqueles cidadáns católicos que votaran polas candidaturas republicanas en 1931 –e que*

1. Na Exposición de motivos da Lei do 12 de marzo de 1938 anulando o matrimonio civil, na "zona nacional" controlada polos sublevados, tachábase a lei da República como "*…unha das agresións máis aleivosas da República contra os sentimentos católicos dos españois"*.
2. *Lei de secularización de Cemiterios* de 30 de xaneiro de 1932
3. VILLARES, Ramón. *Galicia. Una nación entre dos mundos*. Pax.53. Ed. Pasado y Presente.2019.

habemos de pensar que non foron poucos– sentironse desilusionados pola falta de sensibilidade dos pais da patria cara ás súas crenzas máis íntimas e dalgunhas das súas institucións máis queridas[4].

Segundo o profesor e historiador Francisco Bustelo, *a persecución da igrexa foi un dos graves erros dos republicanos*[5]. A chamada *"cuestión relixiosa*" será un dos principais problemas que afectarán a vida pública na Segunda República.

A retirada dos crucifixos

A retirada dos crucifixos das aulas, encomendada en primeiro termo a reitores e inspectores, pero executada en última instancia polos alcaldes, resultou conflitiva debido ao seu simbolismo: *anunciaba que o sistema educativo se liberaría da tutela da Igrexa eclesiástica rompendo así cunha tradición secular. A conflitividade incrementouse ao se aprobar a lei que prohibía o exercicio do ensino ás congregacións relixiosas, que se viñan ocupando da educación e do adoutrinamento dunha boa parte da mocidade española*[6].

A orde de retirada dos crucifixos vaise cumprindo con normalidade inicialmente, pero logo organízanse unha serie de protestas sistemáticas por parte da militancia católica, mediante manifestacións, denuncias na prensa, telegramas, etc. Por citar algúns casos, en Estella (Navarra) unha manifestación con crucifixos e cánticos relixiosos percorre o pobo facendo pechar o comercio local. En Mugardos en febreiro de 1932 fórmase unha nutrida comisión de mulleres que se dirixe á casa do concello para protestar pola retirada dos crucifixos das escolas, onde as recibe o alcalde e infórmalles que non fai máis que cumprir unha disposición oficial. En Viveiro en abril do 32, segundo denunciaba a Agrupación local socialista, elementos reaccionarios irromperon nas escolas públicas desta localidade en hora de clase poñendo crucifixos e destruíndo o emblema da República[7].

Supoñemos que en Pontedeume a tónica xeral foi de normalidade no acatamento da orde de retirada, pois o apoio do Maxisterio local e comarcal á República púxose de manifesto nun banquete celebrado o xoves 14 de abril para conmemorar o primeiro aniversario da súa proclamación. Preto de trinta mestres e mestras de toda a comarca, algunhas autoridades, e outras persoas, participaron na comida de celebración no Hotel Eumesa da rúa Lombardero. O acto foi organizado por Francisco Piñeiro, José Ramón Fernández Barral e Frutos Fernández, mestres de Cabanas, Vilar e Pontedeume.

A excepción correu a cargo do mestre da escola de nenos da Cátedra, don Recaredo Fidalgo Martínez, que cos seus alumnos e coas alumnas da escola de nenas do mesmo edificio, cuxa mestra era a súa muller dona Teresa Fernández Ferrer, organiza unha pro-

4. Juliá, Santos. *La Constitución de 1931*. Páx.77-79 . Edit. S.A. IUSTEL.2009.

5. Buestelo, Francisco. *La historia de España y el franquismo*. Páx 117. Edit. Síntesis 2006

6. Narciso de Gabriel. *Vermellos e laicos. A represión fascista do maxisterio coruñés*. Páx.226-227. Edit. Galaxia 2021.

7. Grandío Seoane, *Emilio. A Segunda República en Galicia*. Páx.159. Edit. Nigra Trea. 2010

cesión ata a igrexa parroquial portando o mestre o crucifixo da súa aula e facendo entrega deste, para a súa custodia, ao cura párroco José Manuel Cendán Sánchez que o recibe na porta do templo.

Este acto causa malestar nas autoridades civís e nalgúns pais que ven como os seus fillos son utilizados nun acto hostil á legalidade republicana, por un mestre cuxo posicionamento contra a república é público e notorio.



Xuventude Católica posando co seu estandarte.1935

Outros conflitos. A polémica dos cemiterios

A tensión, conflitos e provocacións con transfondo relixioso van estar presentes durante os anos da República en Pontedeume.

Segundo a lexislación en vigor, as manifestacións públicas do culto tiñan que ser autorizadas en cada caso pola autoridade gobernativa. As autoridades ás veces móstranse intransixentes prohibindo actos de Acción Católica ou da Xuventude Católica, interpretándoos como belixerantes coa legalidade republicana, ou multan ao cura párroco con cincocentas pesetas e a outras persoas pola comitiva fúnebre do farmacéutico Pío García Novoa, membro dunha das familias con máis poder na vila, que percorre as rúas do pobo ata o cemiterio en xuño de 1932, e en cuxo cortexo fúnebre ían máis de trinta sacerdotes, e ademais por utilizar sen permiso a igrexa clausurada do cemiterio para celebrar un acto relixioso de "córpore insepulto". Esta nova é recollida por diversos xornais, como *La Van-guardia* de Barcelona, que no seu número de doce de xuño escribe (recollido textualmente):

> *"El gobernador impuso una multa de 500 pesetas al cura párroco de Puentedeume, que, con motivo del entierro del decano de Farmacia, don Pío García Novoa, organizó una manifestación por las calles, yendo los curas revestidos y violentando la clausura de la capilla católica del cemen-*

terio. Igualmente impuso una multa de 50 pesetas a cinco vecinos de Puentedeume por violentar la puerta de la capilla.
El gobernador multó con cien pesetas al presidente de Acción Popular de Puentedeume por celebrar una reunión sin ponerlo en conocimiento de la autoridad local".

Do conflito faise eco tamén *El Ideal Gallego. Diario católico, regionalista e independiente,* que dedica un artigo *"La persecución contra los católicos. Llegó el turno a Puentedeume"*[8]*,* na portada do domingo 12 de xuño de 1932 sobre os conflitos do Concello eumés coa Igrexa, e no que dá a súa visión do que ocorreu no enterro do farmacéutico eumés, e tamén salienta a multa de cincocentas pesetas que lle impón o gobernador civil ao crego ferrolán, excapelán da Armada de Ferrol, Vicente Mayor, por un sermón realizado na igrexa parroquial de Pontedeume o domingo cinco de xuño, co motivo do día do *Sagrado Corazón de Xesús*, no que segundo a versión do xornal só se limitou a censurar a actitude ríxida e intransixente do alcalde eumés, en canto ás autorizacións das manifestacións do culto na rúa. A versión do rexedor da vila, o republicano Miguel Regueira Fernández, no informe realizado sobre o sucedido, é outra ben distinta, e denuncia os ataques vertidos contra os gobernantes actuais e frases despectivas cara á súa persoa, pero o máis grave é a chamada á violencia:

Recomendó llegar hasta la violencia para defender los intereses de los católicos y aconsejó que los ricos deberían entregar sus dineros al partido de la Acción Católica, para poder defenderse por todos los medios contra los ataques del Gobierno a la Religión, llegando hasta verter la sangre[9]*.*

O polémico paso á xurisdición civil dos cemiterios parroquiais, deixando de ter unha vinculación relixiosa, era outra fonte de conflitos. A lei de secularización dos cemiterios establecía no seu primeiro artigo de forma clara que os cemiterios eran municipais e comúns a toda a cidadanía, sen diferenzas internas en función de cuestións confesionais. Os ritos relixiosos funerarios soamente podían realizarse nas casas dos falecidos, nas igrexas e nas sepulturas. É importante destacar tamén que os Concellos poderían incautarse dos cemiterios parroquiais.

O cemiterio xeral de Pontedeume xa era de propiedade municipal, pero as persoas non católicas, os ateos, os disidentes, ou os que se suicidaban, eran enterrados nunha pequena parcela delimitada por un muro e illada como cemiterio civil[10] ao que se accedía por unha porta lateral. Pola aplicación da lei, incáutanse polo Concello a finais de 1932 os das parroquias que, aínda que financiados polos veciños, eran xestionados pola Igrexa.

8. *El Ideal Gallego.* 12 de xuño de 1932

9. Grandío Seoane, Emilio. *Op. citada*. Páx.161. Edit. Nigra Trea. 2010

10. Sobre estes "disidentes" enterrados afastados dos demais, escribe Ramiro Fonte na páxina 41, do seu libro *Os ollos da ponte*: *"... ese ferradiño que a carón do mausoleo da "francesiña", delimita un osario de innominados suicidas, ateos ou librepensadores".*

O primeiro cemiterio parroquial que se incauta é o da parroquia de Andrade o 16 de maio. Unha semana antes dáse conta no Pleno dun escrito de veciños da parroquia pedindo a súa incautación. Requírese ao cura párroco de Vilar-Andrade para que faga entrega das chaves da porta de acceso ao mesmo, advertindo que no caso de que se negue recorrerase a un cerralleiro para abrir a porta[11].

O xornal *El Pueblo Gallego* de Vigo dá conta no seu número de catro de agosto de 1932 da organización o 31 de xullo pola sociedade agraria *Agricultores de Nogueirosa* do que é considerado o primeiro enterro civil en Pontedeume, o do seu asociado Pablo Martínez Calvo. Estaba domiciliado en Cabría Vella 12, casado e cun fillo, e morreu aos 71 anos. A totalidade dos membros da Sociedade, coa xunta directiva á fronte, acompañaron o cadáver do compañeiro falecido ata a súa derradeira morada no cemiterio.

Pontedeume non vai a ser alleo ás queimas de igrexas parroquiais como mostra do anticlericalismo popular, como xa se produciran en diversos lugares ao comezo da República. Un grupo de incontrolados, aos que non se chegará a identificar, prenden lume na madrugada do 22 marzo de 1933 á igrexa parroquial de San Cosme de Nogueirosa quedando totalmente destruída polas lapas, e ao parecer o mesmo grupo tenta de poñer lume á capela do Carme en Esteiro, pero neste caso os veciños conseguen apagar o incendio, ardendo só parte do altar maior. Sectores católicos organizan un acto solemne de desagravio na parroquia en protesta polo atentado. Haberá algunha tentativa máis que non vai adiante.

En agosto a Garda Civil de Pontedeume detén un mozo, que segundo a prensa tiña perturbadas as facultades mentais, acusado do incendio da igrexa da Madalena en Cabanas.

A implicación da Igrexa no triunfo electoral da coalición das dereitas en novembro de 1933 foi grande. A Igrexa e os seus representantes políticos, o denominado "partido dos curas", a CEDA de Gil Robles –Unión Rexional de Dereitas en Galicia–, accedían ao poder republicano. Durante o bienio conservador radical-cedista, desde novembro do 33 a febreiro de 36, período en que gobernan os partidos de centro dereita, algunhas das medidas que afectan á cuestión relixiosa, e concretamente a prohibición do ensino nos centros das ordes relixiosas, conxélanse, suavizan ou reverten.

O pleno do concello, presidido dende novembro de 1934 polo alcalde José Prado Rivas do Partido Radical, cede varios cemiterios parroquiais (Andrade, Ombre e Nogueirosa) que xestionaba desde 1932, por petición dos párrocos, aínda que nos tres casos o secretario advirte que legalmente non procede acceder ao solicitado polos curas. Reábrese tamén en decembro do 34 a capela do cemiterio xeral da vila.

Autorízanse tamén as tradicionais procesións da Semana Santa no ano 34 e celebranse con gran solemnidade e participación no ano 35, organizadas por unha comisión de sete veciños que se encarga ademais de recadar os fondos necesarios para o financiamento da súa celebración. Nos dous anos anteriores non foran autorizadas polas autoridades, celebrándose todos os actos do culto no interior do templo parroquial.

11. *Libro de Actas de Sesiones de la Corporación 1932*. AMP

As procesións cos patróns correspondentes, tanto nas parroquias como na vila, celebráronse en cambio con toda normalidade todos os anos republicanos e o Concello tamén pagou algunhas funcións relixiosas. Conforme á legalidade republicana, o Concello non podía consignar no orzamento municipal a subvención para sufragar os gastos da Semana Santa nin para outras funcións relixiosas, como viña facendo desde tempo inmemorial, nin podía a Corporación asistir aos cultos, e son os veciños os que teñen que contribuír ao sostemento destes actos.

Co nomeamento da nova Corporación municipal en marzo do 36, logo do triunfo electoral da coalición electoral de esquerdas baixo as siglas da Fronte Popular no conxunto do Estado, o novo Concello, agora presidido polo alcalde socialista Manuel López Seijo, volve a recuperar o control dos cemiterios. O clima social de crispación e enfrontamentos desaconsella a celebración este ano das procesións da Semana Santa.

A sublevación militar do 36. A reimplantación dos crucifixos

O vinte e seis de agosto de 1936, xa en plena guerra civil, e estando Galicia baixo o control dos sublevados contra a República, unha Circular do Goberno Civil ditamina a reintegración, coa solemnidade debida, dos crucifixos nas escolas da provincia.

A Igrexa católica enfrontada coa República apoiará con espírito de *"cruzada*", segundo a denomínan algunhas das xerarquías eclesiásticas, a sublevación militar dos golpistas.



Boeta, vestixio da Guerra Civil, situada nunha columna na nave lateral da igrexa parroquial de Pontedeume, detrás do púlpito

Como afirma o profesor e historiador Emilio Grandío: "*A reimplantación do crucifixo nas escolas de Galicia foi o elemento simbólico máis visible da chegada do "Novo Estado" nos primeiros meses tras o golpe militar do verán do 1936. O control do ensino pola Igrexa simbolizaba de xeito entendible o retorno a situación previa aos cinco anos republicanos*"[12].

En Pontedeume o acto de reposición do crucifixo concrétase o mércores vinte e seis de agosto, na escola nacional de nenos da Cátedra rexentada polo mestre que protagonizara xa o feito antes narrado da retirada do crucifixo. Prográmase un acto de exaltación católico e fascista ao que acoden as autoridades militares e civís, membros do clero, milicias de *Falanxe Española* masculina e feminina, e grupos de mozos "balillas" da Falanxe (" jeromines" ou Frechas e Pelayos) e forzas militares.

O acto comeza ás doce, coa celebración dunha misa cantada na Igrexa de Santiago e ao acabar procédese á bendición dos crucifixos. A procesión-manifestación sae do templo parroquial presidida polo capitán da Garda Civil, Victoriano Suanzes e Suanzes, delegado da Orde Pública de Ferrol; polo alcalde-presidente da Comisión Xestora, Jesús Calvo Patiño, polo tenente coronel do Estado Maior, Antonio López; e polo comandante militar desta praza, Antonio Arias; e percorre as principais rúas da vila.

O crucifixo da escola que quedara en depósito na igrexa parroquial é portado polo mestre Recaredo Fidalgo e outro crucifixo, doado por María Cortizas, viúva dun tenente



A procesión-manifestación saíndo da Igrexa parroquial de Pontedeume. Foto cedida por Javier Castro Rodeiro (Javi Leche)

12. Grandío Seoane, Emilio. *Op. citada*. Páx.149. Edit. Nigra Trea. 2010

da Garda Civil, en memoria do seu único fillo o mozo falanxista José López Cortizas morto había poucos días na fronte de Aragón, era portado polo cura párroco José Manuel Cendán Sánchez.

O acto termina cos discursos que diversos oradores proclaman desde as xanelas do edificio da Cátedra e con Vivas ao Exército, á Garda Civil, a Cristo Rei e a España! Terminados os discursos realízase un desfile pola rúa de Lombardero e praza do Conde das milicias e forzas militares que concorreran á procesión[13].

Algunhas das autoridades presentes no acto participan logo convidados polo alcalde Jesús Calvo Patiño, nun banquete celebrado no Hotel Eumesa da rúa Lombardero.

Pero non podemos deixar de lembrar que, na represión desatada neses días de agosto en toda a comarca contra os republicanos, asasinaran, entre outros, tres mestres compañeiros do protagonista dese acto. Estoume a referir a José Ramón Fernández Barral, mestre en Pontedeume, Leonardo Martínez Novo, mestre que rexentaba a Academia "Curros Enríquez" na rúa Real e á mestra de Miño, María Vázquez Suárez. Os tres foron asasinados ou "paseados" e enterrados inicialmente no cemiterio de Pontedeume. Algúns dos responsables e executores destas mortes estaban presentes neste acto católico-fascista[14].

En datas posteriores celebraranse outros actos solemnes de reposición do crucifixo nas escolas das parroquias. O dous de setembro, a presidencia da Comisión Xestora



Mulleres de Falanxe e "balillas" en formación na praza da Constitución (hoxe Praza Real). Foto cedida por Javier Castro Rodeiro (Javi Leche)

13. Do desenvolvemento deste acto faise eco La Voz de Galicia o 28 de agosto, nunha crónica do correspondente en Pontedeume Vicente Martínez Vázquez

14. *"...al fracasar el golpe militar en una parte importante del país, (...), los sublevados no necesitaron de mucho tiempo para amontonar cadáveres en calles y caminos: gobernadores civiles, alcaldes, dirigentes y afiliados de partidos y sindicatos republicanos y obreros, o meros votantes y simpatizantes de estos partidos y sindicatos, fueron liquidados sobre la marcha".* Santos Juliá. *La Guerra Civil española*. Páx.30 Ed.Shackleton.Books 2019

municipal, designada o 28 de xullo polo comandante militar desta vila Carlos Pérez López, aproba a seguinte resolución:

> *"Que para dar maior solemnidade aos actos de reintegrar ás Escolas Nacionais deste concello as imaxes do crucificado, concorra aos mesmos esta Delegación Civil acompañada do secretario e se fose posible unha sección de "balillas" de "Falanxe Española das JONS" e que os gastos que con tal motivo poidan orixinarse satisfáganse con cargo ao capítulo de gastos de representación do Concello"*[15].



Final do recorrido.Orador arengando dende a xanela esquerda da Cátedra. Foto cedida por Javier Castro Rodeiro (Javi Leche)

A presenza de militares, de milicias de Falanxe, masculinas e femininas, de mozos balillas uniformados, de membros do clero, e a omnipresente Pilar Franco, irmá do xeneral Franco, en prazas, rúas ou nas igrexas, vai ser constante e con calquera motivo, patriótico-militar ou relixioso, durante os anos da guerra civil. Sucédense os actos de exaltación patriótica, xa sexan manifestacións, desfiles militares, procesións, misas de campaña, funerais polos caídos na fronte ou celebracións por vitorias parciais das tropas franquistas.

Nunha sesión plenaria da Corporación Municipal eumesa celebrada o 16 de outubro do 1937, o tenente alcalde José Ameneiro Prieto (presidente da CEDA nos anos repu-

15. Arquivo Municial de Pontedeume (AMP). Libro de Actas da Corporación de 1936. Acta da Presidencia

blicanos) roga que se faga efectiva a iniciativa lanzada polo delegado da Orde Pública, o capitán Sr. Suanzes, no seu discurso no acto de reposición do crucifixo de agosto do 36 e se coloque na fachada principal do edificio da Cátedra o crucifixo doado pola señora María Cortizas[16]. O acordo faise efectivo en datas posteriores e nese lugar permanecerá durante moitos anos.

Bibliografía

BUSTELO, Francisco. *La historia de España y el franquismo*. Edit. Síntesis 2006

DE GABRIEL, Narciso. *Vermellos e laicos. A represión fascista do maxisterio coruñés*. Edit. Galaxia 2021

GRANDÍO SEOANE, Emilio. *A Segunda República en Galicia*. Edit. Nigra Trea. 2010

JULIÁ, Santos. *La Constitución de 1931*. Edit. S.A. IUSTEL.2009

JULIÁ, Santos. *La Guerra Civil española*.Ed.Shackleton.Books 2019

VÁZQUEZ ARIAS, Juan Carlos. *A Guerra Civil en Pontedeume a través do Concello.* Cadernos do Ateneo Eumés, nº 6. 2008.

VICENTE SÁNCHEZ, Héctor. *La Secularización de la enseñanza primaria durante la Segunda República*. Historia de la Educación N.º 36. Ediciones Universidad de Salamanca. 2017

VILLARES, Ramón. *Galicia. Una nación entre dos mundos*. Ed. Pasado y Presente. 2019

Fontes

ARQUIVO MUNICIPAL DE PONTEDEUME (AMP). *Libros de Actas de Sesións da Corporación 1931-36* .

ARQUIVO DE PRENSA de Juan Sobrino Ceballos

CONSTITUCIÓN da República Española.1931

GALICIANA. Biblioteca dixital de Galicia.

HEMEROTECA de La Voz de Galicia

ARQUIVO FOTOGRÁFICO de Javier Castro Rodeiro. (Javi Leche). Fotógrafo: Jesús Silva Salgado.

16. Vázquez Árias, Juan Carlos. "A Guerra Civil en Pontedeume a través do Concello". Cadernos do Ateneo Eumés, nº 6. 2008. Páx.12-15



Na porta do edificio da Cátedra ao remate da procesión dos crucifixos, lanzando os berros de rigor. Foto cedida por Javier Castro Rodeiro. (Javi Leche)









Diversas imaxes da comitiva procesional baixando pola rúa da Liberdade (hoxe rúa Real)



Procesión do Santo Enterro. Semana Santa 1935.



LA PERSECUCIÓN CONTRA LOS CATÓLICOS

LLEGÓ EL TURNO A PUENTEDEUME

Artigo na portada de El Ideal Gallego. Diario católico, regionalista e independiente, do domimngo 12 de xullo de 1932



Detalle da parte superior dá porta do edificio dá Cátedra coa furna do crucifixo. Foto Ríos - 1971

"A RIANXEIRA"
(As verdadeiras orixes da "Foliada de Rianxo")


Xosé Paz Fernández

A terra galega, toda ela, é un lugar onde existe moita devoción ás distintas representacións de María, a Nai de Deus. Así, a Nosa Señora da Franqueira, diocese Tui-Vigo; a Virxe dos Remedios en Ponteareas, en Betanzos, Mondoñedo e Pastoriza; a das Virtudes (nas Festas das Peras) en Pontedeume; Chamorro, en Ferrol; A Barca, en Muxía; ou a de Guadalupe en Rianxo, amosan algúns dos lugares onde se lle practica o culto ou veneración segundo as distintas datas no ano. Centrándonos neste último lugar, Rianxo, que é o que interesa, sábese que dende 1773 as xentes piadosas da bisbarra rianxeira veñen venerando e poñendo ofrendas e agasallos florais aos pés da Virxe de Guadalupe na capeliña que ten alí e cuxas festas, dende 1854, comezan cada ano o primeiro domingo posterior ao 8 de setembro.

Pero en tempos máis atrás, no 1248, esa devoción mariana xa foi fachenda do *"Almirante de Mar e Adelantado Maior de Galicia"*, Paio Gómez Chariño, ou Charino, do que se di que tamén foi fundador da vila. A obra deste trobeiro é de relevancia histórica, pois fixo moitas cantigas reflectidas no *Cancioneiro de Ajuda* ou no do *Cancioneiro do Vaticano*. Naceu sobre o 1224, e os seus ascendentes foron don Gonzalo Pérez Chariño e dona María Maldonado.

Destaca entre os poetas galaicolusitanos da Idade Media. As tradicións e lendas súas pérdense, na distancia, medrando e esvaecéndose a figura deste trobeiro que semella converterse en mito. Dun tempo soñador, de aventuras e moi sentimental, heroico, deste galego que deu lugar a que se publicasen moitos traballos sobre a súa personalidade por parte de moitos intelectos de distintas épocas: escritores, arqueólogos, músicos, etc. Algúns deles: C. González Zúñiga, en 1846; A. Neira de Mosquera, en 1853; Teodosio Besteiro Torres, en 1874; Manuel Murguía, en 1888; Casto Sampedro, en 1902; Michaëlis de Vasconcellos, en1904; e ata M. Saralegui, en 1908, deron ao prelo traballos moi importantes sobre a súa vida, as súas cancións e lirismo, ás veces, segundo algúns, esaxerado.

Sobre a orixe deste culto á Virxe, o pobo di que a influencia no espallamento xurdiu por traer un rianxeiro para a vila mariñeira dende o mosteiro xerónimo de



Pazo Sres. de Rianxo

Estremadura, onde profesaba no ano 1773, unha reprodución da imaxe da virxe guadalupana feita por el, xa que posuía unhas mans moi xeitosas para os traballos de imaxinaría. A devoción foi medrando paseniñamente ata hoxe, e entre eses xermolos que a lograron, foi o pobo o que máis interviu como transmisor dela, cos cantares. Así son moi variadas e abondosas as coplas xeradas á virxe rianxeira debidas a ese mesmo pobo que a través do tempo verteu a súa idea de se expresar en moitas cuartetas mencionando as grazas e favores, acontecementos, peticións, ou louvanzas, polo que é facil escoitar:

Miña Virxe moreniña,
dánolo vento en popa,
que somos os rianxeiros
e levámola vela rota.

Indo polo mar abaixo
o vento rifoume a vela
a Virxe de Guadalupe
dóume o pano pra ela.

O sentimento mariñeiro rianxeiro agroma acotío nunha expresión de obriga e de oferta, sinxela, para a virxe moreniña nas seguintes liñas populares:

Mariñeiro de Rianxo
seas probe, seas rico,
lévalle a Nosa Señora
nun carabeliño un bico.


A Virxe de Guadalupe
¡alabada sexa Ela!
Ela é a miña madriña,
eu son afillado dela.


"Virxe de pedra" de Asorey

As mulleres da vila rianxeira, sexan nenas, mozas, nais, donas, ou viúvas, sempre gostan de ver na Virxe un retrato ou espello onde atopar reflectidas as súas virtudes, como parece dicir a copla, das máis coñecidas:

A Virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira,
descalciña pola area
parece unha rianxeira.

Apuntamentos no xornal *La Voz de Galicia,* do 10 de setembro do 1984, atribúen a composición musical a uns galegos emigrados na Arxentina. Feita esta melodía en Bos Aires coa música de Ánxel Romero e a letra de Xesús Frieiro Dourado, coñecido co sobrenome de "Pinçiñas", din nese xornal que *"existe a sospeita, sen confirmar, de que a música puidera ser un plaxio dun tema popular manchego*". Polas nosas pescudas e investigacións, en referencia a un posible plaxio, diremos que esta melodía, con 36



Puente de la segoviana

FOLKLORE CASTELLANO

Allegro



1

Encima de ti me pongo
puente de la segoviana,
encima de ti me pongo
por ver cómo corre el agua

2

Era de marfil y piedra
la casa donde habitaba;
no la pintan los pintores
tan bella como ella estaba

compases, de "A Rianxeira", é a mesma que a recollida por Juan Hidalgo Montoya no *Cancionero de las dos Castillas* (1971) como "Puente de la segoviana", que damos a coñecer, pero que non ten o retrouso de "Ondiñas veñen...". Este mesmo músico, H. Montoya, publicou no ano seguinte a mesma partitura, sen as notas de adorno que sobresaen lucindo na primeira versión, no *Método y canciones para flauta dulce* (1972) tamén da súa autoría, pero co engadido do retrouso de dezaseis compases máis, que a outra non tiña. Tamén existe a mesma versión no *Cancioneiro de Galicia* de Carlos Villalba Freire.

Por curiosidade damos a coñecer a letra do *Cancionero de las dos Castillas,* que como veremos non fala nada da virxe nin das mulleres rianxeiras, e musicalmente só leva esta parte, sen o retrouso.

Encima de ti me pongo puente de la segoviana,(bis)
encima de ti me pongo por ver como corre el agua.(bis)

Era de marfil y piedra la casa donde habitaba;(bis)
no la pintan los pintores tan bella como ella estaba.(bis)

Algunhas das letras máis populares de "A Rianxeira" son as que están a seguir:

A Virxe de Guadalupe
cando vai para Rianxo,
a barquiña que a leva
héche de pau de laranxo.

Variante:

cando veu para Rianxo
a barquiña.que a trouxo
era de pau de naranxo.

Variante:

.....a barquiña que a leva
é de ....

E segue co retrouso:

Ondiñas veñen, ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van
¡non te embarques rianxeira
que te vás (variante: non te vaias*) a marear!.*



Partitura en Re, para tocala con gaita

Virxiña de Guadalupe
¿quén te puxo moreniña?
-Foi un raiño de sol
que entrou pola ventaniña.

Variante:

Á Virxe de Guadalupe
quen a fixo, moreniña, (variante: *quen a puxo...*).
-Foi a raíña do sol...


Que guapa estabas rapaza
cando te vín na ribeira
tiñas a cara morena
como a Virxe rianxeira.

Entre a comunidade de galegos emigrados na Arxentina, aló polo 1947 atopáronse un fillo de rianxeiros, radiólogo, chamado Xesús Frieiro, "Pinciñas", (nado no 1915) que poría a letra, facéndoa a partir dun amplo repertorio de coplas populares á Virxe de Guadalupe e un compositor musical, o rianxeiro Anxo Romero Loxo, de oficio carpinteiro, nado en Rianxo no 1905, que emigrara con 24 anos e estaba de director na Rondalla Castelao da Sociedade de Parroquias Unidas de Rianxo, que tamén presidía Frieiro naquel centro galego da Arxentina. Anxo Romero estaba emparentado con Xesús, por estar casado con Concepción, curmá deste especialista de raios X.

Uns anos máis tarde, a finais do 1949, foi preparada a cantiga con outras letras máis específicas e dedicadas á Virxe, e gravada en disco de pizarra de 78 revolucións pola RCA Victor, con bandurrias, laúdes e guitarras, coa Rondalla Castelao, para recibir Daniel Alfonso Rodríguez Castelao, escritor e debuxante, que abandonando o seu cargo, como Ministro da República no exilio, volvía dende París a Bos Aires. Segundo o investigador do folclore e poeta rianxeiro Xesús Santos, Daniel Alfonso Rodríguez Castelao non a chegou a escoitar por falecer (7.1.1950). En versión doutros entendidos dise que o debuxante e escritor rianxeiro si a escoitou ao día seguinte da súa chegada a aquel país.

En agosto do 2018, o fillo de Anxo Romero entrevistado nun programa radiofónico da Cadea SER, dirixido por Iñaki Gabilondo, falou, tratou e aclarou moito máis a orixe desta composición asegurándonos máis e coincidindo co que acabamos de relatar. Segundo el, a música foi composta en febreiro do ano 1947 polo seu pai Ánxel Romero Loxo, e a letra de Xesús


Iñaki Gabilondo co fillo de Anxo Romero na SER



Texto con portada letra manuscrita

Frieiro Dourado con motivos populares, que foi interpretada na sociedade, moitas veces, levando o título de "Ondiñas da nosa Ría".

Malia estas dúbidas, vemos que existe unha relación desta composición coa figura e morte de Daniel Alfonso Rodríguez Castelao (1950) xa que non é raro escoitar o cantaruxar desta cuarteta local:

A Virxe de Guadalupe
foi a América e volveu
foi por ver a Castelao
que alá tan lonxe morreu.


Bernardo del Río

Bernardo del Río (1893-1952), compositor, director de bandas e do coro galego Cantigas e Agarimos, de Santiago, autor da melodía "Cantigas e Agarimos" coñeceu os autores na Arxentina e fixo un limiar e nova harmonización, ao parecer disque colaborando con Chapí (criterio que non compartimos por ter falecido este no 1909). Antes de falecer dedicáronlle a partitura, como vemos na foto (páxina seguinte), os autores.



Portada "Ondiñas da nosa ría". Letra X. Frieiro

Chegados os discos, dende o ano 1953, a melodía popularizouse en Galicia cos arranxos de Bernardo del Río, de Vilagarcía.

O primeiro disco que chegou a Galicia veu nun barco inglés para Rosa, a irmá de Feliciano, dono dun bar na rúa do Medio. Alí estrearíase e poríase o disco moito tempo en datas sinaladas, tanto no bar como no balcón, escoitándose na vila. Máis tarde chegaron outros dous discos: un para Lela e outro para Maruxa, irmáns de Romero. Algúns ditos porfían que a estrea oficial tamén foi no Cine Avenida da vila mariñeira no que traballaba Lela.

Na parola-programa de Gabilondo, da que estamos a falar, contouse que Andrés Lojo Mosquera, outro compoñente da rondalla e coro que a gravou, tróuxoa nunha copia-disco para o Bar Feliciano, de Rianxo. E nese lugar fíxose moi popular entre os concorrentes do pobo e tamén alleos, pasando a ser executada tamén pola Banda Municipal de Rianxo. Unha curiosidade é que Anxo Romero, fillo, non escoitou o disco orixinal, do seu pai, ata setembro do 2018, por non ter tocadiscos reprodutor dos de pizarra de 78 r.p.m., e nesa data si o fixo no programa radiofónico do citado Gabilondo. O autor Ánxel Romero, pai, faleceu no 1967 en Bos Aires onde residía, e no 2006 trouxeron as súas cinzas dende a Arxentina para o panteón familiar na parroquia de Pedra Vixía en Rianxo.

A letra primitiva de "Ondiñas da Nosa Ría", que logo sería "A Rianxeira", dicía así:

Ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van,
non te embarques rianxeira
que te vás a marear

1.-Moito me gustas, rianxeira,
que estás aquí na Arxentina,
heiche cantar e bailar
como alá na terra miña.

Ondiñas veñen....

2.-¡Que guapa estabas rapaza,
cando che vín na ribeira! (te)
tiña-la cara morena
como a Virxe rianxeira.

Ondiñas veñen....

3.-A Virxe de Guadalupe
vai no iate de Baltar,
lévana os mariñeiros
a remolque polo mar.

Destas estrofas orixinais, na última menciónase o cirurxán Anxel Baltar que encargou e doou no 1934 a escultura da Virxe para presidir o paseo marítimo, feito no 1929.

Estas tres cuartetas que acabamos de dar a coñecer tamén son dunha folla que di: "Festas de Guadalupe. Rianxo (1854-2004) 150 anos de tradición". E da partitura da que falabamos antes, harmonizada por Bernardo del Río, imprentada no 1953, di: *"A Virxe de Guadalupe (Rianxeira). Vals sobre motivos galegos. Discos Columbia, Bernardo del Rio. Ediciones Hispania. Copyright. MCMLIV. (1954). Propiedad exclusiva para todos los paises. Derechos reservados. Ali right reserved."*

Existen versións doutros compositores galegos, e ata tamén algunha para canto coral a voces mixtas como a de J. Verea do 1994. No ano 1971 a cantante vasca María Ostiz, daquela no cumio da fama, cantou e gravou esta canción cunha harmonización do compositor e director musical Waldo de los Ríos. Con esta produción de Hispavox, de Rafael Trabuquelli, ambos os dous directores tamén fixeron uns arranxos para a popular



Portada de "Ondiñas" con piano

"Na beira do mar", tamén pouco afortunada ao ser traducida. Pero a versión de "A Rianxeira" foi a menos lucida lingüisticamente pois deturparon a letra popular na tradución ao español, quitándolle toda a súa dozura expresiva, facendo, para quen isto escribe, un verdadeiro adefesio poético, mellor dito sacrilexio, ao traducilas mal, e isto provocou moitísimas protestas en cartas á cantautora e tamén pola apropiación das melodías, que sendo populares (xa non o eran pois tiñan autores) figuraron como propias dela.

E referíndonos á popularidade desta peza musical, dende os anos 1950-1970, diremos que tamén estivo e está en moitos repertorios populares dos grupos galegos, e ata por outros países, pois xa hai bastantes anos, por unha casualidade, coñecemos uns cancioneiros, en total cinco, nos que unha escritora traducía ao español cantos populares infantís de calquera país ou rexión do mundo, que chegaban aos seus ouvidos e entre eles achamos algunhas cancións galegas, das que hoxe daremos a coñecer este valse-xota coa súa versión. Da autora, Sol Bonifaci, diremos que era unha española, catalana e ademais emigrante en Vevey–Lousame (Suíza) que durante anos dedicou unha longa etapa á tradución dos cantos populares (feitos en Suíza), e que nós coñecemos dende o ano 1964, e logo os editados en Barcelona 1984, xa a súa residencia. A curiosidade da versión letrística querémola facer visible, co nome de "La Virgen de Guadalupe". Hoxe, ao cabo

A VIRXE DE GUADALUPE

(RIANXEIRA)

Vals sobre motivos gallegos



BERNARDO DEL RIO

Original 51

En discos Columbia

EDICIONES HISPANIA

Partituras Edic. Columbia 1.2.3.4

A VIRXE DE GUADALUPE

I

A Virxe de Guadalupe
cuando veu para Rianxo,
a barquiña que a trouxo
era de pau de naranxo,
a barquiña que a trouxo
era de pau de naranxo.
Ondiñas veñen,
ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van
nonte embarques rianxeira
que te vas a marear,
la la la la la la lá
la la la la la la lá.

II

A Virxe de Guadalupe
cuando vai pola ribeira,
descalciña pola area
parece una rianxeira,
descalciña pola area
parece una rianxeira.
Ondiñas veñen,
ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van
nonte embarques rianxeira
que te vas a marear,
la la la la la la lá
la la la la la la lá.

EDICIONES HISPANIA - Avda. José Antonio, 31 - MADRID-13 - Tel. 231 26 33

Depósito Legal M.-9.259 - 1973 - GRAFISPANIA - Fernán González, 68 - MADRID-9



Copyright MCMLIV by EDICIONES HISPANIA, Av. José Antonio. 31 Madrid, (España)
Propiedad exclusiva para todos los países.
Derechos reservados · All right reserved.


On-di-ñas re ñar, on-di-ñas re ñar, on-di-ñas
Re
ñar. Ten-xo-ques pe-ne xei
Re
1
ar
2
ar
Re
Re
CODA a mu-re-ar
-la la-la-la-la-la-la
La 7ª
Re
Re

de tanto tempo, válenos para dar ao prelo esas liñas que ela traduciu para ensinanza dos máis pequenos, na lingua de Cervantes, da que ela é unha devota, coa crenza de ser populares.

La Virgen de Guadalupe se fue a visitar Rianxo (bis)
en una barquita blanca de madera de naranjo (bis).

Las olas vienen, las olas vienen, las olas vienen y van;
no te vayas rianchera que te vas a marear.

La Virgen de Guadalupe cuando va por la ribera (bis)
descalcita por la arena parece una rianchera (bis).

Las olas….

Quién la puso morenita a la Virgen extremeña (bis)?
-Los rayos del sol que queman y el aire del mar que tuesta (bis).

Las olas….

La Virgen de Guadalupe de piedra tiene el tejado (bis)
si de oro lo quisiera lo habrían hecho dorado (bis)

Las olas vienen...

E de ata onde chegaron os ecos desta melodía temos unha simpática anécdota, sobre a letra, que nos relatou unha boa amiga. De viaxe, hai xa moitos anos, polo País Vasco, coincidiu en Donostia con compoñentes dunha prestixiosa masa coral donostiarra. E xurdiron os cantos, e entre eles como deferencia aos visitantes galegos, a melodía da que estamos a falar, que dixeron coñecer e cantar con moita seguridade. A sorpresa para a nosa informante e relatora foi grande, xa que non esperaba o espallamento dese canto por aqueles lugares, e moito máis escoitar cantar o que elas crían facer ben: *"Olivas verdes, olivas verdes, olivas vienen y van..."*, en lugar das "ondiñas" que se esvaíran na tradución.



Homenaxe e placa na praza ao fillo do autor



Procesión marítima

E fose como fose, pasaron os anos e as letras e memoria desta cantiga fixéronse patrimonio universal; son do dominio popular, propiedade do pobo galego, que até a canta en partidos de fútbol, como en Vigo e outros lugares, e figura como tesouro vitalicio de Rianxo.

E por iso, con moi bon acerto, aos autores da mesma puxéronlles unha placa conmemorativa nunha praza da vila rianxeira.

Dúas notas aclaratorias:

1.- Carabeliño: especie de cestiño con asa, feito de bimbios tecidos, e normalmente empregado polos mariñeiros, para levar nel ao mar algo de froita para xantar.

2.- Respéctase a grafía orixinal dos textos.

Bibliografía

A Guadalupe de Rianxo (Homilía) P. Isorna. O.F.M.
Cancionero de Payo Gómez Chariño. A. Cotarelo. Madrid 1934
Cancionero de Galicia. Carlos Villalba Freire.1976
Cancionero de las dos Castillas Juan Hidalgo Montoya.1971
Fotos de vídeo. Internet.
Galería de Galegos Ilustres. T. Vesteiro Torres.Tomo II.1955.Edic. Galicia. Centro Gal. B. Aires.
Galicia (foto) C. Martínez Barbeito.1971.
Gran Enciclopedia Gallega (foto).

La Voz de Galicia.
Partituras orixinais.
Programa radiofónico da SER. Iñaki Gabilondo. Set. 2018.

ESTUDO TOPONÍMICO DO CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

María José López Venancio

Investigando en nome da nosa herdanza

1. Introdución

A Toponimia é a ciencia que estuda os nomes de lugar. Este termo procede do grego topos ('lugar') e onoma ('nome'). En sentido xeral é sinónimo de nome xeográfico. Nomes xeográficos ou topónimos son os nomes con que designamos e identificamos os lugares que nos rodean: rúas, pobos, cidades, ríos, paraxes… Os nomes de lugar son parte esencial da nosa herdanza cultural e unha fonte de información inestimable para numerosos campos de investigación[1]. A toponimia chega ata hoxe como herdanza transmitida de xeración en xeración. Algúns dos fíos dese tecido teñen orixe na prehistoria; outros foron creándose ao longo do tempo e son hoxe memoria de modos de vida do pasado, da orografía, da flora, da fauna… da relación da xente coa paisaxe a través da historia. A confluencia de múltiples factores, como a antiga ocupación do territorio, a orografía irregular, a densidade de poboación, a dispersión dos asentamentos e a fragmentación da propiedade fan que Galicia poida presumir dunha extraordinaria riqueza toponímica. Riqueza no que se refire ao número, á variedade e á antigüidade dos topónimos[2].

Polo tanto, e segundo afirma Feijoo Ares, a toponimia galega é un tesouro cultural por dúas razóns: a través de cada topónimo está o rexistro dos modos de asentamento e de relación das comunidades humanas cos respectivos territorios ao longo dos séculos e milenios[3], e porque promove, dinamiza e moderniza a lingua que nos identifica como pobo[4].

Como comenta o profesor Carlos Baliñas Pérez, cando se refire á Galicia altomedieval, tres son os niveis de denominación que determinan unha primeira e básica xerar-

1. Yáñez Rodríguez, J.M. *O Val do Eume na cartografía histórica 1522-1890.* En: "Cátedra: Revista eumesa de estudios". Pontedeume: Concello, 2015, nº 22, pp. 384-385.

2. Cfr. Sestay Martínez, I. *Toponimia do Val do Fragoso: Coia*. Vigo: Universidade, 2008, p.5.

3. Cfr. Feijoo Ares, V. Deseño e rendibilidade da nova aplicación colaborativa para a recolleita unificada, xeorreferenciación e difusión global da microtoponimia galega. En: *Estudos de Onomástica Galega. Microtopinimia: experiencias de recolla, didáctica e codificación.* Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2016, p.203.

4. Ibídem, p.290.

quización do espazo humanizado polo home: o físico, o económico e o socio político, os cales son complementarios e non excluíntes entre si. Este espazo físico individualizado con base en parámetros físicos e sociais recibe, nas fontes documentais, o nome de *territorium*[5]. Este territorio, esta paisaxe é o resultado e testemuña deses procesos históricos e constitúe, polo tanto, un documento histórico xa que, como el afirmaba, calquera xerarquización do espazo indica unha apropiación mental do solo. Xa desde o propio nome do territorio podemos rastrexar recordos, pegadas dese pasado, converténdose no resultado dese proceso histórico; polo tanto, unha das ferramentas ou instrumentos para estudar a paisaxe e o territorio é a toponimia.

E neste senso, o artigo 2.a) da Lei 10/2015, de 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, inclúe o recoñecemento e a protección da "toponimia tradicional como instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos territorios".

No artigo 9.3.a) da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, noméase a toponimia como un dos bens do patrimonio cultural inmaterial, xunto coa lingua; as tradicións e expresións orais; as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, representacións, xogos e deportes; os usos sociais, rituais, cerimonias e actos festivos; os coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo; e as técnicas artesanais tradicionais, actividades produtivas e procesos. No seu artigo 35.2 vólvese a mencionar a toponimia: "A normativa e a proposta de ordenación prevista nos instrumentos de planeamento urbanístico garantirán a salvagarda dos valores culturais dos bens do patrimonio cultural, a súa integración […] e o respecto á toponimia oficialmente aprobada". O artigo 68.2 determina que "A Xunta de Galicia velará, xunto con outras institucións da Comunidade Autónoma, pola preservación da toponimia tradicional, que se considera un valor identitario da Comunidade Autónoma, así como o instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos pobos e os seus bens". Esta lei supón, como comentaba o profesor Carlos Baliñas Pérez, un paso de xigante para a recolleita da toponimia galega. Agora existe unha base legal que obriga á Administración a poñer os medios, as ferramentas técnicas necesarias para recoller e salvagardar este patrimonio colectivo de todo o pobo galego. Por último, no seu artigo 69, relativo ás medidas específicas de salvagarda, no punto 6 especifícase que "na protección da toponimia, a Xunta de Galicia e as demais administracións implicadas inspirarán as súas actuacións nas indicacións e recomendacións dos organismos internacionais" (Grupo de Expertos da ONU para os Nomes Xeográficos).

A Xunta de Galicia oficializou e normativizou, en distintos decretos, os nomes dos concellos, así como os nomes das parroquias e dos lugares ou aldeas, recompilando a toponimia oficial por provincias. A correspondente á provincia da Coruña pode consultarse no Decreto 189/2003, de 6 de febreiro, polo o que se aproba o nomenclátor corres-

5. Baliñas Pérez, C. Terra, tempo e xente: as orixes altomedievais da comarcalización de Galicia. En Álvarez, R., Dubert García, F. e Sousa Fernández, X. (eds.): *Lingua e territorio.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2006, pp.93-95.

pondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña[6] (DOG nº 59 de 25/03/2003 e BOE nº 266 de 06/11/2003).


Con este traballo pretendo coñecer a orixe tanto do nome en si do concello de Cabanas como das distintas parroquias e dos núcleos de poboación que conforman o devandito municipio.

2. O concello de Cabanas


Contexto histórico

O concello de Cabanas pertence á provincia da Coruña. Xunto cos municipios da Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez forma a comarca do Eume, sendo o único municipio incluído integramente na Ría de Ares. Ao leste, unha pequena cordilleira, denominada A Serra, serve de límite coa Capela; o río Eume actúa de liña divisoria con Monfero e Pontedeume. O resto do municipio ten como linde Fene[7]. A superficie de Cabanas é de 30,3 km^2 [8].


O seu censo de poboación, a data de 8 de outubro de 2021, é de 3.431 habitantes (1.683 varóns e 1.748 mulleres), repartidos xeograficamente en sete parroquias: Cabanas, Irís, Laraxe, Regoela, Porto, Salto e Soarrera,[9] e sesenta e nove entidades de poboación.



6. Accesible en file:///C:/Users/326740~1/AppData/Local/Temp/AnuncioAC02_gl-1.pdf
7. Toscano Novella, C. e Luaces Anca, J. *Cabanas: historia y patrimonio cultural. Cabanas:* Concello, 1999, p.15.
8. Accesible en http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/inventario.php
9. Toscano Novella, C. e Luaces Anca, J. *Cabanas: historia y patrimonio cultural. Cabanas:* Concello, 1999, p.15.



En canto á súa pirámide de poboación, a data de 8 de outubro de 2021, é a seguinte:



Algúns autores asocian o topónimo de Cabanas[10] cos monumentos megalíticos. Segundo Toscano Novella e Luaces Anca, esta idea non é desacertada dado que, en primeiro lugar, próxima á parroquia deste nome atópase unha grand concentración destes monumentos e, en segundo lugar, pola propia forma do dolmen ou cámara – segundo Verea y Aguiar = habitación – que, en moitos lugares, se lle denomina "casa dos mouros". Non obstante, pola mesma razón, o nome podería derivar da asociación cun poboado castrexo ou de chozas de pescadores ou campesiños de épocas anteriores. Como di José Cornide no seu catálogo de palabras galegas, escrito no século XVIII: "Los labradores suelen hacer de estas cabañas debajo de sus pajares para recoger aperos de labranza y dormir los mozos en verano". De todas formas, afirman que, polo menos desde o ano 1144, o nome de Cabanas aparece nos documentos[11].

10. Cumprindo co artigo 10 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG de 14/07/1983), así como co Decreto 132/1984, de 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia (DOG de 21/09/1984) o municipio, a principios da década dos anos 90 do século XX, cambiou a súa denominación de Cabañas pola súa actual de Cabanas.

11. Toscano Novella, C. e Luaces Anca, J. *Cabanas: historia y patrimonio cultural. Cabanas:* Concello, 1999, p.16.

No senso descrito no parágrafo anterior, este topónimo pode ter a súa orixe na palabra latina capanna 'cabana'. A súa procedencia pode estar motivada pola presenza de cabanas ou casiñas de uso preferentemente agrícola e pastoril, para almacenar cereais e comida ou gardar o gando[12] ou ben a herba seca ou os apeiros de labranza así como tamén podía servir como refuxio da xente do campo[13].

Os territorios que hoxe forman Cabanas tiveron un certo carácter fronteirizo. O río Eume, a pesar da ponte, actuou como unha liña divisoria e favoreceu, de forma determinante, o reparto destas terras entre señores e mosteiros. No século XII un grupo de grandes nobres titulados (condes de Limia, Sarria, Monterroso, Montenegro, Trastamara, etc.), repartíanse o territorio de Galicia. Durante varios séculos, a primacía foi dos condes de Trastamara, da casa de Traba. Un dos seus membros máis poderosos foi Pedro Froylaz, fundador da dinastía. Os dominios de Pedro Froylaz –coñecido como o conde de Galicia– e a súa esposa estendíanse por case toda a provincia da Coruña; así a familia de Traba foi señorío dos territorios de Porto, Laraxe, Regoela e posuíu bens en Irís e Salto[14].

Antes da aparición do actual concello, os territorios que hoxe forman o de Cabanas pertenceron a xurisdicións distintas. Por privilexio de Fernando III (1238), a freguesía de Santo Estevo de Irís, dentro da que estaba a vila de Cabanas, pasou a formar parte do couto de Caaveiro, cuxa xurisdición, á que tamén pertencían Soaserra e Salto, chegaba ata o medio da ponte. San Vicente de Regoela, que formaba parte dun pequeno couto redondo, pertenceu, desde 1117 ou pouco antes, ao mosteiro de San Martiño de Xubia. Doouno Alfonso VII e os monxes de Xubia aforárono en 1551 a Alonso de Parga, pasando o foro aos seus descendentes. O couto de San Martiño de Porto, onde ao igual que en Irís os Fróilaz-Pérez tiñan importantes posesións, xa desde 1156 pertencía á catedral de Mondoñedo, seguramente por doazón da citada familia e o acabárono arrendando aos Andrade[15].

Cabanas comezou sendo unha vila no sentido que se dá a este termo na alta Idade Media, aparecendo, segundo documentación, tardiamente con respecto ás outras freguesías que formarán o concello, xa existentes como tales a principios do século XII e como vilas no século anterior. En 1226 posúe un lugar poboado ou aldea, cerca da cal se funda a ermida de Santo Andrés, de quen nos di Jerónimo del Hoyo que pertencía á freguesía de Santo Estevo de Irís, que tiña 46 fregueses. Elixida polos priores de Caaveiro como lugar de asento, antes do século XVI converteuse en freguesía, pasando a ser Santo Estevo de Irís a súa anexa[16].

En xuño de 1836 Cabanas é declarado Concello Constitucional propio, con "un alcalde, un tenente, tanto rexedores pedáneos cantas sexan as parroquias e un Procurador Xeral". En 1845 o Concello xa tiña selo oficial e estaba composto por un alcalde, un te-

12. Accesible en https://www.concellodevedra.es/ficheiros/San%20Cristovo%20de%20Mer%C3%ADn.pdf

13. Accesible en http://rianxofala.gal/galeria/galeria/galeria/galeria1/leiro.html [consultado 19 de abril de 2020].

14. Toscano Novella, C. e Luaces Anca, J. *Cabanas: historia y patrimonio cultural. Cabanas:* Concello, 1999, pp. 43 e 45.

15. De Castro Álvarez, C. e García, A. *Pontedeume, Cabanas y comarca.* Pontedeume: Espino Albar, 2012, p.52.

16. Ídem.


nente, oito rexedores, un síndico[17], sete suplentes e sete alcaldes pedáneos. Formábano as sete parroquias actuais e a de San Braulio de Caaveiro. A actual estrutura territorial do municipio defínese o 1 de xullo de 1925, data na que a parroquia de Caaveiro, sendo alcalde José García, foi segregada de Cabanas e agregada á Capela[18].

Parroquias

2.1 CABANAS (SANTO ANDRÉ)

Situada no suroeste do concello, limita ao noroeste coa parroquia de San Martiño de Porto, ao nordés coa parroquia de Santo Estevo de Irís, e ao sur co concello de Pontedeume, separada deste polo río Eume. Ten unha extensión de case 2 km^2 (é a parroquia máis pequena) e 986 habitantes (496 varóns e 490 mulleres), a data de 8 de outubro de 2021, sendo a segunda parroquia máis poboada e un dos núcleos urbanos do municipio (o outro é San Martiño de Porto). A poboación distribúese entre os seguintes lugares: O Areal, Cabanas, O Campo do Oito, Fontao, Lousido, A Pena de Cabanas e O Penso.

Nesta parroquia está o núcleo histórico, orixe da capital do concello, onde se encontran os edificios máis antigos e se localiza a Casa do Concello.



André vén do grego Andreas. Algúns autores explícano derivado de andreia "valor, virilidade", outros como a redución cariñosa dalgún nome composto de andr- "home, varón" (como Andrócles, Andromachos). Emprégase tanto coa forma san como con santo.

17. Persoa elixida por unha corporación ou comunidade, especialmente por un Concello, para encargarse da administración dos seus intereses. Accesible en https://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/s%C3%ADndico

18. Toscano Novella, C. e Luaces Anca, J. *Cabanas: historia y patrimonio cultural. Cabanas:* Concello, 1999, p.87.

Este apóstolo era irmán maior de San Pedro e tamén pescador no lago de Tiberiades. Foi o primeiro seguidor de Cristo, converténdose así nun santo extremadamente venerado, evanxelizando en Grecia, en Asia Menor e en Rusia. Segundo a lenda, un anxo mandouno visitar Mateo, o cal estaba cego e preso na Etiopía. Finalmente, volveu a Grecia e estivo en Macedonia e no Peloponeso, onde sufriu martirio; atárono a unha cruz en forma de aspa, sen cravalo, para que a agonía fose máis lenta, e despois de dous días morreu. É un dos santos máis antigos no culto hispánico (século VI). Aparece vestido con túnica e manto, e leva un libro na man. O seu atributo persoal é unha cruz en aspa[19] e unha rede de pescador[20].

Entidades de poboación:

Areal, O

Derivada do substantivo latino 'area' mediante o sufixo -al, adoita designar en galego un terreo composto de area movediza, xeralmente situado ao carón dun río, ou ben unha planicie cuberta de area[21].

'Areal' é sinónimo de praia, palabra que debeu chegar máis tarde ao galego para designar a mesma realidade. Aínda que non se refira exactamente a praias, areas ou areais de mar, a voz area tamén está presente en topónimos de terra dentro, areosos per se ou referidos ás areas depositadas polos ríos[22].

Este espazo foi notablemente alterado coa construción do ferrocarril e, desde a década dos 50 do século XX, coa proliferación de chalés; pero, sobre todo, cos terreos gañados ao mar. A auga chegaba practicamente ata o que foi a fábrica de fundición Adeza. Nestes terreos gañados ao mar fíxose unha rotonda, o parque do Areal e parte do paseo marítimo que continúa ao longo do que se denominaba a estrada da praia[23].

Cabanas

Véxase a explicación dada no nome propio do concello (páxinas 4 e 5).

Campo do Oito, O

Procede do latín campus 'campo, chaira'. En galego (como nas outras linguas romances), o significado do termo orixinal derivou sobre todo en 'terra cultivada', aínda que tamén pode significar 'chan amplo sen cultivar'[24]. Rodríguez González constata a referencia deste termo a unha superficie chan de uso común[25], como ocorre neste caso, xa que

19. Accesibles en https://www.concellodevedra.es/ficheiros/Santo%20Andre%20de%20Trobe.pdf e https://www.concellodevedra.es/ficheiros/Santo%20Andr%C3%A9%20de%20Illobre.pdf

20. Duchet-Suchaux, G. e Pastoureau, M. *Guía iconográfica de la Biblia y los santos.* Madrid: Alianza Editorial, 1996, pp.21-22.

21. Martínez Lema, P. *Toponimia de Begonte e Rábade.* Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2018, p.16.

22. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, pp.50 e 51.

23. De Castro Álvarez, C. e García, A. *Pontedeume, Cabanas y comarca.* Pontedeume: Espino Albar, 2012, p.58.

24. https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAjJi9nvmDqY&hl=gl&ll=42.715488939866106%2C-8.273477554321289&z=11 [consultado 30 de abril de 2020].

25. Rodríguez González, A. S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, p.125

neste lugar facíase unha feira o día 8 de cada mes. Hoxe en día ten asimilado na fala común o significado de agro ou leira. Neste caso, trátase dun topónimo composto[26]. É un substantivo con enorme presenza na toponimia (o Nomenclátor de Galicia recolle 370 localidades que conteñen campo no seu nome), designando polo regular esta idea de espazo aberto e chá, tanto destinado a pastos ou a cultivos como a outros usos[27].

Martínez Lema refírese a este substantivo campo como 'lugar espazoso e extenso, sobre todo o que está fóra dun poboado', 'paraxe onde se celebran feiras ou romarías', 'terra traballada'. Este topónimo adoita referirse a espazos cunha función concreta, vinculada xeralmente á celebración de eventos comunais como romarías, feiras, etc.[28] (como sucede neste caso).

Fontao

Este topónimo procede de fons/fontis 'manancial, fonte, auga, principio'[29].

De fontanum saen as dúas formas galegas Fontán e Fontano, as cales eran palabras habituais en Galicia dada a frecuencia con que se presentaban na topografía as cousas que designaban; por iso non é estraño que foran aplicándose e quedando como nomes propios de bastantes lugares e como apelidos. Son máis numerosos os lugares que se chaman Fontao que Fontán e a súa área de difusión é moito maior[30].

Designa os lugares onde mana a auga procedente dos acuíferos subterráneos. Pode tratarse de olleiros naturais, pero o máis frecuente é que a auga fora encanada, saíse ao exterior a través de estruturas artificiais que lles permitían ás persoas beber doadamente, así como aprovisionarse de auga con comodidade. As fontes foron en tempos uns elementos fundamentais na xeografía humana, pois permitíanlles á veciñanza acceder á auga para o consumo humano e animal, aseo e cociña. Ás veces, estas fontes contaban ademais con lavadoiro e presa de regadío[31].

Lousido

Suxire un abundancial de lousa e viría do prerromano lausa, 'pedra plana', especialmente pedroso. Topónimos que fan referencia ao mesmo detalle pétreo son os topónimos galegos Lousame, Lousa, Lousada, Lousiña e os portugueses Lousa, Lousada e Lousado. O vocábulo lausa tamén está presente en topónimos de toda a Península Ibérica, sur e sueste de Francia e no Piemonte italiano[32].

Pena de Cabanas, A

Hai autores como Carrasco e Navaza que sitúan a orixe do substantivo pena no latín pinnam, palabra común en galego para significar 'rocha, penedo'. Na toponimia de

26. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, p.135.
27. http://toponimiaborreiros.blogspot.com/search/label/Campo [consultado 30 de abril de 2020].
28. Martínez Lema, P. *Toponimia de Begonte e Rábade.* Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2018, pp.26-27.
29. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino.* 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972, p.202.
30. Accesible en https://www.concellodevedra.es/ficheiros/Santa%20Eulalia%20de%20Vedra.pdf
31. Rodríguez González, A. S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, pp.51-52.
32. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.338


Galicia é un termo moi abundante. A forma correspondente en castelán é peña; en Portugal conviven a forma tradicional pena, coincidente coa galega, e o castelanismo penha. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de catrocentas entidades de poboación con ese nome e os seus derivados e compostos[33].

Para outros autores, como Álvarez Pérez, aínda que Pena 'pedra, rocha' é un topónimo moi frecuente no territorio galego, a súa orixe non está clara. A opinión maioritaria considérao resultado do latín pinnam (ou penna no baixo latín) 'pluma; amea dunha muralla', é dicir, que está no alto, malia que hai autores, tal como refiren Marqués ou Navaza, que consideran que podería tratarse dun termo prelatino. Na microtoponimia tamén é posible que faga referencia ao apelido Pena ou Penas (moito menos frecuente) dun antigo posesor[34].

Penso, O

Topónimo relativamente frecuente en Galiza; deriva do latín pendeo (participio penso) 'estar colgado', indicando un 'terreo en pendente'[35].

2.2 IRÍS (SANTO ESTEVO)



Situada ao sur do concello, limita ao nordés coa parroquia de Santa Cruz do Salto, ao noroeste coa parroquia de San Mamede de Laraxe, ao sur co concello de Pontedeume e coa parroquia de Santo André de Cabanas. Ten unha extensión de case 3 km^2 e unha poboación de 179 habitantes (87 varóns e 92 mulleres), a data de 8 de outubro de 2021, distribuídos entre os seguintes lugares: Balvís, A Caneta, Os Currás, Formarís, A Igrexa, A Pedra do Couto, A Pena de Irís, O Salto de Baixo e O Salto de Riba.

33. Carrasco, L. e Navaza, G. *Toponimia do Val de Fragoso: Beade.* Vigo: Universidade, 2014, p.29.

34. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, p.101.

35. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino.* 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972, p.357.

A denominación de Estevo indicaría que foi o seu fundador ou un antigo posesor deste lugar[36].

A historia de Santo Estevo procede dos Feitos dos Apóstolos. Con motivo da institución dos "sete homes de boa reputación, cheos de espírito e de sabedoría", aos que se encarga o "servizo das mesas", Estevo é o elixido para formar parte dese grupo. Acusado de proferir palabras blasfemas contra Moisés e contra Deus, os seus acusadores sácano da cidade e comezan a lapidalo, converténdose no primeiro mártir de veneración universal. Represéntase como un home sen barba; leva a dalmática do diácono, coa estola. Desde o século XII, sostén na man, nun libro ou en equilibrio coa súa cabeza, unha ou varias pedras que recordan a súa lapidación. Outro dos seus atributos é a estrela[37].

O topónimo Eiriz (ou Eirís) vén do nome persoal de orixe xermánica Agericus, en xenitivo, como resultado probable dunha elisión da primeira parte do sintagma villa Agerici, como tantos outros topónimos galegos[38].

Iris significa 'luz'[39] e en fronte está a parroquia de Santa María de Ombre (pertencente ao concello de Pontedeume), topónimo que procede de umbre 'sombra'[40].

Entidades de poboación:

Balvís

Despois de moito investigar non atopei este topónimo. O único que encontrei foi o termo Belvís, de bellu visu, 'bela vista'[41], e pode que se trate dunha variación deste xa que este lugar é a entrada, desde o municipio de Cabanas, ao Parque Natural Fragas do Eume, polo que as vistas son realmente fermosas.

Caneta, A

Unha caneta é unha canle, xeralmente pequena e estreita[42].

Unha das especies vexetais máis comúns en toponimia é, sen dúbida, a cana ou o xunco; entre os nomes que responden á súa referencia están os compostos ou derivados de cana, do latín canna e con tratamento distinto do n xeminado do étimo, Canet[43].

Os colectivos en -edo, -ido sinalan agrupacións de canas silvestres: Canedo, Caneda, Canedos e Canido[44].

36. Accesible en http://toponimiaortigueira.blogspot.com/

37. Duchet-Suchaux, G. e Pastoureau, M. *Guía iconográfica de la Biblia y los santos.* Madrid: Alianza Editorial, 1996, pp.158-159.

38. Boullón Agrelo, A. I. Antroponimia e territorio: sobre a difusión dos apelidos en Galicia. En Álvarez, R., Dubert García, F. e Sosa Fernánez, X. (eds.): *Lingua e territorio.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2006, p.242.

39. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino.* 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972, p.262.

40. Ibídem, p.528.

41. Cabeza Quiles, F. *Os nomes de lugar: topónimos de Galicia, a súa orixe e o seu significado.* Vigo: Xerais, 1992, p.168.

42. Accesible en https://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/caneta

43. García Sánchez, J. J. *Atlas toponímico de España.* Madrid: Arco/Libros, 2007, p.180.

44. Cabeza Quiles, F. *Os nomes de lugar: topónimos de Galicia, a súa orixe e o seu significado.* Vigo: Xerais, 1992, p.432.

Navaza Blanco comenta como o Nomenclátor de Galicia recolle este topónimo en dous concellos (Cabanas e Cesuras) con orixe nun significado non fitónimo e posiblemente relacionado con conducións de auga e como este significado é evidente nos numerosos topónimos co masculino O Cano, Os Canos, que designan fontes ou conducións[45].

Na toponimia, o sufixo -eta, significa 'lugar de …'[46].

Currás, Os

Malia ser de etimoloxía difícil proponse o latín serodio *currales, e este do céltico *corr, 'construción circular', por alusión a uns supostos curros ou currais, isto é, construcións circulares de tipo agrícola-gandeiro[47].

Formarís

Non atopei este topónimo, o máis próximo é un núcleo de poboación no concello de Ortigueira (A Coruña) denominado Formariz e dise que procede de (uilla) Fromarici, forma en xenitivo do nome Fromaricus, o nome do antigo posesor da uilla ('explotación agrícola', antropónimo de orixe xermánica (do górico *fruma 'o primeiro' e *rikaz 'poderoso'). Está atestado na Idade Media en Galicia[48].

Igrexa, A

Procede da palabra latina ecclesia 'igrexa', polo tanto, trátase dun lugar que fai referencia a unha igrexa[49]. É o nome común das entidades de poboación onde se atopa a igrexa parroquial. Menciónase a mesma orixe latina (ecclesia)[50].

Polo tanto, o seu significado é transparente. Este termo designou nun principio as asembleas de cidadáns gregos reunidos para lexislar e tomar acordos, pero posteriormente pasou a referirse ás xuntanzas dos primeiros cristiáns que celebraban o culto en comunidade. Finalmente deulle nome ao edificio que acollía as celebracións litúrxicas. O topónimo A Igrexa refírese ao núcleo urbano vinculado á antiga igrexa parroquial[51].

Pedra do Couto, A

O termo pedra procede do latín petra 'rocha'. O substantivo pedra e os seus derivados teñen tamén unha gran presenza na toponimia galega. De feito, no Nomenclátor de Galicia figuran máis de cincocentas entidades de poboación que teñen o substantivo pedra ou un derivado seu no seu nome, sen contar as variantes con pero- ou pera-. No caso da toponimia menor, a súa riqueza tamén é destacable[52].

45. Navaza Blanco, G. *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006, p. 131.

46. Accesibles en http://projetbabel.org/basque/diccionario.php?q=eta e en https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/solucions/lexico/lexico1/formacionpalabras.html [consultados 8 de agosto de 2020].

47. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.426..

48. Accesible en http://toponimiaortigueira.blogspot.com/

49. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.321..

50. Accesible en http://rianxofala.gal/galeria/galeria/galeria/galeria1/leiro.html [consultado 19 de abril de 2020].

51. Rodríguez González, A. S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, p.28.

52. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive*. Vigo: Universidade, 2018, p.90

Couto procede do latín cautu, 'lugar cercado', e pode referirse a territorios ou espazos coutados dependentes dun antigo señorío laico ou, as máis das veces, a un señorío eclesiástico xeralmente dependente dun mosteiro[53].

Neste topónimo, o núcleo nominal pedra aparece determinado polo substantivo couto, participio do verbo caveo 'vedar, gardar, defender'. A voz couto pode designar unha extensión de monte valado e coutado ou, en xeral, un terreo máis ou menos extenso dedicado a monte. No cadro xurisdicional do Antigo Réxime, herdado en boa medida da Idade Media, o couto era un conxunto de varios núcleos de poboación que constituían un feudo e que, por estaren sometidos directamente ao señor (quer laico quer eclesiástico), gozaban da exención de certas cargas. No caso concreto deste topónimo, este debe referirse á existencia dun marco que separaba as parroquias[54].

Pena de Irís, A

No municipio das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), hai unha entidade de poboación denominada A Pena de Eiriz, de Pinna Agirici, forma en xenitivo de Agiricus, referindo ao nome do antigo posesor da pena, de orixe xermánica[55].

Salto de Baixo, O e Salto de Riba, O

Segundo o dicionario latino, saltus significa 'rexión forestal, bosque, selva'[56]

Cabeza Quiles afirma que o topónimo salto vén da palabra latina saltu, que significou primitivamente 'salto, impulso' e despois 'porto, canle, paso estreito entre montañas, etc.', polo que normalmente designa unha orografía similar, consistente en seren canles, quenllas, vales estreitos, portos ou pasos orográficos situados entre dous montes ou dous lugares máis altos, tamén podendo ter o significado de paso estreito onde se asalta[57].

En canto á diferenciación entre abaixo/arriba, evolucionada dos latinos bassus/ripa, respectivamente, cabe sinalar que se debe á situación destes dous lugares en función da altitude[58].

2.3 LARAXE (SAN MAMEDE)

Situada ao noroeste do concello, limita ao norte co concello de Fene, ao sur coa parroquia de Santo Estevo de Irís, ao leste coa parroquia de Santa Cruz do Salto e ao oeste coa parroquia de San Martiño de Porto. Ten unha extensión de pouco máis de 5 km^2 e 835 habitantes (376 varóns e 459 mulleres), a data de 8 de outubro de 2021 (sendo a terceira parroquia máis poboada do municipio), distribuídos entre os seguintes lugares: Os Anidos, As Barreiras, Os Currás, O Feal, A Fontenova, Pedreiras, O Peón, O Pereiro, Relousada e A Torre. Nela tamén se localiza o polígono industrial de Vilar do Colo.

53. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ. V*igo: Galaxia, 2008, pp. 77 e 226.

54. Martínez Lema, P. *Toponimia de Begonte e Rábade.* Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2018, p.65-66.

55. Accesible en http://toponimiadaspontes.blogspot.com/

56. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino.* 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972, p.452.


57. Cfr. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ. V*igo: Galaxia, 2008, pp. 559, 550 e 563.

58. Ferro Devesa, L. *Toponimia do Concello de Friol: Friolensis.* Friol, 2016, pp.16 e 24

O patrón desta parroquia, Mamede, é a forma galega do nome dun santo ermitán orixinario da Capadocia. O culto a este santo en Galicia estendeuse na Alta Idade Media, frecuentemente como advocación de capelas situadas en lugares montañosos e afastados[59].

No concello de Vedra (A Coruña) hai tamén unha parroquia chamada San Mamede (de Ribadulla) e dise que este nome, de etimoloxía escura, pode estar relacionado coa palabra grega mammé "nai, mamá". A etimoloxía popular relacionou este nome, erradamente, coa palabra latina mamma "mama, seo, teta", de aí que se convertese en avogado das amas de cría. San Mamede de Cesarea (século III) foi pastor e mártir desta vila da Capadocia (zona central da actual Turquía). Segundo a lenda, fuxindo da persecución de Aureliano, refuxiouse nun bosque onde predicaba o evanxeo ás feras. Converteu ao cristianismo os soldados que o foran prender e quedaron abraiados vendo que as feras o rodeaban para protexelo. Acusado de meigo, enfróntano no anfiteatro a un león e un oso, que se deitan mansamente aos seus pés. Finalmente foi destripado por un gladiador cun tridente. A súa lenda recolle aspectos do mito clásico de Orfeo (amansaba ás feras coa música) e da deusa Cibeles. A tradición faino patrón dos panadeiros, protector da lactanción e da feitura do pan. Preséntasenos como un mozo, vestido con túnica curta e manto. En ocasións a súa representación aparece acompañada de diversos elementos: un tridente (instrumento do seu martirio), dúas gacelas ou cervas, unhas feras e unha moa de muíño. A súa onomástica celébrase o 7 de agosto[60].

Segundo conversa cun veciño desta parroquia, Lara significa 'prados' e Laragia 'grandes prados luminosos'.



59. Accesible en http://toponimiadaspontes.blogspot.com/

60. Accesible en https://www.concellodevedra.es/ficheiros/San%20Mamede%20de%20Ribadulla.pdf

Entidades de poboación:

Anidos, Os

Este topónimo ten unha orixe na hidronimia prerromana, formado con base nun tema *an(n)-. Bascuas vincúlao co radical céltico *an- 'poza, pantano, lama', do que deriva o galo anam 'charco, poza' ou o topónimo Guadiana (< wadi Ana). Dada a terminación no sufixo '-ido', abundancial, podería indicar un lugar onde abundan as "pozas", e de feito é o nome dun rego[61].

É importante tamén a existencia do topónimo "Aneiros", que parece confirmar a "anido" como abundancial de "aneiro". Este abundancial non se cre que sexa de planta, pois -ido non sempre indica abundancial de planta ("pedrido"). Crese que outros topónimos tales como "Anilleiro", "Anilleira", frecuentemente asociados á hidronimia, teñen tamén a mesma orixe temática. "Anido" é un topónimo frecuente en toda a Mariña[62].

Barreiras, As

Segundo o Dicionario da Real Academia Galega, barreira pode ser un obstáculo artificial que impide o paso, a comunicación ou o contacto; un paso a nivel con barreira ou un sitio de onde se extrae barro[63].

Este topónimo procede da palabra protocelta *barro-[64], relacionado co irlandés, galés e bretón *barr* 'cima, pico, cume'[65].

Na toponimia asturiana, cando se fala da poboación La Vara, faise referencia a Barreiras como un abundativo de Barru, Barros ou El Barru; todos eles levan a mesma raíz pois a alusión a barru, palabra de orixe céltica, implica unha referencia á auga, aínda que é posible que algún destes topónimos admitan unha explicación tamén céltica pero onde se fai alusión de que *Barro significa 'cume'. Neste topónimo alúdese ao sánscrito Var 'auga'[66].

Currás, Os

Véxase o núcleo de poboación Os Currás da parroquia de Irís (páxina 11).

Feal, O

Vén do adxectivo latino fenale. Feno e feo proceden do substantivo latino fenu 'herba segada e seca para alimento do gando'. Na tradición lexicográfica galega atribúeselle a feno un significado xenérico, igual que o castelán "heno"[67]; polo tanto, un "feal" in-dica un herbal, un terreo que produce "feo"[68].

61. Accesible en http://toponimiadaspontes.blogspot.com/
62. Accesible en http://toponimiaxove.blogspot.com/
63. Accesible en https://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/barreira
64. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino.* 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972, p.54
65. Accesible en https://gl.wikipedia.org/wiki/Lista_de_palabras_galegas_de_orixe_celta [consultado 8 de agosto de 2020].
66. Accesible en https://mas.lne.es/toponimia/index.php?leer=498&palabra=barreiras
67. Accesible en https://www.concellodevedra.es/ficheiros/San%20Mamede%20de%20Ribadulla.pdf
68. Accesible en http://toponimiamanon.blogspot.com/

Cabeza Quiles tamén afirma a súa orixe no abundancial en singular fenale, de feo, planta forraxeira, pero ademais de denominar a devandita herba, dá nome en Galicia á chamada Ammopila arenaria, gramínea que nace nas dunas costeiras, polo que se o micro topónimo se localiza na costa pode referirse a esta planta[69] (aínda que este non é o caso xa que se localiza no interior, paréceme importante aludir á posibilidade de que pode ter este significado para constatar a polisemia dos termos).

Fontenova, A

Do latín clásico fontem 'fonte, nacente de auga', non só se refire ao manancial de auga que nace da terra, senón tamén á construción realizada para o seu aproveitamento. A maioría dos nomes recollidos en que está presente o substantivo fonte refírense a construcións realizadas para poder ir a ela con caldeiros ou augadoiros e coller auga[70].

Neste caso, o substantivo vai acompañado do adxectivo nova, polo que nos pode dar a idea da construción desa nova fonte, momento en que quedou o lugar denominado.

Pedreiras

Procede da palabra latina petra, 'pedra', máis o sufixo -eira, que serve para crear abundanciais, así o nome sinala un lugar no que a pedra é un elemento predominante[71]. A este mesmo sentido alude Cabeza Quiles[72].

Álvarez Pérez afirma que este topónimo se emprega para nomear os lugares dos que se extrae pedra ou onde, en último termo, este elemento é abundante[73]. Rodríguez Lemos tamén alude á posibilidade de que este topónimo se refira a que noutros tempos puido ser canteira ou lugar de onde se sacou a pedra[74].

Peón, O

Na toponimia asturiana, maniféstase a posibilidade de que o lugar denominado La Siega aluda á dimensión dalgunha primitiva finca, avaliada segundo o terreo que segaba un home nun día. Dise que con tal sentido pervive na actualidade no asturiano a palabra "siega" e que un sinónimo dela é "peonada", a cal pervive en La Pioná, agora con referencia ao traballo efectuado por un peón nun día[75].

Neste senso remítome ao termo latino pedes, que significa 'o que vai a pé, soldado, plebeo' e máis tarde pasou a significar peóns do campo[76].

Pereiro, O

A pereira ou pereiro (Pyrus communis) é a árbore que ten por froito a pera. Provén do latín piraria, plural de pirariu 'horto de peros ou peras' (lat. piru, pira). Pero o topó-

69. Cfr. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p. 65.

70. Rodríguez Lemos, A. *Toponimia do Val de Fragoso: Comesaña*. Vigo: Universidade, 2018, p. 71.

71. Accesible en https://www.concellodevedra.es/ficheiros/Santo%20Andre%20de%20Trobe.pdf

72. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.470.

73. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, p. 91.

74. Rodríguez Lemos, A. *Toponimia do Val de Fragoso: Comesaña*. Vigo: Universidade, 2018, p. 105.

75. Accesible en https://mas.lne.es/toponimia/index.php?leer=143&palabra=pe%C3%B3n

76. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino.* 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972, p. 356.

nimo Pereira ou Pereiro podería proceder tamén de petraria ou petrariu, respectivamente, sendo unha forma equivalente de Pedreira ou Pedreiro (con redución do grupo -dr- a -r-) e que deriva, polo tanto, de petra 'pedra'. O topónimo Pereira ou Pereiro e as súas formas en plural ou diminutivas son abondosas no territorio galego[77]. Só a documentación antiga pode dilucidar a orixe de cada topónimo; con todo se pensa que a maioría deles ha de ser fitonímica. Os dicionarios recollen "pereiro" co significado de pero: variedade da maceira común que produce o froito chamado pero[78]. Nos municipios de Mañón e de Ortigueira (A Coruña) tamén hai un núcleo denominado con este nome e coméntanse estas mesmas orixes (de pirariu, da árbore que da peros ou con petrariu 'lugar pedreiro, pedregal'), aínda que se di que tamén se pode pensar nun antigo posesor do lugar que tivese tal apelido ou alcume, sendo preciso dispor da documentación antiga ou do coñecemento da orografía da zona para diferenciar parte deles[79]. Cabeza Quiles alude a súa orixe en *petrariu 'lugar pedroso'[80] mentres que Rodríguez González afirma que Pereiro é un dos nomes galegos da pereira brava atlántica ou cagoteiro (Pyrus cordata), especie silvestre, pequena árbore autóctona que produce como froito unha periña silvestre denominada pero ou perucho[81].

Relousada

Segundo o Dicionario da Real Academia Galega, o prefixo Re- ten varias acepcións: elemento de orixe latina que entra na formación de palabras e expresa acción repetida; movemento cara a atrás; volta ao estado anterior; acción máis intensa; ou dá un valor novo á palabra primitiva[82].

Lousada viría do prerromano lausa 'pedra plana'[83].

Polas características deste territorio, que soe ser bastante pedregoso, decántome máis por ser unha terra con abundante pedra.

Torre, A

Este termo non ten porque referirse estritamente a unha torre senón que pode aludir a unha casa fidalga ou casa grande, dalgún labrador rico[84]. No concello de Vedra (A Coruña) tamén hai un núcleo de poboación con este mesmo nome e, en referencia á súa toponimia, dise que quizais veña motivado pola presenza dunha edificación defensiva e que Elixio Rivas emparenta coa forma latina turre, co irlandés tor "rochedo, torre", o gaélico torr "outeiro, torre" e o córnico tor 'monte', procedentes dunha base céltica *ta-r, *taur-*tor-r, *tur-r-'monte[85].

77. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, p.195.
78. Navaza Blanco, G. *Fitotoponimia galega*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza,2006, p.403.
79. Accesibles en http://toponimiamanon.blogspot.com/ e en http://toponimiaortigueira.blogspot.com/
80. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.478
81. Cfr. Rodríguez González, A. S. *Toponimia do Val de Frogoso. Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, pp.103-104.
82. Accesible en https://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/re-
83. Cabeza Quiles, F. *Os nomes de lugar: topónimos de Galicia, a súa orixe e o seu significado.* Vigo: Xerais, 1992, p.249.
84. Accesible en http://toponimiamanon.blogspot.com/
85. Accesible en https://www.concellodevedra.es/ficheiros/San%20Xi%C3%A1n%20de%20Sales.pdf

Álvarez Pérez di que procede do latín turre 'torre fortaleza' e afirma que como topónimo pode estar motivado pola existencia dunha torre no lugar así nomeado ou ben referirse, en sentido metafórico, a unha elevación do terreo, ao igual que ocorre co topónimo Castelo. Torre ten moitísima vitalidade na toponimia de todos os dominios románicos, tanto en sentido recto como figurado. No Nomenclátor de Galicia recóllense máis de cen lugares con este nome[86].

No caso de Comesaña (Vigo), a veciñanza da parroquia dá a explicación popular de que os campos situados neste lugar se denominaban así por ser uns terreos desde os que se ve a torre do campanario da igrexa[87]. Segundo puiden falar cun veciño desta parroquia, hai unha casa neste lugar, chamada O Teixo da Torre, desde a que se ve precisamente o cemiterio e a igrexa, imaxe que recolle nunha fotografía dun dos seus libros[88], polo que a súa orixe pode estar relacionada tamén con este feito.

Nesta parroquia, ademais dos núcleos de poboación, creo importante facer alusión ao polígono industrial Vilar do Colo, cuxos terreos localízanse entre os concellos de Cabanas e Fene e o cal se inaugurou no ano 2000[89].

Vilar do Colo

Vilar procede de villaria, derivado latino de vila. O proceso de consolidación do vilar está directamente vinculado ao da vila[90].

Colo procede do latín collum, que significa 'colo, parte de arriba'[91]. Cabeza Quiles afirma que deriva de collis, 'altura', que deu en castelán a palabra collado, polo que fai referencia a un outeiro, a unha altitude[92].

2.4 REGOELA (SAN VICENTE)

Situada ao nordés do concello, limita ao norte do concello de Fene, ao nordés co concello da Capela, ao sur coa parroquia de Santa Olaia de Soaserra e ao oeste coa parroquia de Santa Cruz do Salto. Ten unha extensión de algo máis de 3 km^2 e é a menos poboada con 109 habitantes (60 varóns e 49 mulleres), a data de 8 de outubro de 2021. A poboación distribúese entre os seguintes lugares: Barcia, Horta, A Lousada, O Monte, O Pazo, San Marcos, O Someiro e Os Xicos.

San Vicente foi diácono de Valerio, bispo de Zaragoza, que figura entre os asistentes ao concilio de Elvira. O seu culto estendeuse pola totalidade do Imperio romano desde a época de Santo Agustiño. Botado na prisión polo "gobernador" Daciano, é des-

86. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, p.240.

87. Rodríguez Lemos, A. *Toponimia do Val de Fragoso: Comesaña.* Vigo: Universidade, 2018, p.142.


88. Fernánde Rufón, A. *Pousando antergos: Laraxe*. A Coruña: Deputación de A Coruña, Concello de Cabanas, 2017, p.123.

89. Accesible en https://galicianaves.com/parques/poligono-industrial-vilar-do-colo/ [consultado 8 de agosto de 2020].

90. Marqués Valea, X. *Toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2018, p.172.

91. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino.* 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972, p.88

92. Cabeza Quiles, F. *Os nomes de lugar: topónimos de Galicia, a súa orixe e o seu significado.* Vigo: Xerais, 1992, p.153.



garrado por ganchos de ferro nun poldro, a continuación abrasado nunha grella e finalmente botado sobre anacos de vidro nunha prisión. Despois da súa morte, o seu corpo foi exposto nun lugar agreste, pero un corvo defendeo contra un gran lobo. Daciano man-da que o boten ao mar cunha roda de muíño atada ao pescozo, pero é reconducido milagrosamente cara á beira. A partir do século XVI represéntase en Francia o tema de San Vicente patrón dos vendimadores. Os seus atributos son: a dalmática, o poldro (de tormento), a roda de muíño, a grella (xorde en primeiro lugar na lenda de San Vicente, pero pasa enseguida á de San Lourenzo), o corvo, a podadora de vendimador e o acio de uvas[93].

En canto á orixe do topónimo, despois de consultar varias fontes documentais e de falar coa veciñanza da parroquia, non discirno unha raíz clara. Atopei A Regüela, nome polo que tamén se lle ten chamado á parroquia. Segundo Ferro Devesa, sería o diminutivo da palabra latina regula, que significa regra, xa que en documentos medievais de Sobrado aparece nomeada unha Villa Regulella[94].

Bascuas López, ao referirse a probabilidade dunha formación *re-ko, ou quizais *rai-ko, '*río', da raíz er – 'moverse', como forma orixinaria da palabra galego-portuguesa rego 'regato', comenta como é curioso o diminutivo Régoa, testemuñado como ecclesia…de Regula e, como sen dúbida, é unha formación romance co sufixo diminutivo -ulus engadido ao tema *rego, xa que o latín regula > regra non tería sentido como topónimo. Sobre este diminutivo, ao deixar de ter sentido como tal, afirma que se formou outro novo, *regulella, que pervive co nome de Regoela, facendo mención, no caso do municipio de Cabanas, a Regüela, aínda que di que figura como Regoela[95], tal e como consta, na actualidade, no Nomenclátor da Xunta de Galicia.

93. Duchet-Suchaux, G. e Pastoureau, M. *Guía iconográfica de la Biblia y los santos.* Madrid: Alianza Editorial, 1996, pp.380-381.

94. Ferro Devesa, L. *Toponimia do Concello de Friol: Friolensis.* Friol, 2016, p.48.

95. Bascuas López, E. *Rego y requeixo. Una pervivencia hispana de la raíz indoeuropea er- 'moverse',* pp.359; 362-363.

A primeira noticia escrita sobre Regoela chéganos a través da escritura de fundación do Mosteiro de Caaveiro do ano 936; nela aparecen os topónimos de "Regoela vetula" e "castrum de Regoela". Tamén no privilexio outorgado polo rei Afonso VII en 1117, referente ao couto de Caaveiro e no que se describen os seus límites xurisdicionais, mencionase San Vicente de Regoela. Por un preito do século XVIII sabemos que o mosteiro de Xuvia posuía o couto de Regoela por privilexio que tamén lle fixera o rei Afonso VII algúns anos antes do outorgamento do privilexio de Caaveiro e se fai constar que o couto de Regoela é "separado" do de Caaveiro. As entidades de poboación que conforman esta parroquia xa estaban incluídas no couto de Regoela dende antigo aínda que, polo que parece, tamén se incluía a aldea de Porcar. O Couto de Regoela era redondo (comezando no chamado porto de Naraío seguía por varios marcos ata volver á primeira testa). Estas demarcacións que se daban no ano 1560 non diferían moito das actuais. No ano 1551 faise foro do couto a Alonso de Parga e á súa dona Leonor Freire de Andrade, pasando despois aos seus herdeiros[96].

Por último, realizando as derradeiras buscas en Internet, atopei máis información sobre o termo Regoela[97]. González de la Peña comenta que foi un coto redondo, termo técnico que designaba un pequeno territorio delimitado desde tempos antigos mediante lindes naturais, tales como cursos de auga, ou mouteiras que sinalaban a propiedade comunal. Os petróglifos de círculos concéntricos e cruciformes do Couto dos Golpes preto de Regoela mostran os deslindes entre este termo e o de Caaveiro. Coméntase como a etimoloxía do topónimo Regoela, así como a de varios Régua distribuídos por Portugal e Galicia, trazáronse seguindo a Valladares, desde o latín regulam (regra monacal, monacato), coa perda da -l- intervocálica (regua / régoa) e sufixación diminutiva no caso de Regoela. As primeiras mencións escritas do nome datan de principios do século XII a principios do XIII: santo Vicentio de Reguela (1114); sanctum Vincencium de Regulella (1117, Caaveiro); "mea portione de Laragia, et mea portione de Reguela Vetula" (1201, Caaveiro). Coméntase que, co exemplo nº 2, parece que se confirma a hipótese de que se trata dun diminutivo en -ella procedente do latín regula. De todas formas, dise que a hipótese hidronímica proposta polos autores (celta rego = canal) continúa en pé sustentada pola presenza de numerosos topónimos Rego no noso territorio, e polo francés rigola, que seguramente procede da base hidronímica celta rego. Era o que pensaba Vicetto (1886), cando fai referencia ao lugar de Régoa, no municipio de Cedeira, na súa Historia de Galicia: "creemos más exacta la voz régoa derivada de rego, suco, hondonada, foso". Unha terceira opción que se propón neste recurso, baseada no feito de que foi un coto redondo no centro do cal aínda se conserva un antigo castro, sería considerar a toponimia Régoa ou o seu diminutivo Regoela como procedente do latín regulam na súa acepción menos coñecida relativa ao ager ou territorio. Tamén se mencionan outras dúas acepcións:

96. Cfr. González López, D. *Algúns datos do Couto de Regoela no século XVI*. En "Cátedra: Revista eumesa de estudios". Pontedeume: Concello, 2007, n. 14, pp.221-249.

97. Accesible en https://arqueotoponimia.blogspot.com/2010/08/regoela-vella.html

por unha parte, alúdese a Du Cange cando recoñece que regulus significaba un cantón en galo, un cantón que sería semellante ao noso coto redondo e, por outra, menciónase como en Italia hai o antigo réxime socioeconómico dos regolieri (zona de Cortina d'Ampezzo, arco alpino); articulados en regole, cada regola é un territorio familiar onde vive a comunidade entorno a un fuoco (fogar), as unidades territoriais son pequenas, e a súa economía defínese basicamente como de subsistencia con bens en man común, fundamentalmente montes e pastos. Son comunas, aínda que non monacais, onde as decisións se toman en asemblea presidida polos capifamiglia, descendentes directos dos habitantes orixinais, e están gobernadas por un regolani elixido por un ano. O sistema garda similitude co que coñecemos das sociedades e o hábitat castrexo galaico, así como con certa forma de posesión e xestión do territorio como son as mancomunidades de montes. Por último, coméntase que os bárbaros do mundo occidental (Hispania e Galia) estaban gobernados por regulus como Viriato o Indibil, rexedores locais destes pequenos territorios con centros de habitacións en castros ou oppida (régulas).

Entidades de poboación:

Barcia

Unha barcia é un terreo chan e cultivado, un campo chairo, moitas veces ao pé dun río. Orixinariamente significaba algo como 'terreo de cultivo próximo a río' e despois significou 'terra próxima a río e que se asolaga'[98].

No que respecta á súa orixe, foi detalladamente analizada por Bascuas, quen pon de manifesto o "absoluto predominio" da documentación antiga como varcena e despois varcia, en canto que a representación con "b" foi excepcional. Por isto e outras razóns, deriva "Barcia" e "Barxa" dunha forma paleoeuropea *war-ki-na, a partir da raíz indoeuropea *war- 'agua'; non lle dá orixe celta, ao non estar tal raíz estendida no celta[99]. Noutros casos, dise que parece de orixe celta, *varcina 'campo que se inunda e cultiva'[100].

Segundo Cabeza Quiles, Barcia procede de *barc ou *barg, base que debeu expresar a idea de concavidade ou caixa orográfica ou val pola que corre un río. Normalmente, estes lugares atópanse en vales, cuncas ou chairas fluviais, moi boas desde o punto de vista agrícola; de aí outro posible significado deste topónimo igual a campo cultivado de certa extensión, fertilizado por un curso de auga[101].

Horta

Derivado do latín hortus 'xardín'. Enténdese como horta ou terreo, polo xeral de reducido tamaño e próximo á casa, dedicado ao cultivo de hortalizas que noutras áreas de Galicia recibe o nome de porral[102].

98. Accesible en http://toponimiamanon.blogspot.com/

99. Accesible en http://toponimiaalfoz.blogspot.com/

100. https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAjJi9nvmDqY&hl=gl&ll=42.6778607651511%2C-8.247084617614746&z=11 [consultado 30 de abril de 2020].

101. Cfr. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, pp.87 e 99.

102. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive*. Vigo: Universidade, 2018, p.148.

As hortas eran cultivos que non podían faltar no interior dos pequenos núcleos rurais e nas súas inmediacións, así como en casas illadas. O xenérico horta, de uso común, designa un terreo de regadío achegado á casa, onde se cultivan diversos legumes, verduras e hortalizas, e por veces tamén árbores froiteiras, en réxime de policultivo. A súa finalidade inicial era garantir o abastecemento de alimentos da unidade familiar, complementando o cultivo de cereal, a recolección de froitos secos, etc. Na actualidade, as hortas continúan a xogar un papel importante como complemento económico da poboación que habita en áreas rurais e periurbanas. Horta deriva do latín hortum 'terreo pechado de cultivo' ou 'casa de campo'.

Nalgunhas comarcas de Galicia tense rexistrado a forma masculina horto, aínda que o máis frecuente é que se empregue a feminina[103].

Son terreos xeralmente de regadío en que se botaban cultivos tan presentes na alimentación diaria dunha familia como ervellas, verzas, tomates, repolos, cebolas, feixóns verdes, cenorias, etc. A súa orixe está no latín hortum ' propiedade cerrada'[104].

Lousada, A

Segundo Cabeza Quiles, trátase dun topónimo abundancial de laxe, cuxa procedencia vén da probable voz céltica lágena, 'laxe, laxa, pedra lisa e longa'. En linguas celtas actuais e desaparecidas ten ou tiña o significado de lámina de folla de metal[105].

Monte, O

O vocábulo latín monte (mons, montis) fai referencia a unha elevación importante do terreo (orotopónimo), pero tamén se emprega para nomear os terreos cubertos de vexetación espontánea como toxos, fentos, silvas, arbustos, etc., que pode estar ou non poboado de árbores (fototopónimo). O monte é unha peza clave no sistema agrario tradicional galego. Recóllese o estrume (toxos, carqueixas, fentos, herba, etc.) co que se estra a corte para, xunto cos excrementos dos animais, formar o esterco. O monte era empregado tamén para levar o gando, para recoller froitos, combustible (como as carrascas, garabullos e logo a pluma dos piñeiros), para obter a madeira para múltiples construcións ou para abastecerse de plantas medicinais. Xunto a isto, o monte representa ademais unha riqueza de termos de "terras de reserva", empregadas para cultivar nas épocas en que a presión demográfica era tan forte que non chegaban as terras de cultivo habituais para garantir a mantenza de toda a poboación[106].

A palabra monte non ten só un sentido orográfico, de 'elevación notable do terreo que sobresae do relevo circundante', senón que tamén se pode referir ao uso da terra. Un monte é tamén unha superficie non cultivada, cuberta de vexetación forestal como bosques, plantacións arbóreas, mato, gándara, brañas, panasco ou pedreiras; en contraposición coas terras agrícolas (ás que por outro lado serve de complemento necesario).

103. Rodríguez González, A. S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, p.133.

104. Rodríguez Lemos, A. *Toponimia do Val de Fragoso: Comesaña.* Vigo: Universidade, 2018, p.80.

105. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, pp.337-338.

106. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, pp.124-125.

Cando as terras de cultivo son abandonadas, dise delas precisamente que "quedaron a monte". Dentro deste concepto de monte como superficie forestal podemos encontrarnos ademais cunha segunda acepción, que neste caso ten que ver coa propiedade[107]. Moitas delas eran e son de explotación comunal, outras simplemente son terras gañadas noutro tempo ao monte e que hoxe son tomadas de particulares cun uso forestal e sen cultivar[108].

Pazo, O

Este topónimo vén do latín palatium, 'pazo, casa dun gran señor'. Os nomes de lugar como este poden estar motivados pola presenza dun pazo en épocas anteriores. Debemos ter en conta que ás veces os nomes de lugar sobreviven ás construcións ou edificacións (pazo, igrexa, mosteiro…) que lles deron orixe[109]. A esta mesma orixe refírese Cabeza Quiles[110].Dado que leva moitos anos presente na toponimia de Galicia, pénsase que non sempre se refire ás típicas casas grandes da fidalguía do século XVIII[111]. Neste senso, Rodríguez Lemos afirma que é unha palabra que designa unha casa labrega ou señorial de certa importancia[112]. Despois da falar cunha veciña desta parroquia, confírmame a existencia dunha casa señorial neste lugar.

San Marcos

Lugar adicado ao culto de San Marcos, onde hai unha capela na súa honra. Territorio dividido entre os municipios de Cabanas e Fene.

San Marcos pasa por ser o discípulo preferido e o portavoz de Pedro, que o chama fillo seu. Fiel compañeiro de Pedro, foi efectivamente o seu fillo espiritual. Unha tradición atribúelle escribir o seu Evanxeo a ditado de Pedro. De crerse a Hierón e a Eusebio, Pedro enviouno a Exipto onde foi o primeiro bispo de Alexandría e, á súa chegada, curou de maneira milagrosa. Marcos puido ser martirizado no 67 en Alexandría. Apoderáronse del cando estaba no altar celebrando unha misa. Arrastrado a través da cidade atado a unha corda, medio esmagado con mazos, morre antes de que os verdugos teñan tempo de lapidalo. Unha choiva milagrosa extingue a fogueira na que se pensaba queimar o seu corpo. Sepultado en Alexandría, os seus restos foron roubados no 829 polos venecianos. As reliquias de San Marcos son acollidas solemnemente en Venecia, que se converte no foco principal do seu culto, documentado desde o século X. As corporacións de notarios e escribáns sitúanse baixo o seu padroado, porque foi o secretario de San Pedro. Os seus atributos son unha pluma e instrumentos para escribir, un rolo de pergamiño ou un libro (aberto ou pechado) e o león (a miúdo con ás)[113].

107. Rodríguez González, A.S. *Toponimia do Val de Frogoso. Candeán*. Vigo: Universidade, 2019, pp.45-46.

108. Rodríguez Lemos, A. *Toponimia do Val de Fragoso: Comesaña.* Vigo: Universidade, 2018, p.90.

109. Accesible en https://www.concellodevedra.es/ficheiros/San%20Mamede%20de%20Ribadulla.pdf

110. Cfr. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.651.

111. Accesible en http://rianxofala.gal/galeria/galeria/galeria/galeria1/leiro.html [consultado 19 de abril de 2020].

112. Rodríguez Lemos, A. *Toponimia do Val de Fragoso: Comesaña.* Vigo: Universidade, 2018, p.101.

113. Duchet-Suchaux, G. e Pastoureau, M. *Guía iconográfica de la Biblia y los santos.* Madrid: Alianza Editorial, 1996, pp.258-259.

Someiro, O

Non atopei este topónimo. O máis próximo que encontrei foi o de Meira. Cabeza Quiles comenta que Meira é unha parroquia, unha vila e un concello da provincia de Lugo por onde pasa un incipiente Miño e que este detalle hidrográfico puido propiciar a creación dun topónimo referido á auga a partir dunha base preindoeuropea *mar, *mer, *mir, *mur, "auga, auga estancada" e dela, ou doutra moi parecida, sacan os hidrónimos Meiro, Meira, Mieres, Miranda, Miera, etc.[114].

A preposición so procede de sub, "debaixo de" ou "ao pé de", sendo moi frecuente na toponimia de Galicia, como corresponde a un país de orografía tan irregular[115].

Unha veciña desta parroquia infórmame que pola parte de abaixo deste núcleo de poboación hai un río, polo que a descrición dada nos parágrafos anteriores adáptase ás explicacións dadas.

Xicos, Os

Aínda que busquei este topónimo en distintas fontes documentais, non atopei ningunha explicación relativa á súa orixe. Despois de falar con tres veciñas do lugar, unha delas comentoume que nos mapas antigos este lugar aparecía rexistrado co nome de Couce da Serra e Alto da Serra, e que houbo un tempo que pertenceu ao núcleo de Horta. Outra veciña comentoume que antigamente foi un foro cuxa propietaria foi Juana de Vega. Dúas veciñas coinciden en que a súa orixe vén porque nese lugar vivía soamente unha señora e chamaba ás galiñas polo nome de "xicas, xicas" e de aí quedou o nome. Falando cunha persoa do municipio que estudou filoloxía románica, e despois de preguntar a outro colega, comentoume que Xicos procede do latín tardío ciccus 'pequeno'[116] e informoume que este lugar ten que ver cos "pichóns", que son pequenos, de aí talvez a orixe deste topónimo que me comentaron as outras veciñas.


2.5 SAN MARTIÑO DE PORTO (SAN MARTIÑO)

Situada ao oeste do concello, limita ao suroeste coa ría de Ares, constituíndo a fronte marítima do concello, ao sueste coa parroquia de Santo André de Cabanas, ao leste con Santo Estevo de Irís, ao nordeste con San Mamede de Laraxe e ao noroeste co concello de Fene. Constitúe un continuo coa parroquia de Santo André. Ten unha extensión de algo máis de 3,5 km^2 e 1.021 habitantes (508 varóns e 513 mulleres) a data de 8 de outubro de 2021, sendo a parroquia máis poboada do concello. A poboación distribúese nos seguintes lugares: O Batán, Cardeita, O Chao da Aldea, O Chao, A Costa, A Lousada, As Modias, O Piñeiro, O Pudrical, O Rego, Sobre da Riba, A Torre, O Val e O Vinteún. Nesta parroquia encóntrase, probablemente, o elemento máis recoñecido do concello: a praia e o piñeiral da Madalena.

114. Cabeza Quiles, F. *Os nomes de lugar: topónimos de Galicia, a súa orixe e o seu significado.* Vigo: Xerais, 1992, p.262.

115. Ibídem, p.458

116. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino.* 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972, p.77.



A orixe desta parroquia procede do nome romano *Martinus*, derivado de mars/martis (Marte). Significa por tanto 'de Marte, dedicado ao deus Marte'. É un nome por outra parte moi frecuente en Galicia, de orixe pagá, que segundo X. Ferro aceptaron os cristiáns pola popularidade do santo bispo San Martiño de Tours[117]. É unha apócope de Sanctus Martinus, o de Tours (século IV) ou o de Dumio en Braga (século VI), derivado de Mars 'Marte'. Fai referencia ao santo patrón San Martiño. O santo chamábase Martinus en latín, e Martiño é o resultado galego desa forma latina[118].

Durante toda a Idade Media e unha parte da Idade Moderna, Martiño foi o santo máis popular de Francia. Nacido en Panonia (na Hungría actual), enrólase moi novo no exército romano e serve en Italia e despois na Galia. Tras fundar o mosteiro de Ligugé, en Poitou, adquire pouco a pouco unha gran sona e, no 370, é elixido bispo de Tours. Ata a súa morte, realiza o labor de misioneiro nos campos: converte as poboacións, destrúe os templos pagáns, funda igrexas e mosteiros. Esta obra válelle o sobrenome de "apóstolo das Galias". San Martiño era o patrón dos soldados e dos cabaleiros, así como dos xastres. O día de San Martiño os campesiños celebraban a chegada do inverno levando a cabo cheas, acendendo grandes fogueiras e pagando as súas débedas, préstamos e arrendamentos. Debían pagar os seus tributos en aves e era costume comer un ganso ese día. En canto á súa iconografía, igual que o seu culto, é prolífica e así, entre os seus atributos destacan: o asno, o cabalo, a capa, o ganso, o oso (a lenda dourada relata que emprendendo viaxe a Roma, ve un asno devorado por un oso; furioso, o santo converte o oso na súa besta de carga) e o uniforme de soldado romano[119].

117. http://toponimiaborreiros.blogspot.com/search/label/San%20Marti%C3%B1o [consultado 30 de abril de 2020].

118. https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAjJi9nvmDqY&hl=gl&ll=42.72078596277844%2C-8.260602951049805&z=11 [consultado 30 de abril de 2020].

119. Duchet-Suchaux, G. e Pastoureau, M. *Guía iconográfica de la Biblia y los santos.* Madrid: Alianza Editorial, 1996, pp.267- 269.

O topónimo Porto pode referirse á existencia, durante a época romana, dun posto fiscal ou 'portus'. Sería un lugar de paso obrigado –cara ás terras do norte– onde se cobraba o 'portorium' (imposto de circulación e tráfico de mercancías). Como hipótese, establécese a posible existencia de instalacións para vadear o río –quizais tipo "porto" con barca–, previas á construción da ponte. Isto podía afianzarse polo feito da non constatación, ata o momento, de restos romanos na vila de Pontedeume, que si existirían de localizarse unha ponte nesta época. Toscano Novella e Luaces Anca cren que o río Eume debía ter varios pasos. Un podería estar na zona de Sopasos –insinuante topónimo e lugar no que apareceron restos romanos– desde onde se cruzaría o río. Este paso establecería as comunicacións terrestres cara aos pobos da costa (Ares, Mugardos, etc.). Quizais existira outro vao río arriba, na parroquia de Irís, con dirección cara ás terras do interior, que puido existir xa desde época castrexa, segundo o suxire a existencia de castros en ambas as dúas partes do río. Algúns autores falan doutro camiño que cruzaría o río por unha ponte, situada máis arriba de Caaveiro. Esta idea aparece reflectida en lendas que relatan a existencia duns túneles que desde o monte Castro chegaban ao Portiño, pequeno porto romano localizado nun relanzo do río Eume. O porto principal estaría na desembocadura do río[120].

Na toponimia oficial da Xunta de Galicia retiraron o artigo "o" e denominárona parroquia de Porto (San Martiño de Porto), cando sempre foi "do Porto", información do propio acervo popular así como da veciñanza, e tamén baseado nalgunha proba documental, mesmo cando castelanizaban o nome orixinal "Sam Martinho do Porto" tiñan claro que no nome orixinal había un "do" e non un "de" –pódese comprobar en dous mapas: un de Tofino do ano 1787: "San Martin de Oporto" e outro de 1800: "San Martín del Porto"–. Inclusive na igrexa, que optou por "S.Martin" para a advocación, en vez da forma con máis aparencia galega "S.Martinho", non cambiou o topónimo e conservouse "do Porto" (ano 1788)[121].

Entidades de poboación:

Batán, O

Entre as construcións fluviais que aproveitaban a forza da auga dos ríos destaca, pola súa forte personalidade etnográfica, o batán, antigo enxeño movido pola forza hidráulica, que servía para bater, con fortes mazos, desengraxar e apertar o liño ou a la. Aínda que hoxe están practicamente desaparecidos, Lucas Labrada censa, no século XVIII, 166 batáns en Galicia. A voz batán, derivada do latín battuere, 'bater, golpear', produciu o topónimo homónimo que, de acordo co seu significado, dá nome a ríos e regatos onde houbo batáns[122]. Neste mesmo senso fálase na toponimia de Mañón e de Rianxo[123].

120. Toscano Novella, C. e Luaces Anca, J. *Cabanas: historia y patrimonio cultural*. Cabanas: Concello, 1999, pp. 30-31

121. Accesible en https://www.acorunha.gal/ [consultado 8 de abril de 2020].

122. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.371.

123. Accesibles en http://toponimiamanon.blogspot.com/ e en http://rianxofala.gal/galeria/galeria/galeria/galeria1/arano.html [consultados 19 de abril de 2020]

Cardeita

Cabeza Quiles afirma que Elixio Rivas retrae este topónimo a *Casa de Eita, por alusión á súa posesora[124].

Chao da Aldea, O

Na toponimia de Mañón (A Coruña) alúdese a que chao significa "lugar chan"[125].

No Dicionario da Real Academia Galega, chao remite á forma máis recomendable: chan, chá e, entre as súas acepcións, destacan dúas: sen desniveis, igual en todas as súas partes e extensión de terra chá.[126].

Neste caso, trátase dun topónimo composto: aldea que, segundo Cabeza Quiles, procede do árabe (aínda que non de orixe directamente arábiga), concretamente da voz al-daya, 'campo, aldea, casar' ou de ad-daia[127]. Administrativamente, a aldea é a entidade de poboación inferior á parroquia. Varias aldeas constitúen unha parroquia[128].

Chao, O

Seguindo co significado explicado no anterior núcleo de poboación, na toponimia asturiana maniféstase que O Chao, 'el llano', resulta de interpretación transparente[129], xa que describe o territorio.

Costa, A

Procede do latín costam, un substantivo que designa terreos ou treitos de camiño que están en pendente máis ou menos pronunciada[130].

Hai outros autores que afirman que "Costa" provén do latín costa 'costela; costado'. Álvarez Pérez afirma que é unha palabra de uso común empregada para designar camiños ou outras vías, situadas nun terreo en pendente. Estamos ante un uso metafórico do termo que procede da identificación dun accidente orográfico cunha parte do corpo humano, neste caso as costas, pola curvatura que describen[131].

Rodríguez González di que deriva de costa ao que lle suma, ademais do significado 'costela', os seguintes: 'lombo, lado ou ladeira'. Manifesta tamén o seu uso común e comenta que alude a un terreo de pendente pronunciada. Pero tamén di que se aplica a un tramo de camiño costeiro, que debe vencer un desnivel[132].

Lousada, A

Véxase o núcleo de poboación A Lousada da parroquia de Regoela (San Vicente) (páxina 21).

124. Cabeza Quiles, F. *Os nomes de lugar: topónimos de Galicia, a súa orixe e o seu significado.* Vigo: Xerais, 1992, p.121.
125. Accesible en http://toponimiamanon.blogspot.com/
126. Accesible en https://academia.gal/dicionario/-/termo/chan
127. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.25.
128. Méndez, L. *Toponimia de Agolada*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2016, p.23.
129. Accesible en https://mas.lne.es/toponimia/index.php?leer=880&palabra=chao
130. Méndez, L. *Toponimia de Agolada*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2016, p.50.
131. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, p.71.
132. Cfr. Rodríguez González, A.S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, p.151.

Modias, As

O termo "modia" acostuma referirse a unha mámoa ou túmulo primitivo (aínda que outra veces parece aludir soamente a un outeiro, a unha "mota", sen existencia de túmulo coñecida)[133]. Martínez Lema afirma que o substantivo modia, aplicado á arquitectura megalítica, refírese a un túmulo feito de terra e pedras que sinalan o lugar onde se localiza un enterramento[134]. Neste caso, este topónimo apunta ao primeiro significado, xa que nos arredores do castro que existiu neste lugar atopouse un torque, conservado na actualidade no Museo Arqueolóxico da Coruña.

Un "módio" é unha medida de superficie e de capacidade de gran, polo que cabe preguntar se "As Modias" serán unhas terras de labor. Segundo Cabeza Quiles en "Os nomes da Terra", "Módias" pode proceder dun sinónimo de mámoas/medonhas[135].

Este mesmo autor alude a Modia, A Modia, Modias, As Modias, Mámoa, etc. como topónimos que se refiren ás mámoas ou túmulos de terra en forma de mama ou teta feminina, baixo os que case sempre se atopa a arca ou o dolmen[136].

Piñeiro, O

Segundo Gonzalo Navaza, o substantivo piñeiro serve para referirse a distintas especies do xénero Pinus. Tamén comenta que o nome singular é máis abundante na toponimia que os derivados colectivos, o que pode ser debido a que os bosques de pinos non eran tan abundantes e numerosos senón que estas árbores se atopaban dispersas e illadas, como exemplares únicos[137]; pensemos en todos eses pinos que aparecen na documentación antiga como se fosen marcos para delimitar as eiras[138]; neste senso puido existir, nalgún momento da historia, algún exemplar que destacou[139].

A forma galega piñeiro deriva do latín pinariu, que á súa vez procede de pinus 'piñeiro'. As análises do pole sedimentado en depósitos de turba de varios miles de anos de antigüidade, formada en antigas zonas húmidas, revelan que no noroeste ibérico xa existían tres especies distintas de piñeiros antes da aparición da agricultura: o piñeiro silvestre (Pinus sylvestris), o piñeiro manso (Pinus pinea) e o piñeiro bravo (Pinus pinaster). Antes da introdución dos piñeiros de repoboación, os piñeiros bravo e manso deberon ser dúas especies moi escasas, minoritarias fronte a carballos e outras árbores caducifolias, que estaban confinados en zonas litorais. O piñeiro silvestre, pola súa parte, refuxiouse en zonas

133. Accesible en http://toponimiamanon.blogspot.com/

134. Martínez Lema, P. *Toponimia de Begonte e Rábade*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2018, p. 60.

135. Accesible en https://www.acorunha.gal/ [consultado 8 de abril de 2020].

136. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.46.

137. Navaza Blanco, G. *Fitotoponimia galega.* A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza,2006, pp.411-412.

138. Accesible en https://www.concellodevedra.es/ficheiros/Santo%20Andr%C3%A9%20de%20Illobre.pdf

139. Accesible en
https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAjJi9nvmDqY&hl=gl&ll=42.710853700000015%2C-8.22605610000005&z=11
[consultado 30 de abril de 2020].

de montaña, onde as condicións ambientais aínda eran semellantes ás que existían durante os períodos glaciares. Non é de estrañar, pois, que séculos atrás un exemplar illado ou un pequeno rodal de piñeiros constituísen un punto de referencia na paisaxe, incorporándose á toponimia local. As repoboacións de piñeiros bravos que se realizaron a partir do século XVIII, con semente procedente posiblemente do norte de Portugal, estenderon os piñeirais máis alá da súa área de distribución natural, contribuíndo á regresión das masas de árbores frondosas autóctonas. As primeiras plantacións realizáronse no Baixo Miño e na Alta Limia por parte dos mesmos propietarios e espalláronse a continuación a través das zonas litorais. Naquel entón a madeira de piñeiro tiña moita demanda na industria da salgadura, xa que se utilizaba na elaboración de caixas para o peixe. Pero foi sobre todo nos anos 50 do século XX cando, baixo un réxime ditatorial, as autoridades transformaron os montes comunais en extensos monocultivos de piñeiro e eucalipto. Isto provocou a crise do sistema agro-gandeiro tradicional, que tiña no monte un complemento imprescindible[140].

Pudrical, O

No buscador de Toponimia de Galicia[141] só aparece rexistrado este topónimo no concello de Cabanas. A única referencia que atopei é a súa orixe do latín puter 'podre'[142].

Rego, O

Este substantivo, moi frecuente na lingua común, ten o significado de 'pequeno suco natural polo que corre a auga', pero tamén se emprega para nomear a escavación longa e pouco fonda que se fai no terreo, ben para introducir a auga nos campos e regatos por inundación, ou ben para sementar. A súa etimoloxía é complicada, posto que parecen converxer nel os derivados do latín rigare 'regar; facer fluír dirixindo' e un termo de orixe prelatina, probablemente celta, *reku[143].

Cabeza Quiles, cando alude a este topónimo, tamén fai referencia a unha pequena corrente fluvial[144].

Un rego é, na fala local, tanto un curso de auga pouco abundante e non permanente coma unha condución artificial de auga que os labradores facían para conducila ás terras de regadío[145].

O Rego pasa a denominar un núcleo habitado do que se estableceu ao lado da corrente e que tomou para si o xenérico do curso de auga[146].

140. Rodríguez Gozález, A.S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, pp.106-107.

141. Accesible en https://toponimia.xunta.gal/gl/visor?termino=pudrical

142. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino*. 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972, p.411.

143. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, p.24.

144. Cfr. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ*. Vigo: Galaxia, 2008, p.239.

145. Rodríguez Lemos, A. *Toponimia do Val de Fragoso: Comesaña.* Vigo: Universidade, 2018, p.120.

146. Marques Valea, X. *Toponimia de Trabada.* Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2018, p.123.

Sobre da Riba

Parece referirse a un lugar situado sobre ou enriba da Riba. Ribas, Riba e A Riba son topónimos orográficos provenientes do latín ripa 'ribeira, ribada, ribazo', referidos a costas, ribeiras ou ribazos que empezan nunha corrente de auga[147].

Torre, A

Véxase o núcleo de poboación A Torre da parroquia de Laraxe (San Mamede) (páxina 16). Hai unha casa grande, antiga Escola Laica e agora Casa da Cultura do concello e, ademais, tamén corresponde cunha elevación do terreo, polo que ben podería responder a estes dous sentidos explicados no núcleo de poboación correspondente á parroquia de Laraxe.

Val, O

É unha depresión do terreo entre montañas pola que flúe ou fluíu un curso de auga ou a cunca dun río[148].

Trátase dunha referencia transparente que responde á conformación orográfica do lugar. En latín dicíase vallis ou valles feminino, xénero que se conservou ata a actualidade en catalán e nos demais romances. A mudanza do francés, do portugués e do castelán débese, seguramente, ao influxo de mons 'monte'[149].

É a peza básica da definición territorial da Galicia altomedieval, sexa este marcado polo curso dun río, pola confluencia de varios, a pegada de antigos movementos oroxénicos ou glaciares, ou o discorrer de depresións ou elevacións montañosas[150].

Vinteún, O

En 1911 creouse unha feira os días 21 de cada mes no lugar do Areal, ao lado da capela da Madalena. Era unha feira de gando vacún, cabalar, lanar cabrún e de porca. Pasado o tempo, converteuse en feira de gando de porca e mercadillo[151].

2.6 SANTA CRUZ DO SALTO (SANTA CRUZ)

Situada no centro do concello, limita ao norte co concello de Fene, ao sur co concello de Pontedeume, ao suroeste coa parroquia de Santo Estevo de Irís, ao leste coa parroquia de Santa Cruz do Salto e ao oeste coa parroquia de San Mamede de Laraxe. É a segunda parroquia en extensión do concello con case 6 km^2 do territorio e a segunda menos poboada con 136 habitantes (70 varóns e 66 mulleres), a data de 8 de outubro de 2021, distribuídos entre os seguintes lugares: O Alto, O Barqueiro, Os Bouces, O Cotiño, O

147. Cabeza Quiles, F. *Toponimia da Estrada.* Santiago de Compostela: Real Academia Galega, p.144.

148. Accesible en https://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/val

149. Marqués Valez, X. *Toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2018, p.157.


150. Baliñas Pérez, C. Terra, tempo e xente: as orixes altomedievais da comarcalización de Galicia. En Álvarez, R., Dubert García, F. e Sousa Fernández, X. (eds.): *Lingua e territorio.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2006, p.95.

151. de Castro Álvarez, C. e García, A. *Pontedeume, Cabanas y comarca.* Pontedeume: Espino Albar, 2012, p.58

Feal, Manxarín, Os Martices, Os Piñeiros, Porcar, Os Ribas e Valedoso. A zona sur forma parte das Fragas do Eume, constituíndo unha media ladeira con orientación sur sen asentamento de poboación.

Cruz vén do latín crux, crucis. Este nome procede da santificación da cruz ou madeiro sobre o que se crucificou Cristo[152]. A partir do século V, a cruz tende a converterse no símbolo oficial da Igrexa e da relixión cristiá. Co paso dos séculos, a súa utilización faise multiforme e a súa iconografía prolífica[153].

Para o significado de Salto, véxanse os núcleos de poboación de Salto de Baixo e Salto de Riba, pertencentes á parroquia de Irís (Santo Estevo) (páxina 12).



Entidades de poboación:

Alto, O

Corresponde á parte alta da parroquia[154].

Barqueiro, O

Oficio importante en tempo antigo, cando a escaseza de pontes era suplida con pasos de barcas, debeu ser o de barqueiro[155].

Chámame a atención porque é un núcleo localizado no interior, non preto do mar ou dun río. En substantivos e adxectivos, o sufixo -eiro/a expresa a idea de 'oficio', 'árbore', 'lugar' e 'pertenza'[156].

152. Accesible en https://www.concellodevedra.es/ficheiros/Santa%20Cruz%20de%20Ribadulla.pdf

153. Duchet-Suchaux, G. e *Pastoureau*, M. *Guía iconográfica de la Biblia y los santos.* Madrid: Alianza Editorial, 1996, p.116.

154. Cfr. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.30.

155. Ibídem, p.353.

156. Accesibles en http://eljuego.free.fr/Fichas_gramatica/FG_sufijos.htm e https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/solucions/lexico/lexico1/formacionpalabras.html [consultados 8 de agosto de 2020].

O termo bar (icus) significa 'lugar onde vivían' e 'estranxeiro, bárbaro, cruel ou inculto'[157].

Bouces, Os

Navaza Blanco comenta como Ferro Couselo explicou o topónimo Bousés, parroquia e lugar de Oímbra (na provincia de Ourense), a partir dun suposto antropónimo *Bousedes ou *Bousidis, emparentado con bouza. Afirma que, en caso de parentesco con bouza, cabería pensar tamén nun derivado en -ense, sufixo propio dos xentilicios.

Despois de buscar en moitas fontes documentais e preguntar a algunha persoa veciña da parroquia sen que me soubesen dicir a orixe do seu significado, decántome por unha relación co termo bouza, o cal, segundo Navaza Blanco, é unha palabra galega de orixe prerromana, viva no léxico común e moi presente na toponimia. No territorio estudado ten o significado de 'terreo inculto, con maleza, toxos, xestas e uces[158]. Esta é a acepción usual que figura nos dicionarios galegos. Existen outras acepcións próximas a estas, como a de "terreo desmontado para sementar", vivo en Pantón, onde facer unha bouza é roturar o monte para sementar cereal. Elixio Rivas defíneo como "terreo húmido, fondo, con herbazal ou matorreira, inculto", facendo prevalecer como sema principal o da humidade en apoio da súa etimoloxía hidronímica, que o emparenta con balsa, pero segundo Navaza Blanco, presenta dificultades fonéticas e semánticas. Dun xeito semellante, Sarmiento definía bouza como "en donde pacen los bueyes" porque consideraba que derivaba de busto, e este de bos; polo que se pode comprobar como a etimoloxía de bouza é con-trovertida[159].

Cotiño, O

Claro diminutivo de Coto, o cal vén dunha base, considerada de orixe prerromana, *cott, 'prominencia, altura, altura rochosa'. O topónimo coto é numerosísimo, referido sempre a montes ou alturas desas características[160].

Rodríguez González tamén afirma que este diminutivo pode referirse a un coto de pequeno tamaño ou pouco elevado e, nalgunha ocasión, a unha rocha illada[161].

A elevada concentración de topónimos que conteñen a palabra Coto que existe lévaos a pensar que, posiblemente, o diminuto Cotiño se refira neste caso ao tamaño relativo das propiedades, e non ao do coto en si. A palabra galega coto (ben como topónimo, ben como xenérico) é de uso frecuente na comarca e designa calquera 'elevación rochosa de pequenas dimensións', ou ben en zonas de maior altitude 'picoutos ou cumes ben definidos'[162].

157. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino.* 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972, p.53.

158. Uz/urce: arbusto da familia das ericáceas do que existen varias especies moi comúns nos montes de Galicia, de follas moi pequenas, flores brancas ou malvas tamén miúdas e que alcanza ata os tres metros de altura segundo a variedade de que se trate. Accesible en https://academia.gal/dicionario/-/termo/urce

159. Cfr. Navaza Blanco, G. *Fitotoponimia galega.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006, pp. 101 e 94-95.

160. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.226 e 219.

161. Cfr. Rodríguez González, A.S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, p.40.

162. Ibídem, p.41.

Feal, O

Véxase tamén o núcleo coa mesma denominación pertencente á parroquia de Laraxe (San Mamede) (páxina 14).

Manxarín

Posiblemente procede de (agru) Maniarini, forma en xenitivo de Maniarinus, hipocorístico de *Maniarius ou *Magnarius, o nome do antigo posesor do agro. É un nome de orixe xermánica, incluíndo o elemento magenan 'poder'[163].

Topónimo relacionado cos termos manduco, manducare: 'comer' e mangare 'o que da de comer ou o que come'[164]. Non hai que esquecer que as terras daban de comer a moita xente.

Martices, Os

Topónimo patronímico, do apelido "Martiz", ligado a "Martiño"[165].

Boullón Agrelo tamén afirma a mesma orixe deste patronímico, correspondente a Martinus (Martiño ou Martín, segundo estivese ou non en posición proclítica) e comenta como foi extraordinariamente abundante na Idade Media. Plural de Martiz[166].

Piñeiros, Os

Neste caso, ao contrario que o núcleo de poboación co mesmo nome, pero en singular, na parroquia de San Martiño de Porto (páxina 27), poderíamos pensar nun bosque de piñeiros.

Porcar

Cabeza Quiles determina a súa orixe no termo Porqueira, de porcaria, que máis que ao porco doméstico, debe aludir ao xabaril ou porco bravo[167].

García Sánchez comenta a existencia do termo Porcas 'sucos, regueiros', e como en principio era unha medida de superficie –de trinta pés de ancho por cento oitenta de longo–[168] e coincide que nas proximidades hai un río.

Estiven preguntando a varias persoas veciñas deste núcleo de poboación pero ningún me soubo confirmar a existencia de porcos bravos por esta zona, polo que estas dúas referencias poden estar na orixe deste topónimo.

Ribas, Os

Contén o substantivo riba (<latín ripam 'ribeira'), mais Ribas (Rivas) tamén podería ser un apelido de propietario[169].

163. Accesible en http://toponimiavicedo.blogspot.com/

164. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino.* 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972, p.291.

165. Accesible en http://toponimiabarreiros.blogspot.com/

166. Boullón Agrelo, A.I. Antroponimia e territorio: sobre a difusión dos apelidos en Galicia. En Álvarez, R., Dubert García, F. e Sousa Fernández, X. (eds.): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2006, pp.248 e 253.

167. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia:* Guías AZ. Vigo: Galaxia, 2008, p.421.

168. García Sánchez, J.J. *Atlas toponímico de España.* Madrid: Arco/Libros, 2007, p.298.

169. Carrasco, L. e Navaza, G. *Toponimia do Val de Fragoso: Beade*. Vigo: Universidade, 2014, p.141.

Cabeza Quiles manifesta que procede da palabra latina ripa, 'ribeira, costa', que normalmente dá en galego a voz e o topónimo Riba, á parte do de Ribeira, proveniente de riparia[170]. Neste caso, aparece en plural, derivado de ripa 'ribeira, ribazo'[171].

Ao atoparse este topónimo no interior inclínome máis polo primeiro significado, pero é importante dar esta segunda acepción pois noutros casos pode facer referencia á mesma.

Valedoso

Cabezas Quiles, ao falar do topónimo Portodoso, fai referencia a que está formado por dous elementos orográficos. Estes son un porto ou paso montañoso entre lugares máis altos, un dos cales é un outeiro alongado en forma de dorso, lomba, costas ou lombo curvado, polo que pensan que na segunda parte, aínda que o pareza, nada ten que ver co animal cuadrúpede chamado oso, xa que este topónimo debe estar formado polas palabras, en orixe latinas, portu(s), 'paso entre lugares máis altos' e dorsu(m), 'dorso, lombo, costas'. Así, esta última palabra dorsum, co seu grupo interior -rs- evolucionado a s (como en versare>vesar), converteríase no Doso actual, presente na segunda parte do topónimo, que debe significar, xa que logo, porto ou paso terrestre da lomba ou do dorso orográfico[172].

Este exemplo pódenos servir para explicar o significado deste topónimo cambiando a primeira parte (porto) por val (véxase o núcleo coa mesma denominación pertencente á parroquia de San Martiño de Porto) (páxina 29).

2.7 SOASERRA (SANTA OLAIA)

Situada no surleste do concello, limita ao norte coa parroquia de San Vicente de Regoela, ao sur co concello de Monfero, ao leste co Concello da Capela e ao oeste coa parroquia de Santa Cruz de Salto e o concello de Pontedeume. É a parroquia máis extensa do municipio con case 7,5 km^2 de territorio e a terceira menos poboada con 165 habitantes (86 varóns e 79 mulleres), a data de 8 de outubro de 2021, distribuídos nos seguintes lugares: Os Ameneiros, Cerdeiras, Os Durás, O Igrexario, A Lagoa, Os Lamas, Lavandeira, A Rúa, Os Sardiñas e Xabariz. A maior parte do territorio parroquial está incluído no LIC[173] das Fragas do Eume, tratándose de núcleos de poboación claramente agropecuarios.

170. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia:* Guías AZ. Vigo: Galaxia, 2008, p.278.


171. https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAjJi9nvmDqY&hl=gl&ll=42.718263627309774%2C-8.324117660522461&z=11 [consultado 30 de abril de 2020].

172. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia:* Guías AZ. Vigo: Galaxia, 2008, p.514.

173. LIC: Lugar de Interese Comunitario. Os LIC forman parte da Rede Natura 2000 e albergan especies naturais ameazadas ou representativas da zona. En España, son as Comunidades Autónomas as que establecen estes lugares protexidos, e logo é o Ministerio de Medio Ambiente o que os confirma (neste momento, o organismo de Medio Ambiente intégrase no denominado Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico).
Dispoñibles en http://www.naturaspain.com/zonas-natura-2000-lic-de-espana.html e http://www.naturaspain.com/zona-lic-fragas-do-eume.html [consultados 15 de abril de 2020].

A primeira sílaba su- (de so-) deriva da preposición latina sub- 'baixo de'[174]. Neste caso, refírese a uns campos que están situados baixo a serra.

Parroquia dedicada a Santa Olaia (Santa Eulalia), quizais a mártir máis venerada en España, é a patroa das mulleres que dan a luz. O himno do poeta Prudencio (século IV) proporciona os seus datos (en parte lendarios). Aos doce anos fuxiu da casa dos seus pais e preséntase espontaneamente ante o xuíz. Sonlle aplicados os suplicios máis terribles, porque se nega a ofrecer sacrificios aos deuses pagáns e a renegar da súa propia fe. Azoutada con varas, é atada a unha cruz e, posteriormente, lanzada núa ás chamas da fogueira; é decapitada e a lenda sinala que unha pomba branca (que simboliza a súa alma) escapa da súa boca inocente. En canto aos seus atributos, non parece ter un estable; leva a cruz de Santo André, a coroa de mártir, un libro e a palma ou a pomba (saíndo da boca)[175].



Entidades de poboación:

Ameneiros, Os

Ameneiro e amieiro son os nomes máis comúns en galego para a árbore Alnus glutinosa, denominada en castelán aliso. Estas formas, con as súas variantes, son fitónimos de probable orixe prerromana. Isidoro Millán e Elixio Rivas vincúlano co estrato céltico. Poderían ter parentesco etimolóxico co latín amnis 'río' e outras formas hidronímicas indoeuropeas que Rivas remonta á raíz *am- /*ab-, que significa 'auga', por ser esta árbore "amiga das correntes de auga". Dado o orixinario valor hidronímico deste tema léxico, algúns destes dous topónimos, coas súas variantes, poderían non facer referencia ás árbores senón a cursos de auga[176]. Cabeza Quiles tamén menciona esta orixe indoeuropea,

174. Rodríguez González, A.S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, p.179.

175. Duchet-Suchaux, G. e Pastoureau, M. *Guía iconográfica de la Biblia y los santos.* Madrid: Alianza Editorial, 1996, pp.161-162.

176. Navaza Blanco, G. *Fitotoponimia galega.* A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza,2006, pp.53-55.

máis tamén a procedente do precéltico *amen/*amin, 'corrente de auga' e referido ao "ameneiro", "abeneiro" ou "amieiro", a árbore característica das ribeiras dos ríos[177].

O amieiro é quizais a máis característica das nosas árbores de ribeira. Disponse nas marxes dos cursos de auga por riba da banda ocupada polos salgueiros, e ten un gran valor ecolóxico polas numerosas funcións que realiza: estabilización das ribeiras, depuración de contaminantes orgánicos, refuxio da fauna acuática, etc. A diferenza do castelán "aliso" (derivado de Alnus, nome latino desta árbore), o galego amieiro semella ter unha orixe prerromana. Rodríguez González alude tamén a que as formas amieiro (>ameeiro), ameneiro, abeneiro e outras derivadas, así como a leonesa ume(i)ro, poderían proceder dunha raíz preindoeiuropea lim-, am- ou ab- 'auga'[178].

Cerdeiras

Constitúe unha denominación tradicional da árbore, común ao galego e ao portugués. É a forma resultante dunha disimilación consonántica dun antigo Cerzeira < Ceresaria. En portugués é hoxe forma considerada dialectal, que cedeu terreo fronte a cerejeira, de xeito paralelo ao que acontece nalgunhas áreas de Galicia, onde foi ou está sendo substituída por derivados romances do nome da froita (no século XIII é cando aparece esta forma correspondente ao romance cerdeira)[179].

Álvarez Pena ratifica a súa orixe latina (con base á vez no grego) Ceresaria. Ademais, comenta que a cerdeira (Prunus avium) é a árbore que dá como froito a cereixa e que pode facer referencia a unha cerdeira en particular que destacase por algún motivo, ou ben ter un valor colectivo, aplicándose a un lugar onde abundan estas árbores froiteiras[180].

Estes topónimos, como case todos os que se refiren ao mundo vexetal, tamén existen cos seus sufixos ou terminacións abundanciais -eira, -edo, -ido[181].

Rodríguez González manifesta que se trata dunha árbore caducifolia que medra de maneira espontánea nos bosques do interior de Galicia, pero que podemos encontrar plantada en terras agrícolas de todo o país, como árbore froiteira. Dispersados os seus froitos polas aves, podemos encontrar cerdeiras naturalizadas nalgúns montes. A denominación antiga da árbore, ceresaria, evolucionaría nalgúns casos a cerzeira, forma precursora da cerdeira[182].

Durás, Os

Para García Arias, o substantivo do asturiano occidental doiru podería entenderse como procedente de doru, 'porta' ou como unha variante de *dorium referida á "entrada (ou beira) dunha propiedade. Deste modo, non estraña que este lugar se sitúe ad portam

177. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.268.

178. Rodríguez González, A.S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, pp.77-78.

179. Navaza Blanco, G. *Fitotoponimia galega.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza,2006, pp.203-205

180. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, p.170

181. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.268.

182. Rodríguez González, A.S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, pp.84-85.

do Castro dos Durás, que volve a renomearse a partir da súa portería. No visor do Plan Básico Autonómico da Xunta de Galicia denomínase esta zona como Coto do Castro, sendo unha área protexida[183].

Igrexario, O

Topónimo numeroso, proveniente de ecclesario, pode referirse a un agrupamento de casas situadas arredor dunha igrexa ou ao conxunto de terras que pertencen a unha igrexa[184].

Na páxinas web consultadas tamén se refiren a este topónimo como a un conxunto de prados e montes que pertencen á igrexa[185], así como aos terreos que están arredor da igrexa[186].

Lagoa, A

A palabra lagoa consérvase como unha voz viva na fala popular, co significado de 'campo moi húmido, terra enchoupada'. Procede do latín lacunam 'foxo', derivado á súa vez de lacus, 'estanque, depósito de auga', e designaría en orixe un lago de pequenas dimensións. Non obstante, a palabra lagoa presenta unha segunda acepción moito máis fiel ao seu significado orixinal. Unha lagoa, como hidrónimo propiamente dito, é unha 'masa de auga estancada sobre un relevo deprimido, pouco drenada'. Trátase neste caso de lagoas 'lagos de pequeno tamaño' e pantanos naturais[187]. Luz Méndez afirma que o substantivo lagoa, 'extensión de auga máis pequena que o lago e de menor profundidade', provén do latín lacunam 'cavidade, oco; baleiro, carencia', palabra derivada do latín lacus 'lago, depósito natural ou artificial de auga'. Os lagos e as lagoas son acumulacións de auga doce ou salgada, apartadas do mar, que están asociadas a unha orixe glaciaria. Nútrense da auga dos ríos e dos acuíferos subterráneos, pero poden ir mudando moito co paso dos anos e mesmo encherse de depósitos e desaparecer[188].

Sestay Martínez sostén que os topónimos tipo Lagoa, moi abondosos, non adoitan facer referencia a lagoas propiamente ditas senón máis ben a terras moi húmidas e que, neste senso, son topónimos metafóricos[189]. A este mesmo senso refírese Rodríguez Lemos, mantendo que, aínda que esta palabra se refería orixinariamente a unha lagoa ou estancamento de auga, en moitos casos relaciónase con 'terras moi molladas, enchoupadas, a prado ou varxa' e sostén que mesmo que na actualidade non presentan lagoa propiamente dita, xa fose permanente ou estacional propia dos invernos moi pluviosos, en orixe tiveron que tela[190].

183. Accesible en https://arqueotoponimia.blogspot.com/search?q=Dur%C3%A1s

184. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.322.

185. https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAjJi9nvmDqY&hl=gl&ll=42.72904744444443%2C-8.254407322222278&z=19 [consultado 30 de abril de 2020].

186. https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAjJi9nvmDqY&hl=gl&ll=42.635767292307705%2C-8.25778580769224 4&z=19 [consultado 30 de abril de 2020].

187. Rodríguez González, A.S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, p.54.

188. Méndez, L. *Toponimia de Agolada.* Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2016, p.66.

189. Cfr. Sestay Martínez, I. *Toponimia do Val do Fragoso: Lavadores.* Vigo: Universidade, 2010, pp.108-109.

190. Cfr. Rodríguez Lemos, A. *Toponimia do Val de Fragoso: Comesaña.* Vigo: Universidade, 2018, p.82.

Outras fontes documentais aluden a esta referencia de terra moi húmida argumentando que este tipo de territorio se chama así porque durante varios meses de inverno esta finca permanece anegada e parece unha lagoa[191] e porque alí, antes, estaba todo cuberto de auga[192].

Lamas, Os

O termo lama é de orixe prelatina e utilízase para denominar a masa branda que se forma ao mesturarse a terra con auga. Lama e os seus derivados son un dos grupos de topónimos máis abundantes en Galicia[193].

Segundo Rodríguez González, a palabra lama, topónimo moi común no mundo hispánico[194], pode empregarse sobre todo como xenérico, co significado de 'terra solta empapada en auga'. Nalgunhas partes de Galiza, o seu derivado lameiro úsase como sinónimo de prado[195].

Lavandeira

É unha forma relativamente común na hidronimia galega, e designa polo regular zonas que resultan anegadas polo desbordamento dun curso de auga nas enchentes ou nas partes do río onde se producen frecuentes inundacións. Aínda que a tradición popular adoita relacionar este nome co verbo lavar, o feito de que moitos topónimos A Lavandeira se atopen a moita distancia dos núcleos habitados obriga a desbotar a relación directa cos lavadoiros e fai máis verosímil a hipótese de que Lavandeira, coma moitos outros hidrónimos ou nomes relativos ás augas, sexa unha palabra de orixe prerromana conservada no galego. Algúns estudosos interpretan a súa raíz lav- como unha variante de nav- moi común na hidronimia (Navia, Navea, Navego), pero as atestacións en latín medieval, sempre con l-, fan pensar noutra raíz indoeuropea*lou-, *lau-, da cal procede tamén o latín lavare, antepasado do noso lavar[196].

Os lavadoiros ou pedras de fregar, como construcións destinadas ao lavado da roupa, aparecen na toponimia ás beiras de ríos e regatos ou ao pé dun manancial de auga e relacionándose, normalmente, a un lugar concreto[197]. Unha veciña próxima a esta parroquia confirmoume que antigamente existiu un lavadoiro.

Marqués Valea comenta que, frecuentemente, aparece vinculado a correntes de auga. Hai un transvasamento do nome do río ao terreo co que raia e á entidade de poboación

191. https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAjJi9nvmDqY&hl=gl&ll=42.726503737500025%2C-8.301587124999969&z=18 [consultado 30 de abril de 2020].

192. https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAjJi9nvmDqY&hl=gl&ll=42.779009 625%2C-8.352012650000006&z=19 [consultado 30 de abril de 2020].

193. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, pp.48-49.

194. https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAjJi9nvmDqY&hl=gl&ll=42.702307480237685%2C-8.28738125854492&z=11 [consultado 30 de abril de 2020]

195. Rodríguez González, A.S. *Toponimia do Val de Frogoso: Candeán.* Vigo: Universidade, 2019, p.134.

196. Carrasco, L. e Navaza, G. *Toponimia do Val de Fragoso: Beade.* Vigo: Universidade, 2014, p. 110.

197. Rodríguez Lemos, A. Recollendo con comunidades de montes: Comesaña, Mañufe, Baíña e Santa Baia de Dona. En Ferro Rubia, X.(ed.): *Estudos de onomástica galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e documentación. Xornada de estudo, Pontevedra, 17 de setembro.* Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2016, p.35.

que se estableceu ao lado. Este topónimo tense relacionado etimoloxicamente co verbo lavar (<lavare) e explicado a partir dos substantivos lavandeira (paxaro Motacilla sp) e lavandeiras, mulleres que tiñan por oficio lavar a roupa[198].

Atopei outro significado que me parece curioso comentar porque non o tiña lido nin escoitado antes. Lorenzo Baleirón comenta que as lavandeiras son dos primeiros paxaros que acoden a depenicar nos regos despois que se labra, movéndose nerviosas e dise que a ave tomou o nome de que lle deu de beber a Xesús cando estaba na cruz. Este mesmo autor tamén alude a un romance tradicional galego que fala das lavandeiras da noite ou das lavandeiras da lúa, mulleres agoirentas que presaxian a morte. Tamén hai lavandeiras que viven no fondo dos ríos lavando pebidas de ouro[199]. Unha veciña da parroquia comentoume que son paxaros que están nos sitios húmidos e que existen neste lugar.

Rúa, A

Probablemente corresponde co apelativo "rúa" 'camiño dentro dunha poboación, rodeado por casas, árbores, etc.'. A orixe etimoloxía estaría na forma latina ruga "arruga", probablemente a través do francés rue[200]. López Boullón afirma que procede da mesma palabra latina, co significado de 'engurra' e que no latín vulgar adquiriu o significado de 'camiño con casas ás beiras', 'rúa'[201]. Cabeza Quiles tamén alude a que este topónimo se refire a unha vía situada no interior dun lugar poboado con casas ás súas beiras[202].

Sardiñas, Os

Navaza Blanco alude a outros topónimos semellantes a Sardela, A/O Sardiñeira/o e explicitamente a este topónimo desta parroquia de Cabanas. Di que poderían explicarse polo nome do peixe mariño chamado sardiña, pola proximidade do litoral[203].

Unha veciña comentoume que ten a súa orixe na Sardeña (derivación da illa) e é un apelido dos habitantes (Sardaigne).

Xabariz

Probablemente de *(uilla) Sabarici, forma en xenitivo de Sabaricus, nome do antigo posesor, nome de orixe xermánica[204].

Porto Dapena retraese ao antropónimo xermánico Sauaricus en caso xenitivo inclinándose, por tanto, como a maior parte dos autores, á hipótese do "nomen possessoris", en contra do que sostiña Menéndez Pidal, que vía no topónimo un derivado do prerromano Sabar- (Sabaria, cidade dos vacceos). Pidal non cría defendible a etimoloxía xermana de Xabariz pola existencia de Sabaraz (Lugo), forma incompatible co antropónimo Sauaricus. Savara parece base hidronímica e constátase como hidrónimo na Galia[205].

198. Marqués Valea, X. *Toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2018, p.74.

199. Cfr. Lorenzo Baleirón, M. *Toponimia de Dodro e de Laíño: os nomes na auga*. Dodro: Concello, 2011, p.167.

200. Accesibles en http://toponimiaortigueira.blogspot.com/ e http://toponimiaalfoz.blogspot.com/

201. López Boullón, X. R. *Toponimia de Ames.* Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2019, p.90.

202. Cabeza Quiles, F. *Toponimia de Galicia: Guías AZ.* Vigo: Galaxia, 2008, p.263.

203. Navaza Blanco, G. *Fitotoponimia galega.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006, p.565.

204. Accesible en http://toponimiabarreiros.blogspot.com/

205. Accesible en https://arqueotoponimia.blogspot.com/search?q=xabariz

3. Conclusións

Despois de realizar o estudo toponímico do concello de Cabanas, considero o coñecemento da toponimia como unha das fontes de información primarias para a construción do noso proceso histórico como pobo; polo tanto, non podo estar máis de acordo cos autores que cito a continuación. O historiador W.G.Hoskins afirma que a paisaxe é o mellor documento histórico que se conserva[206]. Jordi Bolòs asevera que os topónimos son unha testemuña do pasado, os cales nos poden ensinar moitas cousas sobre a historia tanto dunha localización concreta como de todo o territorio que se atopa arredor; desta maneira, se chegamos a comprender o significado dos topónimos podemos comprender mellor certas realidades do pasado[207]. Por último, neste mesmo senso opina Vilar Pedreira cando sinala a importancia de coñecer a toponimia para a historia da lingua, da arqueoloxía, da botánica, da zooloxía, etc.[208]

A cultura e a historia vanse conformando a base de asociacións entre as que destacan os topónimos e os microtopónimos como manifestacións de experiencias e do folclore dun determinado lugar[209]. Un nome dun lugar permite unha interacción entre o suxeito que o utiliza e o obxecto que representa (o que se adoita denominar como "modelo topográfico de experiencia humana"[210]).

Lendo a distinta bibliografía na que me baseei para a elaboración deste traballo, aprendín que, atendendo aos seus significados orixinarios, os topónimos se poden agrupar en distintas clases[211]:

1. Orotopónimos ou topónimos que fan referencia á orografía, ao relevo e á constitución do terreo: O Areal, Lousido, A Pena de Cabanas, O Penso, A Pedra do Couto, A Pena de Irís, O Salto de Abaixo, O Salto de Riba, Pedreiras, Relousada, Vilar do Colo, Barcia, A Lousada, O Monte, O Chao da Aldea, O Chao, A Costa, Sobre da Riba, O Val, O Alto, Os Bouces, Cotiño e Valedoso. Ao igual que os hidrotopónimos, por estaren relacionados con realidades moi evidentes e estables da paisaxe, son en moitos casos os topónimos que conservan elementos dos estratos lingüísticos máis antigos[212].
2. Hidrotopónimos ou topónimos que fan referencia ás augas: Fontao, A Caneta, Os Anidos, As Barreiras, A Fontenova, O Someiro, O Batán, O Rego, A Lagoa,

206. Cfr. Bolòs, J. Cartografía, toponimia e historia medieval. En Sousa Fernández, X. (ed.): *Toponimia e cartografía.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2010, p.41.

207. Cfr. Ibídem, pp. 68-69.

208. Vilar Pedreira, X. L. Recoller talasonimia en Baiona. En Ferro Rubia, X. (ed.): *Estudos de onomástica galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e documentación. Xornada de estudo, Pontevedra, 17 de setembro.* Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2016, p.9

209. García Porral, X. C. *Experiencia de recollida selectiva con alumnos de Silleda.* En Ibídem, p.164.

210. Ibídem, p.165.

211. Carrasco, L. e Navaza, G. *Toponimia do Val de Fragoso: Beade.* Vigo: Universidade, 2014, pp. 159-160.

212. Álvarez Pérez, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, p.62.

Os Lamas e Lavandeira (aínda que este último, como é neste caso, ten tamén unha orixe zootopónima).

3. Fitotopónimos ou topónimos relacionados co mundo da botánica; aluden, polo tanto, a nomes de plantas, árbores, etc., de xeito que un fitotopónimo nos pode estar indicando que una especie foi moi abundante nun determinado lugar ou simplemente que nesa zona foi obxecto de aproveitamento polo ser humano cobrando especial relevancia[213]: O Feal, O Pereiro, Os Piñeiros, Os Ameneiros e Cerdeiras.
4. Zootopónimos ou topónimos que teñen procedencia animal: Porcar, Os Sardiñas e Lavandeira.
5. Haxiotopónimos ou topónimos que fan referencia aos santos e aos cultos relixiosos: A Igrexa, San Marcos e O Igrexario.
6. Topónimos relacionados coa agricultura, cos tipos de poboamento e con outras obras e actividades humanas: Cabanas, O Campo do Oito, Os Currás, O Peón, Horta, O Pazo, As Modias, O Vinteún e O Barqueiro.
7. Antropotopónimos ou topónimos derivados de nome persoais: Formarís, Cardeita, Manxarín, Os Martices e Os Ribas.
8. Topónimos viarios, relativos ás vías de comunicación: A Rúa.
9. Nun último apartado poderíamos incluír os topónimos que responden a motivacións distintas das expresadas nos anteriores: Balvís, A Torre, Os Xicos e Os Durás.

Este traballo axudoume a ratificar o afirmado polo profesor Carlos Baliñas Pérez: como a toponimia é unha ferramenta para comprender a paisaxe como testemuña da historia. Seguindo nesta liña, Feijoo Ares afirma que a toponimia galega é un tesouro cultural porque a través dela descubrimos a historia da terra e dos seus antepasados, esperta a curiosidade e as emocións das persoas, fainos únicos no mundo pola súa cantidade, variedade e antigüidade, e promove, dinamiza e moderniza a lingua que nos identifica como pobo[214].

Para a elaboración deste traballo púxenme en contacto con algunha veciñanza dos lugares nos que tiven algunha dúbida sobre a súa orixe. Nalgúns casos foron de moita axuda e noutros, aínda que non me souberon dar unha resposta, preocupáronse por preguntar algunha das persoas maiores que por alí vivían, polo que a súa predisposición a axudarme valóroa moito. É por iso que quero expresar o meu máis sincero agradecemento a Emilio Balado Cordal, Ana Eibe Barcia, Andrés Fernández Rifón, Ana Mª García Paz, Cruz Meizoso López, Beatriz Carbón Ardao, Eugenia Galdo Carbón e Manoli Sardiña Feal, así como tamén a dúas persoas compañeiras do Concello de Cabanas que me axudaron en todas aquelas cuestións e dúbidas que lles ía expoñendo: José Javier Fonte Varela e Elisa Baamonde Reigosa.

213. ÁLVAREZ PÉREZ, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive.* Vigo: Universidade, 2018, pp.154-155.

214. Feijoo Ares, V. Necesidade de creación dunha ferramenta informática para a recolleira unificada da toponimia galega. En Ferro Rubia, X. (ed.): *Estudos de onomástica galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e documentación. Xornada de estudo, Pontevedra, 17 de setembro.* Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2016, p.290.

Foi un traballo arduo, de busca de moitas fontes (tanto escritas como orais) pero á vez resultoume moi interesante, axudándome a reflexionar na cuestión de como moitas veces, no noso día a día, non reparamos no significado dos lugares que nos rodean e da importancia que teñen os topónimos non só para a xeración presente senón tamén para as futuras. De aí o meu empeño e esforzo en seguir aprendendo desta ciencia, a cal considero un elemento patrimonial fundamental que temos que preservar; polo tanto, a poboación en xeral debería ter máis en conta o papel que xoga no noso acervo se o que se quere é protexer e transmitir a nosa historia local.

4. Bibliografía

A paisaxe lendaria e toponímica do Concello de Silleda [en liña][consultado 30 de abril de 2020]. Dispoñible en: https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1YemKp25A_PUY_b0kAjJi9nvmDqY&hl=gl&ll=42.69267181055784%2C-8.28565750000007&z=12

ÁLVAREZ, R., DUBERT GARCÍA, F. e SOUSA FERNÁNDEZ, X. (eds.). *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2006. ISBN 84-96530-20-5

ÁLVAREZ PÉREZ, M. *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive* [en liña]. Vigo: Universidade, 2018 [consultado 2 de maio de 2020]. Dispoñible en: https://snl.vigo.org/toponimia-bembrive/

BASCUAS LÓPEZ, E. *Rego y requeixo. Una pervivencia hispana de la raíz indoeuropea er- `moverse'* [en liña][consultado 25 de maio de 2020]. Dispoñible en: *minerva.usc.es › xmlui › handle › pg_361-380_verba27*

CABEZA QUILES, F. *Os nomes de lugar: topónimos de Galicia, a súa orixe e o seu significado*. Vigo: Xerais, 1992. ISBN 84-7507-688-2

Toponimia de Galicia. Vigo: Galaxia, 2008. ISBN 978-84-9865-092-1

Toponimia da Estrada. [en liña]. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2018 [consultado: 19 de maio de 2020]. Dispoñible en: http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/336/337/1096-1

CARRASCO, L. e NAVAZA, G. *Toponimia do Val do Fragoso: Beade* [en liña]. Vigo: Universidade, 2014 [consultado 2 de maio de 2020]. Dispoñible en: https://snl.vigo.org/storage/documentos/May2018/FeCEElbTdqTySkUsWlFo.pdf

CONCELLO DE VEDRA [sitio web]. A Coruña: Concello [consultado 19 de abril de 2020]. Dispoñible en: https://www.concellodevedra.es/ficheiros/San%20Cristovo%20de%20Mer%C3%ADn.pdf

DE CASTRO ÁLVAREZ, C. e GARCÍA,A. *Pontedeume, Cabanas y comarca*, Pontedeume: Espino Albar, 2012. ISBN 978-84-938761-5-9.

DOLORES GONZÁLEZ DE LA PEÑA [blog][consultado 26 de maio 2020]. Dispoñible en: https://arqueotoponimia.blogspot.com/

DUCHET-SUCHAUX, G. e PASTOUREAU, M. *Guía iconográfica de la Biblia y los santos*. Madrid: Alianza Editorial, 1996. ISBN 84-206-9478-9.

España. Lei 10/2015, de 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial [en liña]. Boletín Oficial do Estado, 27 de maio 2015, n.126 [consultado 1 de abril de 2020]. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/2015/05/27/pdfs/BOE-A-2015-5794.pdf

FERNÁNDEZ RIFÓN, A. *Pousando antergos: Laraxe*. A Coruña: Deputación de A Coruña, Concello de Cabanas, 2017. D.L. C 995-2017.

FERRO DEVESA, L. *Toponimia do Concello de Friol: Friolensis* [en liña]. Friol, 2016 [consultado 19 de maio de 2020]. Dispoñible en: http://kit.consellodacultura.gal/web/uploads/adxuntos/arquivo/5e2703c048044-toponimia_friol.pdf

FERRO RUIBAL, X. (ed.): *Estudos de Onomástica Galega Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e documentación. Xornada de estudo* [en liña]. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2016 [consultado 11 de maio de 2020]. Dispoñible en: http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/307/308/993-1

Galicia. Decreto 189/2003, de 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña [en liña]. *Diario Oficial de Galicia*, 25 de marzo 2003, n.59 e *Boletín Oficial do Estado*, 6 de novembro 2003, n.266 [consultado 1 de abril de 2020]. Dispoñible en: file:///C:/Users/326740~1/AppData/Local/Temp/AnuncioAC02_gl-1.pdf

Galicia. Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia[en liña]. *Diario Oficial de Galicia*, 14 de xullo 1983, n.84 [consultado 1 de abril de 2020]. Dispoñible en: https://www.boe.es/buscar/pdf/1983/DOG-g-1983-90056-consolidado.pdf

Galicia. Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia [en liña]. *Diario Oficial de Galicia*, 16 de maio 2016, n.92 e *Boletín Oficial do Estado*, 18 de xuño 2016, n.147 [conusltado 1 de abril de 2020]. Dispoñible en: https://www.boe.es/buscar/pdf/2016/BOE-A-2016-5942-consolidado.pdf

GARCÍA AIRAS, X.L. *Toponimia asturiana: el porqué de los nombres de nuestros pueblos* [en liña]. Oviedo: Editorial Prensa Asturiana [consultado 13 de maio de 2020]. Dispoñible en: https://mas.lne.es/toponimia/index.php

GARCÍA SÁNCHEZ, J.J. *Atlas toponímico de España*. Madrid: Arco/Libros S.L., 2007.ISBN 84-7635-660-9.

GONZÁLEZ LÓPEZ, D. *Algúns datos do Couto de Regoela no século XVI*. En: "Cátedra: Revista eumesa de estudios". Pontedeume: Concello, 2007, n.14, pp.221-249. ISSN 1133-9608

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA. *Nomenclator estatístico de Galicia:* http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002001&ruta=nomenclator/nomenclator.jsp

Busca do **Concello de Cabanas** [consultado 6 de abril de 2020]. Dispoñible en: http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002001&c=1&ruta=nomenclator/nomenbuscar.jsp

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA [sitio web] [consultado 6 de abril de 2020]**.** Dispoñibles en:
http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002001&c=-1&ruta=nomenclator/nomenbuscar.jsp
http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=55&R=1[all];0[2019]&C=9915[15015]&F=2:0&S=&SCF=

LÓPEZ BOULLÓN, X.R. *Toponimia de Ames* [en liña]. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2019 [consultado 11 de maio de 2020]. Dispoñible en: http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/339/340/1090-1

LORENZO BALEIRÓN, M. *Toponimia de Dodro e de Laíño: os nomes na auga* [en liña]. Dodro: Concello, 2011 [consultado 25 de maio de 2020]. Dispoñible en: http://www.dodro.gal/c/document_library/get_file?uuid=6ab9e609-264f-48da-901b-e27ecf6a3a3b&groupId=12226

MARQUÉS VALEA, X. *Toponimia de Trabada* [en liña]. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2018 [consultado: 11 de maio de 2020]. Dispoñible en http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/334/335/1095-1

MARTÍNEZ LEMA, P. *Toponimia de Begonte e Rábade* [en liña]. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2018 [consultado 11 de maio de 2020]. Dispoñible en: http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/333/334/1094-1

MÉNDEZ, L. *Toponimia de Agolada* [en liña]. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, 2016 [consultado 11 de maio de 2020]. Dispoñible en: http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/306/307/990-1

Microtoponimia de San Martiño de Borreiros - Gondomar [en liña][consultado 30 de abril de 2020]. Dispoñible en: http://toponimiaborreiros.blogspot.com/

NAVAZA BLANCO, G. *Fitotoponimia galega* [en liña]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006 [consultado 30 de abril de 2020]. Dispoñible en: http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Fitotoponimia_galega.pdf

*Nomes na Costa Ártabra. Microtoponimia da costa (*talasonímia) [en liña][consultado 8 de abril de 2020]. Dispoñible en: https://www.acorunha.gal/

REAL ACADEMIA GALEGA. *Dicionario* [en liña] [conultado entre os meses de abril e maio de 2020]. Disponible en: https://academia.gal/dicionario

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A.S. *Toponimia do Val de Fragoso: Candeán* [en liña]. Vigo: Universidade, 2019 [consultado 2 de maio de 2020]. Dispoñible en: https://snl.vigo.org/toponimia-candean/

RODRÍGUEZ LEMOS, A. *Toponimia do Val de Fragoso: Comesaña* [en liña]. Vigo: Universidade e Concello, 2018 [consultado 2 de maio de 2020]. Dispoñible en: https://snl.vigo.org/toponimia-comesana/

SESTAY MARTÍNEZ, I. *Toponimia do Val do Fragoso: Lavadores* [en liña]. Vigo: Universidade, 2010 [consultado 2 de maio de 2020]. Dispoñible en: https://snl.vigo.org/storage/documentos/May2018/UeDQmXun0lEH1vb1L7Ek.pdf

SOUSA FERNÁNDEZ, X. (ed.) *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2010. ISBN 978-84-92923-08- 3.

TOSCANO NOVELLA, C. e LUACES ANCA, J. Cabanas. *Historia y patrimonio cultural*. Cabanas: Concello, 1999. ISBN 84-923922-9-0

VV.AA. *Diccionario ilustrado latín: latino-español, español-latino*. 9ª ed. Barcelona: Vox, 1972. D.L. B 23.955-1972.

XOSÉ GONZÁLEZ [blogs] [consultados 16, 17 e 19 de abril 2020]. Dispoñibles en:
http://toponimiaortigueira.blogspot.com/
http://toponimiadaspontes.blogspot.com/
http://toponimiaxove.blogspot.com/
http://toponimiamanon.blogspot.com/
http://toponimiaalfoz.blogspot.com/
http://toponimiavicedo.blogspot.com/
http://toponimiabarreiros.blogspot.com/

XUNTA DE GALICIA. SIOTUGA: Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia [sitio web]
http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/
Cabanas [consultado 6 de abril de 2020]. Dispoñible en:
http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/inventario.php

XUNTA DE GALICIA. *Toponimia oficial, Nomenclátor* [sitio web]
https://cpapx.xunta.gal/toponimia-oficial
Cabanas [consultado 1 de abril de 2020]. Dispoñible en:
https://www.xunta.gal/nomenclator?p_p_id=NomenclatorPortlet_WAR_NomenclatorPortlet&p_p_lifecycle=1&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-1&p_p_col_count=2
Toponimia de Galicia [consultado 20 de abril de 2020].
Dispoñible en: https://toponimia.xunta.gal/gl

YÁÑEZ RODRÍGUEZ, J.M. *O Val do Eume na cartografía histórica 1522-1890.* En: "Cátedra: Revista eumesa de estudios". Pontedeume: Concello, 2015, n.22, pp.369-459. ISSN 1133-9608

AS PEDRAS QUE FALAN[1]

Juan Coira

Os centros históricos de vilas e cidades teñen un encanto especial. E especialmente aqueles que están libres de vehículos a motor e permiten percorrer as súas rúas sen a obriga de ocupar os sentidos na prevención de accidentes. Cando se dá este caso, a tranquilidade inunda o corpo e un paseo convértese nun dos maiores praceres, con inmellorable relación calidade/prezo, e moi beneficioso tanto desde o punto de vista cultural como da saúde. Dedicarlle un anaco da nosa vida a pasear por un dos moitos centros históricos que temos en Galicia é sempre unha grata experiencia, xa sexa no verán, cunha temperatura agradable, ou máis cara ao inverno, no que a tranquilidade e mesmo a soidade permiten unha conexión máis estreita co marco que nos arrodea, malia a choiva ou o frío.

Pasear por Pontedeume é un claro exemplo disto. Un centro histórico de orixe medieval, que conserva a súa trama urbana orixinal, que nos permite camiñar desde un convento de fachada barroca ata unha torre defensiva gótica de ventás oxivais, pasando por igrexas de grandes dimensións ou máis pequenas, prazas con particular encanto, mercado, fontes ou cruceiros, namentres podemos escoitar a conversa de diversas campás que nos recordan que o pracer de camiñar non é alleo ao paso do tempo. E todo isto rodeados constantemente de pedra: no chan, nos muros, nas columnas; ao baixar a cabeza e ao levantala; en rúas, ponte ou prazas. A pedra acompaña o camiñante, a peregrina ou calquera que pase polas rúas eumesas. E estas pedras teñen moito que contar, sobre todo para aqueles que agudizan os seus sentidos e fan o esforzo de intentar comprendelas. Para todas estas persoas, as pedras de Pontedeume falan.

A idea deste pequeno traballo é convidar e animar os lectores e lectoras a facer un percorrido polo casco histórico de Pontedeume. Pero non un percorrido como o que adoitamos facer decotío, con présa, pendente das nosas obrigas ou compañía, ou sinxelamente por inercia. O que se propón é un paseo cos sentidos máis alerta do acostumado e sen temor a levantar a mirada aló onde as pedras do chan o permitan (pois non todas son ama-

1. Aproveito estas primeiras liñas para lle agradecer a Xesús Andrés López Calvo e a Carlos de Castro a información que me facilitaron par poder realizar este breve traballo.

bles; algunhas poden levarnos a tropezar ou a meternos nun sumidoiro). O itinerario é libre; soamente se indican os principais fitos e aspectos nos que fixarse, sen indicar sempre a súa localización, para poñer un punto de "misterio" e fomentar a mirada atenta. Non precisa de moito tempo, ou en todo caso pódese realizar en cantas xornadas se queira. Polo tanto, que ninguén se preocupe se lle queda o teléfono móbil na casa; como dixen, non se lle vai quitar moito tempo da súa vida e, no caso de querer tomar unhas cantas fotografías, que non se apure: as pedras non adoitan abandonar o seu lugar. Polo menos non por propia vontade.

Se nos decidimos a iniciar esta conversa, comprenderemos que as pedras de Pontedeume falan de quen vivía e de quen traballaba; de costumes, crenzas e tradicións; falan de simboloxía e do paso do tempo. En definitiva, falan de nós.

Ao longo das seguintes páxinas iremos mencionando algúns dos temas de conversación que podemos manter coas pedras do centro histórico eumés, co convencemento de que son moitos máis dos que aquí se mencionan, pois para cada un de nós os recunchos da vila son sinónimo de moitas experiencias persoais vividas e as pedras foron testemuñas delas. Con todo, imos centrarnos en certos temas máis xerais, aqueles dos que todos podemos ter as claves se poñemos un pouco de atención.

En primeiro lugar, as pedras fálannos sobre algúns dos habitantes de Pontedeume. É ben certo que, de maneira máis específica, falan sobre todo dos veciños ilustres, dos que podemos incluso chegar a coñecer os seus nomes aínda que lle daremos máis relevancia neste breve traballo ao apelido familiar. Porén, non soamente falan sobre individuos concretos: tamén nos dan a entender a presenza de determinados grupos, o cal nos levará, xa nun segundo apartado, a centrarnos en certos oficios.

No que se refire ás familias ilustres, é a **heráldica** que aínda podemos contemplar nas rúas eumesas a que nos fala sobre uns individuos e familias que, dalgunha ou outra maneira, estiveron relacionados coa nosa vila. Esta manifestación de poderío e importancia dunha liñaxe, mostra de historia, mentalidade e arte, está ben estudada para o caso de Pontedeume[2]. Conta tamén cunha recente publicación por parte do Concello, unha "ruta heráldica", que presenta a información dunha maneira máis visual e recomendando xa un itinerario. Por iso soamente imos mencionar os exemplos nas súas localizacións concretas, con algunha información relacionada.

Se percorremos as rúas eumesas e non temos inconveniente en levantar a cabeza de vez en cando, poderemos contemplar os escudos de moitas familias e individuos que, cando menos, tiveron propiedade en Pontedeume. A familia máis importante foi a dos Andrade, señores da vila desde 1371, e cuxos emblemas heráldicos atopamos no Torreón, na igrexa de Santiago e na igrexa das Virtudes. No Torreón, na súa fachada sur, temos o escudo de don Francisco Ginés Fernando Ruiz de Castro Andrade e Portugal, VIII conde

2. As obras de referencia son a de Vázquez Rey, *Heráldica de la villa de Pontedeume*, Círculo Filatélico "Eume"; Pontedeume, 1976; e Aracil Rodríguez, C., Burgoa Fernández, J. J., *Inventario heráldico de las comarcas de Eume y Ortegal*, Deputación Provincial de A Coruña, 2011.

Andrade e XI de Lemos, virrei na Sardeña, que viviu entre 1666 e 1741. Debeu de visitar Pontedeume na primeira metade do século XVIII ou mesmo residir tras ser defenestrado por apoiar o arquiduque Carlos na Guerra de Sucesión española (1701-1714), polo que se realizou o grande escudo para situar no antigo pazo dos Andrade[3]. Ao ser derrubado, o escudo pasou á súa localización actual. Neste escudo aparecen representados tamén os Enríquez de Castela (león e castelo) e, sobre todo, outra familia que veremos en máis casos: os Castro, cos seus 6 roeis (pezas redondas dos escudos de armas).

Na igrexa de Santiago, xusto na súa fachada, podemos contemplar o escudo doutro dos señores de Pontedeume, moito máis vinculado á vila que o anterior: don Fernando de Andrade, I conde de Andrade (1470-1540). Foi realizado durante a reconstrución da igrexa financiada polo arcebispo Rajoy (outro dos nosos veciños ilustres, do que máis adiante falaremos) no século XVIII. Por iso xunto ao emblema dos Andrade (unha banda entre cabezas de dragón, co lema *Ave Maria Gratia Plena*), aparecen os 6 roeis dos Castro, con cuxo cabeza de familia aínda casaría dona Tareixa, filla de don Fernando, unindo ambas liñaxes. Aparecen as 18 bandeiras que lle gañou aos franceses na batalla de Seminara (Italia), no ano 1503, e que incorporou ao seu escudo. Un escudo semellante podemos atopar dentro do templo, aínda que non sempre está aberto e o paseo debe continuar. Cómpre aclarar, iso si, que, polo que acabamos de mencionar, non se trata especificamente do escudo de don Fernando pola aparición do emblema dos Castro. Con todo, non hai tampouco dúbida de que se relaciona con esta personaxe senlleira da vila eumesa.



Fig. 1: escudo da fachada da igrexa de Santiago

3. Ver https://enfoques.gal/blogs/carlosdecastro/heraldica-e-historia-o-viceversa/ [consultado en xaneiro de 2022]

Para poder contemplar o terceiro exemplo de escudo da familia Andrade teremos que ir ata a igrexa das Virtudes, nunha localización que antigamente non pertencía a Pontedeume senón á parroquia de Vilar. Este escudo atópase na propia fachada do templo, nun dos perpiaños, e pertencía xa á igrexa primitiva, construída no século XIV. Aparece neste espazo tan destacado porque un membro da familia, Nuno Freire de Andrade (irmán de Fernán Pérez de Andrade, primeiro señor da vila), foi o mecenas da construción.

Non abandonamos aínda a familia dos Castro pois, na fachada da Casa do Concello, podemos contemplar unha nova mostra heráldica relacionada con esta familia que emparentou cos Andrade no século XVI. Os protagonistas desta unión foron dona Tareixa de Andrade, a filla de don Fernando de Andrade, e don Fernando Ruiz de Castro e Portugal (1506-1575), IV conde de Lemos, cuxo escudo aínda conservamos na nosa vila, malia ser picado no 1820 para ser posteriormente restaurado. Tamén contamos cunha recente proposta de Carlos de Castro, segundo a cal podería pertencer a un bisneto do anterior, Francisco Ruiz de Castro e Portugal (VIII Conde de Lemos ao suceder ao seu irmán e vicerrei de Nápoles)[4]. En todo caso, podemos destacar os roeis dos Castro, así como as quinas e castelos de Portugal[5], o león e castelo dos reinos de León e Castela e as barras de Aragón e Sicilia. O parentesco coas casas reais destes reinos fala da relevancia destas personaxes.



Fig. 2: escudo da fachada da Casa do Concello

Outra das personaxes que semella ter o seu propio escudo heráldico falándonos da súa relevancia no pasado eumés é o antigo rexedor Juan Beltrán de Anido, que no século XVI legou ao Concello por manda testamentaria unhas casas coa finalidade de instituír unha Cátedra de Latinidade. Precisamente na porta principal da antiga Cátedra (actual Biblioteca municipal), atopamos, á dereita segundo se mira de fronte, un escudo de forma oval que ten na parte superior a banda dos Andrade e un castelo e animal que quizais está relacionado cos Piñeiro. Con todo, o conxunto que forma cos motivos da parte inferior, que son 3 columnas, unha flor de lis e unha roda hidráulica, podería estar relacionado co antedito rexedor eumés.

No adro da igrexa parroquial, no muro que tradicionalmente se considerou como os derradeiros restos da antiga muralla da vila, podemos ver o escudo dun cabaleiro da Orde de Santiago: don Juan Benito Piñeiro de Ulloa, II Marqués de Bendaña. A Cruz de Santiago percíbese na parte superior. Na súa metade dereita (esquerda segundo se mira),

4. *Ibid.*

5. As "quinas" son as armas de Portugal, cinco escudos azuis postos en cruz, e en cada escudo cinco diñeiros en aspa.

un castelo sobre unha rocha e, canda el, un piñeiro; na outra metade, as armas dos Ulloa (pequenas faixas situadas de 3 en 3, en forma de cadrado).

O seguinte dos nomes propios que podemos vincular a unha labra heráldica xa non está relacionado coa nobreza leiga, senón coa eclesiástica. Trátase dun dos nosos antigos veciños máis ilustres: o arcebispo don Bartolomé Rajoy y Losada (1690-1772). Para contemplar o seu escudo non abonda con levantar a mirada, senón que teremos que facer un esforzo máis para intentar distinguir os seus motivos, dado que se sitúa na "peineta", a parte máis elevada da súa antiga casa familiar xunto á praza do Pan, ollando desde a rúa Real. Se nos fixamos, veremos na parte superior o capelo (sombreiro dos arcebispos), dous lagartos baixo lousas, símbolo dos "Losada", e dúas palmas, unha a cada lado do escudo, que quizais aluden a san Bartolomé mártir.

O resto dos escudos xa non os podemos vincular a unha personaxe concreta, polo que estas pedras nos falan de determinadas familias do pasado eumés máis que de persoeiros concretos. Tal é o caso dos Varela (cuxo escudo podemos contemplar na rúa Real, xunto á praza do Pan), Varela e Seixas ou Piñeiro (Travesa Real, na parte que desemboca na rúa Real), Pardo de Aguiar (Travesa Real, na parte que desemboca na rúa de Santo Agostiño) ou Soutomaior e Rivadeneira (na rúa da Pescadería).

Outros tres escudos, o que temos no vestíbulo da Casa do Concello, o que está na fachada da antiga Cátedra de Latinidade (actual biblioteca) ou mesmo o que se atopa nos Xardíns de Lombardero, son os da nosa vila de Pontedeume, coa torre, ponte de pedra, oso e xabaril. O que se atopa no vestíbulo da Casa do Concello, atopado nos restos do antigo pazo, é dos máis antigos da vila (do século XVI ou XVII) e paga a pena botarlle unha ollada, aínda que a porta non sempre está aberta[6].


Fig. 3: escudo da rúa Santiago

Xa por último, destacamos tamén un exemplo que nos recorda que, ás veces, as pedras falan pero non sempre comprendemos a súa linguaxe: un escudo da parte alta da rúa Santiago conta cunha aguia, tres flores de lis e, como elemento máis rechamante, dez corazóns vermellos, destacados sobre o fondo azul que aínda se conserva. Non sabemos a quen podía pertencer, mais do que non temos dúbida é da habilidade do canteiro nin da calidade desta tamén obra de arte.

Todas estas pedras fálannos de poder e sobre todo de xerarquía social, nun momento no cal pertencer aos estamentos pri-

6. Ver https://enfoques.gal/blogs/carlosdecastro/heraldica-e-historia-o-viceversa/ [consultado en xaneiro de 2022].

vilexiados era un elemento de diferenciación social moito máis determinante que na actualidade, de aí que se quixera reflectir a través dun símbolo que representara a relevancia da liñaxe, ao que soamente algunhas familias tiñan dereito.

Precisamente a mención aos canteiros e o seu traballo lévanos a tratar outros dos símbolos e traballos que realizaron os membros deste oficio no centro histórico de Pontedeume. Comezaremos no edificio máis antigo que se conserva nas rúas eumesas, e que xa mencionamos en relación co seu gran e fermoso escudo da fachada: o Torreón.

Non sabemos con seguridade cando se construíu esta estrutura tan senlleira e querida para os eumeses (aínda que non sempre foi así, e non hai tanto...), pois as fontes non o testemuñan ata a primeira revolta irmandiña de 1431. Con todo, tendo en conta o importante labor construtivo de Fernán Pérez de Andrade e que, ademais, foi o primeiro señor da vila e precisaba reafirmar a súa autoridade, é moi probable que comezara a súa obra xunto co pazo nada máis acceder ao señorío da vila en 1371. Nesta torre de carácter defensivo podemos visitar o Centro de Interpretación dos Andrade no seu interior e contemplar a fermosa panorámica sobre a ría, para a continuación realizar un pequeno percorrido ao seu arredor. Neste percorrido, se nos fixamos nas pedras máis baixas da base (non é preciso buscar en niveis máis elevados se non se quere), imos ver unhas pequenas marcas en moitas destas pedras, de diferentes formas, que tamén nos falan á súa maneira. Son estas as chamadas "**marcas de canteiro**", que veremos que son moi frecuentes en moitas das construcións medievais (sobre todo entre os séculos XI e XV), se amosamos atención e intención de percibilas[7].

Non é doado comprender o significado exacto destes símbolos, pois co paso dos séculos foise perdendo a nosa competencia nesta linguaxe. Con todo, entre as hipóteses máis valoradas están 3: a principal, que eran unha especie de sinatura do mestre canteiro ou dos seus aprendices para poder contabilizar o número de pedras elaboradas e poder cobrar o estipendio correspondente; segunda, unha sinatura que indicaba a autoría, unha maneira de saír do anonimato tan frecuente da arquitectura medieval ou de amosar a pertenza a un determinado gremio ou taller, quizais coa idea de acadar fama e conseguir contratos para futuras obras; e terceira, que indicaran a posición na que se tiñan que colocar os perpiaños na construción.

Cada mestre canteiro podía ter a súa para identificarse, que recibía cando entraba a formar parte do gremio. Os canteiros do taller empregaban a do seu mestre. Grazas a estas marcas podemos coñecer o alcance territorial que chegaron a ter algúns destes talleres, como os que traballaron baixo o mecenado de Fernán Pérez de Andrade, xa fora en Pontedeume ou en Betanzos.

Estas pedras falan dos oficios tradicionais, de saberes prácticos do noso pasado hoxe case perdidos, sen os cales o centro histórico non tería adquirido a forma que ten na actualidade, xa sexa desde o punto de vista arquitectónico ou urbanístico.

7. Para saber máis sobre estes símbolos, algunha referencia bibliográfica pode ser Martínez Prades, J. A., *Los canteros medievales,* Akal, Madrid, 2010; ou Puente López, J. L., *Firmado en la piedra, por los maestros canteros medievales*, EDILESA, León, 2006 (5ª ed.).



Figs. 4 e 5: algunhas das marcas de canteiro do Torreón dos Andrade

As marcas de canteiro, como sinatura do seu traballo, achegan un elemento de recoñecemento e individualidade. Con todo, na inmensa maioría dos casos non é suficiente para que hoxe en día os poidamos sacar do anonimato. Segue a ser unha linguaxe da que non sabemos o emisor, aínda que coñezamos parcialmente o significado da mensaxe. Esta realidade foi frecuente no período medieval e tamén nos séculos posteriores, sobre todo naqueles proxectos dunha menor entidade: coñecemos o mestre da catedral de Santiago e do Pórtico da Gloria, o mestre Mateo, mais non o dunha pequena igrexa parroquial. O mesmo aconteceu cos canteiros que traballaron na construción das estruturas do centro histórico eumés.

Os oficios tradicionais están marcados xeralmente polo anonimato. Artistas e artesáns de auténticas obras mestras da funcionalidade, non exenta de virtuosismo estético, sen maior recoñecemento que o salario e a satisfacción do traballo (ben) feito. As fontes permítennos confirmar a súa presenza, mesmo os seus nomes, mais non sempre relacionalos cunha obra concreta. Na comarca eumesa, durante os séculos XVII, XVIII e XIX, traballaron uns 141 canteiros ou mestres canteiros[8]. Foron canteiros como estes os que, durante este período, deron forma ás rúas e edificacións do centro histórico eumés, cuxa transformación durante os séculos do Barroco foi notable (pazo de Rajoy, igrexa de Santiago e adro, igrexa das Virtudes, fachada do convento dos agostiños, fonte do Pilón, ou melloras do firme das rúas e sumidoiros, entre outras actuacións salientables)[9]. Vivendas e edificacións víronse tamén trans-



Fig. 6: columnas da rúa Real

8. Dato extraído de COSTAS FERNÁNDEZ, L., MACEDO CORDAL, C., SANFIZ, RAPOSO, H., *Artistas da comarca Eumesa*, Ed. Espino Albar, A Coruña, 2020.

9. Sobre este tema, RAMOS DÍAZ, M., *Urbanismo barroco en Pontedeume*, "Cátedra. Revista eumesa de estudios", nº 6 (1999), pp. 67-90.

formadas nas últimas centurias (coa aparición das tradicionais galerías, por exemplo), mais a pedra antiga e ben traballada sobresae non soamente nas fachadas de edificios senlleiros, senón tamén en columnas dos soportais e detalles construtivos que aínda nos levan a pensar na paciencia e dedicación do traballo dos canteiros.

Non deixamos de lado por completo o traballo dos canteiros para movemos cara a certos símbolos gravados nas pedras e relacionados coas vivendas, aínda que diferentes ás xa tratadas "marcas de canteiro". Neste caso centrámonos nunhas pedras que constituían un elemento fundamental de calquera edificación: o "lintel", a pedra que enmarca a parte superior dos vans, especialmente a porta de entrada.

A porta de entrada é un punto clave de calquera edificación, dado que marca o límite entre o interior e o exterior. Ao tratarse dun punto de tanta relevancia simbólica, o lintel dunha porta pode ser aproveitado para varias importantes funcións. No caso dunha vivenda particular, o lintel adoita hoxe en día ser o lugar onde se sitúa o número que ocupa dentro da rúa. Isto comezouse a facer xa a finais da Idade Media, e na época contemporánea xeneralizouse para facilitar a súa identificación na busca dunha maior racionalidade e eficiencia á hora de cobrar os impostos. Con todo, o que agora nos interesa non é tanto a presenza do número da dirección (números que na actualidade adoitan estar feitos en azulexo ou metal, mais que en pedra), senón doutro tipo de números: as **datas** de construción da vivenda.

Non son moitos os exemplos que podemos aportar neste senso, mais, se miramos con atención, veremos algúns polas rúas do centro histórico eumés. Estas datas que podemos atopar nos linteis achegan información sobre a antigüidade da propia vivenda, mais tamén nos fala do orgullo duns moradores que, no seu momento, quixeron deixar ben claro, gravado nun dos puntos máis relevantes da construción, o momento no que o seu fogar ficou rematado. Nun dos exemplos que achegamos, podemos ver que a vivenda data do ano 1789; no outro, semella que o ano 1824.



Fig. 7: lintel dunha porta na rúa do Empedrado



Fig. 8: lintel dunha porta na travesía Real

Noutros casos, as datas poden aparecer tamén noutro tipo de construcións. Tal é o caso das fontes, como, probablemente, a máis emblemática da vila: o "Pilón". Obra tamén de cantería, foi construída entre os anos 1670-1671 con mananciais do monte Breamo. Con todo, tivo que ser reconstruído polo mestre de cantería Andrés de Monteagudo en 1788. Hoxe en día, na súa parte superior, podemos contemplar os anos de dúas das súas máis recentes reparacións: as de 1836 e 1913.





Figs. 9 e 10: fonte do Pilón e unha das súas inscricións, co ano "1913"

Regresamos agora ás vivendas. O fogar, o espazo interior, é o lugar de seguridade da familia, en contraposición co espazo exterior, da vida pública, de onde poden provir diversos perigos. E a porta de entrada, enmarcada polo lintel, marca o límite que serve como fronteira entre o espazo privado e o público, polo que desde o punto de vista antropolóxico ten un fondo significado. O interior cómpre ser defendido, e por iso os linteis eran aproveitados para situar diversos amuletos que debían traer sorte aos moradores da vivenda, como por exemplo ramiños de herbas ou follas de loureiro bendicidos. Mais esta protección podía realizarse tamén mediante outros medios máis duradeiros, como as **inscricións** na propia pedra. O centro histórico eumés conta tamén con algún exemplo deste tipo. Unha das vivendas aínda conserva no lintel de entrada as letras "IHS", que fan referencia ao nome de Xesucristo dado que, en grego, son as súas tres primeiras letras (a grafía "H" en grego, a letra "eta", é o noso "E"). Tamén pode ser acrónimo de frases como "Iesus Hominum Salvator" (Xesús Salvador dos Homes) ou facer referencia á Orde Xesuíta que adoptou estas letras como emblema, aínda que, en orixe, facía referencia ao nome de Cristo. No caso desta casa, e tendo en conta a fonda influencia da relixión cristiá no noso pasado e na nosa cultura, o nome implica a presenza do propio Cristo, e como tal conta cunha función protectora, coa idea de evitar que os males entren na vivenda e, sobre todo, nos seus moradores.



Figs. 11 e 12: inscrición "IHS" no lintel dunha vivenda

Noutros exemplos, as inscricións da porta principal contan con outras características e funcións. Tal é o caso da antiga Cátedra de latinidade. Estas pedras falan unha linguaxe máis comprensible, aínda que o paso do tempo e a súa situación fan que non sexa doado o seu entendemento. En varias liñas a diferentes niveis indícase: "REEDIFICADA POR DISPOSICION DEL AYUNTAMIENTO CONSTITUCIONAL DE ESTA VILLA, AÑO 1822". No primeiro lintel: "ESTA CATHEDRA DE GRAMATICA FUNDO EL RREGIDOR JUAN BELTRAN DE ANIDO ESTA VILLA AÑO DE 1582. REDIFI-". E, no segundo lintel: "CADA A COSTA DE SUS BIENES Y DE LOS PROPIOS DE LA DHA VILLA ESTE AÑO DE 1621." Esta inscrición e a súa lectura atenta é fundamental para a historia de Pontedeume, pois non soamente indica o doador e creación dunha institución tan importante para a vila, senón tamén os seus avatares, como o incendio de 1607 que foi o que obrigou a reedificar a Cátedra, aínda que tivera que agardar ata o ano 1621.



Fig. 13: inscrición da fachada da antiga Cátedra de Latinidade, actual Biblioteca

Imos agora con outras pedras cuxa mensaxe tamén podemos comprender. Son varios os **símbolos** que se conservan entre as rúas, vivendas e recunchos de Pontedeume. Algúns aparecen en lugares nos que xeralmente non nos fixamos, polo que esixen unha ollada atenta.

O primeiro deles é de sobra coñecido na actualidade: a vieira do peregrino. Moitas delas xa son de metal, pero aínda conservamos algunhas de pedra. A primeira, nun dos

milleiros de fitos que indican os quilómetros que faltan para chegar a Compostela (ou a Fisterra) ao longo das diversas rutas xacobeas. Neste caso é o Camiño Inglés o que atravesa a vila eumesa, e o fito indícanos que aínda faltan 84,549 kms para que peregrinas e peregrinos alcancen a súa meta. Estas cunchas tamén as podemos atopar na fachada da igrexa de Santiago dado que o Apóstolo é o patrón da nosa parroquia, aínda que tradicionalmente pensemos en San Nicolás ou na Virxe das Virtudes.

A cuncha de vieira, xunto co bordón e a cabaza, é símbolo do peregrino e do Camiño. Son diversas as teorías que tratan de buscar a orixe desta asociación. A máis recorrida é que era un dos obxectos que acreditaban que o/a peregrino/a rematara a peregrinación, dado que se obtiña ao chegar a Santiago grazas á súa abundancia nas costas galegas. A cuncha tiña tamén un sentido práctico, dado que servía para facilitar o consumo de auga das fontes e mananciais. Ademais, desde o punto simbólico ten tamén un fondo significado, pois a cuncha de vieira aparece ligada á figura de Santiago en varios dos seus milagres (narrados no *Liber Sancti Iacobi*) e tamén á resurrección e o renacer, tan característicos da conclusión dunha longa ruta de peregrinación como esta[10].



Fig. 14: vieira na fachada da igrexa de Santiago

10. Temos un bo exemplo no cadro renacentista de Sandro Botticelli "O nacemento de Venus", no cal a deusa nace dunha cuncha. Tamén pode significar fecundidade. Un resumo destas teorías en https://www.cidadedacultura.gal/es/blog/por-que-la-vieira-es-el-simbolo-del-peregrino [consultada en xaneiro de 2022].

Noutros casos, estaremos diante dun dos símbolos máis "humanos" que nos podemos atopar: un corazón. Son varios os exemplos que temos nas rúas eumesas, un deles na fachada da igrexa das virtudes. O corazón con frechas ou puñais fai referencia á orde de Santo Agostiño, co significado da interioridade humana simbolizada polo corazón, que se ve atravesada pola Palabra de Deus, simbolizada pola frecha[11]. Isto relaciona o símbolo co convento dos agostiños, encargados do culto na igrexa das Virtudes ata a súa exclaustración. Temos dous símbolos destas características, o segundo xunto a un pequeno cruceiro que podemos atopar nunha fornela no muro dianteiro dunha vivenda da rúa das Virtudes.



Fig. 15: corazón de santo Agostiño atravesado por frechas na fachada da igrexa das Virtudes

11. Noutras ocasións aparece o corazón en chamas, o "Amor de Deus", como se pode apreciar en San Xoán de Caaveiro, que pertenceu á Orde de cóengos regulares de Santo Agostiño.

Outro símbolo que podemos contemplar no lintel doutra das vivendas da vila é unha estrela. Este símbolo está relacionado co anterior a través do seu vínculo coa orde e convento dos agostiños. San Nicolás de Tolentino é o "santo da estrela" pois a súa representación iconográfica adoita caracterizarse pola presenza do sol, estrela ou manto estrelado, dado que a tradición conta que unha estrela sempre acompañaba o santo como augurio da súa sabedoría e santidade. Ao esculpir unha estrela no lintel dunha vivenda, isto significaba que as rendas ou a propia vivenda pertencían ao convento dos agostiños. Este é un recurso moi frecuente noutros núcleos urbanos como Santiago de Compostela, onde unha árbore ou unha cuncha esculpidas en edificacións indican a pertenza ao mosteiro de San Martiño Pinario ou ao Cabido da catedral respectivamente.



Fig. 16: estrela no lintel dunha vivenda

Os símbolos relacionados co convento dos agostiños lévanos a comentar brevemente as **esculturas** pétreas con **finalidade relixiosa** que aínda se conservan no casco histórico eumés, elementos de expresión artística e sobre todo da relixiosidade dos nosos antepasados e de hoxe en día. Comezaremos por 3 **cruceiros.**

O primeiro deles acabámolo de mencionar unhas liñas atrás. Non era nin moito menos estrañas estas estruturas nas rúas de cidades e vilas no noso pasado. As fornelas aproveitábanse para situar unha pequena escultura, xeralmente relixiosa e neste caso un cruceiro que representa a Crucifixión de Xesús, para garantir aínda máis a presenza do Salvador nas rúas e vivendas onde se situaban. Aparece representado cun canon curto, coa cara alzada cara o Ceo pois aínda está vivo, e coa particularidade de que as mans están

cravadas cos dedos índice e maior estendidos, como se estivera a bendicir. Servía ao mesmo tempo como imaxe ante a que persignarse ou realizar unha breve oración. A relixiosidade popular tamén gustaba de colocar candeas xunto á imaxe, tal como se fai nos templos, para "espantar" a escuridade e o pecado. Deste xeito, tamén se favorecía a existencia de luz ante a propia imaxe e nas rúas durante a noite, un acto moi beneficioso para a comunidade especialmente mentres non houbo iluminación pública.



Fig. 17: fornelo e corazón de santo Agostiño na rúa das Virtudes

Os outros cruceiros do centro histórico teñen xa unhas características máis recoñecibles, coa súa base, fuste e cruz no alto. O máis antigo está situado no adro da igrexa das Virtudes, moi preto da fornela que acabamos de comentar. Trátase dun cruceiro do século XVII, Ben de Interese Cultural (BIC), coroado por unha cruz case grega na que se representan a Cristo nunha das caras e a Virxe na outra. Cristo aparece crucificado, coa cabeza caída cara á dereita, un pequeno nimbo e mans pechadas. Pola súa banda, a Virxe Gloriosa porta coroa e as mans aparecen en posición orante.

O segundo destes cruceiros é o que podemos atopar na praza das Angustias, e que foi elaborado polo canteiro Daniel Pazos e colocado no ano 1961. No anverso da súa cruz aparece Cristo crucificado, unha das escenas máis coñecidas da súa Paixón, xunto coas figuras dos apóstolos Xoán e Pedro (á súa esquerda e dereita respectivamente), o segundo coas chaves da Entrada ao Ceo. No reverso, a Virxe co corpo do seu fillo no colo, inclinando a súa cabeza cara a el, cos ollos pechados, nun xesto de dor e de tenrura. Baixo eles sitúase o apóstolo Santiago no seu trono, en maxestade, coas Escrituras na man dereita e o bordón ou báculo na esquerda, recordando que estamos na parroquia de Santiago e sobre todo o paso do Camiño Inglés por esta mesma praza. Complementan estas escenas principais dúas cabezas de anxos e un escudo da vila de Pontedeume[12].

Non abandonamos a temática relixiosa para aproximarnos ata outras representacións pétreas que contan tamén cunha linguaxe coñecida. A primeira é unha das máis antigas da vila, situada no lateral norte (esquerdo desde a fachada principal) da igrexa das Virtudes. Alí aínda podemos contemplar, no alto, un dos restos do antigo templo gótico orixinal, probablemente un tímpano, debido á súa morfoloxía e figuras representadas. O que se pode contemplar é unha escena da Virxe María co Neno (non debemos esquecer que estamos diante dun templo dedicado á Virxe das Virtudes), rodeada dunha inscrición de grafías góticas que di: "ESTA IREGA MANDOU FAZER NUNO FREIRE DANDRADE A ONRA DE SATA M. ERA DE MILL E CCCC E X SEIS ANOS"[13]. Se á era hispánica lle restamos 38 anos, obtemos o ano despois de Cristo, é dicir: o 1378. De aí que poidamos afirmar que foi obra de Nuno Freire de Andrade, mestre da Orde de Cristo, e irmán de Fernán Pérez de Andrade, señor de Pontedeume por aquel entón. Nesta escultura conviven a linguaxe das letras coa mensaxe simbólica da iconografía; nas seguintes, soamente a iconografía e simboloxía cristiá (así como os traballos previos dos investigadores[14]) axudan na súa comprensión.

12. Sobre os cruceiros de Pontedeume, vid. BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., "Cruceiros e cruces de Pontedeume: apuntamentos históricos, artísticos e etnográficos", *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 5 (1998), pp. 41-63; ou Fonte Sardiña, J., *Os cruceiros coa imaxe do Apóstolo Santiago no concello de Pontedeume,* "Cátedra. Revista eumesa de estudios", nº 18 (2011), pp. 7-44.

13. Segundo lectura de Antonio de la Iglesia que, con todo, asignou a obra a Nuno Freire de Andrade, "o Mao", no ano 1416. Vid. de la Iglesia, A., *El idioma gallego*, T. I, 1886, p. 12, recollido en Ares Legaspi, A., Coira Pociña, J., de Castro Álvarez, C., *750 anos construíndo a historia de Pontedeume*, Ed. Espino Albar, A Coruña, 2020, pp. 120-121.

14. Como a *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, de Antonio Couceiro Freijomil (Dirección Xeral de Política Lingüística, Santiago, 1995), *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, de Carlos de Castro Álvarez e Xoán Carlos Vázquez Arias (Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 2004), ou *El convento agustino de Pontedeume*, de Xesús Andrés López Calvo (Sociedad Filatélica Eume, Pontedeume, 2006).



Fig. 18: antigo tímpano da igrexa das Virtudes

Outras esculturas pétreas de carácter relixioso que se amosan dispostas a transmitir a súa mensaxe están situadas xunto á igrexa de Santiago. A primeira delas adorna a entrada da casa da parroquia, nunha fornela enriba do seu lintel. Alí podemos contemplar outra pequena escena da Virxe María coroada, co Neno no colo, bendicindo a todos aqueles que entran e pasan pola rúa Pescadería.

Se ascendemos as escaleiras que levan á igrexa, veremos na dereita, nun pedestal contiguo ao muro, outra pequena escultura de granito. Estaremos novamente diante dunha imaxe da Virxe co Neno, aínda que neste caso é a Virxe da Peregrina. Isto explica a súa indumentaria coa túnica, esclavina, chapeu e bordón característicos dos que camiñan cara a Compostela. Dada a súa situación, no adro dun templo dedicado a Santiago e ademais nunha vila xacobea como Pontedeume, non é estraña a presenza dun/ha peregrino/a. O que non é tan frecuente é que sexa a propia Nai de Deus.



Fig. 19 : Virxe da Peregrina no adro da igrexa de Santiago

No mesmo adro, nunha esquina xunto ao muro sur (os que quizais poderían ser os derradeiros restos da antiga muralla de orixe medieval), temos noutro pedestal e case a tamaño real outra escultura de granito. É un home con tonsura e barba, vestindo un amplo hábito de monxe, e que representa a santo Agostiño de Hipona, un dos Pais da Igrexa Latina. Xa temos dito que aparece xeralmente representado mediante un corazón atravesado por frechas, aínda que tamén pode aparecer como un monxe. Trátase dunha imaxe pétrea que ocupaba o espazo dunha das fornelas da fachada da desaparecida igrexa do convento dos agostiños. De feito, estivo na praza do convento ata hai relativamente pouco. O máis característico da iconografía neste caso é que aparece cunha pomba, que probablemente faga referencia ao Espírito Santo, que o inspirou nos seus escritos. Unha asociación menos evidente estaría en relación con algúns dos seus sermóns máis coñecidos, nos que enaltece a simplicidade da pomba.



Fig. 20: escultura de santo Agostiño no adro da igrexa de Santiago

Se damos case unha volta á igrexa e marchamos polas escaleiras que desembocan na rúa Real, chegaremos a estar diante da escultura de san Nicolás de Tolentino, recentemente restaurada tras un acto vandálico. Este santo italiano é o protector das ánimas do Purgatorio e era venerado no convento dos agostiños (xa que foi o primeiro da Orde), chegando a ser co-patrón da vila de Pontedeume grazas ao milagre acontecido no ano 1621, polo cal os monxes do convento sufocaron o incendio da vila grazas ao lanzamento dunha xoia do santo ás lapas. Novamente, estamos diante dunha escultura que en orixe estivo situada nunha fornela da fachada da igrexa do convento dos agostiños. Nesta representación aparece con tonsura e o hábito da orde dos agostiños ermitáns, e, aínda que o paso do tempo non permite recoñecer con precisión o que sostén na súa man esquerda, podería ser unha bandexa con codornices, un ramo de lirios ou unha bolsa con pans, elementos que fan referencia aos seus milagres. O máis tentador, tendo en conta a nosa tradición eumesa, é pensar na bolsa con pans, que bendicimos cada 10 de setembro na honra deste santo por librarnos do incendio de 1621. Con todo, debemos recordar que as esculturas da fachada da igrexa do convento son anteriores ao episodio do incendio, polo cal non se pode establecer unha conexión vinculante entre ambos. Calquera das outras posibilidades (bandexa de codornices ou ramo de lirios) podería ser o que se representa.



Fig. 21: escultura de san Nicolás de Tolentino no "adro pequeno" da igrexa de Santiago

Finalizamos este apartado con tres **esculturas de carácter civil**, e que os avatares do tempo as levaron a estar conservadas no espazo que ocupaba o claustro do antigo convento dos agostiños. Dúas son símbolo do poder do primeiro señor de Pontedeume: o oso e xabaril que estiveron situados entre o segundo e terceiro arco da antiga ponte gótica de pedra mandada construír por Fernán Pérez de Andrade. Ámbos os dous animais, exemplos da caza maior tan característica da nobreza medieval, son os símbolos deste importante cabaleiro galego do século XIV, e que remataron formando parte do escudo de Pontedeume. Estas dúas esculturas son as máis arcaicas da vila (a Virxe das Virtudes, o Santiago da igrexa parroquial e o san Miguel pesando as almas de Breamo son tamén do século XIV), sendo probable que incluso sexan de época máis antiga[15]. Neste caso, volvemos ter unha linguaxe resultado da combinación de simbolismo e inscrición, pois nun dos animais podíase ler ata hai ben pouco: "EN NA ERA DE MIL E CCCLXXX ANOS DA NACENZA DE NOSO SENOR IESU XUO POR ABRIL COMENZADA E ACABARONA EM SEIS ANS ESTA PONTE"[16]. Na actualidade, o paso do tempo e os efectos dos elementos do clima e da contaminación (pois estiveron situadas moitos anos xunto á estrada nacional), fan que as letras desta escultura falen moito máis baixo do que o facían antes.



Fig. 22: Afonso X xunto ao oso e xabaril de Fernán Pérez de Andrade

15. Sobre isto, vid. https://www.celtiberia.net/es/biblioteca/?id=1481&pagina=3 [consultada en xaneiro de 2022].

16. Segundo lectura de Antonio de la Iglesia. Vid. de la Iglesia, A., *El idioma gallego*, T. I, 1886, p. 58, recollido en Ares Legaspi, A., Coira Pociña, J., de Castro Álvarez, C., *750 anos..., o. c.,* pp. 34-35.


A terceira das esculturas é a que se sitúa no medio destas dúas anteriores, e que representa o rei Afonso X, fundador de Pontedeume o 30 de decembro de 1270. Con motivo do 700 aniversario da fundación da vila, o escultor Antón Faílde elaborou esta imaxe, representado ao monarca coroado e cun libro ou códice na súa man esquerda. Afonso X foi unha figura fundamental da cultura galega medieval pola elaboración das *Cantigas de Santa María* e outras cantigas da lírica galaico-portuguesa. Ademais, elaborou códigos lexislativos como as *Partidas* ou o *Especulo*. O seu labor como lexislador e/ou escritor explica que apareza representado cun códice.

Preto destas tres esculturas, na antiga horta dos frades agostiños que hoxe en día é a Alameda de Rajoy, podemos atopar unha nova estrutura pétrea en forma de **monolito**, con planta cuadrangular que reduce a súa sección conforme gaña en altura. Está dedicada ao propio arcebispo Rajoy e na súa base percibimos tres cifras: 1690 e 1772, facendo mención aos anos de nacemento e pasamento do arcebispo, respectivamente; e 1925, en referencia ao ano no que foi instalada. Realizouse en agradecemento polo gran labor de mecenado deste fillo ilustre de Pontedeume na súa vila natal.

Situamos agora a nosa atención nas **pedras que pisamos**. Ao comezo do traballo recomendabamos erguer a cabeza para contemplar elementos no alto cara a onde normalmente non ollamos. Para ver os seguintes símbolos non hai que levantar a cabeza e a mirada, senón todo o contrario: levalas cara ao chan. Xa temos mencionado as cunchas de peregrino, aínda que as do chan do centro histórico de Pontedeume son de metal[17]; ademais destas, as pedras do chan de Pontedeume amosan outros símbolos, de gran tamaño e ben recoñecibles para os veciños e veciñas da vila. Os primeiros son o oso e o xabaril da rúa Inmaculada. Son resultado da intervención urbanística levada a cabo polo artista José Díaz Fuentes en 1984, moi visible en todo o centro histórico, como por exemplo na praza do Pan ou nas papeleiras en forma de cuncha situadas por moitas das rúas. Os osos e xabarís que se representan son os símbolos do primeiro señor de Pontedeume, Fernán Pérez de Andrade, un dos nobres máis relevantes da Galicia do século XIV. Estes símbolos, animais propios da caza maior tan característica de nobres e reis durante a Idade Media como adestramento para a guerra, falan de poder e prestixio social dunha familia que alcanzaba a plenitude con Fernán Pérez, ao converterse en señores de vilas importantes (Pontedeume, Vilalba e Ferrol). O oso e o xabaril, animais feros e bravos das nosas fragas (os osos xa non na actualidade), simbolizan tamén estas virtudes para quen era capaz de cazalos, de aí que estes e outros animais de agresividade semellante (como o lobo) aparezan con frecuencia nos brasóns heráldicos da nobreza medieval[18].

17. A facultade para situar estes símbolos no chan correspóndelle en exclusiva aos núcleos urbanos considerados Ben de Interese Cultural. No caso de Pontedeume, conta con esta categoría como parte da "Comarca Eumesa", declarada "Paisaxe Cultural" polo Decreto 2234/71, do 20/05/1971. Sobre a sinalización do Camiño de Santiago, vid. https://www.caminosantiago.org/cpperegrino/servicios/pdf/Senalizacion.pdf [consultada en febreiro de 2022].

18. O lobo era símbolo dos Moscoso, que emparentaron cos Andrade a través da segunda muller de Fernán Pérez, dona Constanza de Moscoso. Este símbolo aparece nas igrexas de Santiago e Santa María do Azougue, en Betanzos, templos cuxas obras e reconstrución (respectivamente) foron financiadas polo señor de Andrade.




Figs. 23 e 24: oso e xabaril de Fernán Pérez de Andrade, na rúa Inmaculada

En relación con estes símbolos, levamos a nosa atención cara á praza Real onde atopamos outra das intervencións de Díaz Fuentes: o gran mosaico que ocupa o espazo central, e que representa o escudo da vila de Pontedeume, coa torre (símbolo de fortaleza, tanto física como da propia vila amurallada) e oso e xabaril sobre a ponte do Eume, de arcos de medio punto como a actual. Os primeiros, tal como acabamos de mencionar, son os símbolos do primeiro señor da vila; o segundo, da estrutura que máis relevancia histórica tivo para Pontedeume, e da cal, xunto co río, naceu o seu topónimo.

Finalizamos case o noso percorrido facendo mención a certas marcas nas pedras que non naceron coa intención de falar, aínda que tamén agochan unha mensaxe: o paso do tempo. Son varios os exemplos que se poden mencionar, como as relacionadas coas marcas da auga da choiva (pingueiras) ou do paso de vehículos; mais neste caso ímonos centrar só nunha destas marcas: as liñas circulares que foron xurdindo como resultado da fricción entre os pequenos ferros que suxeitaban as contras e fiestras de moitas das vivendas tradicionais e os **peitorís da** propia **fiestra**. Estas pedras fálannos de solucións construtivas antigas, exemplos dunha arquitectura que evolucionou moito nas últimas décadas e transformou as vivendas do centro histórico de Pontedeume aínda que, por sorte, conservando unha gran parte da súa esencia tradicional. Con todo, este tipo de suxeición xa é moi escaso; son poucos os exemplos conservados pois as fiestras, por ser de "guillotina" (con movemento en vertical, sen abrir cara ao exterior) ou de elaboración e material modernos, así como as contras (cando as hai), xa non precisan destes ferriños para evitar as súas sacudidas ou ideáronse outros instrumentos para evitalo.

Para rematar, recollemos tamén os casos daquelas pedras que falan pero, que, como no caso das labras heráldicas das que non recoñecemos a súa liñaxe, quedan "mudas" ou cando menos non comprendemos por completo o seu significado. E non porque deixen de falar, pois aí seguen, amosando a súa mensaxe; mais de momento a canle comunicativa perdeuse, ao non sermos capaces os receptores de descifrar o que pretendía transmitir o emisor. Xeralmente isto é consecuencia da propia evolución da sociedade, cuxos valores, mentalidade e canles comunicativas foron cambiando, de tal maneira que xa non sempre comprendemos o que pretendían dicir os nosos antepasados. Noutros casos, a falta de comunicación é consecuencia de se ter producido un cambio no



Fig. 25: marcas na pedra dos ferros que suxeitan as fiestras

contexto lingüístico, de tal maneira que a mensaxe perdeu unha parte do seu sentido. Temos un exemplo nuns símbolos presentes nunha das estruturas do casco histórico eumés, cuxo contexto actual moi probablemente variou con respecto ao orixinal. Se ascendemos pola rúa da Pescadería e imos coa cabeza erguida, poderemos contemplar uns símbolos que semellan un libro aberto e un cáliz. Tendo en conta o simbolismo eucarístico da cáliz, así como que no pasado o estamento eclesiástico era practicamente o único grupo social letrado, é bastante probable que estes símbolos estean relacionados cun membro do clero. Isto non é estraño; xa temos analizado neste breve traballo moitos símbolos relacionados cos membros da Igrexa. O realmente sorprendente é a súa situación, no alto do lateral norte da vivenda, o cal nos leva a pensar que, probablemente, esteamos ante unhas pedras que foron reutilizadas nunha nova construción. Como hipótese, podemos estar diante de laudas funerarias que perderon a súa función tras a reedificación da igrexa parroquial por parte do arcebispo Rajoy. Polo tanto, a función destas pedras ten mudado, o cal afectou ao seu significado. Con todo, non é imposible comprender unha parte da súa mensaxe, ou cando menos establecer unha teoría, tal como fixemos noutros casos comentados ao longo destas páxinas.

As pedras dos centros históricos falan. Falan para quen quere escoitar, para todos aqueles que tratan de comprender, erguendo a cabeza ou fixándose no seu arredor. É moi

recomendable camiñar polas rúas e recunchos das vilas, con tranquilidade, ou sentarse nalgún banco ou mesmo nunha terraza cos ollos ben abertos, fixándose nos detalles, con curiosidade. A percepción dunha vila ou cidade varía por completo cando as visitamos con calma e coa mente esperta, dispostos a que nos instrúan e sorprendan con todas as ensinanzas que se poden extraer das arquitecturas, esculturas e símbolos que conteñen. As pedras falan, tal como falamos as persoas. Aínda así, semella que ultimamente estamos a perder a capacidade de escoitar, e a nosa sociedade pérdese en disputas que, como a gran maioría dos problemas desta vida, poderían solucionarse cunha conversa educada. Quizais comezar a prestar atención ás mensaxes que transmiten as pedras, que emiten as súas palabras con tanta paciencia, pode ser un bo exercicio para volver conectar desde o punto de vista comunicativo coas persoas coas que compartimos a nosa vida.




Fig. 26: símbolos na parede norte dunha vivenda na rúa Pescadería

OS MARIÑEIROS QUE DEFENDERON O SANTUARIO
Segundo os libros da Axudantía de Mariña de Pontedeume

Xavier Brisset Martín

Resumo

A Axudantía de Mariña de Pontedeume comezou as súas actividades o 3 de xullo de 1903. Entre os seus obxectivos, o de adxudicar un folio a cada mariñeiro e a cada embarcación da mar eumesa. Eses folios requirían determinados datos individuais formándose con eles os primeiros libros. Partindo de cero inscribíronse todas as embarcacións e moitos dos mariñeiros que nese tempo traballaban nos peiraos de Pontedeume, Ares ou Redes.

para todo sempre eno dito moesteiro dez missas. E que se digan estas dez missas con as outras viinte missas de suso nomeadas que a dita María Oanes, miña yrmaa, mandou dizer e que se sigan todas estas ditas missas e todos los ditos beens aquí declarados. E que digan huna /21 destas ditas missas na iglesia de Sam Giao de Ferrol e que seja cantada con hun responso sobre miña sepultura en cada hun ano e que se digan estas missas a vista de meu compridor en quanto viuer, e despois súa morte, a vista de quen el mandar, ficando a saluo, que meu con- / pridor tome destos ditos beens e rendas delles todo aquelo que abastar e abreger para pagar e conprir miñas déuidas e mandas e mixoes. Item, mando a frey Afón, ministro do dito moesteiro de Santa Catherina de Montefaro, todo o dereito que eu ey e me perteensçe eno casal de Cresçente / con súa prouança segundo que em el está, o qual a min perteensçe por manda que a min del fezo María Oanes, miña yrmaa, por tenpo de viinte e nove anos. E nomeo ao dito frey Afón por persona do dito casal e faço e ordeno por meu conpridor desta miña manda e testamento /24 ao dito frey Afón, ministro, que a conpla perlo meu e sem seu dampno. Item, mando que a vyña de Seyxo, que foy de Diego Afón de Piñeiro, a qual ora leua Tereyja Pérez, que despois morte da dita Tereyja Pérez que a venda meu conpridor e que faça della o que o dito Diego Afón mandou fazer. E miñas / mandas e myxoes e sepulturas e exsequias feytas e conpridas, estabellesco por meu herdeyro eno remanente vniuersalmente ao dito frey Afón, ministro que agora he do dito moesteyro, e póñoo e apodéroo ena corporal possissom de todos meus beens despois my- / ña morte e que os possa entrar e entre sem pena e temor de justiça e de outra persona alguna, que eu por esta myña manda e testamento e vltima postromeyra voontade póñoo e apodéroo e traspasso em seu poderío a possissom de todos meus /27 beens móuelles e reyzes eno dito frey Afonsso de myña liure e propria voontade para que faça delles e em elles e de parte delles todo ho de suso contheúdo et aja o remanente. Et por esta myña manda arredo de min e de todos meus beens et de parte delles a todos los meus parentes, propyncos e non propincos, con çinquo soldos e non quero que máys ajam nen herdem de meus beens nen de parte delles. E por esta myña manda reuoco e dou por ninhunas e por rotas e chançeladas / e quero que non vallam todas las outras mandas e testamentos e codiçilios que eu ajo feitos antes desta, asy por scriptos como por palauras, e por outra qualquer maneyra que as eu aja feitas, todas quero que non vallam, saluo esta que ora faço e ordeno per / este notario subscripto, a qual dou e otorgo por myña manda e testamento e myña postrymeyra voontade e quero que valla e se conpla em todo segundo se em ella contem asy como myña manda e testamento e miña postromeyra /30 voontade e codiçilio. Et qualquer persona que contra ello for porlo caybar (*sic*) nen embargar da myña parte ou da estraya myña voz lle tollo e seja maldito ou maldita ata a séptyma geeraçón e perga todo o que lle por esta manda for mandado e a dita / manda fique firme e valla para sempre segundo que se em ella contem. Et porque he çerto, outorguey dello esta carta de manda e testamento perlo notario subscripto ao qual mando e rogo que a dé asy signada a máys forte e máys firme se mester for sobre / las cousas sobreditas, huna e máys as que conprirem sobre la dita razón, non mudando nen marrando

a sustançia e cousas suso contheúdas e per min mandadas. Feyta en Ferrol, dez e sete días do mes de juyo, ano do nasçemento de nosso señor Ieshuchristo /33 de mille e quatroçentos e doze anos. Testemoyas que para ello forom chamadas e espeçialmente rogadas Fernán Ares Palmeyro, morador em Mugardos, frey Fernando de Montaos, frayre conventual eno moesteyro de Santa Catherina de Montefaro, e Afón / d'Envaande e Fernán Cabeçiñas, moradores em Ferrol, Fernán de Villar e outros. Eu Domingo Fernández, notario público en Ferrol por Nuño Freire d'Andrade, presente foy e fiz escripuir e poño aquí meu nome e meu signal (*sinal*), que tal he, en testimoyo de verdade. Domingo Fernández, notario (*rúbrica*)

4

1412, xullo, 29. Cedeira.
Toma de posesión por parte de frei Afón, ministro do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, das herdades que Pero Calvo, veciño de Ferrol, deixara no seu testamento (1412, xullo, 17. Ferrol) ao dito mosteiro.
No dorso:
43
Testamento [...]
Papeles del partido de Ferrol, Narón y Sanjurjo
Nº 9. Nº 549 Administración
1412. Coruña. Nº 1. Monfero
17 junio 1412. Ferrol. Leg. 303/43
Carp 509, nº 10
A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 509, nº 10. Pergameo. Galego. Escritura semihihíbrida. 395 x 485 mm. Bo estado de conservación.
Día esta feyra, viinte e nove días do mes de julio, ano do nasçemento do noso saluador Iesuchristo de mille e quatroçentos e doze anos, en este dito día, estando ena villa de Çedeira ante Afón Suárez, alcalde ena dita villa, en lugar de Pero Galuán, alcalde mayor por- / lo conde don Fadrique, e en presença de min, Afón Fernández, notario público ena dita villa porlo dito señor conde, e das testemuñas ajuso escritas paresçeu frey Afón, mynystro do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, e presentou e fizo leer per min, o dito notario, ante o dito alcalde huna manda /3 e testamento que pareçía seer de Pero Caluo, vizino que foy da villa de Ferrol, a que Deus perdoe, a qual era escrita en pergameo de coyro e signada con sinal de Domingo Fernández, notario de Ferrol, segundo per ela o pareçía. Ena qual dita manda se pareçía que o dito Pero Caluo avía mandado ao dito moesteiro / de Santa Catalina todos los seus beens que a el perteençía de auer eno término e jurdiçón desta villa de Çedeira por manda e erançia de súa yrmaa María Oanes, a que Deus perdoe. E outrosí que avía mandado perla dita manda ao dito frey Afón [...] el avía

e lle perteençía de auer eno / casal de Creçente segundo que estaua con súa provança e outrosí ho avía feyto seu erdeiro e conplydor segundo ena dita manda pareçía, a qual dita manda eu, o dito notario, vy e lii ante o dito alcalde e ho dito frey Afón leuou para súa garda. A qual leúda, o dito frey Afón diso que pedía e rre- /6 quería por si e en nome do dito moesteiro de [...] do dereito ao dito Afón Suárez, alcalde, que o asentase e apoderase en todos los [...] que do dito Pero Caluo avía eno couto e término desta villa a ponto de seu finamento por quanto os el avía de auer de dereito e que os el entrase e feze- / se deles e de parte deles aquello do dito Pero Caluo [...] mandado, fazendo el así que faría ben a dereito o que era teúdo fazer. E en outra maneira fazendo delo o contrario diso que el protestaua e protestou o dito alcalde segundo tiiúdo aos ditos beens e rendas e esquilmos deles que estimaría en / cada hun ano a trezentos marabedís e aas custas e danos que se lle ende recreçesen e de como ho dezía que pedía testimoyo. E ho dito alcalde diso que el, visto a dita manda e testamento e pedimento per ela [...] perlo dito frey [Afón...], el asentaua e asentou e apoderaua e /9 apoderou logo ao dito frey Afón por si e en nome do dito moesteiro en todos los beens móuelles e rayzes que ao dito Pero Caluo perteençían e perteeçer deuían en qualquer maneira en esta villa de Çedeira e en todo seu couto [e jurdición] e que mandaua que os leuase e vsase sen / enbargo alguno daquí adiante segundo e ena maneira que ena dita manda e testamento se contén e que a saluo quedase a outra pesona ou pesoas algunas o seu dereito, se o ouuesen, enos ditos beens do dito Pero Caluo, ou en partes deles, e que negaua o que lle fazía perjudiçio. Testemoyas Johán / Fernández d'Esteiro, Afón Fernández, seu yrmaa, Nuno Pérez de Cordouellas e Johán do Coueiro e outros. E eu Afón Fernández, notario sobredito, que a todo o sobredito con as ditas testimoyas presente foy e esto todo escriuí e aquí meu nome e sinal fiz, que tal he, en testimoyo de verdade (*sinal*). Afón Fernández, notario (*rúbrica*)

5

1414, marzo, 14. [Freguesía de San Vicenzo de Meáns]
Doazón de Roi de Besoio, veciño da freguesía de San Vicenzo de Meáns, ao mosteiro de Santa Catarina de Montefaro das herdades que lle pertencen en Chantelos, na freguesía de San Vicenzo de Meáns.
No dorso:
[...]
Donación que hizo Roy de Besojo de las heredades [...] Chantelo. Béase
1444
A.-ARAG, P. 4, 13. P ergameo. Galego. Escritura híbrida. 250 x 250 mm. Bo estado de conservación.
Sabam todos come eu Roy de Vessojo, morador que soon ena frigrisía de Sam Viçenço de Meáns, outorgo e conosco que dou em pura e justa doaçóm por amor de Deus ao ministro

e frayres do moesteiro de Santa Cathalina de Montefaro para todo [tenpo] convém a saber: todas las herdades chantados que eu ey e a min perteesçem em Chantelos, que he ena dita frigrisía de Sam Viçenço de Meán, por voz de Mugardia, das quaes herdades som estas aquí declaradas: o tarreo do Seyxo que testa ençima eno tarreo de dona Miçía e da outra parte testa em herdade de voz do Villar, do qual tarreo a min perteesçe os tres quartos de dúas séptimas de todo o dito tarreo. Item, máys o tarreo do Noual, como departe de huna parte do Antigo e da outra parte testa eno tarreo de Sant Atoyño, que agora leua Pero Arias e Fernando Eanes, e da outra parte testa em herdade de Fernando Eanes, do qual a min perteesçe os tres quartos de dúas séptimas. Item, eno tarreo da Corredoyra, que testa eno Antigoo e da outra parte em herdade de dona Miçía e da outar parte testa eno agro do Casal, que agora he do dito moesteiro os tres quartos de dúas séctimas. Item, a meetá da leyra de Mugardia que testa eno tarreo de Bouçellas e eno agro de Preguntoyro, que he do dito moesteiro, e testa ena de Mugardia, que he do dito moesteiro as dúas parte e a terça de Fernando Eanes. Item, a bouça do Noual, como testa eno tarreo em que o dito moesteiro ha as dúas partes e da outra parte testa em herdade que chaman de voz de Bernaldía e de outra parte testa em herdade de María Franca. Item, o agro que chaman da Pulgeyra, como vem topar ena fonte, como departe do coto de voz de França e topa em outro agro de voz de Fidalgos, em que o dito moesteiro ha as dúas sestas, e da outra parte eno agro que foy de Pero Gago e da outra parte vem topar aa ribeyra do mar da Barca de Riilo, este tarreo he ena frigrisía de Santiago de França. Em toda esta herdade sobredita ey eu os tres quartos emteyramente de dúas séptimas. Item, máys dou ao dito moesteiro e frayres del de dous castiñeyros uerdeanes cons súas postas e herdades, as dúas partes os quaes estam eno dito lugar de Chantelos, e hun eno Lestegal e outro eno camiño que vay para Chantelos de suso. Item, mays as dúas partes da nogeyra e de hun castiñeiro aluar que está so o cómaro da herdade de dona Miçía. Item, máys as dúas partes da meetade de huna nongeyra (*sic*) que está eno dito lugar aa porta da pardiñeyra que foy de Pero Felpado. Item, máys as dúas partes de outra nogeyra emteyra que está açerca desta con todas las outras herdades e chantados que eu ey e a min perteesçem em qualquer maneyra e por qualquer razón eno dito lugar de Chantelos, deslo río de Salamil ata Preguntoyro, por voz de meu avoo Roy Pérez. Foy dada esta dita doaçón día esta feyra, quatorze días do mes de março, ano do nasçemento do noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e quatorze anos. Testemoyas Pero Yanes da Ribeira, Lourenço Barrio, Johán Varela, García Pardo, escudeiro de Nuño Freyre d'Andrade. E eu Pedrares, notario público por Nuño Freyre d'Andrade enas súas vilas da Pontedeume e Ferrol e Bilalua e en todas las súas terras e señoríos, a esto que dito he con as ditas testemoyas presente foy e esta carta escripuí e aquí meu nome e signal puge, que he tal, en testimoyo de verdade. Pero Ares (*rúbrica*) (*sinal*)

6

1424, xullo, 9. Ferrol.

Xoán Estévez, alfaiate, veciño de Ferrol, afora a Gómez de Chanteiro e á súa muller, María Fernán, moradores na freguesía de San Pedro de Cervás, a metade dunha leira na chousa da Regueira, na freguesía de San Pedro de Cervás, por un cuarto do viño producido cada ano.

No dorso:

Número 23

Cerbás. Lleva esto Fernando Bajolo

Foro de Juan Estébez, alfeirán, vezino del Ferrol, a Gómez de Chanteiro de vna viña en la chousa da Regueira en Cerbás

[Foro de Juan] Estébez, alfayar, a Fernando [...] de vna viña [...]

A.-ARG, Colección de documentos en pergameo, 719. Pergameo. Galego. Escritura semihihíbrida cortesá. 220 x 340 mm. Estado de conservación regular polo esvaemento da tinta na parte dereita do diploma.

Saban quantos esta carta viren como eu Johán Estéuees, alfayate, veziño de Ferrol, outorgo e conosco que aforo a vós Gómez de Chanteiro, e a vosa moller, María Fernam, moradores ena friglesía de San Pedro de Ceruaas, para senpre para vós e para vosas vozes que con vos apro[...] a meatade en [...] /3 da leira que uós, o dito Gómez de Chanteiro, posestes de viña que jaz ena chousa da Regueira, friglesía de Sam Pedro de Çeruaas, como testa da huna parte ena / viña de Sam Pedro que ora ten Vasco López e da outra parte testa ena herdade de Santiago que ora leua Nuno Freire e da outra parte testa ena herdade de / Johán García Roviigeen e da outra parte testa ena herdade que foy de Domigote que ora leuan os frayres de Santa Catalina e per súas deuisoes [...] /6 a dar a min e a miña voz em cada hun ano a quarta parte enteyramente de todo o viño e nouidade que Deus em ela der aa boa fe e sem [...] em- / gano ao pasadoyro da viña ou aa biga do lagar qual eu ante quiser e avedes a labrar e manteer a dita viña vós e vosas vozes [...] / e cabar e podar segundo que lle perteesçer a boa fe e sem maao emgaño e eu fazérvola de paz a todo tenpo em quanto quiserdes labrar. E non /9 querendo vós labrar a dita viña ou vosa voz, que a dita viña que me fique liure e desenbargada para senpre de uós e de toda vosa voz [...] / que em ela estouer. E eu, o dito Gómez de Chanteiro, que soo presente, por min e em nome da dita miña moller asy o resçebo e outorgo e este he [...] / do ontre nós partes e outorgamos de o teer e conprir e abreger, so pena de mill marabedís da husáuele moneda, que outorgamos de pagar a qualquer de nós /12 partes que contra elo for e ho non conprir como dito he aa parte que o conprir e abreger. E para o así teer e conprir obligamos nós e nosos beens / e de qualquer de nós. E a pena, pagada ou non, esta carta e todo o em ela conteúdo fique firme e valla e desto outorgamos dúas cartas / em hun tenor. Feitas em Ferrol, noue días do mes de julio, ano do nasçemento de noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e viinte e quatro anos. /15 Testemoyas que foron presentes Gonzaluo de

Vilela, Afón da Vaca, Johán Royuo, viciños de Ferrol.
Eu, Aras Vaasques, notario público ena villa de Ferrol por Nuno Freyre d'Andrade e em todas las súas villas e terras e señoríos, a esto presente foy / e escriuí e poño aquí meu nome e signal acustumado, que tal he, em testemoyo de verdade. Aras Vaasques, notario (*rúbrica*) (*sinal*)

7

1428, decembro, 31. Ponte Baxoi, xurisdición de Leiro.
Composición de García de Neberas e Xoán de Miño, veciños de Miño e herdeiros e cumpridores do testamento de Sancha Oanes de Miño, e frei Xoán, ministro do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, tamén cumpridor, con Fernán de Santamaría, procurador da obra da igrexa de Santa María de Miño, sobre certas herdades.
No dorso:
Número CXLV
Duás cartas dos frayres de Santa Catalina de Montefaro. Avinça entre frey Juan da Riba e Juan de Miño e García de Nebras
[...] Juan de Miño e García de Nebras [...]
A.-ARG, Colección de documentos en pergameo, 800. Pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 310 x 160 mm. Bo estado de conservación.
Sabam todos que este he a avynça e conposiçón que he feita e outorgada ontre García de Neberas e Juan de Miño, moradores en Miño, así / como conpridores e herdeiros dos beens e mandas e mixoes de Sancha Oanes de Miño, a que Deus perdom, estes de huna parte, e frey Juan, menistro del /3 moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, conpridor con as sobreditas da manda da dita Sancha Oanes, estes todos, con acordo de Fernán de Santamaría, procu- /rador da obra da iglesia de Santa María de Miño, fezeron abynça sobre los beens móuelles e rayzes que foron da dita Sancha Oanes en esta gisa: que a viña / da Rigueira, que agora leua Juan Barba, que fique liure e desenbargada aa dita iglesia e que digam per ela dúas misas segundo que mandou Vasco Manteiga e que /6 as acusem os herdeiros da dita Sancha Oanes e os outro beens que fuerem alende desto, así móuelles como rayzes, que se vendam e que se cunplan as man- / das e mixoes da dita Sancha Oanes e se pagem súas déuidas, e o máys que delo sobeja, que ajam os ditos Juan de Miño e García de Neberas a meadade et / a outra meadade que fique aa obra da iglesia de Santa María de Miño e que fique aos ditos Juan de Miño e García de Neberas o viño que agora a dita Sancha Oanes ten /9 ena casa en que ela moraua en Miño. E que a venda que fezeren dos ditos beens que seja con acordo de todos tres e as mandas e déuidas pagas tanbén / se acodir pleito ou demanda sobre los ditos beens, que seja aa custe de todos os ditos beens. E per esto as ditas partes fiquem adendas e aparenigadas. / E outorgamos de todo esto comprir e gardar segundo e ena maneira que sobredita he. E outorgamos, outrosí, que

qualquer das partes que contra esto pasar ou non comprir que pagen por pena aa outra parte que o gardar e conprir mill marabedís de husal moneda e a carta fique firme segundo dito he. Feita aa Ponte de Bajoy, jurdiçón de Lyero, o postre- /12 meiro día do mes de dezenbro, ano do nasçemento de noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e viinte e oyto anos. Testemoyas Garía Rebolo e Juan Barba, mora- / dores en Miño, e Frey Juan de Vilarfrío, e Fernán Folem de Bouças e outros. Eu Juan López, notario públicco enos coutos de Leyro por Diego de [...]- /ga señor do dito couto, a ysto que sobredito he presente foy e poño y meu sinal (*sinal*).

8

1438, xaneiro, 27. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Xoán de Cavalo e á súa muller, María Eanes, moradores no couto de Mugardos, varias herdades por seis marabedís ao ano.
No dorso:
Foro vello de Christouoo
Lleva este foro Fernando do Caualo por pago de seis marabedís vellos
Fuero de [...] año de 1438
Fuero de heredades en Mugardos
27 enero año 1438. Leg. 292/3
Carp 511, nº 7
A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 7. Pergameo. Galego. Escritura semihíbrida. 233 x 355 mm. Estado de conservación regular por unha rotura na marxe superior e a falta de soporte na subscrición notarial.
Saban quantos esta carta viren como nós frey Lourenço Bigode, ministro do moosteiro [de Santa] Catalina de Montefaro, con frey Juan da Riba et con frey Gonçalo, capelán de Santa María de Miño, et frey [Juan de] Vilarfrío et frey Afón Pallés et frey Juan Grande et frey Fernando da Mariña et con os outros frayres [do] dito moesteiro, estando ajuntados en capítulo per campaa tangida segundo que avemos de vso et de custume, [...]sente por nós e por lo convento do dito mooesteiro et por los nosos soçesores, outorgamos et conosçemos que aforamos a çenso et por nome de çenso a vós, Juan de Caualo, et a vosa moller María Oanes, moradores eno noso couto de Mugardos, por tenpo de vosas vidas, et morendo hun que vage eno outro ata a morte do postrimeiro de uós, et de [...] da morte do postrimeiro de vós que o ajan et herden vosos fillos et fillas et netos et netas legítymos [...] postrimeiros deles, convén a saber: que vos aforamos como dito he a nosa cortiña que jaz a par da [fonte de] Mugardos, como testa eno camiño que vay para a fonte et da outra parte ena herdade de Fernán Janeiro [...] parte ena fonte et porlo río [...]sope et per súas deuisoes. Item, máys vos aforamos como [...] da cortiña que jaz da outra parte o río que a

nós perteesçe, como testa ena herdade que foy de Domingo Ramos et ençima ena herdade que foy de Lourenço Bigode et en fondo eno outro río et per súas deuisoes, con todas súas áruores que ora en elas están para que vós et os ditos vosos fillo et netos et netas façades en elas quasquer edefiçios que vós quiserdes et a vós aprouver. Et avédesnos a dar por çenso et renda delas en cada hun ano seys marabedís de moneda vella, contando branca por tres diñeiros, por día de Sant Martiño, postos eno dito moosteiro. Et depoys morte do postrimeiro de vós et dos ditos vosos fillos et fillas et netos et netas, ou de cada hun de uós, non os avendo vós ou cada hun de vós, que as ditas cortiñas fiquen liures et quitos et desenbargados a nós et ao dito noso moosteiro con todo o perfeito que en elas estaua feito. E obrigamos a nós et aos beens do dito moosteiro para vos fazer saas et de paz as ditas cortiñas eno dito tenpo de todo et qualquer enbargo que vos sobre elas reclesçer, sob pena de trezentos marabedís da dita moneda. Et eu, o dito Juan do Caualo, que presente soo, asy reçebo de vós o dito foro para min e para a dita miña moller et para os sobreditos. E obrigo min et meus beens et as ditas cortiñas con seus perfeitos para vos pagar en cada hun ano os ditos seys marabedís como dito he, so pena de outros seys marabedís. Et esto he feito et outorgado entre nós, as ditas partes, a boa fe et sen mao engano. Et porque seja firme et non veña en dubta, outorgamos delo dúas cartas en hun tenor perlo notario et testemoyas de juso escriptas. Que foron outorgadas dentro eno dito moosteiro a viinte et sete días do mes de janeiro, ano do nasçemento de noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos et trinta et oito anos. Testemoyas Fernando Abeleiro, Pero Novo, veziños de Ferrol, Pero de Quintaa, morador en Vemantes, et outros. Vay escripto sobre reydo onde diz non os avendo vós [...] hun et vay escripto entre reglas onde diz para et non enpeesca. E eu, Gonçalo Pérez, notario jurado de [...], seu notario (*sinal*) público ena [...] testemoyas fiz escripuir e [...]. Gonçalo Pérez, notario (*rúbrica*)

9

[Década de 1440?]

O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Rodrigo Ares [e á súa muller] e a Xoán López e á súa muller Maior [...], moradores todos en Bañobre, freguesía de Santa María de Castro, unha leira para plantar vides e facer un lagar.

[A].-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 9, f. 1v. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura semihíbrida. 338 x 245 mm. Estado de conservación regular debido a unha mancha na esquina inferior esquerda do soporte que impide a lectura. Incompleto.

Sabban quantos esta carta de foro viren como nós frey Lourenço, ministro do mosteiro de Santa Cathalina de Montefaro, e frey Juan da Riba e frey Juan Grande e frey Afonso Paaz e frey Fernán da Mariña e frey Lopo Conde e frey Ares e frey Juan de Uilaboa e frey Juan de Goa e frey Juan de Vilaboa, o moço, frayres conuentuaas do dito mosteiro, estando así todos ajuntados eno capítolo do dito noso mosteiro [...] da segundo que auemos de vso e

custume, outorgamos e conosçemos en nome de nós do dito noso mosteiro e frayres e conuento del que afforamos a uós Rodrigo Ares, morador en Banobre, fliglesía de Santa María de Castro, [...] que he ausente, e a uós Juan López, morador ena dita fliglesía, e a uosa moller Maior [...] a saber o que vos así aforamos: hun tarreo do dito noso mosteiro que jaz e he sito [...] parte en erdade de Lopo Garçía e da outra parte testa enbaixo eno río e da outra parte [...] e da outra parte testa en erdade do dito Lopo Garçía. O qual dito terreo asy testado [...] condiçón que o poñades e plantedes de viña de çepa e o dedes posto e plantado [...] en pos dos outros e aualedes e çarredes e eesterquedes e jeytedes [...] cada hun ano tres cauas e súa poda per saçón, segundo que perteesçe a labor de viña e fçades (*sic*) eno dito tarreo [...] sen maliçia para vós e para nós huna casa ou lagar en que collades vós viño e [incompleto].

10

[Década de 1440?]

O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Lopo de San Pantayo, morador en Miño, a leira de viño de Fonte Maior, na freguesía de Santa María de Miño, por un cuarto do viño producido ao ano.

[A].-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 8, f. 1r. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 340 x 243 mm. Bo estado de conservación, aínda que falta parte do texto na esquina inferior esquerda do soporte. Incompleto.

Saban todos como nós frey Lourenço, ministro e frayre do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, e frey Gonzaluo de Betanços e frey Pedro de Perues e frey Juan Grande e frey Afom Pellaz, frayres do dito moesteiro, por nós e en nome e voz do dito moesteiro e frayres e conuento del damos e aforamos para senpre a vós Lopo de San Pantayo, morador en Miño, e a vosas vozes aquela leyra de viña con súa herdade en que ela está, que jan en Fonte Mayor, frigresía de Santa María de Miño, como departe per fondo do río e per çima da herdade de María da Rigueira e de seus yrmaos e da outra parte do camiño antigo e per outras súas diuisoes. A tal pleito e condiçón damos e aforamos para senpre a vós a dita leyra de herdade que en quanto en ela touerdes ou queserdes teer viña que dedes ende ao dito moesteiro e súa voz a quarta parte do viño que en ela Deus der en cada ano segundo que llo ata aquí pagastes. E se queserdes contar a viña que [...] ena dita herdade todo aquelo que vós queserdes e por ben touerdes e que dedes ende ao [...] e conuento del en cada un ano para senpre por foro e renda da dita leyra quatro [...] por cada día de San Martiño do mes de nouenbro e leuedes para vós todo o [incompleto].

11

[Década de 1440, s.m., s.d., mércores. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro]
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Roi Salido [e á súa moller], moradores na vila de Pontedeume, dúas leiras de viña na chousa da Freiría, sita na freguesía de San Martiño do Porto, por un terzo do viño producido ao ano.
A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 9, f. 2v. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 338 x 245 mm. Estado de conservación regular por unha mancha que cobre toda a parte esquerda do folio e non permite a lectura.
[...] viren como eu frey Lourenço, ministro do moesteiro de Santa Catalina de Monte[faro, ...] frey Juan de Vilarfrío e frey Afón Pellaz e frey Fernán da Mariña e frey Pero de Perues [...] e frey Fernando de Ribadauia e frey Juan de Guaa e frey Ares, estando todos [...] tangida segundo que o avemos de vso e costume, outorgamos [...] e porla voz do dito noso moesteiro e frayres e convento del que aforamos [...], veciños da vila da Pontedeume, e as vosas vozes [...] convén a saber o que uos aforamos: dúas leyras de viña de çepa que [...] ena chousa da Frayría, friglesía de San Martiño de Porto, como testa da huna [...] que labra Fernán da Veyga e da outra parte testa en outra que [...] eno baçelar per súas devisoes; e a outra leyra testa [...] e ençima testa en outra viña que labra Afón de [...] en outra viña que labra Fernán da Veyga e per súas devisoes. As [...] aforamos segundo que dito he a tal pleito e condiçón que as cauedes [...] murgulledes e reparedes segundo que perteesçer a labor de viñas [...] per seu tenpo a sazón en cada hun ano e do viño que [...] do viño a nós e a voz do dito noso moesteiro, as vuas perlo çesto [...] en cada hun ano e que leuedes para vós os dous terços, pagándose o [...] de consún. E queremos e outorgamos que as ajades e leuedes e vsedes des oje, este día [...] dito foro e obligamos a nós e aos beens do dito noso moesteiro de uos [...] e saluo a todo tenpo de todo enbargo, so pena de quinentos marabedís [...]. E eu, o dito Roy Salido, que presente soon, asy o reçebo e prometo [...] ditas viñas e de as reparar e pagar [...] ena maneira que dito he so a dita pena dos [...] nós, as ditas partes, outorgamos delo dúas [...] en hun tenor para que cada hun de nós [...] eno dito moesteiro de Santa Catalina, día quarta feira [...] nasçemento de nos señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e [...] presentes Diego Gómez e Gómez de Guille e Afón [...]. E eu Johán Señor, notario público porlo señor [...] súa sobriña, enas vilas da Pontedeume [...] las outras súas terras e señoríos e encomendas [...] as ditas testemoyas e escripuí e puge aquí meu nome [...] (*sinal*). Johán Señor, notario (*rúbrica*)

12

[Década de 1440], xaneiro, 6, mércores. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Afonso de

Covelo e á súa muller varias leiras de viñas por un terzo do viño producido ao ano.
A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 9, f. 2r. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura semihíbrida. 338 x 245 mm. Estado de conservación regular por unha mancha que cobre toda a parte dereita do folio e non permite a lectura.
Saban quantos esta carta de foro viren como eu frey Lourenço, ministro do moesteiro de Santa Cathalina de Montefaro, en hun con frey Juan de Vilarfrío e frey Afonso [...] e frey Fernán de Ribadauia e frey Afón de Chanteiro e frey [...] juntados en cabiido dentro eno dito noso moesteiro per canpaa tangida segundo que o avemos [de vso e de custu]me, outorgamos e conosçemos por nós e porla voz do dito noso moesteiro [...] de que aforamos a vós Afón de Couelo e a vosa moller [...] e as vosas [...] máys o terço convén a saber o que uos aforamos: huna [...] friglesía de San Martiño de Porto, como testa da huna parte ena [...] outra parte testa ena viña de Fernán Doçe e segundo máys [...] vos aformos huna meatade de huna viña que nós agora teemos [...] viña de Fernán Doçe e como vay topar das pedreiras de médeo [...] devisoes. As quaes ditas leyras de viñas vos aforamos a tal pleito e condiçón [...] e geytedes e murgelledes e labredes e reparedes, dándolle tres [...] segundo que perteesçer a labor de viña e do viño que Deus en elas der [...] ena viña carregado ao noso lagar en cada hun ano, pagándose [...] vós os dous terços. E queremos e outorgamos que as ajades e leuedes [...] per vertude do dito foro. E obligamos a nós e aos beens do dito noso moesteiro [...] e saluo a todo tenpo de todo enbargo, so pena de quinentos marabedís da moneda vsal [...] Couelo, que presente soo, por min e por toda miña voz, asy o reçebo e prometo e obligo de [...] e cauar e podar e reparar as ditas viñas e de pagar o dito foro ao [dito] moesteiro e frayres e convento del en cada hun ano, so a dita pena dos ditos quinentos marabedís, segundo e ena maneira que dito he. E porque he çerto, nós, as ditas partes, outorgamos delo dúas cartas perlo notario e testemoyas ajuso escriptas anbas en hun tenor para que cada huna de nós, as ditas partes, leue a súa. Feita dentro eno dito moesteiro de Santa Cathalina, [quarta feira], seys días do mes de janeiro, ano do nasçemento do noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e quareenta e [...] que foron presentes Fernán da Veyga e Afón do Regueiro e Fernán Doçe de [...] dita friglesía de San Martiño do Porto, e outros. E eu Johán Señor, [...] d'Andrade, titor de dona María, súa sobriña, enas vilas da Pontedeume e Ferrol e Vilalua [...] en todas las outras súas terras e señoríos e encomendas, a esto que dito he presente foy [...] con as ditas testemoyas e escripuí e puge aquí meu nome e signal, que he tal, en testimoyo de verdade (*sinal*). [Johán Señor, notario (*rúbrica*)]

13

1440, xaneiro, 6, mércores. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Fernán de Rigueiro, morador en Vale, na freguesía de San Martiño de Porto, unha leira de vides na

chousa da Frairía, na freguesía de San Martiño de Porto, por un terzo do viño producido ao ano.

A.-ARG, Colección Vaamonde Lores, Pergameo 1258, Foral do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, f. 11v. Caderno de dous bifolios. Pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 330 x 240 mm. Bo estado de conservación.

Saban quantos esta carta de foro viren como eu frey Lourenço, ministro do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, en hun con frey Juan de Vilarfreyo e frey Afonso Pellas e frey Fernando da Mariña e frey Pero de Perues e frey Afonso de Chanteiro e frey Fernando de Ribadauia e frey Juan de Guaa e frey Ares, estando todos juntos en cabiido dentro eno dito moesteiro per campaa tangida segundo que avemos de vso e de costume, outorgamos e conosçemos por nós e porla voz do dito noso moesteiro que aforamos a uós, Fernán de Rigueiro, morador en Vale, friglesía de San Martiño de Porto, e a vosa voz para senpre jamays ao terço, convén a saber: o que uos asy aforamos huna nosa leyra de viña de çepa que jaz e he syta ena chousa da Frayría, friglesía de San Martiño de Porto, como testa da huna parte eno camiño antigoo que vay para Madanela e da outra parte testa ena viña que labra Lopo Golpe e da outra parte testa en outra que laura Fernán da Veyga e per súas deuisoes. A qual dita leyra de viña, asy testada e demarcada, vos aforamos a tal pleito e condiçón que a cauedes e podede (*sic*) e labredes e geytedes e muigulledes e reparedes segundo que perteesçer a lauor de uina, dándolle tres cauas e huna poda en cada hun ano por seu tempo e sazón e do viño que Deus en ela der que nos dedes o terço del a nós e ao dito noso moesteiro, as vuas pelo çesto ena viña carregado ao noso lagar e que leuedes para vós os dous terços en cada hun ano, pagándose o dézemo de consum. E queremos e outorgamos que a ajades e leuedes des oje, este día, en diante per vertude do dito foro. E obligamos a nós e aos beens do noso moesteiro de uos la fazer de paz e saluo a todo tempo de todo enbargo, so pena de quinentos marabedís de boa moeda vsal. E eu, o dito Fernán do Rigueiro, que presente soo, por min e por toda miña voz, asy reçebo a dita viña e prometo e outorgo de cabar e podar e labrar a dita viña a boa fe e sen mao enganno segundo que dito he e de pagar o dito foro en cada hun ano ao dito moesteiro e ao ministro e frayres e convento del, so a dita pena dos ditos quinentos marabedís. E porque he çerto, nós, as ditas partes, outorgamos delo dúas cartas perlo notario e testemoyas ajuso escriptas, anbas en hun tenor, para que cada huna de nós leue a súa. Feita dentro eno moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, día quarta feira, seys días do mes de janeiro, ano do nasçemento do noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e quarenta anos. Testemoyas que foron presentes Fernán Uázquez e Afonso d'Anca e Afonso do Rigueiro e Pero Vázquez, moradores ena dita friglesía de San Martiño, e outros.

E eu Johán Señor, notario público porlo señor Fernán Pérez d'Andrade, titor de dona María, súa sobriña, enas vilas da Pontedeume e Ferrol e Vilalua e en todas las outras súas terras e señoríos e encomendas, presente foy a esto que dito he con as ditas testemoyas e escripuí e puge aquí meu nome e synal, que he tal, en testimoyo de verdade (*sinal*).

Johán Señor, notario (*rúbrica*)

14

1440, xaneiro, 6, mércores. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Xoán López, morador en Vale, dúas leiras de viñas na chousa da Frairía, na freguesía de San Martiño de Porto, por un terzo do viño producido ao ano.
A.-ARAG, P. 3, 14, fol. 1r. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura semihíbrida. 340 x 250 mm. Bo estado de conservación, aínda que falta parte do texto na esquina superior dereita do soporte.
Saban quantos esta carta de foro viren como eu frey Lourenço, ministro do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, en hun con frey Johán de Vilarfrío e con frey Afonso Paaz e frey Fernando da Mariña e frey Pero de Perues e frey Afón de Chanteiro e frey Fernando de Ribadauia e frey Juan de Guaa e frey Ares, frayres do dito moesteiro, estando todos juntos en cabiido dentro eno dito moesteiro per canpaa tangida segundo que o avemos de vso e de costume, outorgamos e conoçemos por nós e por la voz do dito noso moesteiro e frayreses e convento del que aforamos a vós Juan López, morador en Vale, e as vosas vozes ao terço para senpre jamays, convén a saber: o que uos aforamos dúas leyras de viñas que jazen e son sytas ena chousa da Frayría, friglesía de San Martiño de Porto, como testa huna delas da huna parte en outra viña de Diego Gómez e da outra parte testa en outra de Pero Vaasquez e da outra parte testa en outras viñas de Afonso d'Anca e de Afonso do Rigueiro e per súas devisoes e a outra leyra de viña testa ena viña do dito Afonso d'Anca e ençima testa eno valado e da outra parte testa ena viña de Fernán da Veyga e per súas devisoes. As quaes ditas leyras de viñas asy testadas e demarcadas vos aforamos segundo que dito he a tal pleito e condiçón que as cauedes e podedes e lauredes e geytedes e murgulledes e reparedes segundo que perteesçer a lauor de viñas, dándolles tres cauas e huna poda en cada hun ano per seu tenpo e sazón e do viño que Deus en elas der que nos dedes o terço del a nós e a voz do dito noso moesteiro, as vuas perlo çesto ena viña en cada hun ano carregado dentro ao noso lagar e que tomedes para vos os outros dous terços, pagándose o dézemo e consum. E queremos e outorgamos que as ajades e leuedes des oje, este día, en diante. E obligamos a nós e aos beens do dito noso moesteiro de vos las fazer de paz e saluo e todo tempo de todo enbargo, so pena de quinentos marabedís de boa moneda vsal. E eu, o dito Juan López, que presente soon, por min e por toda miña voz, asy reçebo as ditas viñas e prometo e outorgo de as cauar e podar e laurar e reparar a boa fe e sen mao engano e de pagar o dito foro en cada hun ano ao dito moesteiro e frayres e convento del, so a dita pena dos dito quiñentos marabedís. E porque he çerto, nós as ditas partes outorgamos delo dúas cartas perlo notario e testemoyas ajuso escriptas anbas en hun tenor para que cada huna de nós as ditas partes leue a súa. Feita dentro eno dito moesteiro de Santa Catalina, día quarta feira, seys días do mes de janeiro, ano do nasçemento do noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e quarenta anos. Testemoyas que foron presentes Fernán Martínez e Afonso d'Anca e Afón do Rigueiro e

Pero Vaasquez, moradores ena dita friglesía de San Martiño de Porto, e outros. E eu, Johán Señor, notario público porlo señor Fernán Pérez d'Andrade, titor de dona María, súa sobriña, enas vilas de Pontedeume e Ferrol e Vilalua e en todas las outras súas terras e señoríos e encomendas, presente foy a esto que dito he con as ditas testemoyas e escripuí e puge aquí meu nome e signal, que he tal, en testimoyo de verdade (*sinal*). Johán Señor, notario (*rúbrica*)

15

1440, xaneiro, 6, mércores. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Lopo Golpe e á súa muller, Elvira Pérez, moradores na freguesía de San Mamede de Laraxe, dúas leiras de viñas na chousa da Frairía, na freguesía de San Martiño de Porto, por un terzo do viño producido ao ano.
A.-ARAG, P. 3, 14, fol. 1v. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 340 x 250 mm. Bo estado de conservación, aínda que falta parte do texto na esquina superior esquerda do soporte.
[Sab]an quantos esta carta de foro viren como eu frey Lourenço, ministro do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, en hun con frey Juan de Bilarfryo e frey Afón Pellaz e frey Fernando da Mariña e [frey] Pero de Perues e frey Afón de Chanteiro e frey Fernán de Ribadauia e frey Juan de Guaa e frey Ares, estando todos juntos eno cabiido do dito noso moesteiro per campaa tangida segundo que o avemos de vso e de costume, outorgamos e conoscemos por nós e por la voz do dito noso moesteiro e frayres e convento del que aforamos a vós Lopo Golpe e a vosa moller Eluira Pérez, moradores ena friglesía de San Mamede de Laraje, e as vosas vozes para senpre jamays ao terço convén a saber: o que vos aforamos dúas leyras de viñas de çepa que jazen e son sitas ena chousa da Frayría, friglesía de San Martiño de Porto, como testa huna delas da huna parte en outra viña de Pero Vázquez e da outra perte testa eno baçelar de çima e da outra parte testa en outra viña de Afón de Couelo e per súas devisoes; e a outra leyra de viña testa da huna parte en outra viña que labra Fernán da Veyga e da outra parte testa eno antigoo e da outra perte testa en outra viña labra Fernán do Rigueiro e Pero do Rigueiro e [per] súas devisoes. As quaes ditas leyras de viñas asy testadas e demarcadas vos aforamos a tal pleito e condiçón que as cauedes e podedes e labredes e geytedes e murgulledes segundo que pareesçer [...] labor de viñas, dándolles tres cabas e huna poda per seu tempo e sazón en cada hun ano e do viño [que] Deus en elas der que nos dedes o terço del en cada hun ano, as vuas perlo çesto ena viña carrejado ao noso lagar de San Martiño a nós e ao dito noso moesteiro e frayres e convento del e que leuedes para vós os dous terços, pagándose o dézemo de consún. E obligamos a nós e aos beens do dito noso moesteiro de vos las fazer de paz e saluo a todo tenpo de todo enbargo, so pena de quinentos marabedís de boa moneda vsal.

E eu, o dito Lopo Golpe, que presente soo, por min e por toda a miña voz asy a reçebo e prometo e outorgo de labrar e cabar e podar as ditas viñas en cada hun ano e de pagar o dito foro ao dito moesteiro e frayres e convento del en cada hun ano segundo e ena maneira que dito he e so a dita pena dos ditos quinentos marabedís. E porque he çerto, nós as ditas partes outorgamos delo dúas cartas perlo notario e testemoyas ajuso escriptas, anbas en hun tenor, para que cada huna de nós as ditas partes leue a súa. Feita dentro eno dito moesteiro de Santa Catalina, día quarta feira, seys días do mes de janeiro. Testemoyas que foron presentes Fernán Martínez e Afón do Rigueiro e Pero Vázquez, moradores ena dita friglesía de San Martiño, e Afón de Couela e Diego Gómez, veciños da vila da Pontedeume, e outros. E eu Johán Señor, notario público porlo señor Fernán Pérez d'Andrade, titor de dona María, súa sobriña, enas vilas da Pontedeume e Ferrol e Vilalua e en todas las outras súas terras e señoríos e encomendas, presente foy a esto que dito he con as ditas testemoyas e escriuí e puge aquí meu nome e signal, que he tal, en testimoyo de verdade (*sinal*). Johán Señor, notario (*rúbrica*)

16

1440, xaneiro, 6, mércores. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro.

O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Fernán Veiga, e á súa moller, Elvira González, moradores na freguesía de San Mamede de Laraxe, varias leiras de viña na chousa da Freiría, na freguesía de San Martiño de Porto, por un terzo do viño producido ao ano e a metade doutra leira de viña na dita chousa por doce anos e pola meteda do viño producido ao ano.

A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 8, f. 2v. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura semihíbrida. 340 x 243 mm. Bo estado de conservación, aínda que falta parte do soporte na esquina inferior dereita que non afecta ao texto.

Saban quantos esta carta de foro viren como eu frey Lourenço, ministro do moesteiro de Santa Catalyna de Montefaro, en hun con frey Juan de Vilarfrío e frey Afonso Pellaz e frey Fernando da Mariña e frey Pero de Perues e frey Afón de Chanteiro e frey Fernán de Ribadauia e Juan de Guaa e frey Ares, estando todos juntos eno cabiido do dito noso moesteiro per campaa tangida segundo que avemos de vso e de costume, outorgamos e conosçemos que aforamos a vós Fernán da Veyga e a vosa moller Eluira González, moradores ena friglesía de Samomede de Laraje, e as vosas voze (*sic*) para senpre jamays ao terço convén a saber o que uos aformos: huna leyra de vina de çepa que jaz ena chousa da Freyría, friglesía de San Martiño de Porto, que soya labrar Afón Vello de Limodre, como testa da huna parte en outra viña que labra Afón do Rigueiro e segundo que máys largamente testa per seus marcos e deuisoes. A qual dita leyra de viña vos aforamos con as outras leyras de vinas que vós, o dito Fernán da Veyga, teedes en foro os anos pasados. As quaes ditas viñas vos aforamos segundo que dito he a tal pleito e condiçón que as cauedes

e podedes e labredes e geytedes e murgulledes, dándolle tres cabas e huna poda per seu tenpo e sazón segundo que perteesçer a bon lauor de viñas en cada hun ano e do viño que Deus en elas der que nos dedes o terço del, as vuas perlo çesto ena viña carrejado dentro ao noso lagar e que leuedes para vós os dous terços, pagándose o dézemo de consún. E obligamos a nós e aos beens do dito noso moesteiro de uos las fazer de paz e saluo a todo tenpo de todo enbargo, so pena de quinentos marabedís de boa moneda vsal. E eu, o dito Fernán da Veyga, que presente soo, por min e por miña voz asy as reçebo e prometo e outorgo de cauar e podar e labrar e reparar as ditas viña segundo e ena maneira que dito he e so a dita pena dos ditos quinentos marabedís. Outrosy, nós, os ditos ministro e frayres do dito moesteiro de Santa Catalina, outorgamos e conosçemos que damos a lauor de medeas a vós, o dito Fernán da Veyga, por estes doze anos primeiros que veen, huns en pus dos outros, convén a saber o que uos damos a lauor de medeas a meatade da nosa viña de çepa que jaz ena dita chousa da Frayría, friguesía sobredita, segundo que a labraua Juan de Paços e segundo que está demarcada e deuisada per súas testas e marcos e devisoes. A qual dita meatade da dita viña vos damos a medeas segundo que dito he a tal pleito e condiçón que a cauedes e podedes e lauredes e murgulledes e geytedes, dándolle tres cauas cauas (*sic*) e huna poda en cada hun ano per seu tenpo e sazón e do viño que Deus en ela der que nos dedes a meatade del en cada hun destes ditos doze anos, o vino en vuas ena vina perlo çesto carrejado ao dito noso lagar e que leuedes para vós a outra meatade, pagándose o dézemo de consum. E eu, o dito Fernán da Veiga, que presente soo, por min e por toda miña voz asy reçebo a dita viña e prometo e outorgo de cauar e podar e labrar e procurar a dita viña en cada hun ano a boa fe e sen mao engano e de pagar a dita meatade do dito viño en cada hun ano ao dito moesteiro e frayres e convento del, so a dita pena dos ditos quinentos marabedís. E porque esto he çerto, nós, as ditas partes, outorgamos delo dúas cartas perlo notario e testemoyas ajuso escriptas anbas en hun tenor para que cada hun leue a súa. Feita dentro eno dito moesteiro de Santa Catalina, día quarta feira, seys días do mes de janeiro, ano do nasçemento do noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e quarenta anos. Testemoyas que foron presentes Fernán Martínez e Afón do Rigueiro e Fernán Doçe de Vale e Fernando do Rigueiro e Pero Vázquez, moradores ena friglesía de San Martiño de Porto e outros. E eu Johán Señor, notario público porlo señor Fernán Pérez d'Andrade, titor de dona María, súa sobriña, enas vilas da Pontedeume e Ferrol e Vilalua e en todas las outras súas terras e señoríos e encomendas, presente foy a esto que dito he con as ditas testemoyas e escripuí e puge aquí meu nome e signal, que he tal, en testimoyo de verdade (*sinal*). Johán Señor, notario (*rúbrica*)

17

1442, maio, 10. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan dunha banda a

Juan López, notario de Miño, e á súa muller, Moor Afón, e doutra a Lopo de San Picayo, veciño de Miño, e á súa muller, Gracia López, dúas herdades de vides na chousa do Outeiro, na freguesía de Santa María de Miño, por un cuarto do viño producido.

B.-ARG, Colección Vaamonde Lores, Pergameo 1258, Foral do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, f. 12v. Caderno de dous bifolios. Pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 330 x 240 mm. Bo estado de conservación.

Saban quantos esta carta de foro viren como nós frei Lourenço ministro do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, e frei Juan de Vilafrío e frey Juan de Riba e frei Afonso Pellas e frei Juan Garda e Pero de Perues e Fernando das Marinas e frei Afonso de Chanteiro e frei Juan de Goaa e frey Afonso de Mandiaa, freyres do dito moesteiro, seendo todos ajuntados en cabidoo per campaa tangida segundo avemos de vso e costume, por nós e en nome e voz do dito noso moesteiro e conuento del, por ende damos e enplazamos para senpre a vós, Juan López, notario morador en Miño, e a vosa moller, Moor Afón, e a vosas vozes en huna metade e a vós, Lopo de San Picayo, morador eno dito lugar, e a vosa moller, Gracia López, e a vosas vozes en outra metade, aqueles nosos dous terreos de herdade do dito noso moesteiro que jazen ena chousa do Outeiro, friglesía de Santa María de Miño, como departe hun dos ditos terrero per fondo da viña de Pero da Iglesia e per çima da herdade que he da dita iglesia e da outra parte da vina do arçobispo e da outra parte da herdade que de nós ten aforada Pero do Valiño. Item o outro terreo de herdade departe per fondo da herdade do arçobispo e per çima e per huna testa da herdade de Tareixa González e per outras súas deuisoes. A tal pleito e condiçón damos e enplazamos para senpre os ditos dous terreos de herdade dentro as ditas deuisoes e que os valedes e çerredes e cauedes e podedes en cada ano para senpre a vista de labrador, e de todo o viño que Deus en elas der que dedes ende a nós e aa voz do dito moesteiro en cada vn ano para senpre a quarta parte das vuas perlo çesto ena viña ou o quarto do viño aa bica do lagar, qual nós ou a voz do dito moesteiro ante que ser, e leuedes para vós os outros tres quartos por voso foro e lauoría. E outorgámosvosla de fazer de paz a todo tempo de todo enbargo por nós e por los beens do dito moesteiro, que vos para elo obrigamos. E nós, os ditos Juan Lopes e Lopo de San Picayo, que presentes somos, así o reçebemos e outorgamos de abrejer e conprir as ditas condiçoes e qual (*sic*) qualquer das partes que contra esto pasar e o non conprir que peite por pena aa outra parte que o gardar e conprir quinentos marabedís de vsal moneda e a carta fique firme para senpre. Feita eno moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, dentro eno dito moesteiro, a dez días de mayo, ano do nasçimento do noso señor Iesuchristo de mil e quatroçentos e quarenta e dous anos. E porque he verdade firmamos aquí de nosos nomes o menistro e dous cleros.

Eu, Juan López, notario sobredito, firmo este traslado do dito foro de meu nome. Juan López, notario (*rúbrica*)

18

[1443]
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Lopo Manteiga, escudeiro, veciño da Coruña, e á súa muller, María Calada, unha leira na freguesía de Santa María de Miño por tres marabedís ao ano.
A.-ARAG, P. 3, 14, fol. 2v. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 340 x 250 mm. Bo estado de conservación, aínda que falta parte do texto na parte esquerda do soporte. Incompleto.
Saban todos como nós frey Lourenço, ministro e frayre do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, e frey Juan Grande e frey Afom Pellaz e frey Pedro de Yans e frey Gonzaluo de Betanços, frayres do dito moesteiro, por nós e nome e voz do dito moesteiro e frayres e conuento del damos e enplazamos a vós Lopo Manteiga, escudeiro, morador ena vila da Cruña e a vosa moller, María Calada, para en todos días de vosa vida e da dita vosa moller, e depoys de vosas mortes para en todos días de vosos fillos e fillas, e depoys morte dos ditos vosos fillos huna voz qual vós ou eles nomearen, conúen a saber: que vos asy enplazamos porlo [...] aquela leyra de herdade con súas áruores que en ela están, que he do dito moesteiro porla iglesia de Santa María de Miño, a qual jaz ao río de Miño, frigresía de Santa María de Miño, como departe per fondo e per huna testa [...] da herdade do dito Lopo Manteiga e da outra parte do dito río e per outras súas deuisoes. A tal pleito e condiçón damos e enplazamos a vós a dita leyra de herdade e áruores dontre as ditas deuisoes, que desde ende ao dito moesteiro e frayres e conuento del en cada un ano eno dito tenpo por renda da dita herdade e áruores tres marabedís de boa moneda corrente por cada día de San Martiño do mes de nouembro e leuedes para vós todo o máys. E outorgámosvosla de fazer de paz a todo tenpo de todo enbargo eno dito tenpo perlos ditos [beens] do dito moesteiro, que vos para elo obrigamos. E o dito tenpo complido, que a dita leyra que fique liure e desenbargada para senpre ao dito moesteiro de vós e de vosas vozes con todo o perfeito que en ela [...]. E eu, o dito Lopo Manteiga, que presente soon, así o reçebo e outorgo de abrejer e conprir as ditas condiçoes e pagar a dita renda a qualquer das ditas partes que contra esto pasar e o non conprir que peyte por pena aa outra parte que o gardar e conprir duzentos marabedís de vsal moneda [incompleto].

19

1443, febreiro, 22. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Fernán Martínez, morador en San Martiño do Porto, e á súa muller, Tareixa Pérez, unha leira de viñas na chousa da Frairía, na freguesía de San Martiño do Porto, por un terzo do viño producido ao ano.

A.-ARG, Colección Vaamonde Lores, Pergameo 1258, Foral do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, f. 14v. Caderno de dous bifolios. Pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 330 x 240 mm. Bo estado de conservación.

Saban quantos esta carta de foro viren como eu frey Lourenço, ministro do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, en hun con frey Juan da Riba e frey Pero de Perues e frey Juan Grande e frey Afonso de Chanteiro, estando todos juntos en cabiido per canpaa tangida dentro eno dito moesteiro segundo que o avemos de vso e de custume, outorgamos e conosçemos por nós e porlos outros frayres e convento do dito noso moesteiro que aforamos a vós, Fernán Martínez, morador en San Martiño de Porto, e a vosa moller, Tareixa Pérez, e aas vosas vozes ao terço para senpre jamays, convén a saber: o que uos aforamos huna nosa leyra de viña de çepa que jaz e he syta ena chousa da Frayría, friglesía de San Martiño de Porto, como testa da huna parte ena leyra de vina que laura o dito Fernán Martínez e da outra parte testa en outra viña que labra Afón de Couelo e da outra parte testa eno paço dos frayres, en que está o lagar, e que vay ao longo con outra metade desta dita viña e per súas devisoes. A qual dita viña asy testada e demarcada vos aforamos a tal pleito e condiçón que a cauedes e podedes e geytedes e murgulledes e labredes e reparedes segundo perteesçe a labor de viña, dándolle tres cabas e huna poda en cada hun ano per seu tenpo e sazón e do viño que Deus en ela der que nos dedes a terça parte do viño, as vuas perlo çesto carregado ao dito noso lagar, a nós e ao dito noso moesteiro en cada hun ano e que leuedes para vós as dúas partes, pagándose o dézemo de consún. E obligamos a nós e aos beens do dito noso moesteiro de vos la fazer de paz e e (*sic*) saluo a todo tenpo de todo enbargo, so pena de quinentos marabedís de boa moneda vsal. E eu, o dito Fernán Martínez, que presente soo, por min e por miña voz asy reçebo o dito foro da dita viña de vós, os sobreditos ministro e frayres, e prometo e outorgo de labrar e cauar e podar a dita viña e de pagar o dito foro en cada hun ano a vós, o dito ministro e frayres e convento do dito moesteiro, segundo e ena maneira que dita he so a dita pena dos ditos quinentos marabedís. E porque he çerto, nós, a ditas parte (*sic*), outorgamos delo dúas cartas perlo notario e testemoyas ajuso escriptas, anbas en hun tenor para que cada hun leue a súa. Feita dentro eno cabiido do dito moesteiro de Santa Catalina, día esta feira, a vinte e dous días do mes de feueiro, ano do nasçemento de noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e quarenta e tres anos. Testemoyas que foron presentes Lopo de Lago, escudeiro, morador en Ovc[...], e Afón Françés e Afonso de Tre, frayres moradores eno dito moesteiro, e outros. E eu Johán Señor, notario público porlo señor Fernán Pérez d'Andrade enas vilas da Pontedeume e Ferrol e Vilalua e en todas las outras súas terras e señoríos e encomendas, a esto que dito he presente foy e escripuí e puge aquí este meu (*sinal)* nome e signal, que he tal, en testimoyo de verdade. Johán Señor, notario (*rúbrica*)

20

1443, febreiro, 22. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro.

O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Fernán Martínez e á súa muller, Tareixa Pérez, moradores na freguesía de San Martiño [de Laraxe], unha leira de viñas na chousa da Frairía, na freguesía de San Martiño de Porto, durante vinte anos pola metade do viño producido ao ano.

A.-ARAG, P. 3, 14, fol. 2r. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 340 x 250 mm. Bo estado de conservación, aínda que falta parte do texto na parte dereita do soporte.

Saban quantos esta carta viren como nós fray Lourenço e frey Juan da Rib[...] de Perues e frey Juan Grande e frey Afonso de Chanteiro, por nós e porlos outros frayres do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, outorgamos e conosçemos que [...] de medeas por vinte anos primeiros que veen hunas, en paz outros, a vós, Fernán [...] San Martiño, e a vosa moller, Tareixa Pérez, e a vosas vozes convén a saber: o que vos da[...] de medeas huna nosa leyra de viña de çepa que jaz ena chousa da Fr[ayría...] de San Martiño de Porto, como testa ao longo en outra viña e vós, o dito Fernán [...] das e testa en bayxo en Afón de Couella e vay topar ao paço de nós [...] frayres e per súas devisoes. A qual dita leyra de viño vos damos a medeas [...] pleito e condiçón que a cabedes e podades e labredes segundo perteesçe a labor de [...], dándolles tres cabas e huna poda en cada hun ano per seu tenpo e s[azón...] do viño que Deus en ela der que nos dedes a nós e ao dito noso moesteiro e fra[yres...] convento del a meatade do viño, as viñas perlo çesto carregado [...] noso lagar en cada hun ano e que levedes para vós ao outra meatade de [...] se o dézemo de consum. E obligamos a nós e aos beens do dito noso moesteiro de vos vos (*sic*) la fazer de paz e saluo durante os dito viinte anos [...] de quinentos marabedís de boa moneda vsal. E eu, o dito Fernán Martínez, que presente soon, asy reçebo a dita viña e prometo e outorgo de labrar a dita viña [...] dito he e de pagar a dita meatade do dito viño da dita viña ao dito [...] frayres e convento del en cada hun ano so a dita pena dos ditos quinentos [marabedís...]. E porque he çerto, outorgamos delo esta carta perlo notario e testemuñas ajuso escriptas [...] dentro eno moesteiro de Santa Catalina de Montefaro a vinte e dous [días] do mes de feuereiro, ano do nasçemento do noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos quarenta e tres anos. Testemoyas que foron presentes Lopo de Lago do Vaña e Afón [...] e Afón de Narayo, moradores eno dito moesteiro, e outros. E eu Johán Señor, notario [público] porlo señor Fernán Pérez d'Andrade enas vilas da Pontedeume e Ferrol e Vilalua e en todas las outras súas terras e señoríos e encomendas, a esto que he presente foy con as ditas testemoyas e escripuí e puge aquí este meu [nome] e signal, que he tal, en testimoyo de verdade (*sinal*). Johán Señor, notario (*rúbrica*)

21

1443, novembro, 15. Miño.

O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro intercambian con Lopo Manteiga, escudeiro da Coruña, dúas leiras na freguesía de Santa María de Miño.

A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 8, f. 1r. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 340 x 243 mm. Bo estado de conservación.

Saban todos que esta he a concanba que he feita e outorgada para senpre ontre Lopo Manteiga, escudeiro, morador ena vila de Cruña, por sy e por todas súas vozes, da huna parte, e ontre frey Lourenço, ministro e frayre do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, e frey Gonzaluo de Betanços e frey Juan Grande e frey Pedro de Perues e frey Afom Pellaz, frayres do dito moesteiro, por sy e en nome e voz do dito moesteiro e frayres e conuento del, da outra parte, asy he que o dito Lopo Manteiga por sy e por suás vozes dá para senpre ena dita concanba ao dito moesteiro e frayres e conuento del a súa leyra de herdade que jaz aa sobre o lagar e ayra do dito moesteiro, friglesía de Santa María de Miño, como departe per fondo do camiño antigo e per çima e per huna testa da herdade do dito moesteiro e per outras súas deuisoes. E por esto o dito ministro e frayres por sy e en nome do dito moesteiro e frayres e conuento del dan para senpre ena dita concanba ao dito Lopo Manteiga e a súas vozes a súa leyra de herdade que jaz a çerqua desta sobre a chousa do dito Lopo Manteiga ena dita friglesía como departe per fondo da herdade do dito Lopo Manteiga e per çima da herdade de Tareixa Pérez e da outra parte da herdade d'Erdeiros e da outra parte da herdade do dito moesteiro. As quaes ditas herdades as ditas partes outorgan de fazer de paz hunas aas outras e outras aas outras segundo que as dan ena dita concanba o dito Lopo Manteiga per sy e per seus beens e o dito ministro e frayres perlos beens do dito moesteiro, que para elo obrigaron a todo tenpo de todo enbargo e outorgaron que qualquer das partes que contra esto pasar e o non conprir que peyte por pena aa outra parte que o guardar e conprir duzentos marabedís de vsal moneda. E porque esto he verdade, nós, as ditas partes, outorgamos ende esta carta per este notario so escripto, a qual queremos e outorgamos que valla para senpre. Feita en Miño, quinze días de nouenbro, ano do nasçemento do noso señor Iesuchristo de mil e quatroçentos e quareenta e tres anos. Testemoyas Lopo de San Pantayo e Gonzaluo de Telle e Pero Boon, moradores en Miño, e outros. Eu Juan López, notario público por Roy Freyre d'Andrade eno couto de Miño e Vemantes e en todas las outras súas terras, a esto que sobredito he presente foy e poño y meu synal (*sinal*).

22

1443, novembro, 15. Miño.

Acordo do ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro con Lopo

Manteiga, escudeiro, fillo de Aras Manteiga, defunto, veciño da Coruña, para que este pague de renda a quinta parte do viño producido anualmente nunha leira de viña no lugar da Corredoira, na freguesía de Santa María de Miño, e libérano da renda que tiña noutra leira de viña que agora ten Pero Boo.

A.-ARAG, P. 3, 14, fol. 2v. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 340 x 250 mm. Bo estado de conservación, aínda que falta parte do texto na parte esquerda do soporte.

[Sab]an todos que esta he aavinça e conposiçón que he feita e outorgada para senpre ontre frey Lourenço, ministro e frayre do moesteiro desta Catalina de Montefaro, e frey Gonzaluo de Betanços e frey Juan Grande e frey Pedro de Perues e frey Afón Pellaz, freyres do dito moesteiro, por sy e en nome do dito moesteiro e frayres e conuento [del] da huna parte e ontre Lopo Manteiga, escudeiro, fillo que foy de Aras Manteiga de Martyn, a que Deus perdón, morador ena vila da Cruña, por sy e por súas vozes da outra parte, sobre la viña e renda dela que o dito ministro e freyres demanda <ao dito Lopo Manteiga> em nome do dito moesteiro, que jaz eno lugar da Corredoira, frigresía de Santa María de Miño, como departe per fondo do camiño antigo e da outra parte da herdade de Lopo de Miño e per outras súas deuisoes e sobre outra leyra de viña que jaz dentro ena viña que agora ten posta Pero Boo e boces ena dita frigresía, çerqua [...] porta de súa casa. Asy he que o dito Lopo Manteiga por sy e por súas vozes da e ha de dar per senpre ao dito moesteiro e frayres e conuento del a quinta parte do viño da dita viña da Corredoira, partido perlo çesto ena vi[...] en cada un ano para senpre por dézemo e por renda da dita viña e leuar para sy o máys. E por esto o dito ministro e frayres por sy e en nome e voz do dito moesteiro e frayres e conuento del quitan e dan por quito [...] dito Lopo Manteiga e súas vozes para senpre a renda do viño da dita leyra de viña que jaz ena viña [...] dito Pero Boo por lle fazer amor e graça para que a leue liure e desenbargada el e súas vozes para senpre [...] renda alguna saluo pagando o dézemo aa dita iglesia. E per esto as ditas partes fican e son avenidas [...] apaçiuigadas e de juyzo tiradas e outorgan outrosy que qualquer das partes que contra esto pasar e [...] non conprir que peyte por pena aa outra parte que o gardar e conprir quinentos marabedís de vsal moneda. E a pena, pagada ou non pagada, nós as ditas partes outorgamos ende esta carta de aviinça per este notario soescripto, a qual queremos e outorgamos que valla para senpre segundo que se en ela contén. Feita en Miño, quinze días de nouembro, ano do nasçemento do noso señor Iesuchristo de mil e quatroçentos e quarenta e tres anos. Testemoyas Lopo de San Pantayo e Pero Boo e Gonzaluo de Telle, moradores em Miño, e García Varela, fillo de Lopo Varela, clérigo, e outros. Eu Juan López, notario público por Roy Freyre d'Andrade eno couto de Miño e Vemantes e en tódalas outras súas terras, a esto que sobredito he presente foy e poño y meu synal e vay escripto ontre reglas onde diz ao dito Lopo Manteiga e non lle enpesca (*sinal*).

23

1443, novembro, 15. Miño.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro e Lopo Manteiga, veciño da vila da Coruña, acordar cerrar unha herdade en Miño.
A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 8, f. 1v. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 340 x 243 mm. Bo estado de conservación.
En este día e lugar e testemuñas os ditos ministro e frayres por sy e en nome do dito seu moesteiro e frayres e conuento del, da huna parte, e Lopo Manteiga, escudeiro, morador ena vila da Cruña, por sy e por súas vozes ficaron de çarrar a sube que está ontre a chousa do dito Lopo Manteiga e a chousa do dito moesteiro que eles teen en Miño de medeo a medeo o dito Lopo Manteiga a metade e os dito ministro e frayres por sy e porlo dito moesteiro e frayres e conuento del a metade; e que tendo çarrar huna das partes de muro, que a outra que çarre de muro aa outra metade senón delatas de medio a midio de gisa que esté ben çarrada, que ninhuna das partes non reçeba nojo e que poña o muro ou la tiçada de marco a marco a dereyto por onde eles ontre sy poseron os marcos e que non corten áruores de huna parte nen da outra. E outorgaron de o conplir a todo tempo e de non pasar contra elo nen parte delo per sy nen per outros por eles. Juan López, notario (*rúbrica*)

24

1446, xaneiro, 6, mércores. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Afonso do Rigueiro, e á súa moller, María Martínez, moradores en Vale, dúas leiras de viña na chousa da Freiría, sita na freguesía de San Martiño de Porto, por un terzo do viño producido ao ano.
A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 8, f. 2r. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura semihíbrida. 340 x 243 mm. Bo estado de conservación, aínda que falta parte do soporte na esquina inferior esquerda que non afecta ao texto.
Saban quantos esta carta de foro viren como eu frey Lourenço, ministro do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, en hun con frey Juan de Vilarfrío e frey Afonso Pelaz e frey Fernán da Mariña e frey Pedro de Perues e frey Afón de Chanteiro e frey Fernando de Ribadauia e frey Juan de Guaa e frey Ares, estando todos juntos eno cabiido do dito noso moesteiro per campaa tangida segundo que o avemos de vso e de costume, outorgamos e conosçemos por nós e porla voz do dito noso moesteiro e frayres e convento del que aforamos a vós Afonso do Rigueiro e a vosa moller María Martínez, moradores en Vale, e as vosas vozes para senpre jamays ao terço convén a saber o que uos aforamos: huna nosa viña de çepa que jaz ena Frayría, friglesía de San Martiño de Porto, como testa da huna parte eno siluar de fóra e da outra parte testa en outra viña que soya laurar Afonso

Vello de Limodre e da outra parte testa emçima eno baçelar e per súas devisoes. Item, mays vos aforamos para senpre jamays ao terço outra nosa viña de çepa que jaz ena dita chousa da Frayría, friglesía sobredita, como testa da huna parte eno baçelar do dito Afonso do Rigueiro e da outra parte testa ena leyra de viña de Afón Peez e testa da outra parte de longo ao longo eno dito baçelar e per súas devisoes. As quaes ditas leyras de viñas asy testadas e demarcadas vos aforamos segundo que dito he a tal pleito e condiçón que as cauedes e podedes e lauredes e murgulledes e jeytedes, dándolle tres cauas e huna poda en cada hun ano per seu tempo e sazón segundo que perteesçer a lauor de viña e do viño que Deus der enas ditas viñas que nos dedes o terço del, as uvas perlo çesto ena viña carrejado ao noso lagar. E obligamos a nós e aos beens do dito noso moesteiro de vos las fazermos de paz e saluo a todo tenpo de todo enbargo, so pena de quinentos marabedís de boa moneda vsal. E a pena, pagada ou non pagada, esta carta fique firme e valla. E eu, o dito Afonso do Rigueiro, que presente soo, por min e por toda miña voz asy o reçebo e prometo e outorgo de cauar e podar e labrar e procurar as ditas viñas segundo que dito he e de pagar o dito foro en cada hun ano ao dito moesteiro e frayres e convento del, so a dita pena dos ditos quinentos marabedís. E porque he çerto, nós, as ditas partes, outorgamos delo dúas cartas perlo notario e testemoyas ajuso escriptas anbas en hun tenor para que cada huna de nós, as ditas partes, leue a súa. Feita dentro eno dito moesteiro de Santa Catalina, día quarta feira, seys días do mes de janeiro, ano do nasçemento do noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e quarenta anos. Testemoyas que foron presentes Afonso de Couelo e Roy de Uale e Fernán da Veyga e Fernán Martínez, moradores ena dita friglesía de San Martiño, e outros. E eu Johán Señor, notario público porlo señor Fernán Pérez d'Andrade, titor de dona María, súa sobrina, enas vilas da Pontedeume e Ferrol e Vilalua e en todas las outras súas terras e señoríos e encomendas, presente foy a esto que dito he con as ditas testemoyas e escriuí e puge aquí este meu nome e signal, que he tal, en testimoyo de verdade (*sinal*). Johán Señor, notario (*rúbrica*)

25

[1446, marzo, 25. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro]
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Fernán Doce e á súa moller, María Pérez, moradores na freguesía de San Martiño de Porto, e á súa filla, Maior Afón, dúas leiras de viña na chousa da Freiría, sita en dita freguesía, por un terzo do viño producido ao ano.
A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 8, f. 1v. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura híbrida. 340 x 243 mm. Bo estado de conservación, aínda que falta parte do texto na esquina inferior dereita do soporte. Incompleto.
Saban quantos esta carta de foro viren como eu frrey Lourenço, ministro do moesteiro de Santa Cathalina de Montefaro, en hun con frrey Juan da Riba e frrey Alonso Paaz e frrey

Juan Grande e frrey Pero de Perues e frrey Fernán da Mariña e frrey Afonso de Madiaa e frrey Juan de Vilaboa, estando todos ajuntados eno cabidoo do noso moesteiro per campaa tangida segundo que auemos de vso e custume, outorgamos e conosçemos por nós e porla voz do dito moesteiro e frrayres e conuento del que aforamos a vós Fernán Doçe e a uosa moller María Pérez, moradores ena fliglesía de San Martiño de Porto, e a vosa filla Maior Afón para en en (*sic*) días de vosas vidas, morrendo hun fique eno outro fasta a morte do postremeiro de vós, todos tres, conuén a saber o que vos aforamos: dúas leiras de viñas de çepa que jazen e son sitas ena nosa chousa da Frreyría, fliglesía de San Martiño de Porto, como testa huna delas de huna parte ena viña que ora labra Fernán Martínez e da outra parte ena viña que ora labra Afón de Couelo e da outra parte testa ena viña que labra Fernán da Veyga e enbaixo testa eno cómaro e per súas diuisoes. E a outra leira de viña está ao longo da viña que ora labra Afón do Regueiro e da outra parte testa ena viña que labra Afón do Couelo e per súas diuisoes. As quaes ditas leiras de viñas así testadas e demarquadas vos aforamos a tal pleito e condiçón que as cauedes e podedes e labredes e jeytedes e amurgulledes segundo que perteesçer a labor de vinas, dándolles hun tres cavas e outro quarto e súa poda per seu tenpo e sazón en cada hun ano e do viño que Deus en elas der que nos dedes o terço del en cada hun ano, as vbas perlo çesto ena viña carrejado eno noso lagar de San Martiño a nós e a noso moesteiro e frrayres e conuento del e que leuedes para vós os dous terços, pagándose o dézemo de consún. E obrigamos a nós e aos bees do dito moesteiro de vos las fazer de paz e a saluo a todo tenpo de todo [...] de quinentos marabedís de voa moeda vsal. E eu, o dito Fernán Doçe, que presente soon, [...] moller e porla dita miña filla así o reçebo e outorgo e prometo de labrar [...] vinas en cada hun ano e de pagar o dito foro ao dito moesteiro e frrayres e conuento [...] segundo e ena maneira que dito he e so a dita pena dos ditos quinentos marabedís. [...] ditas partes outorgamos delo dúas cartas perlo notario e testemoyas ajuso escriptas [...] cada huna de nós as ditas partes leue a súa. Feito eno moesteiro de Santa [Catalina de Montefaro...]

26

[Posible continuación do anterior]
[A].-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 9, f. 1r. Bifolio de pergameo. Galego. Escritura híbrida. 338 x 245 mm. Bo estado de conservación.
e çinquo días do mes de março, ano do nasçemento de noso señor Iesuchristo de mill e quatroçientos e quareenta e seys anos. Testemoyas que foron presentes Diego de Leiro e Afonso Viçoso, moradores ena fliglesía de Santa Aya de Lubre, e Pero Traueseiro, o moço, morador en Trasanquos, e outros. E eu Juan de Chanteiro, notario público porlo señor Fernán Pérez d'Andrade enas vilas da Pontedeume e Ferrol e Vilalua e en tódalas outras súas terras e comendas e señoríos, presente foy a esto que dito he con as ditas testemoyas, escripuí e puge aquí meu nome e sygnas, que tal he, en (*sinal*) testimoyo de verdade. Juan de Chanteiro (*rúbrica*)

27

1458, xuño, 4. Ferrol.
Doazón de Xoán Pérez Puxa, veciño da freguesía de Santiago de [Franza], ao mosteiro de Santa Catarina de Montefaro dunha leira na chousa do Caal por unhas misas.
No dorso:
Número CXXXVI
Carta de doaçón de Juan Pérez
Cartas de Mugardos e França
França. Donaçión de una leira en la chousa do Cal
A.-ARAG, P. 1, 5. Pergameo. Galego. Escritura híbrida. 310 x 250 mm. Bo estado de conservación aínda que falta o comezo do texto por unha rotura do soporte.
[...] viren como eu Juan Pérez Puxa, morador ena friguesía de Santniago de [...], outorgo e conosco para senpre jamays por jur de erdade, por min e por toda miña voz e erdeyros, que dou e outorgo e apropio como dito he ao moesteyro e convento e frayres de Santa Catalina de Montefaro por amor de Deus que vos dou huna miña leyra de erdade que jaz ena chousa do Caal, como testa de huna parte eno camiño que vay de Murgardos para a Pontedeume e doutra parte ena leyra dos Frayres e a Afonso Vidal e doutra parte como vay ao longo con Juan de Perille e doutra parte con os frayres ao longo e pers súas deuisoes, sita so sygno de Santiago de França. A qual dita leyra vos dou e outorgo como dito he por amor de Deus e por çertas misas que vos mandey dizer e doje, este día, en diante que esta carta he feita, por ela vos dou logo todo o jur e posisón e senorío e propiedade que eu ajo ena dita leyra en tal maneira que vós e o dito voso moesteiro ajades libre e conprido poder de a entrar e tomar per vosa propia abtoridade ou de alcalde ou sen ela, qual vós ante quiserdes e façades dela e en ela asy como de vosa cousa propia, libre e quita e desenbargada. E obrigo a min e a meus beens a vos la fazer saan e de paz a todo tenpo de todo e qualquer enbargo que vós sobre ela for ou seja feito a miñas propias custas. E prometo e outorgo de non yr nen viir contra esto que dito he nen contra parte delo en algún tenpo nen por algua maneyra, nen outro por min, en juyzo nen fóra de juyzo. E se odizer, que me non valla, <ou> outro por min. E peço e rogo e dou poder conprido a qualquer alcalde, juyz ou justiça ante quen esta carta paresçeer que vos la faça de min conprir e abreger segundo e ena forma e maneira que se en esta carta contén a tan ben e a tan conpridamente como se sobre elo fose dada çerta sentença per juyz conpetente que para elo ouvese o poder e a tal sentença fose dada ontre partes e ficase consentida e pasada en cousa julgada. E sobre esto que dito he e sobre cada parte e cousa delo renunçio e parto de min e de outro algún por min todas las leys e foros e dereitos, scriptos e non scriptos, canónicos e çeviles, reyales e inperiales, eclesiásticos e seglares, que encontrario desto que dito he podese diser nen alegar por esto remover ou envargar en juyzo nen fóra del e todas las outras leys en contrario alegadas. E speçiamente renunçio a ley e dereito que diz que general renunçiación non deue valer. E por esto seer máys çerto e non veña en dubta,

outórgovos delo esta carta perlo notario e testigos de juso scriptos a máys çerta que se poder fazer. E eu, frey Lourenço, ministro do dito moesteiro, por min e en nome do dito <noso> moesteiro e convento e frayres del, asy o reçebemos. E eu, o dito Juan Pérez Puxa, asy vos lo outorgo. Feita ena villa de Ferrol a quatro días do mes juño, ano do nasçemento noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e çinquenta e oyto anos. Testemuñas Fernán Salgado e Juan dos Boys e Afonso Vidal e Fernán Mendes, moradores en Voado, e outros. Vay scripto ontre regas en hun lugar onde diz ou e en outro onde diz noso, non enpezca e valla. E eu, Gómez de Reçemill, scripuano de noso señor el rey e seu notario público ena súa corte e en todos los seus regnos e señoríos, a esto que dito he presente foy en hun con os ditos testigos e esta carta scripuí e firmey de meu nome e meu sygnal fize, que tal he, en testemuño de verdade (*sinal*). Gómez de Reçemill, notario (*rúbrica*)

28

1464, abril, 5. Miño.

Galván Manteiga, morador en Miño, con licencia do seu tío Lopo Manteiga, vende a Pedro de Perbes, freire do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro e capelán de Santa María de Miño, unha cortiña e nogueira na freguesía de Santa María de Miño por dous mil marabedís.

No dorso:

Miño léase

Benta que se hiço a frey Pedro de Perbes de una cortiña en Miño a 1464 años

A. 1464

Miño – 5 abril año 1464

Leg 292/6

Carp 511, nº 10

A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 10. Pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 286 x 267 mm. Bo estado de conservación, agás por unha mancha na parte dereita do soporte e o esvaemento da tinta.

Saban quantos esta carta viren como eu Galuán Manteyga, morador en Miño, por min e por todas miñas vozes, con outorgamento de Lopo Manteyga, meu tyo, que está presente, [...] outorgante, por ende, vendo para a vós frey Pedro de Perues, freyre conventual do moesteiro de Saanta Catalina de Montefaro, capelán que agora sodes de Santa María de Miño, e a vosas vozes por dous mill marabedís de moeda vella branca en tres diñeiros, que de vós resçeby en dobras e en enrriques douro e de peso e rayaas de prata e [...] de oyto e vellas [...] e acabaron os ditos dous mill marabedís de moeda vella en presença do notario e testemoyas desta carta de que me ou[...] teno por entrego e ben pago a toda miña voontade sen erro e máis conto algún, vendo a vós por [...] aquela miña cortyña de herdade calua con súa nogueira que en ela está, que jaz ao río de Miño, fregesía de Santa María de

Miño, como de parte per fondo e per çima da erdade do moesteiro de Santa Catalina e da outra [...] do dito río que bay per entre a dita cortyña e a erdade do dito Lopo Manteyga e da outra parte da erdade de [...] Maior Pérez. E eu, o dito Lopo Manteyga, asy o conosco e [...] a qual dita cortyña vos vendo con sus entradas e saydas quantas ha e lle perteesçen de dereito oje en día. A qual dita cortyña do [...] deuisoes a vós outorgo de fazer de [...] a todo tenpo e de todo enbargo per min e per [...] elo obligo so pena do dobro da dita contía e que façades en ela e en parte dela todo [...] quiserdes e por ben teuerdes, asy como de vosos beens propios. E se máys val a dita [...] dito preço, eu vos la dou porla [...] de Deus para senpre que roguedes a Deus porla alma de [...]. E eu Tareixa Salida, moller do dito Lopo Manteyga, que soon presente, con liçençia [...] dito meu marido, que está presente, [...] outorgante, dygo que por quanto a dita cortyña [...]gada por çerta suma de marabedís e outras cousas que me o dito Lopo Manteyga prometeu por çerto contrauto quando comigo casou, e por quanto o dito Lopo Manteyga me contentou e fiou de notario, por ende eu otorgo e consynto a dita venda que vós, o dito Galuán Manteyga, fazedes e outogades ao dito frey Pedro da dita cortyña e nogueira. En testimoyo do qual nós, os ditos Galuán Manteyga e Lopo Manteyga e Tareixa Salida, todo presentes, outorgamos delo esta carta, a qual queremos e outorgamos que valla e seja firme para senpre segundo se en ela contem. E eu, o dito frey Pedro, así o resçebo. Feita e outorgada en Miño, a çinquo días do mes de avril, no do nasçemento de noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e seseenta e quatro anos. Testemoyas que foron presentes Afom Tenrreyro e Roy Avellón, moradores en Miño, e Juan da Caverna, morador eno couto de San Pantayon, e outros. E eu Symón Martínez de Mino, escriuano e notario público del rey nuestro señor ena súa corte e en tódolos seus reynos e señoríos, a esto que sobredito he en hun con as ditas testemoyas presente foy e o escripuí e aquí meu nome e synal pono en testimoyo de verdade, que tal he (*sinal*). Symón Martínez, notario (*rúbrica*)

29

[1464], decembro, 18, sábado. Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Andreu Pérez, crego, unha viña na freguesía de Santa María de Miño por un cuarto do viño producido ao ano.
No dorso:
Número CCXXV
Miño. Fuero antiguo da viña da Condomina en Miño
8 septiembre A. 1500
Leg 292/9
Carp 511, nº 13
A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 13. Pergameo. Galego. Escritura

semihíbrida cortesá. 170 x 287 mm. Estado de conservación regular polas dobreces do soporte e o esvaemento da tinta.

[...] sábado, dez e oyto días de dezembre, ano do nasçemento do noso señor Iesuchristo de mill e quatroçentos e [...][2] como nós frey Afonso de [...], menistro do moesteiro de Santa Catalina de Montefaro, e frey Iohán de [...] e frey Iohán de Vila e frey Fernando de Ribadauia, seendo todos ajuntados em capítolo per canpaa tangida segundo que nós o avemos de vso e de custume, por nós e em nome e uoz do dito moesteiro [...] con outogamento del, damos e outorgamos que aforamos [...] e a vosa uoz, conuén a a saber o que uos asy aforamos [...] e aforamos toda a nosa parte [...] erdade da iglesia de Santa María de Miño que he ena dita friglesía de Santa María de Miño, como departe de huna parte do camiño antigo e vay para a iglesia e da outra parte [...] camiño antigo que vay sobre la casa de [...] e da outra parte de [...] herdeiros e per súas devisoes. E a qual dita uiña dou [...] Pérez, clérigo, damos e enplaçamos e aforamos para senpre segundno que era, está posta e prantada de vina e [...] pleito e condiçón que a cauedes e podedes e geytedes e esterquedes e amurgulledes e gardedes bem e sen maliçia [...] ano tres cauas e huna poda [...] quatro cauas e huna poda per o tenpo [...] de cada hun ano para senpre [...] e do dito viño que [...] ena dita viña que dedes ende a nós e a uoz do dito moesteiro de cada hun ano para senpre a quarta parte enteiramente do viño que Deus en ela der, as huuas perlo [...] viña. E auedes uós, o dito Andreu Pérez, clérigo, de dar de renda aos fraires do dito moesteiro [...] a uosa parte do dito viño e [...] de pan e vino e [...] segundo que for [...] Andreu Pérez, clérigo, nen uosa uoz que non sejades ousados de entrar e vindimar [...] ata que non chamedes primeiramente o ministro do dito moesteiro ou a qui os ditos fraires del e que tomedes para vós, o dito Andreu Pérez, clérigo [...] o dézemo de consún a iglesia. E eu, o dito Andreu Pérez, clérigo, prometo e outorgo que non seja ousado nen posa fazer de dar nen de vender nen de[...] nen concanbear nen [...] a dita viña a persona nen personas poderosas, saluo dando a persona ou personas [...] a dita viña en que cada [...] segundo dito he e dar a súa parte ao dito moesteiro e se ende o al fazer, que non valla nen posa fazer. E nós, os ditos frey Afonso, menistro, e fraires e conuento do dito moesteiro, prometemos e outorgamos de uos fazer de paz a dita vina de todo enbargo e beens do dito moesteiro e da dita iglesia, que vos para ello obligamos. E eu, o dito Andreu Pérez, clérigo, que presente soo, por min e por miña uoz, asy o reçebo e prometo e outorgo de teer e de conplir e de abreger as ditas condiçoes segundo dito he. E esto foy feito e outorgado ontre nós, as ditas partes, ena maneira que dita he. E qualquer de nós, as ditas partes, que contra esto pasar e o non conplir e gardar segundo dito he que peyte aa outra parte por pena que [...] touer e gardar mill marabedís. E esta carta fique firme e [...] nós, as ditas partes, mandamos ende fazer dúas cartas em huna [...] a outra. Feita a carta dentro eno dito moesteiro de Santa Catalina de Montefaro eno día e mes e ano sobredito. Testemoyas que a esto foron presentes Afom González, clérigo de Santa Aya de Luure, e

2. Segundo o catálogo do arquivo: 1464.

Gonçaluo Eans e Fernán Doçe e Roy de Valle, moradores em Valle, friglesía de San Martiño de Porto, e Roy [...] ditos fraires. E eu Iohán Fernández, notario público por Nuño Freire d'Andrade enas súas vilas da Pontedeume e Vilalua e Ferrol e en todas las outras súas terras e señoríos, a esto que dito he foy presente con as ditas testemoyas e escripuí (*sinal*) e poño y meu nome e sygnal, que he tal, em testimoyo de verdade. Iohán Fernández, notario (*rúbrica*)

30

1466, xullo, 18. Freguesía de San Xoán das Casas, na casa de Fernando da Riba.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Lopo Afón, crego, e a Fernando da Riba, morador nos Casais do Abade, as herdades e posesións que o mosteiro ten na freguesía de San Xoán das Casas, por quince marabedís ao ano.
No dorso:
Número C[...]
[...] casares do abade
Aquí dentro hai una cédula real
Foro a Lopo Afonso y a Fernando da Riua por treçe maravedís de vna [...] en San Juan das Casas. No sé donde es.
Año 1466. 18 julio año 1466
Leg 292/7
Carp 511, nº 11
A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 11. Pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 307 x 222 mm. Estado de conservación regular polo esvaemento da tinta na esquina superior dereita do soporte e múltiples manchas.
Eno nome de Deus amén. Saban quantos esta carta de aformaneto [viren como] nós frey Juan Grande e frey [Afonso] de Chanteiro, frayres, conventuais e [...] que somos do mosteiro de Santa Catalyna de Montefaro [...] convén a saber: que vos aforamos a vós, Lopo Afón, clérigo de [...], morador enos Casaas do Abade e para vosas vozes, fillos e netos que de vós deçenderen ou dúas vozes quaes vós nomeardes despoys de vosas vidas, convén a saber: que vos aforamos todas las herdades e chantados, brañas e [...] e casas e formaes delas e fragas e [...] e montes e fontes, con súas entradas e seydas, segundo que peertençe ao dito mosteiro de Santa Catalina por manda de Fernando Pérez d'Andrade, o vello, que mandou ao dito mosteiro per súa manda; as quaes jazen ena dita fligresía de San Juan dos Casaas do Abade, convén a saber que vós, os sobreditos Lopo Afonso, clérigo, e Fernando da Riba, avedes de dar por foro de cada hun ano e renda e çenso quinze marabedís vellos. Os quaes ditos marabedís avedes de dar e pagar por día de Santa María dagosto en cada hun ano ao dito mosteiro ou a seu recado çerto durante as vidas de vós, os sobreditos Lopo Afonso, clérigo, e Fernando da Riba, e despoys de vosas uidas a dúas

personas, quaes vós quiserdes nomear. Porlo qual nos oblyguamos nós, os sobreditos frayres e procuradores que somos do dito mosteiro, a nós e a nosos beens e do dito mosteiro a teer e conpeler e guardar todo o conteúdo en este [...] foro, so pena de mil marabedís vellos que sobre nós poemos por pena e postura [...] jur. E nós, os sobreditos Lopo Afonso e Fernando da Ryba, que presentes somos, asy o reçebemos e obligamos a nós e nosos beens, segrares e eclesiásticos, so a dita pena de pagar os ditos quinze marabedís de cada hun ano ao dito mosteiro ao dito plazo segundo dito he. E porque seja çerto outorguamos delo dúas cartas en hun tenor perlo notario e testemoyas ajuso escriptos, as máys çertas que seer posan. Feyto e outorgado foy este dito foro ena dita fligresía dos Casaas do Abade, dentro enas casas de morada do dito Fernando da Ryba, a dezeoyto días do mes de julio, ano do nasçemento do noso señor Iesuchristo de mil e quatroçentos e sesenta e seys anos. Testemoyas que foron presentes Afonso Preto, morador en [...], Fernando de Soonlla, morador en Çerdido, Gonzaluo Freyre, fillo de Afonso Freye dos Azybos, e outros.

E eu Juan Rodríguez, clérigo, notario público da diócese e bispado de Mondoñedo porlo bispo a todo esto que dito he presente foy e fiz escreuir esta carta e aquí puxe meu signo, que tal he, en testemuño de verdade, rogado e requerido (*sinal*). Juan Rodríguez, clérigo e notario (*rúbrica*)

31

1482, decembro, 1. Freguesía de Santiago de Franza, na casa de de Afonso López e Catarina Pérez.

Frei Lopo, ministro do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, afora a Afonso López e á súa muller Catarina Pérez, moradores na freguesía de Santiago de Franza, catro leiras en dita freguesía por tres marabedís ao ano.

No dorso:

Aforáronse al [...] defendieron diçiendo [...]

França [...] del hospital de [...]

Año 1482. 1 diciembre año 1482

Leg 292/8

Carp 511, nº 12

A.-AHN, Clero, secular-regular, Carpeta 511, nº 12. Pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 491 x 233 mm. Mal estado de conservación polas dobreces do soporte e o esvaemento da tinta en certas partes do soporte.

Saban quantos esta carta de foro e çenso viren como eu frey Lopo, fraire e menistro do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro e seu conuento, [...]ystrador que soon do [...] da dióçese de Santiago, outorgamos [...] myn e porlos outros meus anteçesores que despoys de min vieren que aforamos a vós Afonso López de [...]ança e a vós Catalina [...], moller

[...] e netos que de vós deçendere, moradores que sodes ena [...] friglesía de Santiago de França, convén a saber: que [...] aquelas tres leyras de herdade que perte[...] Lopo [...] ditas dúas leyras jaçen eno Caabaço aquel [...] testa de huna parte o longo da leyra que foy de Fernán [...] çela e da outra parte testa todo [...] de Vilar e doutra parte testa eno tarreo [...] e por súas deuisoos. Iten, a outra leyra testa eno camiño antigo e da outra [...] eno tarreo [...] das fillas de Roy López e da outra parte testa en parte [...] e bay ao longo del. iten, outra quarta de pumar de maçeyras como [...] camiño antigo e da outra parte da herdade ao longo que foy de Fernando Moa eno [...] outra parte testa eno camino que ven da casa de Afonso Monaja e porque [...]. Iten, vos aforo outra leyra alende estas tres leyras porlo dito tenpo que [...] çelo que testa toda ao longo doutra leyra dos frayres [...] que as ditas leyras [...] esta esta carta de foro jaeçn soo a canpaa e friglesía de Santiago de França [...] leyra asyn nomeadas, vós, o dito Afonso López e a vosa moller e todas [...] porlo dito tenpo avedes de dar e pagar de cada vn ano por día de [...] de nobenbre a min ou a meu anteçesor tres marabedís de moeda [...] das ditas leyras ou a quen poder ouber do dito espital e [...] Catalina Pérez asyn prometemos por nós e porlas ditas nosas vozes de vos [...] tres marabedís vellos de cada vn ano e reçebemos de vós fray Lopo as ditas leyras [...] eno dito foro porlas maneyras e condiçóns e [...] prometo de vos non contrarre (*sic*) nen pasar nen deparar esta carata de foro nenún [...] demando por máys nen por menos que outra persona der porlas ditas leyras [...] chamar a engano, so pena e postura enterposta que en sobre min e sobre [...] yspital pono de vos dar e pagar se contra este foro for ou pasar de mill [...] des dar e convyr a parte que o tober e abreger. Eu o dito Afonso López, por min e por miña moller Catalina Pérez, que presente está, e por miñas vozes asyn reçebemos de vos [...] dito foro como dito he e prometemos so a dita pena de vos pagar os ditos tres marabedís de cada ano. E eu asyn o dito frey Lopo asyn voslo outorgo por min e porlo [...], cuyo aminystrador eu soon e porlos anteçesores que de min vyere e por ende vos outorgo esta carta de foro por ante as testemoyas ajuso escriptas [...] que a el der synada o aquordo de leterrado (*sic*) se mester for. E pena pagada ou no, esta carta de foro vala porlo [...] tenpo. E por ende eu o dito frey Lopo, por min e porlo espital e porlos frayres anteçesores, renunçio tódalas lees e foros e custumes que se dever de renunçiar en tal foro como este e as lees que feçeron os reys e [...], escriptas e non escriptas, [...] foron que queremos se nós a elas chamarmos queremos que nos non valla. E pormeto (*sic*) de [...] so a dita pena. O qual a carta de foro foy outorgada enas casas de Afonso López, friglesía de Santiago de França, o primeyro día do mes de dezenbre, ano do nasçemento de noso señor Iesuchristo erre de mill e quatroçentos e oytenta e dous anos. Testemullas que foron presentes Iohán García, carpenteyro, morador en Maninos, e Juan Méndez, labrador, morador [...], e Fernando [...] ermitano de Santa María do Lodayro, e outros.

E eu Afonso Yánaz de Naraya, escripuano de cámara de noso señor el rey e seu [...] ena súa corte en tódolos seus reynos e senoríos, a esto que dito he fuy [...] testemullas ayuso escriptas e pono aquy meu nome e syno en testemojo de verdade, que tal he, [...] escriuyr esta peliquia de purgameo (*sinal*). Afonso Yáñez, notario (*rúbrica*)

32

1490, xaneiro, 6. Santa Catarina de Montefaro.
O ministro e frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro aforan a Afonso Freire e á súa muller, María Fernández, moradores no souto de Mugardos, unha leira no Barral, na freguesía de San Xián de Mugardos, por un ferrado de trigo cada dous anos.
No dorso:
Foro de Afonso Freyre
Número CXLVII
1490
Nº 63
Mugardos
Fuero de una heredad en el Barral, feligresía de Mugardos, a Alonso Freire, vezino de Mugardos, por vn ferrado de trigo
Año de 1490
A.-ARAG, P. 3, 13. Pergameo. Galego. Escritura cursiva cortesá. 250 x 310 mm. Estado de conservación regular polo esvaemento da tinta en diversas partes do soporte.
Yn dey nominen amén. Sepan quantos este público ystromento de fuero biren como nos frey Francisco Fayna, menystro del monesteyro de Santa Catalina de Montefaro, e frey Alonso de Baloe, vycario, e frey Juan Espyga, mayordomo, e frey Francisco Tenreyro e frey Pedro de Paz e frey Juan Pérez e frey Apariço e frey Pedro d'Ares e frey Alonso dos Ryos, flayres e relegiosos del dicho monesteyro, estando juntos e ayuntados en nuestro capytolo, llamados por son de canpana según que lo avemos de vso e de costume para entender en las cosas conplideras al ben e pro del dicho monesteyro, avendo sobre ello nuestro acordo e deliberación por muchas vezes [...] entendendo que lo adelante contenydo es e será provecho e vtilidad e acrecentamento de las rentas del dicho monesteyro, otorgamos e conoscemos que por nos e en nonbre de los otros avsentes que son ynpedidos e en nonbre del dicho monesteyro e de los que después de nos a él vyneren aforamos e damos en foro a vos Pedro Flayre, vecino de Mugardos, convén a saber: que vos aforamos vna metad de vna leyra calva que tene el dicho monesteyro onde chaman

Canido, que es en la felegresya de San Giao de Mugardos, según que la tenemos de permedio en Domingo López de Chanteyro, como se demarca de la vna parte ao longo do camiño antigo que ven de Mugardos para Symón e da otra parte testa en vynas de Fernando Vello e dotra parte en otra leyra de Fernando Velloe dotra parte testa en vna leyra de Alonso Díaz e per seus marcos e devysyones. La qual dicha metad de leyra que ansy vos aforamos vos la aforamos con todas sus entradas e salidas e vsos e costunbres, quantos a le pertenesçen ansy [...] como de derecho. E vos la aforamos para todos los días de vuestra vyda e de vuestro fyjo e de vuestro neto e por más [...] e los dichos vuestros erederos e suçesores nos avéys de dar e entregar en cada vn ano vynte maravedíes pares de brancas en día de Santa Catalyna, postos en el dicho monesteyro en paz e en salvo, e avéys de tener ben reparada la dicha leyra de todos los reparos que le foren neçesarios de manera que los dichos maravedíes estén çertos e seguros en ella e sy [...] de vender este dicho foro o concanbearlo a otra persona que premeramente nos requiras e a nuestros suçesores para que lo ayamos sy quiséremos tanto por tanto antes que otra persona alguna; e no lo querendo, que estonçes (*sic*) lo podáys fazer a persona que no sea poderosa, antes llana e abonada ygual de vos; la tal persona sea obligada a pagar a nos e a nuestros suçesores en nonbre del dicho monesteyro fasta conplidas las dichas vezes a cada hun ano los dichos maravedíes del dicho foro e censo. E por esta presente carta vos conoçemos e costituymos por señor e paçífyco poseedor de la dicha metad de leyra e vos damos poder conplido para que podáys tomar la posysyón della por vuestra propya avtoridad e con avtoridad de juz (*sic*) como quiserdes e por ben toverdes. E conplindo vos e pagando en cada vn ano a nos e a nuestros suçesores en nonbre del dicho monesteyro los dichos vynte maravedíes, prometemos e obligamos los bienes del dicho monesteyro de no yr ny pasar contra el dicho fuero nos ny nuestros suçesores a tenpo alguno ny por alguna manera e de no vos lo tomar ny quitar ny será tomado ny quitado por más ny por menos ny por el tanto que otra persona por ello dé ny prometa ny por otra razón ny heçeçión alguna, antes vos la aremos e será hecho sana e de paz por los benes del dicho monesteyro e para ello obligamos a nos, el dicho Pedro Fleyre, por my e en nonbre de mis erederos e suçesores ansy reçibo de vos, el dicho señor mynystro e flayres susodichos, la dicha metad de leyra con el dicho censo contenido. E prometo e me obligo a my e a mis benes e de mys erederos e suçesores. En espyçial vos obligo e apoteco la dicha metad de leyra susodicha de vos dar e pagar los dichos maravedíes arryba nonbrados al dicho monesteyro, e a vos en su nonbre, e a los que después suçederen, los dichos maravedíes en el dicho día en cada vn ano, postos en el dicho monesteyro como dicho es. Ansimysmo, me obligo por my e por los dichos mys erederos e suçesores de conplir todas las condiçiones arriba contenydas. E para mejor conplir e pagar e gardar nos, las dichas partes, este contrato de fuero e çenso e lo en él contenydo damos nuestro poder conplido a todas e qualesquer justiçias del rey, nuestro señor, a la jurdición de las quales e cada vna dellas nos sometemos ante quen esta carta pareçere e fuere pedido conplimento della para que nos lo agan ansy tener e gardar e conplir e pagar, renunçiando como renunçiamos nuestros

propyos fueros e todas las leys en contrario e la ley que dyze que general renunçiaçión de leys que no valla. Que fue fecho e otorgado en el dicho monesteyro de Santa Catalyna a vynte e sete días del mes de febereyro, ano del señor de myl e quinentos e vynte e vn anos. Testigos que foron presentes Alonso Pérz, vecino de Santa María de Cabalar, e Alonso de [...], cryado del señor menystro, e Loys do Ryo, cryado de Fernán de Valoe, e fyrmaron los dichos señor menystro e frey Alonso de Valoe, vycario, e frey Juan Espyga [...]. Frey Francisco Fayna, menystro. Frey Juan Espyga. Frey Alonso de Valoe.

E yo Alonso López de Domy[...], escriuano e notario público jurado por la avtoridad apostólica e otrosy notario en el couto e porto de Mugardos e su jurdiçión por el dicho monesteyro de Santa Catalina, menystro, flayres e conbento dél, al otorgamento deste dicho contrato de foro en vno con los dichos testigos presente fuy e doy fe que conosco al señor menystro e a los otros flayres nél contenidos e que otro tanto como esto quda en my registro fyrmado del señor mynystro e del vycario e del mayordomo del dicho monesteyro e por ende puse aquy my syno e nonbre acostumado en testymonio de verdad, que tal es.

(*Sinal*) Alonso López, notario público (*rúbrica*)

A PANDEMIA DA COVID-19 EN FERROLTERRA

José Antonio Carpente Sardiña

1. As orixes

O 31 de decembro de 2019, a Comisión Municipal de Saúde de Wuhan (provincia de Hubei, China) notifica á Organización Mundial da Saúde (OMS) un conglomerado de casos de pneumonía na cidade. Posteriormente determínase que están causados por un novo coronavirus. Catro días despois o mencionado organismo sanitario mundial fai pública a existencia dos ditos casos, sen falecidos, e o 10 de xaneiro de 2020 publica en liña unha serie de recomendacións para todos os países baseadas nos coñecementos que se teñen ata ese momento sobre o virus. O 13 de xaneiro confírmase en Tailandia o primeiro caso de Covid-19 rexistrado fóra de China.



O 22 de xaneiro, a OMS declara que se demostrou a transmisión entre seres humanos en Wuhan e avalíase se o gromo constitúe unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional. Non se chega a un consenso e ábrese un prazo de dez días para recompilar máis información. Antes de que remate o dito prazo, o 30 de xaneiro, a OMS declara que o gromo polo novo coronavirus (2019-nCov) constitúe una Emerxencia de saúde pública de importancia internacional (ESPII). O informe que acompaña a dita declaración sinala a existencia de 7 818 casos confirmados en todo o mundo, a maioría en China e 82 noutros países. Avalíase o risco en China como moi alto e o risco mundial como alto. Ante a alarmante propagación da enfermidade e a súa gravidade, e os niveis tamén alarmantes de inacción, o 11 de marzo declárase pandémica a enfermidade da Covid-19[1].


1. Pódense consultar con máis detalles os momentos iniciais da pandemia na web da OMS: https://www.who.int/es/news/item/27-04-2020-who-timeline—-covid-19

2.- A PRIMEIRA VAGA

2.1 En España e Galicia

O primeiro caso de infección en España ocorre o 31 de xaneiro, e a primeira morte ten lugar o 13 de febreiro. En Galicia demorouse o comezo da infección máis dun mes con respecto a España xa que a primeira infección ocorreu o 6 de marzo, e a primeira morte o 14 de marzo[2]. O número máximo de infectados nun día deuse o 27 de marzo en España con 9 182 infectados, mentres que en Galicia foron 516 casos o 29 de marzo. Canto ao maior número de mortos nun día, foron 941 o 1 de abril en España, e 31 o 10 de abril en Galicia. Durante esta primeira vaga non se dispuñan, agás nalgunhas comunidades autónomas como Asturias, de datos por concellos.

Nas gráficas 1 a 4 pódense apreciar en azul os casos diarios de infectados (gráficas 1 e 2) e de mortos (gráficas 3 e 4) en España e Galicia, respectivamente. En cor vermella relíctense os valores das medias semanais. Apréciase a mesma asimetría nas catro gráficas, cun rápido ascenso ata o pico e un descenso máis lento.



Salientar que a recollida de datos durante esta primeira vaga foi bastante caótica, con continuos axustes e cambios de criterio. O Ministerio de Sanidade realizou dous cambios de criterio na elaboración da contabilidade. O primeiro deles tivo lugar o 19 de abril cando se pasou a contabilizar como contaxiados por coronavirus só aqueles que foran confirmados cunha proba PCR, e non os positivos polo test de anticorpos. Posteriormente, o 25 de maio, reduciuse o número de mortos en 1 918 para, segundo explicou o Minis-

2. A información da primeira vaga está tirada de: https://www.epdata.es/datos/coronavirus-china-datos-graficos/498 para España e de https://coronavirus.sergas.gal/datos/#/gl-ES/galicia para Galicia.

terio, axustar os datos cos do Servizo de Vixilancia Epidemiolóxica (SiViEs); ademais informouse de que algunhas comunidades autónomas comunicaran como falecidos casos sospeitosos mais non confirmados. Este axuste tamén se traduciu na contabilidade de casos acumulados, con 372 menos nese día. Estes cambios de criterio na contabilidade aprécianse nas gráficas con situacións anómalas, como que descendan series acumulativas ou se produzan un número negativo de mortes ou casos novos.


O estado de alarma rematou o 30 de abril, comezando a chamada volta á *nova normalidade* a través de varias fases segundo se ían acadando os obxectivos epidemiolóxicos marcados. Pódese dicir que a comezos de xuño remitira a primeira vaga, o cal nos permitiu ter un verán cunha certa normalidade.

2.2 En Ferrolterra[3]

Só temos datos da Área Sanitaria de Ferrol, que inclúe os 20 concellos das comarcas de Eume, Ferrol e Ortegal. O primeiro caso dáse o 9 de marzo, acadándose o máximo o 8 de abril con 337 persoas infectadas. O primeiro falecemento ten lugar o 22 de marzo cando xa había 45 casos activos, mentres que o día con maior número de mortes foi o 12 de abril con 3 defuncións; nese momento xa comezara a baixar o número de infectados (270).

O derradeiro morto desta primeira vaga en Ferrolterra ten lugar o 8 de maio. Nese día había 50 infectados. Nos días sucesivos vai descendendo progresivamente o número de infectados ata chegar ao 18 de xullo, cando xa non hai casos. Rematou esta primeira vaga en Ferrolterra cun saldo de 33 mortos.

Na gráfica 5, que recolle os casos activos, pode apreciarse a mesma asimetría que en España e Galicia. Un forte crecemento seguido dun descenso máis lento.



Gráfica 5

3. Datos tirados de https://coronavirus.sergas.gal/datos/#/gl-ES/galicia

3. A segunda e terceira vagas

3.1 En España e Galicia

Logo duns meses de xuño e xullo con apenas casos, estes comezaron a subir lentamente ao longo do mes de agosto, iniciándose deste xeito a segunda vaga, que en España alcanzou o seu pico de casos diarios a finais de outubro e practicamente un mes despois o máximo de mortos diarios. O Nadal favoreceu a case inmediata terceira vaga, cuxo pico de casos diarios tivo lugar a mediados de xaneiro de 2021 e cerca dun mes despois o de mortos diarios. O número de infectados foi semellante en ambas vagas, estando en cada unha moi preto do millón e medio, moi superior ao cuarto de millón da primeira. Pola contra, o número de mortos foi inferior ao da primeira, tanto na segunda como na terceira vaga[4], probablemente debido á experiencia adquirida polo persoal sanitario que permitiu mellorar os métodos de tratamento da enfermidade.

A situación en Galicia foi diferente: os picos acadáronse aproximadamente unha semana despois que no resto do país. Ao igual que en España, os números totais de infectados en ambas vagas foron notablemente superiores aos da primeira, porén, a diferenza do que ocorreu en España, houbo máis mortos que na primeira vaga, tanto na segunda como na terceira.

O goberno declarara un novo estado de alarma a finais de outubro cunha duración de seis meses e dando competencias ás comunidades autónomas para o establecemento de medidas sanitarias. En Galicia, o Sergas creou unha páxina web na que se informa diariamente da situación do coronavirus en Galicia[5]. Nesa páxina recóllense, entre outra información, o número de casos novos nos últimos 14 días e a incidencia acumulada (IA) a 14 días[6] de cada concello galego. Salientar que a IA vén dada por tramos: de 0 a 25 (baixa); de 25 a 50 (moderada); de 50 a 150 (media); de 150 a 250 (alta); e máis de 250 (extrema). A comezos de marzo prodúcense dúas novidades na información por concellos: desdóbrase o tramo de máis de 250 en dous –de 250 a 500, e máis de 500–, e infórmase dos casos novos e a IA nos últimos 7 días. Outra particularidade da información dada é que cando o número de casos novos é inferior a 10, non se dá o valor exacto senón que se di "entre 1 e 9 casos novos".

3.2 En Ferrolterra

A partir da información que ofrece o Sergas, veño elaborando desde finais de novembro unhas táboas e gráficos sobre a situación da incidencia acumulada a 14 días en Ferrolterra, termo non oficial[7] que abarca os vinte concellos das comarcas do Eume, Ferrol

4. https://www.larazon.es/sociedad/20220214/bf3dh2ecojgf7i76ibng2mbtee.html

5. https://coronavirus.sergas.gal/datos/#/gl-ES/galicia

6. Defínese a incidencia acumulada a 14 días como o número de casos novos por cen mil habitantes aparecidos nos últimos 14 días.

7. Véxase a entrada *Ferrolterra* na Galipedia: https://gl.wikipedia.org/wiki/Ferrolterra

e Ortegal, mais os de Miño e Vilarmaior. A intención era dar os datos exactos a partir da información dispoñible. No caso da IA, non supón maior problema sabendo o número de habitantes de cada concello[8]. Cando o número de casos novos é inferior a 10, ao non dispor do valor exacto, só se pode obter un abano de valores para a IA, e tamén restrinxir algo máis o intervalo "de 1 a 9" para o número de casos novos. Isto conséguese combinando os intervalos de casos novos e os de IA, mediante tenteo. Ás veces, é posible dar os valores exactos. Cando non era posible dar o valor exacto da IA, e co fin de poder facer unha gráfica cos datos, substituíronse os intervalos de IA polo valor central do intervalo.

Comezo os rexistros o 27 de novembro, momento no que estaban confinados os concellos de Ares, Fene, Ferrol, Narón e Neda. Pontedeume tiña ese día unha IA a 14 días de 694, valor moi superior ao dos concellos confinados pero, de xeito paradoxal, non se achaba confinado. Nos días sucesivos os valores seguen unha clara tendencia descendente agás no caso das Pontes que experimenta un crecemento moi forte chegando a superar o valor 1 300 a mediados de decembro.

O día 2 de decembro cambia a metodoloxía, establecendo o Sergas catro niveis de restricións segundo a incidencia da enfermidade en cada concello. Son estes niveis o básico, medio, medio-alto e máximo. O que un concello estea nun nivel ou noutro non vén dado só pola IA (diferénciase entre concellos de máis ou menos de 10.000 habitantes) senón tamén por outros indicadores como a IA entre os maiores de 65 anos, a porcentaxe de PCR positivas, o número de doentes en UCI, a evolución do número de casos e a existencia de gromos. Nese día só hai cinco concellos que non están no nivel básico, son estes Narón e As Pontes no nivel máximo, e Fene, Ferrol e Neda no nivel medio-alto. Dous días despois, Pontedeume segue en nivel básico mais atópase nunha situación de *vixilancia especial*, ao igual que Monfero.

Durante o mes de decembro continúa a tendencia descendente con algunhas excepcións. Hai concellos que tiveron unha vaga entre a segunda e terceira. Está o caso xa comentado das Pontes e os de Pontedeume, que despois de baixar o 12 de decembro ata o nivel 154 experimenta unha subida que o leva ao nivel 321 os días 19 e 22 de decembro e, en menor medida, Fene, con valores inferiores aos de Pontedeume.

Comeza o ano 2021 con resultados esperanzadores. Só se atopan no nivel máximo o concello das Pontes, e no nivel medio-alto os de Ferrol e Narón. Pontedeume ten o día de Ano Novo unha IA de 141 e mesmo baixa algo máis o día 2, pero a situación cambia drasticamente, estando xa o día 4 no valor 257. O mesmo ocorre nos demais concellos da comarca: é o comezo da terceira vaga (a cuarta en realidade, para os concellos das Pontes, Pontedeume e Fene). Semella que as festas de Nadal tiveron un efecto negativo na evolución da pandemia.

O crecemento nesta terceira vaga é espectacular. Velaí unha relación diaria dos feitos máis salientables:

8. Usóuse o censo oficial de 2019, dispoñible na páxina web do Instituto Galego de Estatística: https://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002001&ruta=nomenclator/nomenclator.jsp

– O día 5, Pontedeume xa supera sobradamente o nivel 300 (334). O nivel 400 supérase o día 11 (424).
– O 13 de xaneiro a Xunta decreta o peche perimetral de Pontedeume e outros cinco concellos de Ferrolterra (Ferrol, Narón, Cabanas, Fene e Mañón) con nivel máximo de restricións (toque de queda ás 22:00 h, peche da hostalaría ás 18:00 h con 50% de aforo no exterior, e reunións de non conviventes limitada a un máximo de 4 persoas)[9].
– O día 15, Pontedeume, que xa supera o nivel 700 (720), e Cabanas solicitan á Xunta un peche conxunto para ambos concellos[10] que non foi concedido; este mesmo día, o concello de Mañón acada unha desorbitada IA de 2 507.
– O día 16 Pontedeume, con 70 casos novos nos últimos 15 días, xa está en IA 900, habendo nese día tres concellos por riba de 1 000: Ortigueira (1 199), Moeche (1 223) e Mañón (2 802). O dato deste último concello indica que 1 de cada 36 mañoneses se infectou nos últimos 14 días.
– O día 19 a Xunta amplía a relación de concellos co nivel máximo de restricións, quedando só sete concellos no nivel medio-alto; son estes Ares, As Somozas, A Capela, As Pontes, Miño, Vilarmaior e Monfero[11]. Neste día xa son cinco os concellos que superan o nivel 1 000 ao facelo Cabanas (1 036) e San Sadurniño (1 002), e xa non queda ningún concello de Ferrolterra por debaixo do nivel 150, considerado pola OMS como o nivel máximo para considerar controlada a pandemia.
– O día 21 xa son oito os concellos que superan o millar, entre eles Pontedeume (1 003). Mañón alcanza o seu máximo desta vaga (3 909) con 53 infectados nos últimos 14 días (un de cada 26 veciños).
– O día 22, Mugardos súmase ao "club dos 1 000", sendo xa nove os concellos que superan esa cifra. O concello da Capela é o único que non está en incidencia extrema, aínda que si está en incidencia alta.
– O día 23 xa son dez os concellos por riba de 1 000 ao superar esa cifra San Sadurniño. Mañón baixa lixeiramente, o cal, unido á subida de Moeche, fai que este último pase a ser o de maior IA.
– O día 24 Moeche supera o nivel 4 000. Seguen sendo dez os concellos por riba de 1 000.
– O día 26 A Capela, que se mantiña como único concello fóra da incidencia extrema, pasa a este nivel, estando, xa que logo, os 22 concellos da comarca de Ferrolterra en incidencia extrema. Ao día seguinte entran en vigor as novas

9. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2021/01/13/sobre-nuevas-restricciones-galicia/00031610538404483871842.htm

10. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/cabanas/2021/01/15/alcaldes-pontedeume-cabanas-piden-cierre-conjunto/0003_202101F15C3993.htm

11. https://www.lavozdegalicia.es/retransmision/sociedad/2021/01/19/directo-sanidade-anuncia-necesarias-nuevas-restricciones-galicia/01071611046027798164935.htm

restricións establecidas pola Xunta, que inclúen o peche perimetral de todos os concellos de Galicia, o peche total da hostalaría e do comercio ás 18 horas cun aforo máximo do 50%, as reunións sociais só de conviventes e o toque de recollida de 22 a 6 horas[12].

– O día 28 Pontedeume acada o seu máximo con 96 casos novos nos últimos 14 días, o que supón unha IA de 1 234.
– O día 29 Moeche acada o máximo desta vaga de todos os concellos (5 791) con 71 casos (1 de cada 17 modestinos). A metade dos concellos (11) xa superan o millar. A nota positiva efémera pona Cariño ao baixar de 250 e ser o primeiro en deixar a incidencia extrema, situación á que retorna o 1 de febreiro.
– O día 2 Fene e Pontedeume baixan de 1 000, quedando nove concellos por riba desa marca. Seguen todos en incidencia extrema. Chama a atención a subida espectacular de Cabanas debido a un gromo rexistrado na residencia de maiores de Laraxe[13], pasando de 44 a 74 casos novos, o que fai que a súa IA supere o nivel 2 000.

A partir do día 4 de febreiro iníciase un lento descenso. A mediados de mes algúns concellos deixan a incidencia extrema e pasan a incidencia máxima. O día 17 a Xunta prolonga o horario de peche dos comercios ata as 21:30 horas e permite abrir espazos culturais e aulas universitarias[14]. Non é ata o 18 de febreiro que aparece un concello sen casos novos (A Capela).

A partir do 26 de febreiro establécese unha nova escala de restricións baseada na incidencia acumulada a 14 días. Desta forma todos os concellos de Ferrolterra, agás Moeche, están no mesmo nivel de restricións, o cal permite que os veciños deses concellos poidan desprazarse aos outros concellos da Área Sanitaria no mesmo nivel de restricións. Xa que logo, só os veciños de Moeche teñen peche perimetral do concello[15].

Durante o mes de marzo segue baixando a incidencia. O día 31 de marzo todos os concellos, agás Ortigueira que está en incidencia extrema, están en incidencia baixa, moderada ou media. Pódese dicir que remitiu a terceira vaga.


No gráfico 6 apréciase a evolución da pandemia nos cinco concellos máis poboados de Ferrolterra, desde os derradeiros días da segunda vaga ata o final da terceira. Nela apréciase a *vaga intermedia* que sufriron os concellos das Pontes, Pontedeume e, en menor medida, Fene.

12. https://praza.gal/acontece/as-novas-restricions-da-xunta-pola-covid-e-as-suas-excepcions-das-parellas-que-non-conviven-a-caza

13. https://www.cope.es/emisoras/galicia/a-coruna-provincia/ferrol/ferrol-comarcas/noticias/detectado-otro-brote-coronavirus-residencia-domusvi-laraxe-con-once-residentes-trabajador-20210201_1127328

14. https://www.ondacero.es/emisoras/galicia/galicia-mantiene-restricciones-hosteleria-relaja-comercio-estas-son-medidas-vigor-covid_20210215602a77e51373f60001acf3ad.html

15. https://praza.gal/acontece/por-areas-concellos-e-incidencia-guia-das-restricions-mais-complexas-da-xunta-pola-covid



Gráfica 6

Na seguinte táboa reflíctense os valores máximos acadados na terceira vaga en cada concello da comarca, tanto en valores absolutos de casos novos como en incidencia acumulada a 14 días. Inclúese tamén o censo do concello e a data na que se acadou o máximo.

MÁXIMOS POR CONCELLO NA TERCEIRA VAGA				
CONCELLO	Censo (2019)	Casos novos	IA a 14 días	Data
Ares	5 732	59	1 029	8 de febreiro
Cabanas	3 281	80	2 438	5 de febreiro
Capela, A	1 232	10	812	3 de febreiro
Cariño	3 838	24	625	15 de xaneiro
Cedeira	6 640	91	1 370	29 de xaneiro
Cerdido	1 113	15	1 348	24 de xaneiro
Fene	12 944	154	1 190	28 de xaneiro
Ferrol	66 065	442	669	30 de xaneiro
Mañón	1 356	53	3 909	21 de xaneiro
Miño	6 200	40	645	1 de febreiro
Moeche	1 226	71	5 791	29 de xaneiro
Monfero	1 932	19	983	1 de decembro
Mugardos	5 245	67	1 277	30 de xaneiro
Narón	39 080	315	806	1 de febreiro
Neda	5 079	43	847	24 de xaneiro
Ortigueira	5 671	102	1 799	27 de xaneiro
Pontedeume	7 777	96	1 234	28 de xaneiro
Pontes, As	10 138	137	1 351	15 de decembro
San Sadurniño	2 822	51	1 807	4 de febreiro
Somozas, As	1 098	17	1 548	23 de xaneiro
Valdoviño	6 563	49	747	4 de febreiro
Vilarmaior	1 226	10	816	30 de xaneiro

O balance destas segunda e terceira vagas na Área Sanitaria de Ferrol é como segue[16]:

– Despois de case 5 meses sen mortes, prodúcese a primeira o 2 de outubro, cando había 34 casos activos. O pico da segunda vaga foi o 5 de novembro con 1 136 casos activos, e o día seguinte prodúcese o maior número de mortes (4). O número total de falecidos na segunda vaga foi de 57.
– O pico da terceira vaga foi de 1 887 infectados o 3 de febreiro e, ao igual que na segunda vaga, o día seguinte rexistra o maior número de mortes (7). O 7 de abril prodúcese o derradeiro falecemento da vaga, que se levou un total de 126 vidas.

4. A cuarta e quinta vagas

4.1 En España e Galicia

Estas vagas foron as máis leves de todas, tanto en persoas infectadas coma en mortes.

En España infectáronse na cuarta e quinta vagas máis de medio e un millón de persoas respectivamente, menos que nas dúas anteriores pero máis que na primeira. A suma dos mortos en ambas vagas non chegou a superar ao número de mortos en calquera das anteriores[17].

Os efectos da cuarta vaga en Galicia foron mínimos. O día con maior número de casos activos foi o 29 de abril con 3 202, lonxe do máximo de 22 911 da terceira vaga. O maior número de mortes nun día produciuse o 7 de abril con 6 falecementos. Oitenta e dúas persoas perderon a vida en Galicia nesta vaga, moi lonxe tamén dos 995 mortos da vaga anterior.

A quinta vaga en Galicia comezou sen tregua. O número de casos activos, que acadou un mínimo o 20 de xuño con 1 289 infectados, comezou a subir paulatinamente ata chegar ao máximo desta vaga o 30 de xullo con 19 441 infectados, número lixeiramente inferior ao máximo da terceira vaga. O día con máis mortos foi o 14 de agosto cando houbo 7 falecementos. En total, esta vaga levouse a vida de 215 galegos, cifra superior aos 82 mortos da vaga anterior pero sensiblemente inferior ás das tres primeiras (619, 739 e 995 respectivamente). Isto parece indicar que a vacinación tivo un gran efecto positivo na loita contra a pandemia.

4.2 En Ferrolterra

Ao igual que en Galicia, na Área Sanitaria de Ferrol apenas se notou a cuarta vaga. Houbo un único morto o día 3 de maio. O máximo de infectados deuse o 23 de abril con 122 casos.

16. https://coronavirus.sergas.gal/datos/#/gl-ES/galicia

17. https://www.larazon.es/sociedad/20220214/bf3dh2ecojgf7i76ibng2mbtee.html

Por concellos, a situación estivo controlada en practicamente a totalidade deles, tan só Mañón chegou a estar en incidencia extrema durante tres días, pero cun valor inferior a 500, afastado do que acadou na terceira vaga. Tres concellos, amais de Mañón, estiveron en incidencia alta por un corto período de tempo, son estes: Ares (oito días), A Capela e Mugardos (dúas semanas cada un). O resto dos 18 concellos non pasaron do nivel 150 que marca o límite da incidencia media. Mesmo dous concellos, Moeche, que acadara o máximo comarcal na anterior vaga, e As Somozas estiveron sen casos durante toda a vaga.

As conclusións sobre a quinta vaga para Galicia poden tirarse tamén para Ferrolterra. Na Área Sanitaria de Ferrol houbo un total de 13 mortes, mentres que os máximos diarios de casos activos e mortes foron respectivamente de 1 085, o 4 de agosto, e 2, o 1 de agosto.

Por concellos, o peor momento deuse na primeira quincena de agosto cando máis da metade dos concellos estaban en incidencia extrema aínda que en niveis moito máis baixos cós da terceira vaga. Así, só tres concellos chegaron a superar o nivel 1 000: A Capela, que foi o que acadou o máximo comarcal superando o nivel 1 500; Cariño, achegándose ao nivel 1 200; e Pontedeume, cuxa incidencia máxima foi de 1 019 dada por 79 casos.

5. A sexta vaga (ata o 2 de marzo)

5.1 En España e Galicia

A sexta vaga, iniciada a finais do 2021, está sendo con diferenza a que máis infectados provocou, mais non ocorre o mesmo co número de mortos. En España, ata o 2 de marzo, o número de infectados superaba xa os seis millóns (máis que a suma dos infectados nas cinco vagas anteriores), mentres que os mortos pasaban dos trece mil (número inferior ao dos mortos en cada unha das anteriores vagas, mais superior á suma dos mortos da cuarta e quinta). A razón desta asimetría é que a maioría dos casos desta vaga foron provocados pola nova variante *ómicron*, moito máis contaxiosa que as anteriores pero cuxos efectos son leves na maioría dos casos[18].

O dito para España é tamén aplicable a Galicia. Ata a data sinalada morreran 464 persoas, que non superan os mortos de cada unha das anteriores vagas, pero si a suma dos da cuarta e quinta; e infectáranse máis de trescentos mil galegos, máis que a suma dos infectados nas cinco vagas anteriores.

O día no que había máis infectados en Galicia foi o 20 de xaneiro de 2022 con 81 548 casos activos, e o máximo de mortes diarias foron 20 o día 7 de febreiro.

18. https://elpais.com/ciencia/2021-12-24/la-razon-por-la-que-omicron-parece-mucho-mas-leve.html

5.2 En Ferrolterra

Tamén en Ferrolterra o impacto da sexta vaga provocou máis infectados que a suma dos das anteriores. O 14 de xaneiro chegou a haber 4 260 casos activos, o máximo desta vaga. O día con maior número de mortos foi o 16 de xaneiro, cando morreron dúas persoas. Ata o 2 de marzo, esta vaga provocou 28 mortos.


A incidencia nos concellos tamén superou amplamente a acadada na terceira vaga, que era a que dera os números máis altos. Comezou o mes de decembro cuns valores aceptables, con só tres concellos en situación de risco: Fene en incidencia extrema (474); e Ferrol (212) e Miño (239) en incidencia alta. Mesmo había dez concellos que non tiñan casos novos nos últimos 14 días. A situación foi empeorando ao longo do mes para chegar ao remate do 2021 con todos os concellos en incidencia extrema e dez deles superando o nivel 1 000. Durante o mes de xaneiro continuou subindo a incidencia dunha forma ata agora descoñecida polos altos valores que se acadaron. O primeiro concello en chegar ao pico foi Ortigueira o 4 de xaneiro. Os demais concellos acadaron o seu máximo entre o 12 e o 27 de xaneiro, agás As Pontes que o logrou o 2 de febreiro e Cedeira o 20 de febreiro. A marca absoluta foi a incidencia de 4 344 que alcanzou Cariño o día 12.

Na seguinte táboa indícanse os valores máximos dos casos novos e da incidencia acumulada a 14 días de cada concello e a data na que se produciu:

MÁXIMOS POR CONCELLO NA SEXTA VAGA				
CONCELLO	Censo (2020)	Casos novos	IA a 14 días	Data
Ares	5 829	160	2 745	21 de xaneiro
Cabanas	3 274	80	2 443	19 de xaneiro
Capela, A	1 221	42	3 440	21 de xaneiro
Cariño	3 775	164	4 344	12 de xaneiro
Cedeira	6 676	125	1 872	20 de febreiro
Cerdido	1 087	29	2 668	24 de xaneiro
Fene	12 868	316	2 456	16 de xaneiro
Ferrol	65 560	1 883	2 872	22 de xaneiro
Mañón	1 319	29	2 199	27 de xaneiro
Miño	6 277	152	2 422	27 de xaneiro
Moeche	1 186	38	3 204	14 de xaneiro
Monfero	1 907	29	1 521	21 de xaneiro
Mugardos	5 215	129	2 474	15 de xaneiro
Narón	39 056	1 239	3 172	21 de xaneiro
Neda	5 023	129	2 568	15 de xaneiro
Ortigueira	5 633	96	1 704	4 de xaneiro
Pontedeume	7 753	223	2 876	18 de xaneiro
Pontes, As	10 068	311	3 089	2 de febreiro
San Sadurniño	2 784	84	3 017	21 de xaneiro
Somozas, As	1 083	28	2 585	19 de xaneiro
Valdoviño	6 542	135	2 064	27 de xaneiro
Vilarmaior	1 209	31	2 564	24 de xaneiro

Se comparamos estes valores cos da terceira vaga, vemos que só tres concellos tiveron un pico menor que na terceira: Mañón e Moeche, que acadaran uns valores extremadamente altos naquela vaga, tiveron na sexta un pico case un 50% menor. Ortigueira obtivo practicamente o mesmo valor en ambas (un 5% menos na sexta), ao igual que Cabanas que aumentou un 0,2%. Os demais concellos tiveron un pico maior na sexta vaga. O menor incremento correspondeu a Cedeira (un 37%); outros catro concellos non chegaron a dobrar o valor da terceira. O resto (13 concellos) dobraron, triplicaron ou cuadruplicaron os valores da terceira. Mesmo Cariño multiplicou por 7 a incidencia da terceira vaga.

O gráfico 7 reflicte a evolución da IA a 14 días nos cinco concellos máis poboados de Ferrolterra durante a sexta vaga entre o 1 de decembro e o 2 marzo. Apréciase que, a pesar do descenso nas últimas semanas, o 2 de marzo a IA estaba aínda máis alta do que o estaba a primeiros de decembro.



Gráfica 7

6. As cifras da Pandemia

En números redondos, infectáronse en España once millóns de persoas, medio millón en Galicia e trinta mil na Área Sanitaria de Ferrol; e morreron cen mil españois, tres mil galegos e douscentos cincuenta veciños das comarcas do Eume, Ferrol e Ortegal.

Na seguinte táboa aparecen o número total de infectados nas seis vagas ata o 2 de marzo, tanto en España como en Galicia e na AS de Ferrol[19 20]:

CASOS TOTAIS DE INFECTADOS E MORTOS								
	VAGAS–>	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	TOTAIS
INFECTADOS	ESPAÑA	246 272	1 455 824	1 492 734	562 380	1 215 555	6 074 682	11 047 447
	GALICIA	9 530	46 949	56 965	10 983	53 774	317 391	495 592
	A.S. FERROL	468	3 353	4 270	437	2 873	16 622	28 023
MORTOS	ESPAÑA	28 323	18 322	25 778	8 228	6 180	13 168	99 999
	GALICIA	619	739	995	82	215	464	3 114
	A.S. FERROL	33	57	126	1	13	28	258

A continuación, nesta outra táboa aparecen os valores máximos que se acadaron en Galicia e na Área Sanitaria de Ferrol do número de casos activos, de infectados novos e de mortos, así como as datas nas que se produciron[21]:

MÁXIMOS DE CASOS ACTIVOS, NOVOS INFECTADOS E MORTOS							
	VAGAS–>	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
CASOS ACTIVOS	GALICIA	5 481 8 abr 2020	10 368 6 nov 2020	22 911 29 xan 2021	3 202 29 abr 2021	19 441 30 xul 2021	81 548 20 xan 2022
	A.S. FERROL	337 8 abr 2020	1 136 5 nov 2020	1 887 3 feb 2021	122 23 abr 2021	1 085 4 ago 2021	4 260 14 xan 2022
NOVOS INFECTADOS	GALICIA	516 29 mar 2020	799 31 out 2020	1 856 22 xan 2021	251 29 abr 2021	1 500 21 xul 2021	8 832 13 xan 2022
	A.S. FERROL	60 27 mar 2020	126 31 out 2020	150 20 xan 2021	19 12 abr 2021	92 23 xul 2021	499 12 xan 2022
MORTOS	GALICIA	31 10 abr 2020	15 30 out 2020	35 28 xan 2021	6 7 abr 2021	7 14 ago 2021	20 7 feb 2022
	A.S. FERROL	3 12 abr 2020	4 6 nov 2020	7 4 feb 2021	1 3 mai 2021	2 1 ago 2021	2 16 xan 2022


Obsérvase que, en xeral, as datas nas que se producen os máximos de novos infectados preceden nuns días ás dos máximos de casos activos e de mortes.

Finalmente, velaí uns gráficos da evolución desde o principio da pandemia dos casos activos, dos casos novos e das mortes diarias Área Sanitaria de Ferrol. Neles apréciense claramente os picos das vagas, agás o da cuarta, moito menor cás das outras:


19. Para os datos de España: https://www.larazon.es/sociedad/20220214/bf3dh2ecojgf7i76ibng2mbtee.html e https://www.epdata.es/datos/coronavirus-china-datos-graficos/498 . Para os datos de Galicia e a AS de Ferrol: https://coronavirus.sergas.gal/datos/#/gl-ES/galicia

20. No caso de Galicia e a AS de Ferrol, tomáronse como datas de remate de cada unha das vagas as correspondentes aos valores mínimos de casos activos entre dúas vagas consecutivas; no caso de España estas datas son as reflectidas na fonte usada.


21. https://coronavirus.sergas.gal/datos/#/gl-ES/galicia



Gráfica 8



Gráfica 9



Gráfica 10

PATRIMONIO DESAPARECIDO DEL MONASTERIO DE CAAVEIRO

Tocante al artesonado mudéjar y pinturas murales

Francisco Rubia Alejos

Como pequeña aportación al amplio historial del monasterio de Caaveiro, decidimos sacar a la luz algunos elementos patrimoniales perdidos –de los que no han quedado restos– cuya existencia era tan solo conocida a través de citas puntuales en fuentes impresas.

Comenzaremos con una breve exposición del contenido del trabajo.

En primer lugar, abordaremos el artesonado mudéjar que ornamentaba la techum*bre de la extensa sala principal de una de las casas de canónigos de arriba, tomando como* referencia una fotografía inédita realizada por nosotros en su día que, a falta de otras pruebas, pudiera ser la única imagen conocida del artesonado cuando aún se mantenía en bastante buen estado.

Al hilo, nos detendremos en la puerta de estilo gótico de acceso a dicha sala, y en los nichos de ventana con poyos. En este primer apartado serán también objeto de comentario: las techumbres planas monasteriales desaparecidas; la cubierta de las antiguas caballerizas, cuyo singular carácter a dos vertientes desiguales no se conserva; la casa de la Penitenciaría; la cocina de tipo marinero; y la trampa terrena, hoy inexistente.

La segunda parte estará dedicada a las pinturas murales desaparecidas de la iglesia monasterial de Santa Isabel que, según historiadores pretéritos conservaba restos muy antiguos. Desconociéndose cualquier testimonio gráfico y su ubicación en el templo.

Para finalizar mostraremos una panorámica inédita del monasterio de Caaveiro.

Artesonado mudéjar

> *«… súbese al único piso por una escalera de piedra que desemboca en un amplio salón en el que es de notar un artesonado, copia, según se dice, del que tuvo el palacio de los Andrade en Puentedeume»*[1].

1. Couceiro Freixomil. *Historia de Puentedeume y su comarca.* Segunda edic. 1944, p. 71. Sobre el palacio de los Andrade dice ser: «Uno de los pocos palacios feudales del siglo XIV que se conserva en Galicia, y que aún cuando ha sufrido refor-

Antes de entrar en materia consideramos oportuno decir que la obra del artesonado mudéjar, por su magnitud y elaboración, debió requerir un considerable esfuerzo humano y un dispendio económico notable. Esto induce a pensar que la decisión de realizar una copia en Caaveiro debió de tomarse por considerar el artesonado de los Andrade una brillante muestra artística de la influencia del arte mudéjar en la comarca eumesa. Es presumible que reproducir el artesonado del palacio eumés en Caaveiro sería una manera de perpetuar su estilo, proceder muy habitual a lo largo de la historia del arte y de la arquitectura.

Como es sabido, la destrucción del palacio de los condes de Andrade fue «una de las mayores pérdidas sufridas por el patrimonio monumental de Galicia en las primeras décadas del siglo XX»[2].

En el reciente trabajo de investigación de Sánchez García, dedicado al palacio de los condes de Andrade en Pontedeume[3], hace alusión –según notas tomadas del ingeniero Comerma[4]– a los artesonados que cubrían tres salas de la planta noble (Audiencia, Justicia y comedor) de «vigas esmeradamente labradas y adornadas con pinturas y dorados» que perduraron hasta los primeros años del siglo XX. Los artesonados de las salas de la Audiencia y Justicia habían desaparecido al reformarse aquellos espacios como salones de baile y billar, respectivamente.

Doble valor testimonial

La imagen del artesonado mudéjar que vamos a mostrar encierra un doble interés: Permite conocer con meridiana claridad cómo era el artesonado que cubría la gran sala de Caaveiro y, a la postre, el que tenía el palacio de los Andrade en Pontedeume[5].

En la fotografía, realizada en 1975, es de notar que, pese la incuria del tiempo, el artesonado se conservaba en relativo buen estado, presentando algunos daños provocados por filtraciones pluviales, con desprendimientos de madera en determinadas zonas. La foto corresponde a una vista parcial de la techumbre desaparecida que cubría la gran sala de la primera planta de la mencionada casa de canónigos, conocida también por *Casa de la Penitenciaría*, que daba frente a la desaparecida iglesia de San Juan Bautista.

Construcción de la armadura de cubierta

La cubierta, en el caso que nos ocupa, abarca dos casas canonicales contiguas [1]. Sobre los muros de fábrica se iba montando la armadura de cubierta, o conjunto de piezas

mas, existen todavía en él elementos dignos de ser respetados», pp.144-145

2. Jesús Ángel Sánchez García. *Arquitecturas desvanecidas. Memoria gráfica del patrimonio desaparecido en Galicia,* 2019, p. 129. Editores: Sánchez García, J. A -Vázquez Castro, Julio- y Vigo Trasancos, Alfredo.

3. Sánchez García, op. cit.

4. Andrés Avelino Comerma y Batalla. *Los castillos feudales de Moeche, Narahío y Andrade*. Ferrol 1903, pp. 42-44.

5. Según testimonio de reputados autores como Angel Del Castillo. *La colegiata de Caaveiro. Impreso número 3 de la Sección excursionista Universidad Popular de La Coruña.* - López y Carballeira. *Místicos Gallegos. San Rosendo: Siglo* X. Santiago de Compostela, 1909. Al referirse a la techumbre decorativa de la sala dice: *«...el bello artesonado es copia del que se admiraba en el antiguo palacio de los Andrades en la villa de Puentedeume, siglo XV».*

unidas destinada a dar sostén al tejado, construido a cuatro aguas. Finalizada la obra se cubría de teja árabe[6], proporcionando a partir de este momento segura protección contra las inclemencias para la realización de obras interiores.

En esta fase es importante subrayar que la techumbre decorativa de la sala fue hecha a modo de falso techo[7], separado de la armadura de cubierta mediante un espacio[8].



[1] Casas de canónigos de arriba, dos edificios contiguos bajo una misma cubierta. La chimenea que se ve a la izquierda pertenece a la sala principal, donde se encontraba el artesonado

El artesonado, a juzgar por su calidad y envergadura, debió ser realizado por un maestro, suficientes oficiales y aprendices. Su construcción y montaje la presumimos larga y laboriosa.

Retrotrayéndonos en el tiempo, no resulta difícil imaginar el empaque de esta estancia bajo el bello artesonado, cuando se hallaba en perfecto estado y se desarrollaba vida en la extensa sala[9], haciéndose notar su simple y a la vez compleja elegancia; su composición geométrica; los típicos tirantes pares y la particularidad de atirantarse en los ángulos, descansando todos los mencionados tirantes en ménsulas ricamente talladas. Es de lamentar que se dejase llegar a estado de última vida, hasta alcanzar su ruina y total desaparición[10].

Descripción general

La obra, en cuanto a diseño, ejecución y técnica, era de alta calidad e ideada para cubrir grandes espacios. En su conjunto destaca la bella simetría, peculiaridad de

6. En algunas regiones españolas bajo la dominación árabe, los tejados de las casas durante los siglos XII y XIV, fueron cubiertos de teja, en sustitución de la paja y barro arcilloso o lajas de piedra. M. Riu Riu. *Edad Media (711-1500). Manual de Historia de España 2.* Madrid 1989, p. 493. Las tejas de barro cocido, conocidas por teja del país o teja árabe (susti- tuidas en el monasterio e iglesia del siglo XII por planchas de cinc), tenían la forma cónica, eran de un pie de largo y medio de ancho y media pulgada de grueso. El carácter de una buena teja ha de ser que, apoyada por sus bordes en el suelo pueda sostener en el lomo el peso de un hombre. Juan A. Rodríguez de Cancio. Guía Legislativa de Conservación y Policía de las carreteras. Coruña. Edic. Completa. Tipografía Galaica, 1864, pp.71-72.

7. El que, sin función constructiva, está separado de la estructura de la cubierta o entramado dejando una cámara de aire entre ambos. J. R Paniagua. *Vocabulario básico de arquitectura*. "Cátedra. Cuadernos de Arte". Madrid, 1998.

8. En una fotografía (1.55) que ilustra la encomiable obra de J. M. Yáñez Rodríguez *San Juan de Caaveiro. Un monasterio entre la naturaleza. Análisis gráfico, arquitectónico y paisajístico.* Segunda edición 2019, Diputación de La Coruña, p. 61, se pueden apreciar con claridad, entre los restos de la armazón de la cubierta y los tirantes pares, la separación de los dos elementos diferenciados por el muro de mampostería vista, sin revoco o enlucido.

9. Actualmente la superficie se halla sensiblemente reducida al abrirse cajas de escalera en los extremos de la sala.

10. Hubo quien dijo que el patrimonio no se valora hasta que se pierde, o, dicho de otro modo, *solo se da valor al agua cuando el pozo seca*. Sobre la desoladora desaparición del patrimonio véase la obra de Juan Antonio Gaya Nuño. *La Arquitectura Española en sus monumentos desaparecidos.* Madrid, 1961.

elementos ornamentales y perfecto encuadramiento de todas sus piezas, cualidades propias de la carpintería mudéjar[11], en cuyo modelo fue inspirado.

Su forma era semejante a la de una gran artesa invertida, de donde le viene el nombre de artesón[12], y por extensión artesonado[13].

En cuanto a su estilo clasificado por su forma constructiva[14], podría estar inspirado en el gótico español de influencia mudéjar, que tuvo su desarrollo hasta el pleno renacimiento como resultado de la convivencia de las dos culturas.

Según el arquitecto Ráfols «los techos cuya sección tiene, en su perímetro interior, la forma de trapecio, son conocidos con el nombre de techos de par y nudillo, porque sus armaduras están compuestas por dos maderos tornapuntados, que se llaman pares o alfardas [y forman el armazón de los faldones], interceptados a los dos tercios de su altura por las piezas horizontales que reciben el nombre de *nudillos* y sostienen el harneruelo o paño horizontal de esta clase de techumbres[15]. Las de este tipo –continúa– están constituidas decorativamente por lacerías[16]; es decir, por adornos formados por una o varias cintas que, por sus mutuas intersecciones y por sus cambios de dirección, engendran multitud de polígonos…»[17].

Descripción pormenorizada

La descripción que pasamos a desarrollar está hecha por fotografía [2] y corresponde a la esquina suroeste de la sala. En la imagen se puede apreciar la cara interior del ángulo de la limatesa del artesón, flanqueada por largueros que alcanzan hasta el vértice del *harneruelo* que forma el fondo plano o paño central de la techumbre (correspondiente al fondo de la gran artesa)[18]. En cuanto al material constructivo, en nuestra visita no pudimos precisar la madera en que fue realizado[19].

Como elementos constitutivos destacables de la techumbre decorativa se encuentran los tirantes pares y los tirantes *esquineros*, ambos de perfecta escuadría. Los primeros

11. Estilo llamado de este nombre por estar ejecutado por los moros que quedaron en tierras reconquistadas, vigente entre los siglos XII al XVI.

12. Esta forma de techumbre decorativa tuvo gran aceptación en las quintas de recreo o *paços* de Portugal, conocida por techos de *maseira* donde supieron conservar, restaurar y, llegado el caso, reproducir a la perfección.

13. El nombre de artesa varía según la zona geográfica. En la Alhambra de Granada la Sala de la Barca debe su nombre a la forma de su techumbre, destruida por un incendio en 1890. José F. Ráfols. *Techumbres y artesonados españoles*. Barcelona, 1926

14. La clasificación de este tipo de techos puede estar basada en la estructura y en el ornato. «Siendo la clasificación estructural más afín a la clasificación estilística de lo que a primera vista pudiera parecer». Ráfols, *op. cit.*

15. Ráfols, *op. cit.*

16. «Siendo la lacería la esencia, tanto composicional como decorativa de las cubiertas de par y nudillo, y abundando tanto en España estas cubiertas, se comprende la gran variedad de lazos que adornan varios edificios públicos y casas de familia encumbradas» (como en sus tiempos había sido el palacio de los Andrade en Pontedeume). Ráfols, *op. cit.*

17. En el caso de techumbres ricamente decoradas. Ráfols, *op. cit.*

18. También denominado *almizate*.

19. En este tipo de carpintería de armar se empleaba la llamada *carpintería de lo blanco* compuesta por madera de pino.



[2] Artesonado mudéjar que ornamentaba la gran sala de la primera planta de la casa de la Penitenciaría

son *tirantes pareados*[20] dispuestos entre sí a corta distancia, que conectan horizontalmente dos muros opuestos. En el conjunto de la obra existían dos de este tipo convenientemente repartidos, visibles por tres caras. La inferior mostraba decoración a base de *lacerías geométricas*[21] compuestas por cintas o fajas que se cruzan simétricamente entre los dos tirantes[22]. Las caras laterales se ornamentan con delicadas molduras lineales en bocel o perfil de media caña. Las cabezas de los tirantes se apoyan en ménsulas de desarrollado vuelo, de moldurada talla y de estilo gótico. Por su complicado perfil recuerdan las formas arcaizantes de los *modillones de virutas*, de reminiscencias prerromanas. En la ornamentación del techo las ménsulas ocupan un destacado lugar, contribuyendo a que la obra resulte en conjunto muy decorativa.

20. El término tirante es equivalente a viga.

21. El motivo geométrico está considerado el más antiguo dentro del ornamento. Su evolución condujo a «formas artísticas geométricas, tales cuales las admiramos en los artesonados moriscos». F. S. Meyer. *Manual de ornamentación.* Barcelona, 2004

Ilustración 3.– Foro da metade do couto de Brión outorgado en 1402 polo prior e monxes de Xuvia a favor de Xoán Freire de Andrade, fillo de Diego Fernández e de Inés Rodríguez. ARChV, Pergaminos, Carpeta 102, 12 (dixitalizado en PARES)

Xoán Freire de Andrade, fillo de Diego Fernández e de Inés Rodríguez[13], neto por liña materna do devandito homónimo.

> *Sabam quantos esta carta viiren como eu Afonso Rodrigues, prior do moesteiro de San Martino de Joiva, estando dentro no dito moesteiro (...) conoçemos que arrandamos e aforamos e açensamos (...) a vos Johan Freire d'Andrade, fillo que fostes de Diego Fernandes e de sua moller Ynes Rodrigues, que sodes presente, e a todos os fillos que agora avedes e ouverdes (...), a meatade enteiramente do couto e senorio del que chaman de Brion, con todas las rendas e foros e dereitos que a dita meatade do dito couto perteesçen, segundo (...) levou e usou porlo dito moesteiro voso avoo Johan Freire, a quen Deus perdoe (...)*[14].

13. Filla de Xoán Freire de Andrade e neta de Nuño Freire de Andrade. Resulta moi significativo o nome e apelido desta señora, que evoca a súa avoa paterna Inés Rodríguez de Távora. De paso, convén advertir dunha eiva no escrito por José Luis Lamigueiro referente ao matrimonio Inés Rodríguez ~ Diego Fernández, eiva da que lle fixen observación no seu intre ao desaparecido investigador, cando di: *Ambos fueron hijos de otro Juan Freire de Andrade, el cual recibe en el año 1402 del monasterio de San Martiño de Xuvia, foro sobre la mitad del coto de Brión (...)* –Lamigueiro Fernández, «El linaje Freire de Andrade …», p. 224, n. 19–; en lugar de dicir *proxenitores* ou *pais*, como está ben claro no instrumento ao que alude. Dito o anterior, así mesmo queda pendente certificar documentalmente que esta Inés Rodríguez era filla de lexítimo matrimonio, xa que podería darse o caso de que fora filla natural de Xoán Freire.

14. ARChV, Pergaminos, Carpeta 102, 12. Foro outorgado o 16 de marzo de 1402 (dixitalizado en PARES).

Non moito despois volvemos a ter noticia deste persoeiro. Será en 1410, cando o prior e monxes de Xuvia aforen o citado Xoán Freire de Andrade e a súa esposa Elvira Pérez[15] o casal de *Ibaldo*[16] coas súas herdades, segundo llo mandara ao mosteiro Inés Rodríguez, muller de Diego Fernández, pais do foreiro.

> *Saban quantos esta carta viiren cono nos Fernan Lopes, prior do moesteiro de San Martino de Joiva, estando dentro no dito moesteiro con nosos monges (...) aforamos a vos Juan Freire d'Andrade e a vosa moller Elvira Peres (...) o noso casal de Yvaldo con seus herdades e chantados (...)*[17].




Ilustración 4.- Foro do casal de Ibaldo outorgado en 1410 polo prior e monxes de Xuvia a favor de Xoán Freire de Andrade e a súa dona Elvira Pérez. ARChV, Pergaminos, Carpeta 102, 6 (dixitalizado en PARES)

Entre 1432-1435 atopamos o mesmo Xoán Freire de Andrade enseñorando os coutos de Valón e Brión[18], segundo aparece nos escatocolos notariais de varios foros do mosteiro de Sobrado na zona, a derradeira vez en agosto de 1435[19], polo que o seu pasamento debeu de acontecer probablemente por aquelas datas. Case que un ano despois, maio de 1436, os referidos coutos están xa en mans de Pedro Álvarez Osorio, señor de Cabrera e Ribera (León) e futuro I conde –hereditario– de Lemos[20].

15. José Luis Lamigueiro identificou esta dona como filla de Afonso Pernas e Dominga Yáñez, veciños de Ortigueira. Do mesmo xeito o seu marido, Xoán Freire, como o escudeiro que en 1411 foi nomeado meiriño de Mondoñedo polo adiantado García Fernández Sarmiento. LAMIGUEIRO FERNÁNDEZ, *El linaje Freire de Andrade* ..., p. 224, n. 19.

16. Localizado na freguesía de S. Vicente de Vilaboa (Valdoviño).

17. ARChV, Pergaminos, Carpeta 102, 6. Foro outorgado o [..] de agosto de 1410. Cómpre advertir que este documento dixitalizado en PARES (Portal de Archivos Españoles) está alí mal datado, proporcionándose na ficha descritiva o ano de 1402, cando sen dúbida corresponde a 1410. Isto compróbase ademais polos dous diferentes priores xuvienses obrantes nos documentos: Afonso Rodríguez en 1402 e Fernán López en 1410. Tanto o foro de 1410 como o anterior de 1402 foron tamén recollidos parcialmente nun traslado do século XVI, se ben daquela xa advertían: *Las partes que ban en blanco en estas dos ojas son de los fueros que se presentaron por parte del monasterio de Lorençana, que por estar la letra carcomida y bieja no se supieron leer aunque se hiçieron todas deligençias, y este último* –o de 1410– *que se sigue desta plana tanpoco se pudo leer asta donde dize bosas bidas (...)*. AHN, Clero, Regular Secular, L. 6618 (dixitalizado en PARES).

18. Todavía resta por solventar satisfactoriamente como e por que pasaron estos coutos dende García Rodríguez de Valcarce a este sobriño de seu, se é que non houbo antes outro posesor ou posesora de por medio. Do mesmo xeito, tampouco está resolto como e por que despois de Xoán Freire reaparecen en mans de Pedro Álvarez Osorio, bisneto de García Rodríguez.

19. *Et eu Gil Fernandes d'Amarante, notario publico enno Val de Santa María Mayor e Mandiaan por Pero Alvares Osorio, e notario publico ennos coutos de Baloen e Brion por Juan Freyre de Andrade (...)*. ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (en diante, ARG), Pergameos, 377. Foro do 22 de agosto de 1435 (dixitalizado en GALICIANA).




Ilustración 5.– Ano 1435: Gil Fernández de Amarante, notario público no Val e Mandiá por Pedro Álvarez Osorio, e en Valón e Brión por Xoán Freire de Andrade. ARG, Pergameos, 377 (dixitalizado en GALICIANA)

Dito con toda prudencia, cabe obervar que no século XVI reaparecen uns posibles descendentes da póla afincada na Graña de Brión, representada a mediados da centuria por Lionel ou Leonel [Fernández] García[21] († 1567) e a súa segunda esposa María Freire de Andrade[22] († c.a. 1595), que tiveron prolixa proxenie.

II. Os Andrade/Freire de Andrade da casa de Serantes

O apelido Andrade aparece tamén ligado en terras ferrolás á casa de Serantes[23] e brasonado nas súas armas familiares. Neste caso asemella que incorporado na segunda metade do século XV a través de Beatriz de Andrade, muller do escudeiro Roi de Serantes († entre 1480-1490)[24]. Unha primeira noticia do matrimonio atopámola nun foro do ano 1467, cando o abade e convento de Sta. María de Sobrado arréndanlles un bo lote de herdades repartidas entre varias freguesías da contorna.

20. *Et eu Gil Fernandes d'Amarante, notario publico ennos coutos de Baloen e da Grana de Brion e do Val de Santa Maria Mayor e Mandiaan por Pero Alvares Osorio, sennor de Cabrera e Ribera (...)*. ARG, Pergameos, 379. Foro outorgado o 7 de maio de 1436 (dixitalizado en GALICIANA).

21. Fillo dun Francisco García testemuñado no ano 1509 recibindo en foro do mosteiro de Sobrado o casal de Vilabuíde en Brión e levando tamén por outro foro do mesmo mosteiro o lugar chamado Campo das Redes na vila da Graña, onde edificou dúas casas estimadas nun valor de 400 ducados a comezos do século XVII. Arquivo do Reino de Galicia, Real Audiencia (en diante, ARG, RA), Preitos, 1417, 72. Así mesmo, temos parca noticia de dous antecesores de Francisco García no século XV, que foron Lope García e outro Lionel García.

22. María Freire era irmá dun Xoán Freire de Andrade, ambos de filiación descoñecida. ARG, RA, Preitos, 16932, 55.

23. Véxase, Fernando Dopico Blanco, «A casa de Serantes entre os séculos XV e XVI», *Atenea. Revista trimestral do Ateneo Ferrolán*, 35 (2009), pp. 34-40.

24. Roi de Serantes era fillo de Gonzalo de Serantes († antes de 1467), neto por liña paterna do escudeiro Xoán de Serantes († entre 1440-1450) e bisneto pola mesma liña de Afonso Eans de Serantes e de Mariña López, estes últimos falecidos antes de 1428. A noticia de Roi como fillo de Gonzalo de Serantes consta expresamente no foro de 1467 (v. arriba no texto). No que respecta á filiación de Xoán de Serantes, consta nun documento do ano 1428: *Anno do nasçemento de Noso Sennor Ihesu Xpisto de mill e quatroçentos e viinte e oyto anno[s], a viinte oyto dias do mes de \dezenbre/, estando en Paaços, frigueisa de sant [Sal]vador de Sarantes, en presença de min notario e testes ajuso escriptos, paresçeron ende presentes da huna parte Juan de Sarantes, escudeiro, fillo de Afonso Ea[ns d]e Sarantes e de Marina Lopes, sua moller, ja defuntos que Deus perdon[e] (...)*. Arquivo de Galicia (en diante, AG), Caixa G6063/001 (dixitalizado en GALICIANA). Á luz destes datos, ábrese a posibilidade de retrotraer a antes de 1428 a datación da lápida sepulcral fragmentada conservada na antiga capela dos Serantes –no actual cemiterio parroquial de S. Salvador de Serantes–, e así mesmo a identificación do persoeiro titular da mesma, que podería tratarse de Afonso Eans de Serantes; corrixindo ou ampliando a hipótese que eu mesmo propuxen hai uns anos sobre a identidade do seu propietario (v. nota anterior).

Sepan quantos esta carta de foro vyren como nos don frey Rodrigo Nunes, por la graçia de Deus e da santa iglesia de Roma abade do moesterio de santa Maria de Sobrado (...), por nos quitar \de/ debates et pleitos et contendas et omisyos e escandalos, et por ben de pas e concordia. Et por quanto vos Ruy de Sarantes, fillo de Gonçalvo de Sarantes, defunto que Deus aja, tyades do dito noso \moesteiro/ moytas herdades, casas e casares, vynnas et outras cousas a nos et ao dito noso mosteiro perteeçentes por foros dos abades nosos anteçesores pasados (...), et eso mesmo o foro que tiades do sennorio e serviços e rentas e loytosas do couto de Sarantes[25] *et do lugar de Paaços e Vilasanche, (...) outorgamos e conosçemos que por estes beens e cousas e vynnas et sennores* (sic) *et sennorio que nos asy desenbargastes, que son e perteeçen ao dito noso moesteiro que asy tiades en foro (...), que aforamos a vos o dito Ruy de Sarantes por en todos los dias de vosa vida et de un voso fillo ou filla que ouverdes con vosa moller Beatris d'Andrade (...) todas la vynnas da Cabanna de Bryon, deslo rigeyro de Coon? da dita Cabanna ata as vosas vynnas propias da Barca, et os casares de Pescante et de Vilela et de Ferreiros, et os casares de Teixoeiras e Pastoriça e Pousada, et as herdades d'Esmelle, et as erdades de Valoeen, et as erdades calvas de Bryon de [...], segundo que estas erdades e casares sobre ditos soyades levar vos e vosos anteçesores, et as erdades de Sarantes que soyades ter et levar vos e vosos anteçesores, salvo o dito sennorio e rendas del do dito couto de Sarantes e de Paaços e Vilasanche que perteeçen ao dito noso moesteiro de santa María de Sobrado (...)*[26].

A filiación de Beatriz énos descoñecida polo de agora, se ben debemos reparar en que leva o mesmo nome que D.ª Beatriz Méndez de Valdés, esposa de Nuño Freire de Andrade *o Mao* († 1431), o cal pode supor un indicio –a súa avóa paterna talvez?–. A este respecto, convén traer a colación unha frase do cronista Vasco da Ponte referida a Fernán Pérez de Andrade *o Mozo* († 1470), fillo sucesor de Nuño Freire e de D.ª Beatriz Méndez na casa de Andrade: *De manera que Fernán Pérez no havía otra tacha sino que era muy dado a las mugeres*[27].

25. Tal e como se deduce do texto, os titulares da casa de Serantes levaron en arrendamento este couto polo menos durante o século XV ata 1467, se ben nunca despois volveron a facelo. Así mesmo, a partir de 1428 accederon a enseñorar o couto de Serantellos na mesma freguesía de Serantes, tamén foral de Sobrado, que antes levara en arrendamento o falecido escudeiro Ares Fernández de Mandiá. De maneira que nese ano as fillas deste, Urraca e Tareixa, xunto cos seus respectivos maridos, os escudeiros Xoán Eans Fernández e Afonso Pita da Veiga, fixeron unha *concambia* co tamén escudeiro Xoán de Serantes, pola que as devanditas donas permutaban con el o foro sobre o citado couto a cambio do foro do casal de Ferreiros na freguesía de Sta. Uxía de Mandiá (Ferrol), ambos propiedade do mosteiro de Sobrado –AG, Caixa G6063/001– (dixitalizado en GALICIANA). Porén, os sucesivos donos da casa de Serantes levárono en aforamento dende 1428 ata mediados do século XVI, cando foi primeiro arrendado e logo vendido polo mosteiro de Sobrado ao licenciado Alonso Valerio, avogado da Real Audiencia de Galicia e fundador do vínculo do pequeno pazo de Serantellos na referida freguesía. Dopico Blanco, «A casa de Serantes …», pp. 35 e 37, nn. 13 e 35.

26. Foro outorgado o 29 de xullo de 1467. ARG, Pergameos, 414 (dixitalizado en GALICIANA).

27. Vasco de Aponte, *Recuento de las casas antiguas del reino de Galicia*, edición crítica por el Equipo de Investigación 'Galicia hasta 1500', Santiago de Compostela, 1986, p. 141. Por cronoloxía coincidente, ábrese a hipótese de que esta



Ilustración 6.- Foro do ano 1467 outorgado polo abade e convento do mosteiro de Sta. María de Sobrado a favor de Roi de Serantes e Beatriz de Andrade. ARG, Pergameos, 414 (dixitalizado en GALICIANA).



Ilustración 7.– Pedra armeira do desaparecido pazo de Serantes (Ferrol), depositada e conservada dende hai anos nas instalacións do *Quartel de Dolores* do TERNOR de Infantería de Mariña, Ferrol. Fotografía xentileza de Pilar Blanco Vidal

Do matrimonio entre Roi de Serantes e Beatriz de Andrade coñecemos dous fillos e unha filla, a saber: Xoán de Serantes, sucesor na casa do seu apelido, Gómez Freire de Serantes, que casou cunha María Díaz, e María Oanes de Serantes, esposa do escudeiro Pedro de Lago de Obaño († 1527)[28].

Xoán de Serantes († c.a. 1517), escudeiro e home de armas da capitanía do conde D. Fernando de Andrade na Guerra de Nápoles[29] (1501-1504), tivo por fillos a Beatriz de Serantes ou de Andrade († c.a. 1550), a Gabriel e a Luis de Serantes, estes dous varóns

Beatriz puidera ser filla natural de Fernán Pérez *o Mozo* e, polo tanto, media irmá de Diego de Andrade, con quen adoitaba cabalgar Roi de Serantes segundo o cronista Vasco da Ponte. APONTE, p. 143.

28. Fernando DOPICO BLANCO, *Historia xenealóxica dos Lago de Obaño e Barallobre nos séculos XV e XVI*, "Cátedra. Revista eumesa de estudios", 14 (2007), pp. 205-206.

29. Véxase, José GARCÍA ORO, *Don Fernando de Andrade, conde de Villalba (1477-1540)*, Xunta de Galicia, 1994, pp. 79 e 268.

habidos en Tareixa González[30] e, a dicir dunha testemuña posterior, outros dous chamados Afonso Yáñez de Serantes[31] e Gonzalo Fernández, sen que polo de agora se poida probar con certeza documental esta pretendida filiación. Beatriz herdou a casa de Serantes e outros bens por dote e mellora prometidas tralo seu matrimonio cun Gómez Freire de Andrade[32] de filiación descoñecida[33], alcalde de Ferrol en varias quendas no segundo cuarto do século XVI. O apelido Andrade tomará pulo entre a proxenie de Beatriz e Gómez Freire, relegando a un segundo termo ou incluso anulando o de Serantes nalgúns casos.

III. Os Andrade/Freire de Andrade da casa de S. Sadurniño

Tamén segue a ser unha incógnita a filiación primitiva dos Andrade da casa de S. Sadurniño –logo *marquesado de San Saturnino*– en terras trasanquesas. A saga comeza

30. Polo que se deduce das partillas entre os fillos de Xoán de Serantes -v. nota 32-, Tareixa González foi nai de Gabriel e Luis de Serantes pero non así de Beatriz, que herdou a casa e outros bens. Así mesmo, nun preito posterior varias testemuñas coinciden en declarar que Xoán de Serantes casara con Tareixa González despois de ter os dous fillos varóns, lexitimándoos logo, incluso deixan entrever certas dúbidas sobre a formalización eclesiástica de tal matrimonio. Tamén, resulta difícil de admitir a adscrición da citada Tareixa á liñaxe dos Piñeiro de Naraío, xa que non hai constancia documental, malia o declarado en 1761 con varios erros xenealóxicos de por medio polo crego D. Bartolomé Blanco de Andrade, descendente da casa de Serantes: *(…) Y el D. Hestevan hixo lexítimo de D. Fernando de Andrade, primer fundador de la casa de los marqueses de San Saturnino, y D.ª Beatriz de Serantes, hija de Juan de Serantes y de D.ª Theresa González Piñeyro, de la esplicada casa y fortaleza de Narahío. Y el Juan de Serantes hijo de Rodrigo de Serantes y de D.ª Maior de Andrade, hermana del primer conde de Andrade, cuio título y casa está envebido en la de los excelentísimos señores condes de Lemos y Andrade. Y es ansí que por tales hijos lexítimos unos de otros, según la manera y método esplicado, siempre han sido avidos, tenidos y comunmente reputados, y por hijos-dalgo notorios de sangre, casa y solar conozido, como lo son las casas y pazos de Callobre, Serantes, Figueroa, Andrade, da Ponte de Puente-deume, pazo de Mandiá y Narahío, sitas en esta menzionada provinzia, y herederos en parte de las referidas casas. Y ellos y más axcendientes, de armas poner y pintar como personas nobles y de ylustre deszendencia, según es bien notorio en esta jurisdizión, reyno y otras partes (...)*. AMF, Caixa 753, nº. 5.

31. Un Afonso Yáñez de Serantes, moi probablemente o mesmo arriba aludido, atópase citado en 1549 como fidalgo e morador na freguesía de Sedes (Narón). Véxase, Andrés Pena Graña, *Naron, un concello con historia de seu*, II, 1993, p. 478.

32. *Que vos el dicho Gómez Freyre e Beatriz de Andrade, vuestra muger, por razón dela dicha mejora e legýtima que os es devida e estaba asinalada en los fueros de Sobrado, llevéys para vos e vuestros herederos e susçesores que después de vos vinieren todo el logar de Sarantes como está valado e çercado, con todas las heredades e vinas e montes e árboles al dicho logar de Sarantes pertenesçientes, e todas las vinas e heredades propias e árboles por donde quier que se hallaren, ansý en el dicho coto de Sarantes como en otra qualesquier partes pertenesçientes al dicho Juan de Sarantes (…), con el molino da Ranoa? (…), e más que ayáis e llevéys la renta e casal de Pescante qu-es del dicho fuero (…). Con que vos la dicha Veatriz de Andrade avéys de pagar para ayuda, afuero e pensyón que se a de pagar por el dicho fuero al dicho monesterio de Sobrado, quatroçientos maravedís pares de blancas en cada un ano (…). Con lo qual nos, los dichos Gómez Freyre e Beatriz de Andrade, nos contentamos por razón dela dicha mejora e dote que me fue fecha e mandada por el dicho Juan de Serantes, nuestro padre. E que vos, los dichos Grabiel de Sarantes e Loys de Sarantes, en reconpensa delos que ansý nos days e dexáys por la dicha ygoalada avéys de llevar de por medio todo lo más que queda del dicho fuero de Sobrado, con el coto de Serantellos e vasallos, e casares e heredades, e montes e vinas, e árboles al dicho fuero pertenesçientes (…). E más que a de quedar e queda con vos, los dichos Grabiel de Sarantes e Luys de Sarantes, demás e aliende delos dichos fueros de Sobrado e san Martino de Joyva, toda la renta e cosas pertenesçientes a la capilla de santa María de Castro, syta junto a la yglesia de san Salvador de Sarantes, segúnd e como e por la manera que la llevava el dicho Juan de Sarantes, nuestro padre, e sus anteçesores (…)*. Escritura de partillas entre os fillos de Xoán de Serantes, formalizada en Ferrol a 26 de maio de 1528. ARG, RA, Preitos, 1801, 55.

33. Con isto desboto a hipótese que formulei fai anos en razón da posibilidade de identificar a este Gómez Freire con Gómez Pérez de Andrade, fillo do segundo matrimonio de Fernando de Andrade, señor da casa de S. Sadurniño, con D.ª Berenguela das Mariñas. Véxase, Fernando DopicoBlanco, «Prolegómenos, fundación e transmisión dos morgados de Baltar e San Sadurniño na comarca de Ferrol (séculos XVI ao XVIII)», *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, 13 (2006), p. 450. De feito, xa aparece corrixido no artigo da miña autoría sobre a casa de Serantes no ano 2009 (v. nota 23). Aínda máis, un dato que descoñecía polo entón era que este Gómez Pérez estaba ausente do reino cando o pasamento do seu pai en 1529, habendo outorgado testamento anteriormente perante o escribán Gonzalo Tenreiro.

con Fernando de Andrade († 1529), sen que ata agora se teña localizado ningunha proba documental fiable sobre os seus ascendentes, salvo un posible indicio nun documento do mosteiro de S. Martiño de Xuvia que analizaremos máis adiante.

No pasado ano 2019 o chorado investigador e bo amigo José Luis Lamigueiro, no seu documentado traballo sobre a liñaxe dos Freire de Andrade[34], propuxo a filiación de Fernando de Andrade, fundador do morgado de S. Sadurniño en 1526, como fillo do matrimonio entre un Roi Freire de Andrade falecido c.a. 1475 e señor do couto de Chao en Cerdido –que non é outro senón o belicoso Roi Freire de Miño[35], señor dos coutos de Miño e Bemantes–, e D.ª Isabel de Castro, viúva de Xoán Freire de Lanzós[36]. Efectivamente, o matrimonio Roi Freire ~ D.ª Isabel de Castro testemúñase xa en 1448, na partilla de bens e concordia con Alonso de Lanzós, fillo único do primeiro matrimonio desta señora con Xoán Freire de Lanzós. En relación con esta partilla e concordia, convén lembrar como dous anos antes o dito Afonso ou Afonso de Lanzós presentara unha demanda perante o monarca Juan II, declarando que lle tiñan entrados e usurpados certos bens da súa herdanza paterna[37].

Segundo a proposta de Lamigueiro, daríase a circunstancia de que entre Fernando de Andrade e a súa primeira muller D.ª Inés de Castro e Lanzós († 1509), filla maior de Afonso de Lanzós († 1480) e de D.ª María de Castro ou de Montaos[38] († 1502), non só habería vínculo matrimonial, senón tamén un estreito grao de parentesco tío-sobriña, facendo a un deles fillo e á outra neta de D.ª Isabel de Castro. Nesa hipótese, Lamigueiro cítame aludindo o meu traballo sobre o morgado de S. Sadurniño, anotando: *La filiación*

34. Lamigueiro Fernández, *El linaje Freire de Andrade* ..., pp. 213–255.

35. Este Roi Freire de Andrade ou Roi Freire de Miño era un dos fillos bastardos de Nuño Freire de Andrade *o Mao*. Acadou certo protagonismo a mediados do século XV, producíndolle non poucos conflitos ao seu medio irmán Fernán Pérez *o Mozo* e logo ao seu sobriño Diego de Andrade. Véxase, García Oro, *Don Fernando de Andrade* ..., pp. 39-40, 43, 48, 58 e 61. Roi Freire casou en segundas nupcias con Elvira Ares de Montenegro, quen xa viúva tivo que preitear co seu sobriño político Diego de Andrade por certos bens que alegaba lle correspondían polas arras do seu marido: *Don Fernando et doña Ysabel, etc. A vos Diego de Andrade, nuestro vasallo. Ya sabes como por una nuestra çedula vos enbiamos mandar que diesedes y entregasedes a Elvira Aras de Montenegro, visina dela çibdad de Betanços, çiertos bienes muebles e rayses que Ruy Freyle de Andrade, vuestro tyo, su marido, le mando al tienpo de su finamiento en pago de su dote (...)*. Archivo General de Simancas, Registro del Sello de Corte (en diante, AGS, RGS), Leg. 147801, 143; provisión dada en Sevilla, a 13 de xaneiro de 1478 (dixitalizado en PARES). Este mesmo documento editouse na obra colectiva *Mujeres con poder en la Galicia Medieval (siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos*, ed. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, IEGPS-CSIC, Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos, XLIV, Santiago de Compostela, 2017, doc. 25, p. 666. Se ben, convén precisar que alí faise unha lectura defectuosa do termo "tyo", que tal figura no texto, confundíndoo e transcribindo erroneamente como "ayo". Pero así mesmo, a herdanza deste Roi Freire reclamouna logo Diego de Andrade, quen se proclamaba o seu herdeiro lexítimo, polo cal cabe supoñer que non lle sobreviviron fillos nin tampouco netos, ao menos lexítimos: *(...) la qual dicho su parte pertenesçía por herençia de Ruy Freyre de Andrade, su tío, a quien pertenesçiera. (...) tenía e poseýa por subçesión e herençia de Ruy Freyre de Andrade, su tío, e el dicho tenía e poseýa segúnd e como lo tenían e poseýan los legos en el dicho reyno de Galizia. (...) e como su heredero universal [la llevara] pacíficamente syn contradición alguna*. ARChV, RE, C. 102, 3 (dixitalizado en PARES).

36. Este segundo matrimonio de D.ª Isabel de Castro con Roi Freire aparece tamén recollido na citada obra colectiva *Mujeres con poder en la Galicia Medieval* ..., p. 357, n. 31.

37. Véxase, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, *Los señores de Galicia: Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*, II, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2000, doc. 69, pp. 88-89.

38. Filla maior do cabaleiro Pedro Bermúdez de Montaos *o Vello* († 1445) e da súa segunda esposa D.ª Leonor de Castro e Guzmán, señores da casa de Montaos. D.ª María adoitaba usar preferentemente os apelidos *de Castro* ou *de Montaos*, escusando o *Bermúdez*.

de Fernando de Andrade con Ruy Freire e Isabel de Castro fue dada a conocer en el año 2006 por Dopico Blanco, etc[39]. Xentileza que, por suposto, agradecinlle no seu intre e sigo a agradecer, pero que quero e debo matizar.

Efectivamente, no meu traballo de 2006 aparecen un Roi Freire de Andrade e unha D.ª Isabel de Castro[40] como receptores dun foro en 1488 sobre o couto de Santiago Seré das Somozas. Pero non é doado admitir sen máis que este matrimonio sexan os mesmos persoeiros que os homónimos de 1448. De seguido argumento os porqués.



Ilustración 8.- Portada con arco conopial da capela de Sta. Margarida do Val (Narón), co emblemático xabaril e variante das armas dos Andrade -barra en lugar de banda engolada en cabezas de dragantes-

Para comezar, o propio Lamigueiro sitúa a defunción do primeiro Roi Freire cara ao ano 1475, polo que resulta imposible que se trate do persoeiro receptor do foro do couto das Somozas en 1488. En segundo lugar, é sabido que Afonso de Lanzós outorgou testamento e finou na cidade da Coruña no ano 1480[41], de maneira que se acudimos ao contrato enfitéutico de 1488 veremos claramente como era el o levador foral xusto antes que o matrimonio Roi Freire ~ D.ª Isabel de Castro. Polo tanto, resulta imposible que a

39. Lamigueiro Fernández, *El linaje Freire de Andrade* ..., p. 254, n. 103.

40. Dopico Blanco, *Prolegómenos, fundación e transmisión* ..., pp. 445 e 461-463.

41. Dopico Blanco, *Prolegómenos, fundación e transmisión* ..., p. 446.

devandita parella gozasen do mesmo con anterioridade ao seu falecemento. Seguindo con este persoeiro, malia que gran parte do seu patrimonio fora secuestrado arbitrariamente por Diego de Andrade, o conde de Lemos e o mariscal Pardo de Cela, baixo a premisa de resarcirse das perdas ocasionadas pola revolta Irmandiña de 1467-69 da que Lanzós fora un dos principais caudillos, temos que convir que no caso do foro do couto das Somozas non caben eses parámetros, xa que era un ben contractual, non patrimonial, e polo tanto non suxeito a embargo de terceiros.

Entón, quen era a parella do foro de 1488? Pois trátase dunha das fillas de Afonso de Lanzós e de D.ª María de Montaos, D.ª Isabel de Castro e Lanzós, que enlazou en primeiras nupcias co malogrado fidalgo brigantino Roi Freire de Andrade[42], asasinado en Betanzos entre finais de 1493 e comezos de 1494 por Lopo de Alvite, criado do rexedor betanceiro Xoán Núñez Pardo de Cela[43]. Tralo tráxico final do seu primeiro marido, D.ª Isabel amancebouse ou casou en segundas nupcias[44] co seu cuñado Fernán Pérez de Andrade, irmán do seu marido e rexedor de Betanzos. Convén advertir, ademais, que en 1503 D.ª Isabel cedeu a favor da súa irmá D.ª Inés e do seu cuñado Fernando de Andrade todas as rendas e dereitos de señorío que tiña no Val da Louriña[45] (actuais concellos de Mos e O Porriño), segundo que *la dicha dona María de Montaos, su madre, le avía dado para dote e casamiento al tienpo que ella se obo desposado por palabras de presente con Ruy Freyre de Andrade (...), segúnd qu-ella los llevaba e usaba e poseýa e segúnd qu-ella los obiera de Pedro Vermúdez de Montaos*[46]*, su hermano*[47]. Do mesmo xeito, en 1514 entrou en partilla co seu curmán Pedro Bermúdez de Castro († 1529), futuro señor da casa de Montaos[48], en razón da herdanza familiar que lle cabía pola súa nai, quedando dona Isabel cos coutos de Torneiros (O Porriño), Pereiras, Tameiga, Guizán, San Antoíño e Sanguiñeda (no actual concello de Mos).

Próbase por tanto que os receptores do foro sobre o couto de Santiago Seré das Somozas en 1488 foron o Roi Freire asasinado en 1494 e a súa esposa D.ª Isabel de Castro, filla de Afonso de Lanzós, sucesora no foro que levara anteriormente o seu pai.

42. Este Roi Freire era fillo de Pedro Fernández de Andrade († 1494), señor da fortaleza da Mota de Ois (Coirós), veciño e rexedor da cidade de Betanzos, e de Juana Díaz de Lemos *a Vella*.

43. En vinganza, Xoán Núñez sería asasinado na primavera de 1499 *por mandado del dicho Fernán Péres, e le tyraron tres saetas por le ferir e matar en el camino real que viene de la çibdad de Lugo a la çibdad de Betanç*os. Xa en 1501 os RR. CC. outorgaban *perdón de homicianos* ao autor intelectual do crime, Fernán Pérez de Andrade, irmán do citado Roi Freire, en razón dos seus servicios na Armada baixo as ordes do célebre Gonzalo Fernández de Córdoba, *nuestro capitán general dela dicha Armada*. AGS, RGS, Leg. 150110, 303 (dixitalizado en PARES).

44. O tipo de relación entre ambos non acaba de estar clara, a teor da documentación consultada,

45. En 1507 Fernando de Andrade e D.ª Inés chegaron a un acordo con Pedro Bermúdez de Castro, curmán de dona Inés e futuro señor da casa de Montaos, vendéndolle tales dereitos e rendas.

46. Pedro Bermúdez de Castro ou de Montaos *o Gafo* († 1462), señor da casa de Montaos e irmán de D.ª María de Montaos. Outro irmán foi D. Fernando Bermúdez de Castro († 1515), deán da colexiata de Sta. María do Campo da cidade da Coruña e sucesor na casa de Montaos tralo pasamento do seu irmán Pedro.

47. ARChV, RE, 480, 73 (dixitalizado en PARES).

48. Véxase, Marcos Emilio Amado Casdelo, *Poder, dominio e sangue. A liñaxe Bermúdez de Castro, señores de Montaos*, 2017, p. 160.

Pero isto non liquida a cuestión da filiación de Fernando de Andrade proposta por José Luis Lamigueiro, tan só aclara a identidade dos persoeiros obrantes en 1488 que, iso si, de ningún xeito foron os pais do precitado Fernando, senón os seus cuñados.

Un dato revelador, ou polo menos digno de mención, aparece nun foro do mosteiro de S. Martiño de Xuvia do ano 1506, cando o prior e comunidade afóranlle a Fernando de Andrade, á súa muller e a dúas voces máis, as casas, casares e herdades de Castrillón, amplo lugar limítrofe entre as actuais freguesías de S.Vicente de Meirás (Valdoviño) e Sta. María a Maior do Val (Narón), especificando que o dito foro o levara con anterioridade o pai de Fernando, do que desafortunadamente non facilitan o nome, e o seu avó que si citan: Rodrigo de Andrade.

> *(...) aforaban a Fernando de Andrade, que está presente, para él, su muger y otras dos vidas más después de las suyas (...), conviene a saber lo que así les aforan. Las nuestras casas e casares de Castrillón, en que al presente bive dicho Fernando de Andrade y Juan Rodríguez y Hares Pérez, con todas sus heredades(...), según e como fasta aquí los lleba* (sic) *vuestro padre y antes del vuestro abuelo, Rodrigo de Andrade, uno en pos de otro (...)*[49].

Temos, por tanto, unha fonte documental directa de época que nos facilita o nome do avó de Fernando de Andrade, esta vez si, chamado Rodrigo ou Roi de Andrade. Aí é onde cabe facer cábalas de se podería tratarse do Roi Freire de Andrade ou Freire de Miño




Ilustración 9.- Detalle do foro do mosteiro de Xuvia do ano 1506 a favor de Fernando de Andrade, onde se cita ao seu avó Rodrigo de Andrade. AHN, Clero, Secular Regular, L. 6585. Traslado do século XVIII (dixitalizado en PARES)

49. AHN, Clero, Secular Regular, L. 6585. Foro outorgado o 13 de setembro de 1506. Traslado do século XVIII (dixitalizado en PARES).

falecido c.a. 1475; se ben convén andar con tento, xa que polo de agora e ante a falta de documento probatorio non podemos nin debemos tomalo máis que como mera posibilidade.

Aínda así, a identidade do foreiro de 1506 podería xerar dúbidas, xa que no manuscrito non se especifica o nome da muller nin ningún outro dato biográfico que puidese botar luz. Pero un novo foro xuviense sobre os mesmos casares de Castrillón forma-lizado no ano 1551 vén na nosa axuda, cando se arrenda o dito lugar ao crego trasanqués Pedro Pardo de Lago e a dúas voces após el, citando os anteriores foreiros: Fernando de Andrade, o seu fillo Xoán Freire de Andrade e Lanzós e o seu neto Pedro de Andrade e Castro. Co que as posibles dúbidas sobre a identidade do receptor foral de 1506 quedan totalmente despexadas: *(...) e como fasta aquí los an llebado en fuero deste monesterio Fernando d'Andrade e después del Juan Fleyre d'Andrade e después Pedro d'Andrade, unos en pos de otros (...)*[50].




Ilustración 10.– Detalle da escritura do mosteiro de Xuvia do ano 1551, onde se cita Fernando de Andrade, o seu fillo Xoán Freire e o seu neto Pedro de Andrade, como levadores dun foro anterior sobre os casares de Castrillón. AHN, Clero, Secular Regular, L. 3160 (dixitalizado en PARES)

Un dato nada nimio ao meu xuízo é un comentario intencionado en boca dalgúns dos sobriños e parentela política de Fernando de Andrade, declarando que era de natureza bastarda. E aínda que tal cualificativo de carga negativa fose interesadamente oportunista en función dos preitos por herdanzas entre partes, convén non esquecelo: *Y porqu-estava probado que Hernando de Andrade, abuelo dela parte contraria, hera bastardo, y que quando casara con dona Ynés, su muger, no tenía bienes ningunos, y que todos los bienes que poseýa heran dela dicha herençia de Alonso de Lançós el biejo*[51].




Ilustración 11.– Declaración da hipotética bastardía de Fernando de Andrade. ARChV, RE, C. 1098, 2 (dixitalizado en PARES).

Con todo, debemos recoñecer que polo de agora segue a ser unha incógnita a verdadeira ascendencia de Fernando de Andrade, fundador do morgado de S. Sadurniño.

50. AHN, Clero, Secular Regular, L. 3160. Foro do 7 de abril de 1551 (dixitalizado en PARES).

51. ARChV, RE, C. 1098, 2 (dixitalizado en PARES).

IV. Varios Andrade/Freire de Andrade nas terras de Trasancos e Bezoucos

Tamén resulta un enigma a filiación de Maior Freira, segunda muller do escudeiro Xoán Yáñez Morado († 1469), veciños da vila de Ferrol. Nada máis podemos achegar a día de hoxe sobre esta dona, salvo apuntar que non tivo descendencia deste enlace.




Ilustración 12.– Encabezamento do inventario de bens mobles declarado por Maior Freira en 1469 tralo pasamento do seu marido, o escudeiro Xoán Yáñez Morado. AG, G6062/041 (dixitalizado en GALICIANA).

> *Ihesus. Enna vyla de Ferrol, a vynte dias do mes de novenbro, anno do nasçemento do Noso Sennor Ihesu Xpisto de mill et quatroçentos e sesenta e nove annos. Ante Afonso Bogueiro, alcalde enna dita vila por noso sennor Fernan Peres d'Andrade, et en presençia de min Juan Neto, notario, e dos testigos ajuso escriptos, seendo o dito alcalde enna abdiençia, pareçeu Maior Freyra, moller que foy de Juan Yannes Morado, defunto que Deus aja, morador enna dita vila de Ferrol, e presentou en maos de min o dito notario e feso ler ante ho dito alcalde huna carta de inventario feita en papel que en sua mao tragia, do qual dito inventario seu tenor he este que se syge (...)*[52].

Dito o anterior, convén subliñar que o nome e apelido desta señora gozaron dun certo eco na comarca ferrolá no século XVI, como é o caso de Maior Freire de Andrade, esposa do notario Xoán López de Chanteiro[53] e tía dos fidalgos e rexedores de Ferrol Alonso Esquío e Alonso Bugueiro de Parga[54] († 1557), ou o da homónima esposa de Fernando de Lago de Obaño, que veremos de seguido.

Outro caso de descendencia *andradina*, polo de agora sen solucionar no referido á filiación concreta, vémolo nos apelidos lucidos por dúas fillas de Fernando Ares de

52. AG, G6062/041 (dixitalizado en GALICIANA).

53. Este Xoán López era un dos fillos do prior de Xuvia fr. D. Antón López de Chanteiro († 1507) habidos na súa *barragana* María Fernández do Corral do Pazo. AHN, Clero, Secular Regular, L. 6585 (dixitalizado en PARES).

54. AHN, Clero, Secular Regular, L. 6585 (dixitalizado e PARES)



Ilustración 13.– Armas policromadas do capitán Lanzarote de Lago e Andrade –a. 1591– no interior da igrexa parroquial de Santiago de Barallobre (Fene). Fotografía do autor

Mandiá[55], alcalde ordinario de Ferrol en varias quendas entre finais do século XV e as dúas primeiras décadas do XVI: Mencía de Andrade e María de Meira e Andrade. Reparemos en como ambas irmás portaron, respectivamente, unha o nome e outra o apelido dunha esclarecida devanceira –bisavoa ou tataravoa?–, a saber: D.ª Mencía de Meira[56], esposa de Pedro Fernández de Andrade († c.aa. 1406-1407), sobriño herdeiro e sucesor de Fernán Pérez *o Bo* na casa de Andrade.

55. Cómpre non confundilo co seu parente homónimo –sobriño talvez– señor do pazo de Soelle en Mandiá (Ferrol), mercador navieiro e rexedor de Ferrol falecido ou asasinado en rocambolescas circunstancias en Inglaterra c.a. 1554.

56. D.ª Mencía Rodríguez de Meira debeu alcanzar unha idade provecta, sobrevivindo non só ao seu marido senón tamén ao seu fillo Nuño Freire. De maneira que nun mandamento real do 29 de febreiro de 1432 todavía aparece mencionada xunto cos seus netos Pedro Fernández, Fernán Pérez e Roi Freire, para que desembargasen a comenda do mosteiro de Caaveiro que levaban contra a vontade do prior e convento: *Don Juan, por la graçia de Dios rey de Castilla, de León, de Toledo, de Galiçia (…), a vos Pero Fernández de Andrade y Fernán Pérez e Roy Freire, e a bos doña Mençía, muxer que fuistes de Pero Fernández de Andrade, e a cualquiera de bos a quien esta mi carta fuere mostrada (…)*. ARChV, RE, C. 1113, 40. Traslado do s. XVI (dixitalizado en PARES).




Ilustración 14.- Testamento de María de Meira e Andrade -a. 1568-. Arquivo do Pazo do Monte, Ferrol, Caixa Testamentos & Partillas. Fotografía do autor

No que respecta a Mencía de Andrade, sabemos que esposou co fidalgo Xoán Fernández de Andrade alcumado *Barba Branca*, fillo dun García Fernández de filiación descoñecida, e tiveron a Maior Freire de Andrade, que casou co rexedor de Pontedeume Fernando de Lago de Obaño. Estes últimos fundaron o desaparecido pazo de Barallobre (Fene) e foron proxenitores do capitán Lanzarote de Lago e Andrade, sucesor no pazo[57].

Pola súa parte, María de Meira e Andrade outorgou testamento[58] e faleceu na cidade da Coruña en 1568. Estivo casada en primeiras nupcias co fidalgo trasanqués Alonso Esquío e xa en segundo enlace co escudeiro da Real Audiencia de Galicia Xoán de Ardeleiros, polo que parece sen descendencia de ningún dos dous matrimonios ou, cando menos, se a houbo non a consigna no referido testamento.

V. Os Freire de Andrade do couto de Regoela (Cabanas)

Tampouco está clara a filiación pretérita dos Freire de Andrade que na segunda metade do século XVI enseñoraban o couto de Regoela (S. Vicente de Regoela, Cabanas), foral do mosteiro de Xuvia. Un dato seguro é que con anterioridade a 1551 o levase en arrendamento unha Maior Freire[59], avoa de Leonor Freire de Andrade[60], esta última nova foreira xunto co seu marido Alonso García de Parga a partir do dito ano.

VI. Os Freire de Andrade da casa de Reximil (Santiago de Xustás, Cospeito)

Outro caso paradigmático atopámolo nos Freire de Andrade donos do pequeno pazo de Reximil en Santiago de Xustás[61] (Cospeito, Lugo). A translación do apelido á

57. Dopico Blanco, *Historia xenealóxica* ..., p. 202.

58. Arquivo do Pazo do Monte, Ferrol, Caixa Testamentos & Partillas. Testamento outorgado o 27 de maio de 1568, seguido dun codicilo do 28 de xuño do mesmo ano.

59. No artigo de Dolores González (v. nota anterior) transmítese erroneamente a identidade desta señora, probablemente por confusión na lectura do documento. De xeito que transcribe Martín Freire en lugar de María Freira.

60. Nas árbores xenealóxicas da páxina Web *Xenealoxías do Ortegal*, José Luis Lamigueiro sitúa Leonor Freire como filla de Maior Freire e de Lopo de Cerdido, o que asemella improbable e contradictorio en razón do documento de foro de 1551, no que se declara que Leonor era neta de Maior. Asemade, Lamigueiro fai á mencionada Maior filla dun Martín Freire de Andrade localizado a comezos do s. XV e hipotético levador do foro sobre Regoela. Se ben, teño que opoñer que non me consta rexistro documental de tal arrendamento a este persoeiro así como, por outra parte, paréceme moi forzado dende o aspecto cronolóxico que ese Martín Freire puidera ser pai de Maior Freire e avó de Leonor. Véxase as entradas "Freire de Andrade, s. XIV-XVI" e "Cerdido, s. XV" en http://www.xenealoxiasdortegal.net

61. A casa de Reximil rexístrase documentalmente xa en 1613, cando o comisario do S.O. e abade de Sto. Estevo de Loentia (Castro de Rei, Lugo), Gabriel Freire de Andrade, outorga carta de doazón a favor do seu irmán Pedro, *del lugar viejo que se llama paso* (sic) *de Reximill en el alfoz de Castro de Rey, felegresía de Santiago de Justás, con sus casas y casares, cortinas, palomar y canal, y prados do caneyro con su canal (...) y de todo lo al dicho lugar anexo y pertenesçiente*, segundo que os levara por doazón anterior do seu pai, Rodrigo Freire, *para efecto de ordenarse saçerdote*. Carta de doazón do 13 de xullo de 1613. Arquivo do Pazo de Reximil, sen clasificar. Aproveito para agradecerlle á familia Maseda Freire – Valiño, descendentes desta casa e actuais donos do pazo, a súa amable cortesía por facilitarme a consulta de documentos no seu arquivo familiar. De igual modo e polo mesmo a Daniel Díaz Trigo.




Ilustración 15.- Resumo do foro do couto de Regoela en 1551 a Alonso de Parga e a Leonor Freire de Andrade. AHN, Clero, Secular Regular, L. 3163. Sinopse de 1781 (dixitalizado en PARES)

comarca chairega parece que hai que atribuílo a un Pedro Freire de Andrade de natureza e filiación ignota polo de agora, cuxa traxectoria vital asemella que debemos encadrar entre as derradeiras décadas do século XV e o primeiro terzo do XVI.

A dicir dunha testemuña, aínda que moito tempo despois do seu óbito, este Pedro Freire *avía venido de Puentedeume a esta tierra*[62]. Así mesmo, a lembranza desta procedencia mariñá manifestarase igualmente a mediados do XVII, cando outras varias testemuñas coincidían en declarar *que el apellido de los Freyres era originario dela casa de Sarantes*[63]*, que está junto a las Puentesdeume, y que el apellido de Andrades que toca a los sobredichos es originario del castillo de Andrade*[64].

Nesta última declaración chama a atención a mención expresa á ferrolá casa de Serantes como berce do apelido Freire, aínda que a este teor xa quedou especificado máis atrás como o apelido Freire de Andrade entrara nela por enlace matrimonial. De maneira que, por sincronía, non se debe desbotar a posibilidade de que o mencionado Pedro Freire fose un descendente desa casa, pero queda pendente demostralo sen fisuras.

Conclusión

Malia a imposibilidade de establecer para a meirande parte dos casos estudados un nexo de filiación exacto coa liña troncal dos *Andrades maiores*, cabe salientar neles a utilización reiterada de antropónimos e apelidos destes –algúns xa fosilizados lingüisticamente no século XV– como arquetipos identitarios familiares a seguir, tanto no caso dos varóns como das femias. Así mesmo, convén subliñar a inclusión das armas dos Andrade na práctica totalidade das composicións heráldicas dos casos e casas examinados, notoria mostra pública e sen dúbida ben interesada da súa pertenza á gens andradina.

62. Declaración de Juan da Ribeira, veciño de Sto. Estevo de Loentia, o 1 de outubro de 1621: *(...) Y oió desir que el padre de Rodrigo Freire el viejo se llamaba Pero Freire, el qual avía venido de Puentedeume a esta tierra y se avía casado con Teresa Pérez, la qual no sabe el dicho declarante si era desta tierra y natural de Justás (...)*. Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela (en diante, AHUS), C. Fonseca, S.H. 207, Exp. 1 bis (dixitalizado en AHUS).

63. En S. Salvador de Serantes (Ferrol).

64. Declaración do labrego Juan Rodríguez, veciño de S. Paio de Bexán (Cospeito, Lugo), o 13 de setembro de 1646. AHUS, C. Fonseca, S.H. 368, Exp. 10 (dixitalizado en AHUS).



Ilustración 16.- Armas do licenciado Pedro Freire de Andrade e da súa esposa Catalina de Aguiar, donos da casa de Reximil, fundadores en 1634 da capela lateral de S. Pedro e Sta. Catalina dentro da igrexa parroquial de Santiago de Xustás (Cospeito, Lugo). Fotografía xentileza de Daniel Díaz Trigo

A CASA DE MARUXA PENA NA RÚA DE SANTO AGOSTIÑO 23, UNHA EDIFICACIÓN SINGULAR DO PONTEDEUME CONTEMPORÁNEO

Francisco Alonso Toucido, Carlos Galbán Malagón e Mario César Vila

No ano 2020 con motivo da vontade de Inboca Hoteles SL de rehabilitar a casa de Maruxa Pena, situada na rúa Santo Agostiño 23 de Pontedeume, para convertela nun establecemento hoteleiro, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia solicita a realización dun estudo histórico sobre a edificación. Este estudo vén motivado pola protección estrutural coa que conta a casa, recollida na ficha de catálogo A034 do PXOM de Pontedeume. No presente traballo divulgamos os resultados do estudo realizado. O proxecto de rehabilitación do inmoble foi redactado pola empresa Gabindal XXI.

O PXOM de Pontedeume recolle a descrición da casa, da seguinte maneira:

> *"Vivenda unifamiliar de planta rectangular que fai esquina entre dúas rúas, unha estreita e outra desafogada, con acceso á Praza do Convento. De dúas alturas e cuberta a tres augas, o elemento máis destacado do inmoble é o fabuloso balcón corrido cuberto e labrado en madeira -de grande vistosidade- que atravesa toda a fachada principal. Este elemento aparece sustentado por canzorros de granito de dúas pezas labrados en forma de modillón. O edificio aparece coroado en altura por unha bufarda de dobre oco (hoxe moi deteriorada) situada no eixo da fachada principal."*


O edificio sitúase na contorna doutros elementos patrimoniais de interese, o Convento de Santo Agostiño (ficha do PXOM A032), o Cinema Coliseo (ficha do PXOM A033) e a Fonte de Santo Agostiño (ficha do PXOM E036).

Os obxectivos do traballo histórico realizado foron a procura de información documental e material para dar, por unha banda, cumprimento ás esixencias da lexislación vixente en materia de Patrimonio Cultural en Galicia, pola outra, achegar información útil ao proxecto arquitectónico, para que preserve en condicións os valores culturais do inmoble.

As diferentes fases de traballo foron as seguintes:

– Documentar a historia do edificio e parcela obxecto da intervención proxectada. Esta historia edilicia abarca tanto a historia do uso do inmoble (propietarios e funcións) como a historia construtiva propiamente dita (intervencións arquitectónicas, reformas, etc.).
– Documentar adecuadamente procesos xerais na trama urbana que puidesen influír directamente na configuración do edificio e a súa parcela.
– Atopar documentación gráfica útil sobre o estado previo do inmoble para unha intervención arquitectónica que busca unha rehabilitación do edificio acorde co seu carácter de ben pertencente ao Patrimonio Cultural. Polo que se fixo necesario localizar fotografías e debuxos con vistas xerais e de detalle de aspectos construtivos como fachadas, acabados, carpinterías, aparellos, etc. que puidesen resultar de utilidade e que axudasen a preservar a memoria dunha edificación histórica.

A edificación mostra a fachada principal no paseo de Raxoi nun lateral do convento dos Agostiños, mentres que na rúa de Santo Agos-tiño conta con outro acceso. Os seus lindes polo norte son o paseo de Raxoi, polo oeste a rúa de Santo Agostiño, no sur diversas edificacións tradicionais, dúas delas previas á casa Maruxa, na rúa de Santo Agostiño e varias posteriores no sector da horta da vivenda; no lado leste a horta foi cortada por un edificio de fasquía contemporánea.



Localización do inmoble segundo ficha do PXOM de Pontedeume


Visión da edificación nos seus últimos momento de uso

Dadas as dificultades de atopar documentación histórica ou fondos específicos sobre un inmoble concreto de carácter privado, á marxe de información de carácter catastral ou fiscal, procedeuse á localización de fondos de institucións relixiosas ou seculares

cuxos rexistros abarcasen a maior cronoloxía posible e puidesen achegar información sobre a localización do inmoble. Estes fondos compleméntanse coa pertinente consulta e baleirado de artigos, monografías e bibliografía dispoñible sobre a historia local da vila de Pontedeume.

Cabe sinalar que, a diferenza do habitual nunha investigación de carácter histórico, dada a cronoloxía que se abarca no noso estudo, existe unha limitación legal derivada da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal que pode impedir o acceso a información específica da propiedade nos últimos anos.

A indagación arquivística centrouse fundamentalmente nos fondos dispoñibles no Arquivo do Reino de Galicia e no Arquivo Municipal de Pontedeume. Así mesmo consultáronse os fondos dixitalizados dispoñibles en PARES. Igualmente localizáronse fondos particulares de fotografía que puidesen achegar información de interese ao presente estudo. No caso do arquivo de Pontedeume non se dispón dun inventario, polo que os documentos aquí mencionados poden constituír só unha parte da documentación existente de interese para o estudo.

Fondos depositados no ARG:

– Catastro Urbana, Caixa 2963, ficha de implantación de urbana 01-38-002
– Catastro, 92620, Rexistro fiscal de Pontedume
– Real Audiencia, cartapacio 1546/7
– Eclesiásticos, cartapacio 2298/52
– Eclesiásticos, 45400/6, cartapacios 1 e 2
– Estradas, 63585 – 9
– Desamortización.

Fondos depositados en AMP:

– Mapas
– Cartafol 186. 5
– Licenzas urbanísticas, 2006


PARES

– AGS, Catastro de Enseada, Respostas Xerais
– AHN, Clero-Secular Regular, cartapacio 3055 Colección Ríos, fondo privado

A pesar de que a vivenda obxecto de estudo é de cronoloxía contemporánea, tendo en conta os arquivos consultados así como a bibliografía existente, podemos realizar un percorrido histórico pola contorna da casa de Maruxa dende a época Medieval ata os nosos días.

Un dos principais elementos construtivos que máis condicionen a historia urbanística da vila de Pontedeume, a maiores da súa ponte, será a muralla medieval. Como é sabido a vila de Pontedeume recibe o seu nome da ponte edificada no século XIV por Fernán Pérez de Andrade o Boo. Foi considerada durante moito tempo a máis longa de Galicia e unha das máis longas de Europa (Meijide Pardo, 1993, p. 71). A vila pertence á familia nobiliaria dos Andrade dende 1371 cando lle é doada por Enrique II de Trastá-

mara (Vila Jato, 1991, p. 505). Será neste momento cando tamén se fortifique Pontedeume, sendo o Torreón dos Andrade o principal vestixio actual deste proceso (López Hermida & de Castro Álvarez, 2006, p. 84). Orixinalmente a muralla de Pontedeume contaba con 3 portas que se verían posteriormente incrementadas ata 6; unha delas cubría a entrada dende a ponte, dunha maneira similar á de Viveiro. Segundo os diferentes trazados hipotéticos que tería a muralla, o seu lenzo leste situaríase na área de traballo, posiblemente pasando polo solar da casa de Maruxa.



Representación do trazado hipotético da muralla e localización da vivenda.(Bello Alonso, 2011)

A principios da Idade Moderna en Pontedeume fúndase por parte de Fernando de Andrade o convento dos agostiños xunto coa súa igrexa nunha horta extramuros (Vila Jato, 1991, p. 512). A primeira noticia sobre este espazo, á marxe daquelas derivadas da fundación do convento de Santo Agostiño en 1538, refírese a un preito relativo á proxectada ampliación das dependencias conventuais en 1562. Esta noticia achega valiosa información sobre o aspecto e configuración da zona e a súa evolución. En palabras dun dos frades:

> *Nos hiço rrelación diciendo que el dicho monesterio tenía nesçesidad de alargar el dicho monesterio e la iglesia del por estar muy pequeño e apretado…y hera ansi que junto e pegado del dicho monesterio y de la portería del y en donde se auia de hazer el dicho edefiçio hestaua vna huerta del*

dicho Pero López Pineyro que la pared de la [claue] del dicho monesterio serbia de pared en la dicha huerta, la qual dicha huerta de más de ser perjuiçial al dicho monesterio le hera muy nesçesaria para abrirla e hazer en ella la portaría del dicho monesterior y ensanchar y alargar la iglesia del… e poñer la puerta prençipal…e hazer muy mejor y ensancharla açia la huerta porque cauía azer hespaçio para mudar la capilla e hazerla del grandor que quisiesen sin perjuicio de persona alguna e ansí çesaría los encobenientes siguientes porque sancándose la portaría a fuera no auería partezjpaçión de los rreligioso con las mujeres que yban a la fuente questaua con el dicho monesterio…e açiéndose por la huerta e viña se descubría toda la calle prençipal que yba para el dicho monesterio… E ansí el conde don Hernando, que fuera el que fundara el dicho monesterio, quisiera que solamente obiese camino para poder yr a oyr los ofiçios debinos y para el dicho efecto tomarán de la dicha bina lo que quisieran… y lo demás lo dexarán çerrado para que del dicho monesterio no se pudiese uer la calle e que los dichos a devesas en nenguno tiempo no se pudiesen aprovechar de la dicha barra e huerta.. (ARG, Eclesiásticos, 45400/6, legajos 1, ff. 7 y ss.)

Pode verse na referencia que o aspecto da praza era en realidade unha zona extramuros, cun mesón (propiedade do conde de Andrade e logo da municipalidade), un convento e unha igrexa anexa nunha área cultivada con viñas e mesmo aproveitamento de monte (en sistema comunal de devesas) no que a fonte –a principal da vila ata 1671- era lugar de reunión. Os monxes buscaban ampliar poucas décadas despois da súa fundación todas as súas dependencias, con particular interese no caso da igrexa. Chama a atención que para o propietario afectado a mellor opción do novo proxecto do convento era:

…lo podían azer de fuera de la huerta y parra del dicho su parte, que hera en donde haçian los barcos que estaua libre sin edefiçio alguno…

Aparentemente o preito non tería relevancia de non ser porque para solucionar o conflito establécese unha peritaxe no que se medirá a parte necesaria da viña afectada, taxándose o seu valor (110 diñeiros de ouro) e vendéndose ao convento. Esta delimitación mediante unha executoria non exenta de polémica ofrece un primeiro testemuño da parcela actual na súa configuración máis antiga:

…conforme a vna traça que tenia hecho en vn papel se marcó señaló lo siguiente. Que de la esquina e pared de la casa donde bibe e mora Gonzalo Bázquez Rapado derecho a vn marco de piedra que fixo en la huerta del dicho Pero López azia el camino y entrada que agora tiene el dicho monesterio es nesçesario para plaça e camino de la entrada de la iglesia e portería del dicho monesterio. Y del dicho marco que está junto a vna limoeira

dentro de la dicha huerta por el rrego abaxo, dando a otro marco questa abaxo de vna granadera cerca la puerta y entrada de la dicha huerta e desde allí commo se vuelve a otro que está en baxo cabe el muro de la plaza que llieba Sueiro e desde allí a dar en la çerca que está pegada con el dicho monesterio (ARG, Eclesiásticos, 45400/6, legajo 1, ff. 13 y ss.)

En todo caso, para o prior conventual o problema era que a traza proposta non satisfacía as necesidades conventuais por necesitar unha planta regular para os seus novos edificios:

...que hera justo que del dicho marco que ansí pusiera en la dicha huerta se beniese derecho a vn [ceriso] que está entre medias [del] casal del dicho Gonzalo Bázquez... e que de allí azia el camino del dicho monasterio e fuente desta billa quedase libre para plaza e camino del dicho monasteiro e para paredes que se an de azer. Por manera que las paredes que se an de azer para el dicho edyfiçio quedan dentro de los marcos.

Esta última foi a configuración que se debeu levar a cabo á vista dos edificios conservados e non conservados:

Por la parte derriba que ba dende la calle del mesón hasta hir topar al monasterio que tiene de ancho según lo piden y está traçado y marcado, treinta y ocho pies de ancho y lo quieren de largo todo lo que monta del prinzipio de la dicha calle asta el dicho monasterio tiene de largo çiento y veinte e sis pies el qual todo está plantado de barra e otra poca parte de árboles[1].

Tendo en conta certo grao de imprecisión nas medidas e a delimitación en planta (dado que o mosteiro xa existía e o que se fai foi adiantar o espazo para novas edificacións) cabe sinalar que as dimensións sinaladas casan bastante ben coa configuración actual do edificio conventual e a desaparecida igrexa. De feito, en contra do que se sinala habitualmente, a concepción da praza non pode ser barroca nas súas formulacións posto que as intencións do prior do convento por magnificar e dignificar o acceso á igrexa e á portería son bastante claras xa no s. XVI.

Por isto, algunhas das propiedades mencionadas ao sur, como o casal e a súa horta, parecen corresponderse coa parcela e o inmoble que nos ocupa, cando menos na súa materialiade en Época Moderna (antes das grandes reformas contemporáneas actuais), dado que se mencionan como límites. Con todo, ao non pervivir parte das referencias empregadas non é posible unha maior precisión, aínda que o límite actual da avenida Raxoi e os restos da igrexa que aínda pervivían a finais do XIX, cando se trazaron os primeiros levantamentos topográficos da vila, dan forza a esta hipótese.

1. O mesón atoábase na actual rúa de Santo Agostiño, aprosimadamente na localización do cinema Coliseo.

A documentación histórica reflicte a situación da muralla a comezos do século XVII na contorna do convento. Neste momento cáese un lenzo da muralla, feito recollido nas actas do concello:

> *"En dho dia se avia caido un torreón de la muralla de esta via contigua al combento de San Agustin della. Y que caya sobre la fuente de la dha VIa, y al tiempo que cayera avia deribado la dha fuente, muerto una criatura y lisiada una muger, y no se podia yr a la fuente, y se esperava que lo que avia quedado del dho torre- ón y muralla avia de bolber a caer y haçer nuevo daño. Y ordenaron y mandaron se llamase a Gregorio de Carregal, maestro de canteria con otros dos officiales suyos y abiendose platicado el caso con ellos, convinieron en que era necesario acudir luego al dho reparo de muralla y fuente y deribar la que amenaça ruina y adreçar y limpiar la dha fuente y hacella de nuevo, por estar toda deshecha y ser tan necesa por no aber otra para el sustento de la via que sin ella no se puede pasar, y para ello ordenaron a dho Gregorio de Carregal que se le emplaze a que luego sin dilación alguna acuda al reparo y adereço de dha obras"* (López Hermida & de Castro Álvarez, 2006, p. 92).

Durante o século XVII, pese as puntuais necesidades defensivas coa posible chegada de buques inimigos, foméntase a adhesión de vivendas á muralla así como o uso dos seus materiais noutras construcións (López Hermida & de Castro Álvarez, 2006, p. 93).

En 1533 e 1607 a vila sofre dous grandes e devastadores lumes, que condicionarán o seu devir (López Hermida & de Castro Álvarez, 2006, p. 96). No século XVI Pontedeume tamén destaca pola súa Cátedra de Latinidade creada en 1580 por J. Beltrán de Anido (Meijide Pardo, 2000, p. 254). Ata o século XVII o porto de Pontedeume era viable para o seu uso por embarcacións de gran tonelaxe, pero a partir dos século XVIII só poderán entrar no mesmo, debido ao escaso calado, barcos de menos de 30 toneladas (Meijide Pardo, 1993, p. 70). A importancia natural actual das Fragas do Eume tiñan a súa correspondencia na Idade Moderna na importante industria madeireira que fornecía de madeiras de carballo e castiñeiro as vilas de Ferrol, para o seu arsenal, ou A Coruña para leña, aproveitándose do Eume para o seu transporte (Meijide Pardo, 1993, p. 71).

A medida que pasa o tempo o convento de Santo Agostiño irá ampliando o seu patri-monio mediante doazóns pías –cabe resaltar o uso como cemiterio do ámbito conventual (ARG, Eclesiásticos, 45400/6, cartapacio 2)– e investíndoo en propiedades inmobiliarias dentro do centro urbano[2]. De feito, a localización do mosteiro permitiu mesmo o coidado e patrocinio que o seu fundador deulle do santuario da nosa Señora do

2. Caso das casas situadas na praza da mesma vila -sen achegar outra referenica- que en 1558 deberon pasar a mans do convento e en 1665 foron alugadas ao capitán e pescador Phelipe de León que non pagaba a renda a convento desde 1666, fallándose o preito ainta en 1707 (ARG, Real Audiencia, leg. 1546/7). Esta renda destinábase á capela da Vera Cruz. Vid. tamén del Hoyo et al., 1950,p. 305.

Soto –ou Santuario das Virtudes como se denomina posteriormente xa por Jerónimo del Hoyo (1607). Este entendíase como unha prolongación natural das dependencias e horta conventual, o que motivou, paradoxalmente, rifas cos veciños que usurpaban e se apropiában de propiedades conventuais cortando árbores ou cercando parcelas para *edifiçios nuebos de cassas que se açen a la salida desta billa en los límites del santuario o incluso en os salidos de dicho conbento*[3]. Esta situación e limitación ao desenvolvemento urbano polo leste apréciase nalgunhas vistas detalladas como unha do s. XVIII depositada na Biblioteca Nacional e publicada por Vigo (2011). Así, o mosteiro condicionaba non só a urbanización do espazo senón a paisaxe resultante.

Non obstante o espazo da praza do convento e a súa horta xa se considera parte do núcleo para mediados do século XVIII empregándose o convento de Santo Agostiño como límite: *desde el conuento de San Agustín hasta la Puerta do Porto tresientas varas.* Recolléndose aparentemente na delimitación a propia horta do convento e considerando como arrabaldes as propiedades da contorna. Así mesmo, os elementos de referencia do ámbito estudado que se atopan nas respostas do Catastro mencionan tamén a fonte – *una que se dice la de San Agustín con dos caños- y el mesón –mesones sólo ay uno que hes propio de la villa.*

A finais do século XVIII a vila de Pontedeume como moitos puntos da costa galega recibe numerosos homes de negocios procedentes de Cataluña, vinculados á pesca e ao abasto de licores (Meijide Pardo, 2000, p. 239). Será tamén neste momento cando en 1769 o arcebispo Rajoy funde escolas de primeiras letras masculinas e femininas xunto con almacéns de sal, para que as súas rendas financien os mestres (Meijide Pardo, 2000, p. 254). A finais do s. XVIII fan acto de presenza á súa vez os curtidoiros, xestionados tamén por empresarios cataláns (Meijide Pardo, 2000, p. 243). Na zona que nos ocupa, destaca a posible modificación da fachada do convento dos agostiños por parte do arcebispo de Compostela, Rajoy, natural de Pontedeume (Vila Jato, 1991, p. 512).

Cabe resaltar, polo seu interese para a área que nos ocupa, a desaparición da igrexa conventual. Trala Guerra de Independencia e a ameaza de represalias francesas sobre o edificio, este viuse afectado polos vaivéns políticos do período. Así, o convento -o seu horto e casa dos relixiosos- foi desamortizado en 1835 (vendido pola Nación) e usado como cuartel provisional (1837) e cárcere (1838).

As guerras carlistas afectan a comarca con pequenas incursións dentro do partido xudicial, en Miño, ante iso a vila decide pecharse, creando 9 portas nas rúas principais (Veiga Ferreira, 1989, p. 124). Estas actuacións afectarán a zona que nos ocupa, posto que en 1839 o comandante dun destacamento do exército regular solicita a demolición dos muros internos do convento de Santo Agostiño para empregalo como cuartel (Veiga Ferreira, 1989, p. 127). Posteriormente sería empregado como cárcere e escola (López Calvo, 2005), pasando a propiedade municipal ao redor de 1842, empregándose par-

3. Véxase as queixas recollidas neste ámbito en 1669 ARG, Eclesiásticos, leg. 2298/52.

cialmente en beneficio público como escola feminina. O desenvolvemento urbano relanzouse ao desaparecer un dos polos que o articulaban ou o limitaban, iniciándose a construción dunha rúa nova que enlazase coa estrada en construción cara a Betanzos.

Non obstante, en 1866 optouse por demoler a parte restante, a igrexa, para aproveitar os materias para un cemiterio pois o templo:

> *...que no se usó ni usa por carecer de objeto en la actualidad, y se halla por esta circunstancia en estado de completa ruina…no contiene pinturas, ni esculturas ni otros monumentos artísticos ni científicos que que pudieran servir de modelo y recuerdo a la sociedad…la Corporación quisiera y tiene precisión de implorar desaparezca por bien del pueblo y la religión…* (AMP, Caja 186, leg. 5, f. 1)

De feito cara ao sur o estado dos muros da igrexa era lamentable chegando a vivir na igrexa alimañas que proviñan do monte:


> *Las techumbres de las capillas laterales de la parte del Sur, llenas de malezas e inmundicia, cuyas raíces perforaron la bóbeda de algunas de aquellas como se observa en la del centro habiendo servido estas mismas malezas antes de ahora de guarida de zorros en las que tenían sus criaderos como es público* (AMP, Caja 186, leg. 5, ff. 6v-7r)

O documento de desmantelamento inclúe os contratos, cláusulas facultativas, visita ás ruínas, presupostos e peonadas empregadas efectivamente pero tamén unha interesante acta de deslinde:

> *...tal Yglesia se halla colocada en dirección de Este a Oeste, confinando por este viento con su atrio hacia donde tiene su frente y torre por aquel con la referida huerta, sur con la misma y con él Don Andrés Ferreño… Que la huerta de Ferreño se introduce en un ángulo que forman las paredes de la Yglesia por aquella parte dejando fuera parte del espacio de él y formando así la huerta una línea torcida e impropia, debiendo convertirse en recta partiendo del miembro lebante de la puerta que sube a la torre y siguiendo por la espalda de un naranjo correspondiente al Ferreño en dirección sur al que se le deja otro tanto terreno como el que se le toma y quien tendrá la obligación de cerrarse con la misma piedra que allí le queda sin ofenderle dicho árbol.*
>
> *Que se demolerán las capillas derruidas ya por el mismo lado sur hasta la pared maestra de la Yglesia, que se demolerá hasta la altura de cuatro metros y hasta los cimientos la torre y fachada* (AMP, Caja 186, leg. 5, ff. 32v-33r).

Trala derruba da igrexa en 1866 (de Castro Álvarez, 2001, p. 61), créase a avenida de Raxoy e alameda nas hortas do convento (Bello Alonso, 2011, p. 45). Por sorte non se executa neste momento o proxecto de atravesar o núcleo histórico coa liña de ferrocarril. O proceso de conformación da rúa de Raxoi dá pistas cronolóxicas sobre a creación da vivenda que nos ocupa, situando a súa edificación cara a finais do século XIX. Como data *ante quem* para a construción da casa de Maruxa, contamos coa propia conformación da rúa de Raxoi en 1889 (de Castro Álvarez, 2005, pp. 111-114).

Couceiro Freijomil publica un debuxo de 1970 no que se conxectura –entendemos– o alzado do convento e igrexa, aínda que o que non parece unha conxectura é o aspecto de casa Maruxa, en uso.




Debuxo da situación hipotética da igrexa do convento (Couceiro Freijomil, 1981, p. 257)

A partir destes momentos comezan a documentarse con fiabilidade e certa regularidade os propietarios do inmoble que nos ocupa. Esa horta de Ferreño pecharíase, aparentemente segundo as condicións establecidas na documentación de referencia, tras a demolición definitiva da igrexa e aproveitando os seus materiais á luz do seu aspecto actual. Así, a descrición da igrexa indica entre as causas da súa ruína:

> *...el que dichas paredes, muy antiguas, fueron construidas con mala piedra, pizarra y barro, siendo imposible pudieran por más tiempo sostener el peso de dicha bóbeda* (AMP, Caja 186, leg. 5, f. 6r)

Non obstante a planta da horta de Andrés Ferreño, lindeira coa súa propia casa, cambia entre a elaboración dos levantamentos urbanos da vila e o remate da avenida de

Raxoi debido a que a configuración recta do límite da leira aparece no plano de 1872 cunha planta próxima á actual pero aínda non no de 1869 cando a planta debía moito á súa configuración orixinal como terreo de labradío con árbores froiteiras e presenta unha planta triangular. De feito, nos planos de 1882 obsérvase a parcelación e recorte da horta que non se aprecian con igual detalle en planos posteriores. Aínda que para entón figura como propietario Ramón Ferreño.


R. de Santo Agostiño a comezos do século XX (de Castro Álvarez & Prego Fernández, 2007, p. 64)

Grazas á recollida de memoria oral sabemos que o Casino, hoxe primeiro andar do edificio Patrimonio Sindical e a planta baixa da Consellería de Traballo, funcionaron durante o século XX como sucursal do colexio academia Cervantes de Ferrol. As aulas atopábanse na planta primeira e a zona de recreo na baixa, pero nos veráns o Casino contaba con actuacións musicais e as clases trasladábanse á planta baixa da casa que nos ocupa, a de Maruxa Pena (Bouza Faraldo, 2015, p. 52). A súa vez coñécese entre os veciños a existencia dun almacén de viño, tamén na planta baixa da casa de Maruxa, A principios do século XX, a casa aparece en mans da familia Navarro, que contaba con outras propiedades na rúa[4], o que demostra tanto o arraigamento familiar como o poder adquisitivo da familia. Así, Josefa Navarro Sánchez posuía unha casa que lindaba pola parte de atrás coa horta da propia Josefa Navarro, á fronte coa rúa de Santo Agostiño, pola esquerda con avenida de Raxoi e pola dereita coa casa de Genoveva Navarro –o que sería o actual nº 25 da rúa–; a superficie da casa en si é de 35 m2, con tres pisos[5]. O feito de que a casa lindeira teña un espazo aínda máis reducido e unha pequena horta parecen indicar que a propiedade orixinal debeu segregarse nalgún momento nos últimos anos do XIX. Non se atopou a ficha da propiedade do nº 25.

Probablemente en Maruxa Pena Navarro xa a mediados do s. XX entroncaban dúas familias que xa a inicios do s. XX vivían na rúa Santo Agostiño[6].

4. No nº 24 da rúa de Santo Agostiño atopamos a casa de Consuelo Navarro Sánchez, quen tamén posuía o nº 28 (recóllese unha compra-venda de 1941 desta propiedade) e o nº 30. No nº 3 da rúa atópase a casa de Domiengo Navarro Yglesias.

5. Consta a contribución orixinal e outra de 1924.

6. No nº 31 residía Manuel José Pena.

O uso da casa seguiu en mans da familia ata avanzados os 90, momento en que o traspaso da propiedade aos herdeiros non evitou a progresiva deterioración do edificio. Ao parecer, algúns veciños da zona sinalan que os herdeiros deixaron de residir na vila pechando un negocio que posuían na mesma.



Vista da propiedade a principios dos anos 70 do século pasado (ARG, Catastro de urbana, f. 01-38-002)



Detalle da estrutura de soporte do tellado sobre a balconada en 2001 (AMP, Licenzas urbanísticas 2006, carp. informe)

En 2001 un informe de Protección Civil recolle o estado ruinoso da edificación e o perigo de esborralle de parte da balconada e teitume cara á rúa e achega información gráfica das solucións arquitectónicas empregadas na carpintería da balaustrada e artesonado da balconada do inmoble.

Nos anos posteriores búscase a declaración de ruína, levándose a cabo a redacción dun proxecto de restauración e obras de desmantelamento e consolidación do conservado promovidas por un dos herdeiros de Maruxa Pena, Antonio Mauriz. Esta documentación achega información gráfica de gran valor sobre as características construtivas do edificio.



Fachada á rúa de Santo Agostiño. (AMP, Licencias de obras, 2006, Proxecto)



Fachada ao Paseo Rajoy. (AMP, Licencias de obras, 2006, Proxecto)



Interior da edificación. (AMP, Licencias de obras, 2006, Proxecto)

A casa de Maruxa Pena hoxe en día é unha edificación de tamaño medio en ruínas. Consta dunha vivenda orixinalmente de 4 plantas, unha baixa que non ocupa toda a área da edificación e con acceso dende o paseo de Raxoi. Unha primeira planta con acceso na altura da rúa de Santo Agostiño, esta sería a planta na que se localizaría a horta situada no sector E da vivenda. Unha segunda planta que ocuparía ao igual que a primeira toda a área da vivenda, cunha balconada sobre ménsulas de granito sen decorar. Unha última planta estaría orixinalmente conformada por unha ancha mansarda de dúas ventás frontais. Salvo na baixa e primeira planta, o sistema estrutural está conformado por vigas de madeira dispostas de N a S. A cheminea da edificación situaríase no extremo S da mesma. No sector leste da parcela sitúase a horta, un espazo localizado a uns 2 m de altura con respecto do nivel do paseo de Raxoi. Esta horta conta cunhas dimensións aproximadas de 30 metros no seu eixo E-O e uns 8 no N-S. A horta atopábase igual que a edificación, abandonada. No seu extremo leste sitúase un edificio de factura recente, de varias plantas, que corta varias das estruturas históricas do conxunto. No lado norte da horta sitúase o muro de peche cara á avenida de Raxoi, composto por cachotería de xisto con morteiro de terra e dividido por tramos no seu cumio por merlóns realizados no mesmo material sendo reenchidas as súas ameas a posteriori por un muro de remate triangular,

No lateral este da edificación atópase unha a balconada que dá horta. Neste lateral atoparíase un retrete e unha pequena corte á que darían os refugallos, na esquina sueste do inmoble e con acceso dende a galería. A parte superior do muro leste sufriría diversas modificacións ao longo da súa historia. Trátase hoxe en día dun muro con dúas ventás e dúas portas, unha de acceso á balconada e outra de acceso ao escusado. Existe a impronta dunha ventá cegada, no seu extremo N. No punto central, ábrese con posterioridade á fábrica orixinal unha porta de acceso á balconada dende o primeiro andar. Nesta primeira planta atoparíase a cociña da edificación, a carón do escusado, cunha peza de interese a conservar, unha pía de granito. As paredes da cociña cara ao E contan cunha curiosa solución construtiva, cun abucinamento curvo a cada lado, para fornecer máis luz,



Fachada oeste da edificación, no sector esquerdo, escusado e corte

descoñecéndose se esta é unha solución orixinal da fábrica ou propio dunha fase posterior. Os muros interiores deste primeiro andar no sector E contan con restos de pintura, en branco nas zonas superiores e vermello nas inferiores. Este muro apóiase sobre a fachada principal, chegando a cegar parcialmente unha ventá da planta baixa, marcando a súa cronoloxía non orixinal.

Visión do cegamento parcial por parte do muro leste dunha venta da fachada principal.

O muro S da edificación conta con diversas fases construtivas de interese. Como xa indicamos trátase do muro compartido coas dúas edificacións que dan á rúa de Santo Agostiño, sendo por posicións estratigráfica, estas previas á construción que nos ocupa. Este muro albergaría a parede sur dunha grande cheminea. De maneira previa á construción da edificación o muro S é recrecido para dar unha altura máis á vivenda colindante S. Este recrecemento realízase en cachotería



Proceso de apertura e creación de xamba en primeira planta



Pía de granito no primeiro andar, a conservar e pinturas do interior



Visión do cegamento parcial por parte do muro leste dunha venta da fachada principal

de xisto con morteiro cunha ventá cuadrangular, o muro mantén as liñas de cuberta da edificación colindante. Coa construción da cheminea da casa de Maruxa Pena é preciso pechar a mencionada ventá e dar altura á mesma, este proceso realízase mediante muro de ladrillo tradicional e morteiro de cal, conformando unha altura duns 2 metros aproximadamente en ladrillo sobre o remate da última edificación. Para a instalación da cheminea, realizáronse numerosos barroteiros cuadrangulares no muro**,** os cales serían empregados para colocar puntais de madeira e pedra asociados á cheminea**.**

O muro S contaría cun reboco realizado en morteiro de cal, evidenciando este último a existencia dunha escaleira de acceso a todas as plantas, de maneira frontal ao acceso dende a rúa de Santo Agostiño no primeiro andar. Evidenciado tamén este feito



Visión das improntas deixadas pola cheminea

ante a constatación do chanzo de arrancada da escaleira, *in situ.* Este chanzo repousa sobre un pavimento de fasquía irregular de pezas de granito, dende o acceso dende a rúa. Este pavimento repousa sobre un muro de xisto que parte dende a planta baixa ata a altura de acceso dende a rúa Santo Agostiño.

Na rúa de Santo Agostiño a edificación conta cunha fachada de dúas plantas con porta de acceso peonil e unha ventá á altura da rúa. Na parte superior tres ventás coroan a primeira planta. Na fachada norte do conxunto, a de maior presenza, destaca a planta do segundo andar, con 4 ventás e os restos dunha balconada con base de pedra e ménsulas, e que contaría con carpinterías para a súa balaustrada. A planta primeira é unicamente ocupada por unha ventá central, mentres que na planta baixa existen 3 ventás, unha cuadrangular no extremo O e dúas bufardas no E, situadas a cotas diferentes. A zona central é ocupada por unha porta.



Vista da planta baixa



Impronta de escaleira no muro S



Fachada lateral na rúa de Santo Agostiño



Exterior da vivenda

CONCLUSIÓNS E VALORACIÓNS

Pese a que non foi posible localizar documentación histórica que estableza unha datación absoluta da orixe da propiedade, a casa de Maruxa Pena encádrase cronoloxicamente a finais do século XIX. Trala desamortización do convento de Santo Agostiño, a súa igrexa é derrubada e constrúese o paseo de Raxoi, na honra do arcebispo compostelán natural de Pontedeume. Sería trala creación da rúa cando casa Maruxa é edificada, cunha mansarda típica do último terzo do XIX.

A vivenda é de interese ao ser un bo exemplo de arquitectura tradicional urbana típica do golfo ártabro, cunha singular balaustrada e unha horta considerable. As súas paredes exteriores atoparíanse totalmente encaladas en orixe con dobre acceso tanto dende a rúa de Santo Agostiño como dende o paseo de Raxoi. Parte da balaustrada atópase conservada hoxe en día no lateral que dá á horta así como varias portas de madeira, posiblemente orixinais.

No interior localizouse a impronta da escaleira orixinal, ocupando unha parte central dende a cota da rúa Santo Agostiño e que remataría na ancha bufarda coñecida a través de imaxes históricas. Nalgúns puntos consérvanse pigmentos históricos, de-corativos de estancias interiores, que sería interesante conservar de ser posible ou imitar. O sistema estrutural interno estaba baseado en vigas de madeira dispostas de N a S mentres que as divisións internas estarían realizadas en barrotillo con morteiro. Destacan a pía na antiga cociña así como as evidencias da cheminea, as cales sería interesante integrar na nova solución. A singularidade dos merlóns da horta debe ser respectada ante a inexistencia de maiores datos cronolóxicos e funcionais para os mesmos.

A nivel estrutural destaca o recuamento do muro leste da edificación, sen atopar unha explicación concreta para este feito. Especulamos coa posibilidade de que o lateral leste da vivenda se atopase apoiado sobre a antiga muralla de Pontedeume, a cal atravesaría a actual horta da vivenda, e trala demolición da muralla, recuaríase o muro leste. Aínda que isto é só unha especulación, si débese ter en cota a posible conservación dos restos da muralla medieval nunha proxección norte-sur, na horta da edificación, segundo mostran as representacións do seu trazado, algo que debe ser avaliado dende unha perspectiva arqueolóxica.



Pigmentos conservados no interior, esquina noroeste

Grazas ao estudo documental podemos asegurar que existen edifi-cacións xa no século XVI no ámbito estudado aínda que cunha configuración distinta á actual, caso do casal de Gonzalo Vázquez Rapado que pode coincidir espacialmente con parte da edificación catalogada. A casa debeu abarcar en planta nalgún momento ao nº25 da rúa de Santo Agostiño pero só se acharon evidencias indirectas deste extremo, pola coincidencia da propiedade de ambos os inmobles nunha mesma familia a principios do século XX.

A horta actual é anterior ao asentamento do convento e a edificación da casa, de feito é un raro exemplo da pervivencia de chan rústico de uso agrícola ata finais do XIX dentro do armazón urbano de Pontedeume. Aínda que se foi alterando lixeiramente a súa forma, segregándose e parcelándose ao longo do tempo; incluso a delimitación actual cun murete cara á avenida de Raxoi é unha transformación relativamente tardía.

Grazas á localización das imaxes do informe previo á súa derruba parcial, pódense apreciar as carpinterías interiores e exteriores, coa suficiente calidade como para a súa recuperación. A rehabilitación deste edificio singular suporá a súa mellora patrimonial inmediata pero tamén a dunha contorna singular do núcleo histórico de Pontedeume. O tipo de edificación coa súa monumental balconada reforzará o carácter tradicional da praza do convento e suporá un novo impulso á recuperación do patrimonio do concello.

Bibliografía

BELLO ALONSO, M. M. (2011). Un atentado contra el patrimonio: la desaparición del palacio-fortaleza de los condes de Andrade en Pontedeume. "Cátedra. Revista eumesa de estudios", 18, 72- 146.

BOUZA FARALDO, M. (2015). *A escola eumesa no S. XX*. "Cátedra. Revista eumesa de estudios", 22, 7-88.

COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1981). *Historia de Puentedeume y su Comarca*.

DE CASTRO ÁLVAREZ, C. (2001). *Los factores del desarrollo urbanístico de Pontedeume a lo largo de su historia*. "Cátedra. Revista eumesa de estudios", 8, 31-50.

DE CASTRO ÁLVAREZ, C. (2005). *Sobre os nomes das rúas, prazas e xardíns de Pontedeume.* "Cátedra. Revista eumesa de estudios", 12, 101-169.

DE CASTRO ÁLVAREZ, C. (2007). *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público (1270-1970).*

DE CASTRO ÁLVAREZ, C., & Prego Fernández, A. (2007). *El mesón de Pontedeume*. "Cátedra. Revista eumesa de estudios", 14, 63-68.

DEL CASTILLO, Á. (2002). *Hallazgo de restos romanos en Pontedeume*. "Cátedra. Revista eumesa de estudios" 9, 505.

DEL HOYO, J., Rodríguez González, A., & B., V. (1950). *Jerónimo del Hoyo Memorias del Arzobispado de Santiago*.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, A. (2004). *Dicionario visual da construción*. COAG.

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS. (2005). T*úmulos prehistóricos no concello de Pontedeume*. "Anuario Brigantino", 28, 11-16.

HARRIS, E. C. (1991). *Principios de Estratigrafía Arqueológica*. Editorial Crítica.

LÓPEZ CALVO, X. A. (2005). *Uns datos sobre o convento agostiño de Pontedeume*. *"Cadernos do Ateneo Eumés", 3*.

LÓPEZ HERMIDA, J., & DE CASTRO ÁLVAREZ, C. (2006). *Las murallas de Pontedeume.* "Cátedra. Revista eumesa de estudios"*,* 13, 79-100.

MEIJIDE PARDO, A. (1993). *Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII*. "Anuario brigantino", 16.

MEIJIDE PARDO, A. (2000). *Aportación a la historia económica y social de Pontedeume en la primera mitad del s . XIX*. "Anuario brigantino", 23, 239-254.

PADÍN ABAL, M. A. (2017). *Las Villae marítimas en la costa de la Galicia romana TFM dirixido por Fermín Pérez Losada*. Máster interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.

VEIGA FERREIRA, X. M. (1989). *Aspectos da defensa de Pontedeume na Primeira Guerra Carlista*. "Anuario brigantino", 12, 121-128.

VIGO TRASANCOS, A. (2011). *Galicia y el siglo XVIII. Planos y dibujos de arquitectura y urbanismo (1701-1800)*.

VILA JATO, M. D. (1991). *Aspectos de un mecenazgo: el arzobipo Rajoy y su legado artístico en Pontedeume (La Coruña).* "Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología: BSAA", 57, 503-516.

A REHABILITACIÓN DO PATRIMONIO LOCAL E O CAMIÑO DE SANTIAGO

PONTEDEUME E O ANTIGO HOSPITALILLO (CASA NA RÚA ATAFONA Nº 30)

María Luisa Malizia



Foto 1: detalle lado N do Hospitalillo Antiguo, durante a procesión do 23 de agosto do 1936, arquivo fotográfico de Javier Castro Rodeiro. Fotógrafo: Jesús Silva Salgado

1. INTRODUCIÓN

Coñecemos por peregrino á persoa que se encamiña a Santiago de Compostela. A peregrinación sempre foi e vai acompañada dun prestixio, porque ao terminar dáse un certificado por realizar o Camiño de Santiago. Nos séculos de fe, nun principio, os peregrinos eran reyes, nobres, guerreiros, prelados, labregos, ricos, pobres, sabios, artistas, etc., é dicir, a sociedade ao completo. A razón principal das peregrinacións era relixiosa, concretamente católica, sendo esta a veneración a Santiago; outras razóns era o cumprimento dalgunha promesa, unha penitencia para pagar pecados ou unha pena imposta por un delito[1].

No caso da peregrinaxe polo camiño ingles, consideramos a etapa na vila de Pontedeume, que, cada ano suma mais participantes e, por iso, no 2016 o o arcebispado cede o Hospitalillo ao Concello de Pontedeume, que propón convertelo en albergue (foto 1).

Momentaneamente o albergue ocupa unha parte doutra estrutura importante historicamente e topográficamente da vila, as lonxas de Raxoi, construídas non ano 1763 para favorecer o almacenamento e traslado de peixe á vila[2], que, actualmente posúe unha dispoñibilidade para 20 visitantes. Dado o aumento de ocupacións é naturalmente necesaria a creación dun un lugar de acollida para os peregrinos con dimensións e potencial ocupacional maiores.

Achegándose esta estrutura, parte da historia da vila, a outros exemplos de restructuración de elementos arquitectónicos emblemáticos dunha cidade ou vila ou lugar para a

1. FEIXAS GÓMEZ, T.; PERAL GÓMEZ, P; HURTADO POMARES, M: *El perfil ocupacional de peregrino, "*Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia", TOG, ISSN-e 1885-527X, Serie 1, Nº. Extra 10 (Suplemento 10), 2015 (Ejemplar dedicado a: ACTAS DEL "IV Congreso Internacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional" (IV CIETO)), pxx. 179-180.

2. PXOM de Pontedeume, ficha 0_48, nº plano 0_04, 2016.

acollida de peregrinos, cuxa itinerancia tamén é elemento emblemático da historia dos mesmos sitios.

2. Obxectivos

Este breve articulo ten como fin reafirmar a importancia de, a través da demanda sempre mais imperante, rehabilitar estruturas, cando se dea o caso, que son partes importantes do que é a historia local e, como no caso do antigo hospitalillo de Pontedeume, tamén profundamente ligado á dinámica relixiosa da vila situado no lado sur da igrexa de Santiago, era unha dos edificios onde se exercían as actividades do pontífice[3] (igrexas, escolas, hospitais e capelas)[4]. Rol fundamental nesta actuación é tamén a intervención arqueolóxica esixida segundo as normas da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que pide sondaxes arqueolóxicas en puntos estratéxicos baseándose na preexistencia de estruturas relativas á fundación do primeiro hospital (foto 2).




Foto 2: siotuga, PXOM de Pontedeume

3. Del Hoyo, J.: *Memorias del Arzobispado de Santiago*, Santiago de Compostela, Imprenta Porto. Documento 1607, conservado o seu orixinal no Arquivo da Catedral Compostelá e editado, a mediados deste século, por Anxo Rodríguez González e Benito Varela Jácome.

4. López Calvo, J. A.: *Los hospitales para peregrinos del camino inglés a Santiago*. "Estudios mindonienses: Anuario de estudios histórico-teológicos de la diócesis de Mondoñedo-Ferrol", ISSN 0213-4357, Nº. 20, 2004, páx. 753.

3. Metodoloxía

3.1 Parte legal

O día 16.07.2020 co número 53165/RX 1373919 de entrada no Rexistro xeral da Xunta de Galicia, recíbese unha solicitude, remitida polo Concello de Pontedeume, para que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) autorice as obras de Rehabilitación dun inmoble para Albergue de Peregrinos, sito na Rúa A Tafona, 30[5] (foto 3) (Ref.Cat. 7263401NJ6076S0001RW, no concello de Pontedeume (A Coruña), situadas a carón da traza do Camiño Inglés de Santiago, delimitado por Decreto 110/2014, do 4 de setembro.



Foto 3: fachada, rúa Atafona nº 30, arquivo persoal

Achégase informe técnico municipal do10.07.2020, favorable ás obras solicitadas.

O expediente foi obxecto dun requirimento de documentación por parte da DXPC, á vista de que na documentación do expediente tan só constaba o apartado de memorias do proxecto. No dito requirimento solicitábase a entrega da totalidade de documentos do proxecto.

O día 26.10.2020 recíbese contestación ó devandito requirimento, incluíndo copia completa do proxecto solicitado.

5. PXOM de Pontedeume, ficha 0_83, nº plano 0_04, 2016.

O 19.11.2020 emitiuse un novo requirimento de documentación, referente a diversos aspectos técnicos do proxecto.

Os días 18.02.2021 e 04.03.2021, cos números de entrada 2021/321416 e 2021/479678 no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, recíbese documentación complementaria, remitida por ARQDIS SLP, en resposta ao requirimento (fotos 4 e 5).

A Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago, editada pola DXPC en marzo de 2016[6], ten por obxecto achegar '*criterios sobre como actuar no territorio histórico dos camiños de Santiago, de modo que se garanta a salvagarda das súas características tradicionais, culturais e paisaxísticas*'.




Foto 4: Alzado N-W, -Proyecto de Ejecución- Rehabilitación de edificio para albergue de peregrinos rúa Atafona nº30- Pontedeume, ARQDIS S.L.P




Foto 5: Alzado S-L

6. https://www.cultura.gal/gl/caminos-santiago

3.2 Normativa de carácter arqueolóxico

Según a Resolución da Directora Xeral do Patrimonio Cultural do 10 de marzo do 2021: o centro histórico da vila de Pontedeume ten unha orixe medieval e está incluído no ámbito declarado ben de interese cultural (BIC) como conxunto histórico-artístico e paraxe pintoresca da Comarca Eumesa, en virtude do Decreto 2234/1971, do 13 de agosto (BOE do 23.9.1971). Este ámbito do casco histórico da vila prevese regular por un plan especial de protección e rehabilitación. No centro da vila destaca a presenza do Torreón dos Andrade, torre de homenaxe do antigo pazo-fortaleza dos Condes de Andrade. O camiño real que cruzaba o río Eume pola ponte medieval entraba no recinto amurado da vila pola Porta da Ponte ou Arco de Maldonado, do que incluso se ten constancia fotográfica da existencia dun antigo torreón.

Segundo o artigo 89 da LPCG, en bens integrantes do patrimonio arquitectónico nos que se proxecten actuacións susceptibles de afectar o patrimonio arqueolóxico, realizarase un estudo previo para avaliar a compatibilidade das actuacións coa salvagarda dos restos arqueolóxicos que poidan aparecer. Nos casos en que a afección ao subsolo sexa pequena, a intervención arqueolóxica poderá executarse en paralelo á obra. Conforme ao artigo 96 desta lei, a realización de obras de edificación ou calquera outra actuación que comporte a remoción de terras nunha zona arqueolóxica ou no seu contorno requirirá a previa autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural. Asemade, cando, como requisito previo para a realización de calquera tipo de obra que afecte un monumento, conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacemento declarado de interese cultural ou catalogado, a consellaría competente en materia de patrimonio cultural ou a figura de planeamento vixente determinen a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas, a persoa ou entidade promotora deberá presentar un proxecto de actividade arqueolóxica conforme ao contido desta lei. Será necesaria a autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural para a realización das actividades arqueolóxicas a que se refire esta lei. Segundo o artigo 98, ao outorgar as autorizacións que afecten o patrimonio arqueolóxico, a consellaría competente en materia de patrimonio cultural velará pola conservación *in situ*, sempre que sexa posible, das estruturas arqueolóxicas.

A situación do inmoble obxecto das obras de rehabilitación, no centro histórico de Pontedeume incluído no ámbito declarado ben de interese cultural (BIC) como conxunto histórico-artístico e paraxe pintoresca da Comarca Eumesa, así como os resultados de distintas actuacións arqueolóxicas desenvolvidas nese centro histórico, e as obras a realizar con importante afección ao subsolo, escavación interior para a cimentación e acometidas de auga e saneamento fan necesario que como medida previa para valorar a potencialidade arqueolóxica do subsolo da parcela se presente un proxecto de sondaxes arqueolóxicas para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Deberase presentar para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural un proxecto de sondaxes arqueolóxicas valorativas da parcela obxecto das obras.

Esta actividade enténdese segundo o artigo 95 da LPCG, como aquelas remocións de terras encamiñadas a comprobar a existencia de restos arqueolóxicos ou a recoñecer a súa estratigrafía. Está regulamentada e require a autorización da DXPC, segundo establece o artigo 95 da LPCG e mais o Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.

Esta medida protectora formulárase con carácter previo para valorar arqueoloxicamente o subsolo e poder anticipar deste xeito as posibles afeccións. Á vista dos resultados das sondaxes poderá solicitarse a modificación do proxecto de execución se fora o caso.

De planta rectangular e cuberta a dúas augas, este inmoble foi levantado xusto no lugar que ocupaba un dos tramos da antiga muralla medieval da vila. O desnivel que presentan as dúas (rúas que a circundan fai que presente tres alturas (B+II) na fachada que ofrece á igrexa parroquial de Santiago, e un único andar á rúa Atafona. Totalmente abandonada, os seus muros ofréncense á vista enfoscados e pintados, perrnitindo observar a súa constitución (opus quadratum) unicamente no contorno do vans e nos eixes estruturais do edificio.

O centro histórico da vila de Pontedeume ten unha orixe medieval e está incluído no ámbito declarado ben de interese cultural (BIC) como conxunto histórico-artístico e paraxe pintoresca da Comarca Eumesa, en virtude do Decreto 2234/1971, do 13 de agosto (BOE do 23.9.1971). Este ámbito do casco histórico da vila prevese regular por un plan especial de protección e rehabilitación. No centro da vila destaca a presenza do Torreón dos Andrade, torre de homenaxe do antigo pazo-fortaleza dos Condes de Andrade. O camiño real que cruzaba o río Eume pola ponte medieval entraba no recinto amurado da vila pola Porta da Ponte ou Arco de Maldonado, do que incluso se ten constancia fotográfica da existencia dun antigo torreón.

3.3 Presentación dun proxecto arqueolóxico de sondaxes preventivas

Resumo proxecto técnico: rehabilitación do inmoble Casa da Rúa Atafona nº30, Ref.Cat. 7263401NJ6076S0001RW.

SUPERFICIE SONDEOS	20 metros cadrados
SUPERFICIE UTIL	145,50 M^2
FONDURA MÁXIMA A ACADAR	– 200 cm. ou detección de restos

Tipo de intervención arqueolóxica: Sondaxes arqueolóxicas preventivas.

O proxecto de intervención a base de sondaxes centrase nunha superficie representativa do solar afectada polas obras. A ubicación das sondaxes está motivada pola presenza na idade medieval da muralla que protexía a vila e a posible existenza dunha porta onde agora está unha escaleira. Superficie de sondaxe Sondaxes: 1 sondaxe de 2x6 m., 1 sondaxe 2x4, en total 20 m^2 (foto 6).

A detección de restos de carácter arqueolóxico nalgunha das unidades de sondaxe supón a sua escavación e documentación estratigráfica, e a sua información documental

ós Servicios Técnicos Municipais e á Dirección Xeral do Patrimonio, así como a sua inclusión nunha seguinte fase dentro do proxecto de actuación no solar, proxecto arqueolóxico de escavación en área para as zonas concretas con restos arqueolóxicos, si así o decide a Xefatura Territorial.



Foto 6: sondaxes, arquivo persoal

4. Albergue do peregrino

O Modelo da Ocupación Humana (MOHO): entende ao ser humano como un sistema aberto, complexo, dinámico e en continuo cambio. O ser humano está composto por tres subsistemas: o de volición (motivación pola ocupación), o de habituación (organización atendendo a roles e rutinas) e o de execución ou capacidade de desempeño (habilidades necesarias para un desempeño óptimo). (9) Estes tres compoñentes son diferentes partes da persoa, pero están completamente interrelacionados e integrados. Non se pode comprender a ocupación como tal, se falta algún destes compoñentes. O MOHO pretende esclarecer como a ocupación é motivada, xeneraliza patróns e é realizada; por tanto, achega un punto de vista amplo e global[7].

A relación da arquitectura coa industria hoteleira é desde sempre un dos puntos de lanzamento de novas solucións e atrevidas innovacións, respondendo ás máis intensas esixencias dunha actividade que busca a creatividade e a experimentación.

Historicamente, a hostalaría sempre foi un medio extremadamente tradicionalista. O establecemento hoteleiro era visto como unha casa fóra da casa, pretendendo ser só iso, un espazo de comodidade, de calidade, sen grandes diferenzas e sen novos modelos de habitar[8].

O caso do proxecto de rehabilitación do antigo hospitalillo de Pontedeume, tan preto ao centro neurálxico da vida relixiosa da vila co fin de brindar ao peregrino que se propón enfrontarse ao camiño de Santiago polo percorrido definido ínglés, ofrece un exemplo de profunda unión entre a historia e o desenvolvemento cultural- turistico deste emblemático lugar, berce de importantes feitos que caracterizaron a historia medieval, moderna e contemporánea da terra galega.

A continuación ofreceranse uns poucos exemplos de estruturas emblemáticas dos seus lugares rehabilitadas para o aloxamento de peregrinos ao longo dos camiños de

7. Feixas Gómez, T.; Peral Gómez, P; Hurtado Pomares, M: El perfil ocupacional de peregrino, "Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia", TOG, ISSN-e 1885-527X, Serie 1, Nº. Extra 10 (Suplemento 10), 2015 (Ejemplar dedicado a: ACTAS DEL "IV Congreso Internacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional" (IV CIETO)), px. 182.

8. Lorenzo Aspres, A.: Intervencións no patrimonio galego para a industria hostaleira. Tesis doctoral dirigida por José Ramón Soraluce Blond (dir. tes.). Universidade da Coruña (2014), px. 17

Santiago. Estas comparativas son testemuñas da importancia para a vida das vilas e dos seus habitantes para a valorización estética e artística dos lugares que rodean estes elementos arquitectónicos destinados á ruína, a importancia tamén do esforzo e do compromiso de entidades públicas ou privadas no apostar á restauración, acto que a miúdo resulta máis complicado e oneroso.

4.1 Casa da pescadería, Betanzos, A Coruña, camiño ingles

Edificio datado ao S. XVIII de estilo Barroco

Edificio coa fábrica de granito na fachada principal e nos laterais cachoteria agás os esquináis, marcos dos vans, imposta e comisa. Edificio de duas plantas simétrico. Na planta baixa cinco vans, o central, que é a porta de acceso, de maior tamaño, entre pilastras almo-hadilladas. Na planta noble un balcón central de ferro sobre duas ménsulas adosadas as pi-lastras da planta baixa, e dous vans remarcados de balcón interior cada lado. A comisa moi voada e moldurada[9].

O día 13 de maio de 2013, inaugurábase o albergue de Betanzos, nun edificio adquirido para o efecto en 2007 na rúa da Peixaría, anti-ga rúa do Canto, ao que por falta de información e da debida investigación histórica viñeron en bautizar como "Casa da Pescadería"[10] (foto 7).



Foto 7: entrada Casa da Pescadería, Betanzos, fonte web

4.2 Casa Grande de Lusío, Samos, Lugo, 2009, camiño francés.

Albergue e museo insérense nun edificio catalogado Ben de Interese Cultural. Rehabilitación reversible e funcional, máximo respecto e posta en valor do edificio orixinal. Rehabilítanse vigas, chans de madeira e carpinterías en bo estado mantendo a súa configuración arquitectónica orixinal. O eixo norte-sur preexistente do edificio distribúe a ambos os dous lados os usos de albergue e museo. Dous núcleos de comunicacións conectan os espazos máis públicos cos máis privados e todos eles cos servizos nas distintas plantas do edificio.

Lectura clara de elementos construtivos novos fronte a técnicas de construción tradicionais. A peza lineal que contén a escaleira, distribúe os usos do albergue e conecta as tres plantas á vez que a escaleira do museo establece un percorrido que discorre por

9. PXOM de Betanzos, ficha A-b-30, 1987.

10. http://www.cronistadebetanzos.com/el-albergue-de-peregrinos-de-betanzos-mal-llamado-casa-da-pescaderia/



Foto 8: exteriores da Casa Grande de Lusío, Samos, Lugo, fonte web

espazos de diferentes formas e alturas, a través da torre, corredor, e o coro da capela acentuando a riqueza espacial interior do edificio. Empréganse medios sostibles de achega enerxética, como colectores solares e medios de regulación de captación enerxética nas novas fachadas. Os novos elementos regulan o confort ambiental á vez que organizan espazos, xerando un novo edificio público confortable e fácil de habitar[11] (fotos 8 e 9).



Foto 9: interiores da Casa Grande de Lusío, Samos, Lugo, fonte web

11. https://www.iglesiasveiga.es/lusio/

4.3 O Albergue de Peregrinos de Villadangos de Páramo, León, camiño Francés



Foto 10: fachada do Albergue de Peregrinos de Villadangos de Páramo, León, fonte web

Ao ser un Municipio situado en pleno Camiño de Santiago, xa na Idade Media, Villadangos xa contaba cun Hospital de Peregrinos, que se mantivo durante séculos grazas á xenerosidade dalgúns veciños, que chegaron mesmo a deixar bens e propiedades para o sostemento do mesmo nos seus testamentos. Ese primeiro Hospital de Peregrinos era un lugar modesto e de dimensións reducidas e achábase situado na zona que hoxe se coñece como "Horto do Hospital" na localidade de Villadangos del Páramo. O actual Albergue de Peregrinos, atópase situado á entrada do pobo de Villadangos del Páramo, e ofrece aos peregrinos un belo edificio situado nas antigas Escolas Nacionais, construídas en 1.935, e rehabilitadas en 1.991, tras un grave incendio, como Albergue de Peregrinos (foto 10).

4.4 Casa Solance, Sarria, Lugo, camino francés.

Inmoble pertencente á familia Solance abandonada no 2001, probablemente a primeira edificación remítese ao século XVI, atópase nun punto neurálxico da vila e poucos metros da igrexa de Santa Mariña, centro relixioso de Sarria aínda así ao pasar o elegante porta o mundo exterior desaparece para dar paso a unha atmosfera chea de historia e tranquilidade.

Foi adquirida e profundamente restructurada por privados a partir do 2017 e abriu as súas portas no verán do 2021.



Foto 11: espazo común, antes e despois, casa Solance, Sarria, Lugo, Arquivo Jorge Dosil Lopez

A rehabilitación efectúase para destinar o inmoble a USO TURÍSTICO sendo necesaria a reestruturación e acondicionamento interior. Para iso foi necesario sustituir as cubertas e as vigas de madeira en mal estado. Doutra banda rehabilitaronse as fachadas das edificacións, mediante limpeza e rexuntado dos paramentos exte-riores.

Segundo o proxecto técnico, a cimentación adaptaronse aos muros de mampostería xa existentes.

La zona, momentáneamente, destinada a uso turístico es la

que antaño estuvo ocupada por la estancias de los trabajadores, las caballerizas y la palleira, espacios transformados en cinco habitaciones de diáfana y refinada factura (foto 11).

A zona, momentaneamente, destinada a uso turístico é a que outrora estivo ocupada pola estancias dos traballadores, as cortes e a palleira, espazos transformados en cinco habitacións de diáfana e refinada factura (fotos 12 e 13).




Foto 12: entrada, antes e despois, casa Solance, Sarria, Lugo, Arquivo Jorge Dosil Lopez



Foto 13: fachada rúa Maior, antes e despois, casa Solance, Sarria, Lugo, Arquivo Jorge Dosil Lopez

5. CONCLUSIÓNS

O camiño de Santiago experimentou un crecemento exponencial en ultímoos quince anos chegando ao triplicarse o numero de peregrinos e con eles a demanda de albergues e hospedaxes ao longo dos roteiros[12].

No caso da vila de Pontedeume tamén o aumento de peregrinos foi exponencial, de feito no 2020 o numero deste tipo de visitante que quedou a pernoitar foi de 504 e no 2021 de 998[13], teniendo en cuenta que foron os anos de máxima emerxencia sanitaria, pódese tranquilamente hipotetizar que durante os anos para vir produciranse uns números case seguramente notablemente superior. Por iso a necesidade por parte do concello de Pontedeume de crear un lugar de xestión municipal de acollida para os peregrinos de dimensións maiores ao actual, dotado ademais de servizos que no actual non existen.

En conclusión este articulo a través de comparacións con outros exemplos de rehabilitacións noutros lugares e ao longo doutros camiños de Santiago, xestionas polo público ou polo privado ten como fin resaltar a importancia que consiste na restructuración de estruturas destinadas á ruína. O elemento arquitectónico de ligares con

12. DOMINGUEZ SANCHEZ, R.: *Estrategias para la rehabilitación energética en los albergues del Camino de Santiago: la Vía de la Plata*,Tesis doctoral dirigida por César Bedoya Frutos (dir. tes.). Universidad Politécnica de Madrid (2016), px. 7.

13. Datos proporcionados pola técnico do centro de interpretación dos Andrade, Silvia Sanmartín Corral, n. d. a.

historia son símbolos da mesma vida dos sitios, resucitalos é acto debido e que ten un resultado claramente favorable á estética e á dinámica económica dos lugares. Esforzo feito por privados ou por entidades públicas que teñen como consecuencia positiva a rehabilitación social de todo a contorna urbana (foto 14).



Foto 14: procesión atrio da igrexa de Santiago de Pontedeume no 23 de agosto do 1936, arquivo fotográfico de Javier Castro Rodeiro. Fotógrafo: Jesús Silva Salgado

6. Bibliografía

LORENZO ASPRES, A.: *Intervencións no patrimonio galego para a industria hostaleira*. Tesis doctoral dirigida por José Ramón Soraluce Blond (dir. tes.). Universidade da Coruña (2014).

FEIXAS GÓMEZ, T.; Peral Gómez, P; Hurtado Pomares, M: *El perfil ocupacional de peregrino, "*Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia", TOG, ISSN-e 1885-527X, Serie 1, Nº. Extra 10 (Suplemento 10), 2015 (Ejemplar dedicado a: ACTAS DEL "IV Congreso Internacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional" (IV CIETO))

DOMINGUEZ SANCHEZ, R.: *Estrategias para la rehabilitación energética en los albergues del Camino de Santiago: la Vía de la Plata*, Tesis doctoral dirigida por César Bedoya Frutos (dir. tes.). Universidad Politécnica de Madrid (2016)

DEL HOYO, J.: *Memorias del Arzobispado de Santiago*, Santiago de Compostela, Imprenta Porto, 1607.

LÓPEZ CALVO, J. A.: "*Los hospitales para peregrinos del camino inglés a Santiago"*. Estudios mindonienses: Anuario de estudios histórico-teológicos de la diócesis de Mondoñedo-Ferrol, ISSN 0213-4357, Nº. 20, 2004, págs. 729-771

PXOM de Betanzos, ficha A-b-30, 1987.
PXOM de Pontedeume, ficha 0_48, nº plano 0_04, 2016.
PXOM de Pontedeume, ficha 0_83, nº plano 0_04, 2016.

Webgrafía

https://www.alberguescaminosantiago.com/poblaciones/ribadiso-da-baixo-la-coruna-camino-de-santiago/
http://www.aytovilladangosdelparamo.es/turismo-y-ocio/El_Camino/El_albergue
http://www.cronistadebetanzos.com/el-albergue-de-peregrinos-de-betanzos-mal-llamado-casa-da-pescaderia/
https://www.cultura.gal/gl/caminos-santiago
https://viajes.nationalgeographic.com.es/a/camino-santiago-ingles-ruta-poco-conocida-y-llena-encanto_11753
http://www.concellosamos.es/portal_localweb/p_95_contenedor_ayto_samos.jsp?seccion=s_fdes_d4_v2.jsp&contenido=971&tipo=6&nivel=1400&layout=p_95_contenedor_ayto_samos.jsp&codResi=3&language=es&codMenu=166&codMenuPN=140&codMenuSN=158
https://www.iglesiasveiga.es/lusio/

Agradecementos:
Antonio Noche por proporcionar as imaxes da procesión do 26 de agosto do 1936 e a Jorge Dosil Lpez polas imaxes de Casa Solance.

ROSALÍA, E MURGUÍA, EN BREAMO E FERROLTERRA

Diego Rodríguez González

Nun recente artigo na Revista Follas Novas (Rodríguez González, 2021) presentei a relación de Rosalía de Castro e Manuel Murguía coa área do monte Breamo, como un dato complementario da súa presenza en Mugardos. Quixera recoller agora algunhas das cousas que me quedaron no tinteiro e particularmente algunhas posibilidades de interpretación do poema "Si a vernos Marica, nantronte viñeras" que se derivan deste novo feito.

Naquel artigo situabamos a Rosalía en Breamo con dous argumentos: a asevera-ción de Murguía de que comezou a recoller poesía popular na proximidade *da corrente do* Breamo en 1863-64 e a singularidade deste topónimo. Pero a presenza de Rosalía e Murguía na bisbarra de Pontedeume, nun lugar que polas súas características podería ser inmediato ao vello muíño de Vizús, dábanos pé a argumentar que foi naquela data, e con base en Breamo, que Rosalía visitou a romaría do Seixo que recrea no poema arriba mencionado.

Para poñer o lector en antecedentes, a localización argumental deste poema, que é un dos cinco engadidos a *Cantares gallegos* na súa segunda edición, foi identificada en 2018 como a Festa do Seixo de Mugardos, o que permitiu os autores do descubrimento (García Fonte e Sanfiz Raposo, 2018), que seguían unha vía posibilitada por unha das excelentes edicións de Anxo Angueira, un fito por si mesmo nos estudos rosalianos, debuxar toda unha serie de posibles relacións entre a familia Castro e a familia López de la Fuente, propietaria dunha fábrica de tecidos cerca da romaría. A todas estas deducións engaden os autores o argumento non menor dos relatos orais que proveñen entre outras persoas do cronista de Neda, Antonio Vázquez Rey, un devoto rosaliano que deixou as súas pescudas nun manuscrito publicado postumamente, inda que esta información concreta foi transmitida por el oralmente. Todos estes datos apuntan non só á visita puntual de Rosalía á festa que a inspirou, senón tamén sucesivas visitas á fábrica despois incluso de publicado o poema.

Os autores situaban a visita no ano 1853 pero, inda que non é descartable unha visita previa, a nosa descuberta da presenza de Rosalía en Breamo no ano 1864, tempo inmediato ao poema, fainos crer que o poema foi concibido o mesmo ano que se realizou e publicou.

Por outra banda sinalábase a posibilidade de que o amo e a señora mencionados na terceira parte fosen o propio dono da fábrica e a súa dona, Monserrat Rubio. Pero a explicación de non publicarse antes o poema é, na nosa opinión, feble; pois de ser por evitar as presuntas alusións á dona, falecida no ano 1854, bastaría con modificalas ou suprimilas. A introdución da segunda señora no poema, a sumar á virxe do retrouso, con un "ela" sen antecedente, non deixa de traer, despois de todo, problemas de comprensión para o lector. Ademais o nome de *amo* non debe ser interpretado nun sentido actual. A palabra amo significaba tamén meramente o dono dunha casa, especialmente desde a perspectiva dunha persoa que traballa no servizo doméstico. Cremos que a identificación da dona e o amo cos donos da fábrica debe polo tanto desbotarse. Pero co que si concordamos é con que os elementos levan a pensar que se trata dunha anécdota real, non directamente interpretable por un lector sen contexto.

Publicado no *Almanaque para la juventud elegante y de buen tono de 1865*, no ano 64, o poema incorporouse a *Cantares Gallegos* na edición de 1872. A súa colocación no número 31 responde á vontade de conservar para o final o poema "Eu cantar, cantar, cantei", recuperando xa que logo a voz da meniña gaiteira, marco fundamental pero non voz permanente do libro.

Tal e como defenden Anxos García Fonte e Henrique Sanfiz Raposo cremos que a voz poética é, en contra do suxerido por Angueira (Angueira, 2013), feminina. Parece que o pide a complicidade coa que se dirixe á outra rapaza, Marica. Podemos engadir que a graza que lle ve ás miradas que trocan as rapazas da comarca e os mozos foráneos tampouco é propia dun rapaz do lugar. Isto é unha diferenza importante coas súas inspiradoras como o "Hermana Marica, mañana que es fiesta" de Góngora ou os coloquios de Sarmiento, que apunta Angueira, ou a do Album de la Caridad como engaden ao meu ver moi acertadamente García Fonte e Sanfiz Raposo.

Pero ademais de muller a rapaza é criada, como indica Angueira, pois fala do seu amo e a súa dona, e isto tamén se translucirá na psicoloxía da voz poética.

O poema ten tres partes: nas dúas primeiras insístese na eliminación das barreiras de clase e idade, polo efecto da festa, nun ambiente subversivo que recorda a subversión do entroido (Angueira). Parte destes *contos sin fel*, comprende a admisión dos pecados nos que recaen non só ricos, senón tamén pobres, porque na caricaturización se ao rico lle corresponde o papel de *porco,* ao pobre lle acae mellor o de *can*, cruzados no poema (*pobres e ricos, porcos e cans*) para aumentar o efecto de remuíño. Desta complexidade coa que Rosalía analiza as clases é un cumprido exemplo o delicioso "Conto de Vidal", no que se retrata con partes iguais de sátira e comprensión, a pequena miseria moral á que induce a grand miseria económica do que non ten nada e polo tanto está radicalmente separado tamén do que ten pouco. Non deixa de ser significativo que esta fábula que suxire dalgún xeito o papel do lumpenproletariado de Marx, estea dedicada precisamente a Roberto Robert, o máis radical revolucionario dos personaxes reais que aparecen en *Cantares gallegos*.

Volvendo a "Si a vernos Marica…", nesta ambientación cobra un papel moi especial o retrouso "I a nosa Señora detrás do tonel". Máis que da participación da Virxe tamén na festa, cremos que o que se marca é o desprazamento físico dunha imaxe, poñéndolle un tonel de viño diante, que non delata outra cousa que a desacralización ou laicización da romaría. Esta virxe é, con toda verosimilitude, a Virxe do Carmo na imaxe doada polos López de la Fuente tal e como indican Sanfiz e García Fonte. Á conexión entre a Virxe e o culto xacobeo, hai que engadir a proximidade da festividade co Carmo que fai moi posible que a súa festa (16 de xullo) quedara conectada coa do Apóstolo. Tal cousa aínda faría máis explicable a presenza dos *mozos de Cais*, pois trátase da patroa dos mariñeiros e tamén da Armada.

Este momento de sofisticación diante do fenómeno relixioso, non xa o clerical senón o relixioso, pódese ver noutras composicións achegadas despois da primeira edición de *Cantares gallegos*. Así, en *"*Miña santiña, miña santasa*",* a parodia impregna nada menos que unha pregaria, onde a Virxe actúa tamén como garante do poder establecido, da separación de clases, da marca de nacemento, circunstancia pola que se rebela de novo a rapaza da clase popular. O fin deste poema é un novo exemplo de ironía comprensiva, de filiación cervantina: unha aceptación das contradicións humanas que se resiste ás interpretacións polarizadas.

Deste texto de "Miña santiña..." apuntamos podería provir da recollida de cantares populares que arrinca en Breamo, polos manuscritos que hai no Concello da Coruña, inda que examinado o tema mais devagar estes manuscritos poderían ser posteriores. O manuscrito contén efectivamente textos que coinciden cos cantares populares de *Cantares* (1863) e máis este da segunda edición, pero iso non significa que foran recollidos de maneira sistemática por Rosalía e despois glosados no seu libro. O manuscrito pode estar relacionado coa solicitude de Milá (1872) (Barreiro Fernández & Axeitos, 2004) de versos do libro de Rosalía ou de fóra del, pero sempre populares, para fornecer o seu opúsculo sobre poesía popular. Sábese, porque así o acredita unha nota no mesmo arquivo, que os manuscritos conservados no Concello proceden dunha batida que deu o xenro de Murguía entre o que quedaba na súa casa, cando se pediron para unha homenaxe permanente nas dependencias de María Pita. Isto explica que en moitos casos puideran ser retallos que aparecían en libros, como pode ser o caso das definicións que lle envía a Marcial Valladares dadas a coñecer, como tales, no Portal das Palabras (Rosalía de Castro, lexicógrafa, 2018). Non temos pois unha recollida de cantares por parte de Rosalía para despois os glosar, cousa que se nos antolla pouco natural, senón o aproveitamento da parte popular do libro, para un propósito novo, quizais nin sospeitado pola súa autora ou por Murguía. Neste sentido consideramos moi prometedora a liña apuntada por María Xesús Lama (Lama, s.d.): hai que empezar a pensar máis na influencia ideolóxica de Rosalía en Murguía, superando a visión fundamentalmente unidireccional.

A contradición entre a actitude social e o papel histórico da Igrexa e a súa suposta misión atopará manifestacións moito máis crúas en *Follas Novas*, impregnadas xa da *agonía* da fe persoal de Rosalía.

Pero vaiamos á análise da anécdota críptica, aproveitando tamén os datos que a descuberta de García Fonte e Sanfiz Raposo nos permiten. Enténdese que unha señora socializa dun xeito non habitual nela. A voz poética repréndelle de xeito tópico nunha relación criada-señora: por ser pouco dada a confianzas (*soberba*), controladora (*fina de oído*) e agarrada (*curta de máns*).

Por suposto, que a voz poética manifeste este xuízo non quere dicir que sexa asumido pola poeta: como en moitas outras pasaxes de *Cantares*, o xogo de voces permite tamén un sutil xogo de planos que aparta o libro da consideración de obra sinxela e puramente folclórica coidamos que hoxe superada.

De socato, aparece en escena o amo. Sabemos que chega agora porque non ten sentido que estea na festa subido na burra. E faino pola parte baixa da finca (próxima a onde a Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega puxo a placa conmemorativa, numero 107 da avenida do Seixo), pois despois vai correr río arriba. Para que se produza unha imaxe semellante é de supoñer que a marea estaba alta ocupando todo o leito do río.

É importante recoñecer que non hai unha intención de que entendamos todo contido da anécdota, obxectivo que sería totalmente cumprido de ser asumido pola autora a quen efectivamente non lle faltan recursos descritivos. Ten algo, por así dicilo, de chiste privado. Esta circunstancia faino singular dentro do libro *Cantares Gallegos* onde sempre




Nacemento do regato que vai dar a Vizús



Localización do muíño segundo os veciños

O Muíño no Atlas de Pascual Madoz.
ABAIXO: Superposición do plano do Seixo de 1862 conservado no Arquivo Histórico de Galicia sobre o relevo actual do Seixo





existen os elementos para comprender cabalmente cada poema. Só sabemos que a actitude da señora, e sobre todo do home, é, desde a perspectiva da voz poética, realmente cómica e quizais un chisco conmovedora. Este é, na nosa opinión, o sentido apropiado de "miña xoia", non o que lle damos de xeito habitual, de *miña-xoia*. Este sentido non só é o que aparece no Glosario atribuído a Murguía e feito en 1863 pero mantido na edición posterior sen cambios ("miña xoya es una expresión de cariño"), senón que é utilizado ata catro veces máis no libro, unha máis en *Conto gallego* sempre no sentido positivo e outra en *Follas Novas*, quizais levemente irónico neste último caso. Naturalmente na moza que fala ten que ter un sentido irónico, pero non necesariamente quere dicir que o home sexa un pusilánime: significa máis ben "Pobriño!".

Porque de acordo coa nosa interpretación o amo achégase, positivamente impresionado (*folgado*), correndo cara ao lugar onde transcorre a merenda (pois esta nos parece a interpretación que hai que dar a expresión *comida a la francesa*), que aparece no artigo de *El Correo Gallego* citado por García Fonte e Sanfiz Raposo.

Con estes datos e o feito, ás veces esquecido, de que Rosalía non pertence á clase popular, senón que asume os seus problemas desde unha radical galeguidade e espírito democrático, pensamos que cabe perfectamente a posibilidade de que se trate dunha auto-

parodia, na que a propia Rosalía sexa a protagonista e Murguía quen se congratula de ver a súa muller perfectamente integrada na festa. Non debemos esquecer que o ano 1864 é un ano de recuperación da enfermidade, tal e como subliñamos e acredita a carta a Pondal.

Non sería a primeira vez que Rosalía introduce notas humorísticas persoais na súa produción poética. De acordo con Said Armesto, nunha nota manuscrita conservada na Fundación Barrié algunhas glosas de *Cantares Gallegos*, como a de "dame un homiño anque o tamaño teña dun gran de millo", naceron na intimidade do fogar, como cariñosa *brincadeira*.

O *ollo entraberto* da dona que gozaba feliz naquela xornada, non sería, nesta interpretación, senón unha chiscadela que nos interpela tamén a nós.

I.

Si á vernos, Marica, nantronte viñeras
Â festa d' o Seixo n' a beira d' o mar,
Ti riras, Marica, cal nunca te riches
Debaixo d' os pinos d' o verde pinar.
—
Â sombra d'os pinos, Marica, ¡que cousas
Chistosas pasaron! que rir toleiron!
Relouca d' arriba, relouca d' abaixo,
Iñamos, viñamos y ó bombo... pon.... pon.
—
As cóchegas brandas, as loitas alegres,
Os berros, os brincos, os contos sin fel,
Todiños peneques, alegres todiños.....
Y á nosa Señora detrás d' o tonel.

II.

Coitada! que festa brandida perdeche!.....
Cantáras, bebéras, dormíras, y asi
N' un feixe miráras rolar xuntamente
Mociños e vellos d' aqui par' ali.
—
Co á vista trubada, c' os ollos dormentes
Sorrindo, comendo, pifando é ainda mais,
Qu' apertos, qu' olladas tan chuscas trocaban
As nenas de xenio c' os mozos de Cáis!
—

Debaixo d' os ricos pareauguas de seda
Qu' abertos formaban tamaño rodel,
Todiños chispados, qué cousas decian!
Y á nosa Señora detrás d' o tonel.

III.

Mais ela decote tan grav' e e soberba,
Tan fina d' oído, tan curta de mans,
Xordiña quedára, falando por sete,
Con probes e ricos, con porcos é cans.
—
Meu amo folgado de tanta largueza,
Que n'era costume na dona tal ver,
Tamen ¡miña xoya! saltando da burra,
¡Pin! ¡pan! rio arriba botouse á correr.
—
Y á dona sorria con ollo entraberto,
Comendo castañas e viño con mel.....
¡Que festa, Marica!..... todiños peneques.....
Y á nosa Señora detrás d' o tonel.

Bibliografía

ANGUEIRA, A. (2013). Notas. En R. de Castro, *Cantares Gallegos.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., & AXEITOS, X. L. (2004). *Cartas a Murguía I.* A Coruña: Fundación Barrié.

GARCÍA FONTE, M. d., & SANFIZ RAPOSO, H. (2018). "Unha nova lectura de si a vernos Marica nantronte viñeras á luz de novos datos". *Follas novas,* 3.

LAMA, M. X. (29 de xaneiro de 2019). *Rosalía de Castro en busca da bibliografía perdida*. Obtido de https://www.youtube.com/watch?v=a-9qzvSgfag

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, D. (2021). "As rimas populares de Murguía á luz do conservado no fondo Said Armesto". *Follas Novas,* 6.

Rosalía de Castro, lexicógrafa. (2018). Obtido de Portal das Palabras: https://portaldaspalabras.gal/lexico/allos-con-bugallos/rosalia-de-castro-lexicografa/

UNHA OLLADA A "EL ECO DE PUENTEDEUME"

Alexandre Caínzos e Sindo Vilariño

Cabeceira

Titulo: EL ECO DE PUENTEDEUME

Subtitulo: Revista Científico-Literaria (nos primeiros números). Logo "Revista quincenal"

Período de Publicación

O primeiro número sae o catro de febreiro de 1.906, e segundo Couceiro Freijomil, o derradeiro número será o 127 do vinte de febreiro de 1.910, data na que so publicase unha folla anunciando a suspensión da revista .

A partir do número 83 de primeiro de novembro de 1908, mudou de nome, titulándose ***Galicia Pintoresca.***

Periodicidade

Quincenal e publicase os domingos primeiro e terceiro de cada mes. A partir do nº 26 de 15 de marzo de 1907 a revista terá carácter decenal, saíndo o 5, 15, e 25 de cada mes.



El Eco de Puentedeume

REVISTA CIENTÍFICO-LITERARIA

Se publica el primer y tercer Domingo de cada mes

Año I | Febrero 4 de 1906 | Núm. 1

Saludo

Venciendo innumerables obstáculos á los que solo han podido hacer frente nuestras fuerzas nacidas al impulso del acendrado cariño que profesamos al muy noble y muy leal pueblo de Puentedeume, tenemos el honor de poner en manos de sus hidalgos hijos esta humilde Revista, venida al estadio de la Prensa para trabajar en pró de toda buena causa.

El Eco de Puentedeume será, pues, una publicación útil á toda clase de personas, en la que, al lado de los artículos referentes á los intereses locales y de todo el partido judicial, aparecerán otros literarios, científicos, agrícolas, industriales, etc., para lo cual contamos con propia colaboración de notables escritores, conocidos todos ellos por los amantes de la cultura periodística.

De sus condiciones materiales no decimos nada; el lector las tiene á la vista, y comprenderá que no podemos hacer más.

Al comenzar hoy nuestras tareas llenos de fé y entusiasmo, sea nuestra primer frase un saludo cordial y espontáneo en el que vayan encerrados nuestros afectos de respetuoso homenaje y leal simpatía á todos nuestros lectores en general, y en particular á los habitantes de la antigua é histórica villa del oso y del jabalí; especialmente á su ejemplar y virtuoso clero y dignísimas autoridades, á quienes ofrecemos sinceramente nuestro concurso para el bien moral y material del pueblo.

LA REDACCIÓN.

Idioma

Castelá, aínda que aparecerán de xeito esporádico algunhas poesías en galego.

Redacción e administración

Segundo recolle a prensa da época, aparecen como fundadores da revista Antonio Couceiro Freijomil e Edmundo Roberes Alonso. Nos primeiros números a administración estará con carácter provisional na rúa san Agostiño 9, na casa do mozo Antonio Couceiro, quen figura nos primeiros números, como administrador da revista. Logo pasará xa con carácter definitivo a Augabar, 1, e a partir de maio de 1907 estará no primeiro andar do nº 28 da rúa Fontenova.

Director e Administrador

Edmundo Roberes Alonso.

Nacido en Pontedeume no 1875 (?), fillo de José María Roberes Tomasi e Indalecia Alonso Roberes. A casa familiar a partir do 1913, será o edificio modernista da rúa Fontenova 2.

Traballou de oficial na Intervención de Facenda na Coruña. Foi ademais correspondente do diario católico *"El Eco de Galicia"* (1908-15) da Coruña. Padecía escrófula, o que obrigáballe a tapar a boca cunha máscara. Faleceu o 22 de outubro de 1923.


Edmundo Roberes.

Prezo da subscrición

Un mes, 0,30 pesetas; un trimestre, 0,90 pesetas; un ano 3,60 pesetas. Un número solto da revista 15 céntimos. No segundo ano da revista o prezo pasa a ser de 40 céntimos ao mes e 4 pesetas ao semestre no estranxeiro. Dos seguintes anos non temos informacións.

Imprenta

A revista imprímese na Impren-ta de Cesar González-Seco Romero, en Mondoñedo (Lugo). A súa primeira tirada foi de 400 exemplares, que logo reduciuse a 200.

Seccións

A revista contará cunha única sección fixa, de novas curtas de carácter local, que nos primeiros números xirará baixo o título de "*Por el Pueblo*", e logo xa se denominará *"Informaciones y comentarios"*. Algunhas veces aparece un artigo asinado pola Redacción, a xeito de Editorial. O resto da revista serán artigos, poemas, ou colaboracións literarias. Na derradeira páxina aparecen, de xeito esporádico, algúns breves anuncios de publicidade.

Descrición Física

Sae a rúa a Revista con oito páxinas de tamaño folio, e normalmente con dúas columnas, que as veces varían, sobre todo a última páxina de anuncios. En algúns números do primeiro ano o número de páxinas e de nove. O seu formato e bastante homoxéneo, o seu tamaño ten unhas medidas , de .


Respecto á información gráfica, será moi escasa nos primeiros números, principalmente algúns debuxos. A partir do número 48, do vinte cinco de outubro de 1907, comezou a publicar gravados.

Tendencia

Conservador-clerical

Colaboradores (sinaturas principais)

Son variadas as sinaturas que colaboran con esta revista aínda que moitas colaboracións aparecen con pseudónimos. Entres os colaboradores salientamos a Antonio



Couceiro Freijomil; Juan de Efrem; José Salgado; Joaquín de Arévalo; Florencio Vaamonde; José Selgas; Francisco Vilariño; Emilio Pereiro. E entre os colaboradores con pseudónimo: El Conde de Breamo; Dina Mita; Xan do Pazo; O Rapaz do Barco; El Poeta cantor; El barón del campo florido; Abate Lepe; L. Robledal. Detrás dalgúns deste pseudónimos pode estar o mesmo director Edmundo Roberes, quen as veces escribe co seu nome ou asina como ERA, ou como R.

Sinaturas literarias

Na revista aparecen algunhas poesías ou artigos de coñecidos autores, como Emilia Pardo Bazán; Galo Salinas; o Marqués de Figueroa ou Concepción Arenal.

Localización

Na Biblioteca Municipal "Poeta Ramiro Fonte" de Pontedeume están as revistas publicadas nos dous primeiros anos (do nº 1 ao 47), os oitenta números dos outros anos, non aparecen por ningures, agás algúns números soltos.

CÁTEDRA

PREMIO DE INVESTIGACIÓN
CONCELLO DE PONTEDEUME 2021

ACTA DO XURADO DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME

O **Xurado do XXIV Premio de Investigación Concello de Pontedeume**, composto por **D. José Alfeirán Rodríguez**, **D. Francisco Xavier Rodríguez Varela** e **D. Juan Coira Pociña**, todos eles profesores de Historia; e actuando como secretario do xurado **D. Alexandre Caínzos**, bibliotecario municipal, decidiu conceder o premio por unanimidade ó traballo titulado ***A sociedade eumesa no século XVIII; o estamento eclesiástico*** do que e autor **D. Jesús Andrés López Calvo**.

En Pontedeume, a 10 de novembro de 2021

A SOCIEDADE EUMESA NO SÉCULO XVIII: O ESTAMENTO ECLESIÁSTICO

Xesús Andrés López Calvo



ÍNDICE

I. Introdución: obxectivos e fontes
II. Tipoloxía e demografía eclesiástica no Pontedeume do século XVIII
1. Tipoloxía
1.1 Párrocos
1.2 Beneficiados simples e dobres
1.3 Capeláns de sangue
1.4 Ordenados a título de patrimonio (patrimonistas)
1.5 Frades agostiños (clero regular)
1.6 Outros regulares en mosteiros e conventos próximos
2. Estatísticas
III. Facenda, bens e rendas
1. Ingresos dos beneficios eclesiásticos
1.1 Décimos
1.2 Primicias
1.3 Lutuosa
1.4 Voto de Santiago
1.5 Igrexarios
1.6 Estipendios
2. Rendas dos bens eclesiásticos de titularidade colectiva
2.1 Cátedra de Latinidade
2.2 Convento de Santo Agostiño
2.3 Capela do Socorro de Santa María de Recemel
2.4 Capela da Virxe das Virtudes

3. Mostraxe do patrimonio individual dalgúns eclesiásticos
3.1 Patrimonio do Arcebispo Rajoy y Losada en Pontedeume
3.2 Patrimonio de Párrocos
3.3 Patrimonio de Capeláns
IV. O CLERO COMO GRUPO SOCIAL
1. Igrexa e sociedade na Galicia do século XVIII
2. Formación e acceso á clerecía
3. Posesión do beneficio: padroado e dereito de presentación
4. Vida familiar
5. Vestimenta
6. Incidencia na vida pública local
7. Moral e costumes
8. A Confraría do Clero
V. A SÚA PRESENZA EN OBRAS DE CARIDADE E CULTURA
1. Labores docentes
2. As fundacións benéfico–asistenciais
2.1 Hospitais
2.2 Obra Pía de Alonso Mancebo
2.3 Mandas testamentarias
2.4 Asociacionismo relixioso
3. Atención do cárcere do Partido Xudicial
VI. CONCLUSIÓNS
VII BIBLIOGRAFÍA
1. Fontes
2. Estudos

I. Introdución: Obxectivos e Fontes

Na Galicia do século XVIII, a pesar dos esforzos da política ilustrada por rachar o que tiñan de piramidais, convivían tres estamentos sociais: a nobreza, o clero e o pobo. Unha sociedade caracterizada pola desigualdade, pois os dous primeiros mantiñan e empregaban moitos privilexios, mentres que nos últimos recaía unha abafante carga fiscal. A este conxunto de estruturas socio-políticas existentes en Europa dende finais do século XV (residuo dun feudalismo xa esmorecido) os historiadores denomínano *Antigo Réxime*, concepto que acadou dende a Revolución Francesa, un senso pexorativo e de algo que cumpría superar.

Naquel momento, o estamento eclesiástico gozaba de gran preeminencia honorífica e de importantes prerrogativas. Estaba dotado de administración e tribunais propios, non pagaba impostos directos, percibía o décimo de todos os produtos da terra, posuía extensas propiedades raíces e mesmo administraba xurisdicións señoriais.

> *"Hasta el fin del Antiguo Régimen, todas las manifestaciones de la vida nacional se hallaban informadas o presidias por la Iglesia. Hábitos y sotanas impulsaban la máquina gobernante y burocrática del país, el cultivo de las letras y de las ciencias se ilustraba en el siglo del reformismo con el nombre numerosos clérigos; la fisonomía de nuestras ciudades tenía un nítido perfil eclesiástico; la inmensa mayoría de las propiedades y bienes materiales estaban en manos de la Iglesia, con lo que la realidad eclesiástica ocupó un lugar determinante en la memoria histórica de la España moderna"*[1].

> *"En Galicia, con la estructura eclesiástica más antigua de España, la Iglesia, hasta mediados del siglo XVIII, tenía una importancia capital, no sólo por la cantidad de tierras que poseía, sino también por su extensísima jurisdicción a la que estaban sometidas cinco de las siete capitales de provincia con que contaba entonces la organización territorial: Lugo, Mondoñedo, Santiago de Compostela y Tuy, aunque su jurisdicción sobre éstas era desde el siglo XVI, más simbólica que real, siendo sólo de realengo, Betanzos y La Coruña. La Iglesia señoreaba con poder jurisdiccional casi la mitad del territorio gallego, pues, frente a los 680 pueblos que pertenecían a la jurisdicción real, a los 546 de señorío secular y a los 39 de las Ordenes Militares, pertenecían al señorío episcopal 79, incluyendo las cinco capitales de provincia mencionadas, y los ricos monasterios benedictinos eran propietarios de 741 pueblos"*[2].

1. J. M. Cuenca Toribio, "La Iglesia española en la crisis del Antiguo Régimen (1789-1833)", en: A. Fliche - V. Martin, *Historia de la Iglesia*, Valencia, EDICEP 1975, T. XXIII, 547-572.

2. E. González López, *Historia de Galicia*, A Coruña, La Voz de Galicia 1980, =Biblioteca Gallega Serie Nova, 482.

Aínda que o seu carácter sacerdotal os constituía nunha categoría superior, e mesmo defendían os privilexios da súa caste fronte ao mundo leigo, aqueles clérigos sentían e vivían profundamente a súa comunidade con outros grupos sociais, coa súa familia, co seu pobo e coa súa nación. O estudo e a difusión de datos contidos nalgunhas fontes documentais verbo deste estamento coidamos será útil, xa non só pola convencionalidade do coñecemento do pasado, senón tamén para a iluminación verbo de futuras opcións sobre a organización social[3].

Sostemos que non abundan estudos dedicados ao estamento eclesiástico galego na Idade Moderna e, especialmente, os referidos ao clero secular. Os esforzos investidos por facer episcopoloxios e crónicas de mosteiros e cabidos, e mesmo de afastalos das tentacións localistas ou apoloxéticas, son encomiables. Porén, escasean os específicos verbo dos distintos grupos que configuraron o clero e teimamos en que falta atención investigadora polos axentes con maior influencia na relixiosidade e costumes morais populares.

Dende o convencemento de que a investigación sobre este estamento amosa un atractivo investigador queremos, xa que logo, artellar dende a perspectiva local un triplo obxectivo: cuantificar e redactar estatísticas deste estamento nun ámbito territorial concreto; analizar a súa economía; e avaliar o efecto axial da súa actividade pastoral dentro da sociedade daquel territorio.Tamén será modesto propósito da nosa achega, á vez que tentamos facer unha foto fixa deste estamento, axudar ao coñecemento da estrutura económica e social da Galicia do Antigo Réxime e dos paradigmas xerais descritores da sociedade modernista en xeral.

A principal fonte documental non publicada que usaremos son os expedientes das *Comprobaciones del Catastro del Marqués de la Ensenada en el Reino de Galicia*, que se conservan no Arquivo Xeral de Simancas (Valladolid)[4], concretamente usaremos os *Libros de Familias de Eclesiásticos*. Estes forman parte dunha colección de 323 atados que conteñen, á súa vez, outros 3.843 expedientes manuscritos máis. Aquelas pescudas desenvolvéronse entre 1750 e 1757. Nos seguintes dous anos, os peritos e informantes dedicáronse á tarefa do inventariado, copia e configuración dos libros de contido, que quedaran baixo custodia dos contadores. Porén, en 1760, cando se retoma o proceso cara á posta en práctica da *Única Contribución*, trocan os protagonistas: novo Monarca, novo Ministro de Facenda, nova Xunta de Única Contribución… que piden matizar, e mesmo verificar, as albeitas efectuadas dez anos atrás e así obter novos e máis fiables resultados. Deste xeito nacen as *Comprobaciones del Catastro de Ensenada*, que concluirán en 1764. A sistematización das informacións e valoracións fornecidas por estas *Comprobaciones* facilitarán a maior parte dos contidos do noso traballo. Agora ben, cómpre sinalar unha limitación inicial: a fiabilidade que puidesen presentar os datos. Aínda así, admitindo que estas

3. Cf. A. Domínguez Ortíz, *Las clases privilegiadas en el Antiguo Régimen*, Madrid, Itsmo 1973.

4. Arquivo Xeral de Simancas, *Expedientes de Comprobación de bienes, rentas y cargas de las feligresías de San, por Decreto de diciembre de 1760 para el establecimiento de la Única Contribución*, signaturas: Pontedeume DGR/1RE/1012, 3; Santa María de Centroña DGR/1RE, 1133,8; Santiago de Boebre DGR, 1RE, 993,3; San Miguel de Breamo DGR, 1RE, 101,5; San Martiño de Andrade DGR, 1RE, 992,2; San Pedro de Vilar DGR 1RE, 1015,7; San Cosme de Nogueirosa DGR1RE, 1004, 2; Santa María de Ombre DGR, 1RE, 1008,6.

informacións catastrais foron moi dadas á ocultación –e mesmo distorsión– de datos, sobre todo os referidos ás utilidades económicas, tentaremos aplicar unha correcta hermenéutica que nos axude a acadar unha primeira lectura interpretativa da actividade económica e social dos eclesiásticos (unha operación que semella imperativo e privilexio do historiador, onde as fontes permitirán descubrir os feitos pasados dos individuos e captar o pulso da súa vida cotiá). Outras fontes non publicadas que aparecerán citadas corresponderán a Libros Sacramentais e de Visitas Pastorais dalgún Arquivo Parroquial e, xa dentro das publicadas en investigacións concretas, faremos uso das informacións ache-gadas polos peritos redactores do *Catastro de Ensenada* e as Constitucións Sinodais compostelás contemporáneas ao período que analizamos.

Artellaremos a nosa achega en catro apartados. No primeiro tentaremos unha certa precisión verbo da clasificación e magnitudes do estamento eclesiástico no Pontedeume do século XVIII. Nun segundo trazaremos, aínda que sexa de xeito aproximado, o volume e a desigualdade dos bens e rendas deses eclesiásticos para, nun terceiro e último (que corresponde aos epígrafes IV e V), descubrir a relación causa-efecto do anteriormente exposto e comprender a súa función social.

Por último, xustificar a nosa escolla polo século XVIII. Considerámolo como moi paradigmático dunha época de cambio. Trátase, xa que logo, do século no que abrolla o abandono dun tipo de conduta cristiá, unha mudanza nos xestos, manifestacións e actitudes da relixiosidade propias da piedade barroca, cara a outro cristianismo máis intimista e persoal.

Naquel contexto xerarquizado do Antigo Réxime o estamento eclesiástico, e especialmente dentro del o clero secular, cobra unha importancia vital en ámbitos espaciais como o que nos ocupa, pois ademais de seren propietarios de moitas terras, eríxense como protectores e representantes –tanto materiais como espirituais– das súas comunidades. Son o referente dun pobo que ten os seus xeitos de vida plenamente imbuídos na relixiosidade, que vive sacralizando as súas coordenadas espazo temporais, onde os actos de vida e morte están presidios polo sagrado e o relixioso. Os clérigos presentan o modelo cultural para o pobo e a súa opinión inflúe nos temas sociais e económicos. A pesar da súa posición de privilexio, tamén son quen de participar das preocupacións dos veciños e solidarizarse con eles[5]. Para esclarecer as principais particularidades que lle son propias imos trazar, neste primeiro apartado, un dobre traxecto: un primeiro descritivo ou tipoló-xico e un segundo cuantitativo e estatístico.

Denantes, cómpre reparar nunha, non pequena, dificultade metodolóxica: a disparidade de criterio á hora de abordar o apartado. Un sociólogo e un historiador non farán a mesma lectura dos mesmos datos. Se cadra, o primeiro só cuantificará como eclesiásticos dunha banda os ordenados e tonsurados do clero secular e, doutra, os profesos e habitantes nunha comunidade do clero regular. Porén, para o segundo, ese criterio significaría deixar

5. Cf. C. M. Valenzuela García, *Vida cotidiana y mentalidad en el bajo clero secular. Montoro en el siglo XVIII*, en: "Ámbitos. Revista de estudios de Ciencias Sociales y Humanidades" 19 (2004) 35-46.

de lado a sancristáns, acólitos, serventes, empregados, estudantes, monxas... Todo un conxunto de persoas que compartían xeito de vida, e mesmo condicións legais cos propios ordenados, e que tamén merecerían seren contados como membros dese estamento. Optaremos entón por unha vía intermedia, xa que no ámbito territorial ao que nos circunscribimos, aínda que puideran seren considerados como persoas diversas, non desbordan as cifras finais.

II. Tipoloxía e demografía eclesiástica no Pontedeume do século XVIII

1. Tipoloxía

O clero dividíase en regular (formado por monxes e frades, habitantes de mosteiros e conventos pertencentes a ordes ou congregacións relixiosas) e secular (supeditado ao bispo da diocese). Estes grupos non eran homoxéneos, dividíndose á súa vez en alto (no secular bispos e dignidades que, ao seren designados por El-Rei, confundíanse entre a nobreza, e no regular abades e superiores) e baixo (no secular párrocos e clérigos asimilados que, ademais da cura de almas, rexistraban nos arquivos parroquiais todos os actos civís das persoas do seu territorio, e monxes e frades no regular).

CLERO
– Secular
Alto: Bispos, Dignidades e prebendados capitulares, Curiais
Baixo: Párrocos, Beneficiados e Capeláns ou ordenados a titulo de patrimonio
– Regular
Alto: Abades e Priores de mosteiros e conventos
Baixo: Monxes e Frades

O esquema precedente, mesmo a pesar da súa simplicidade, está a indicarnos que: "Non se pode falar na Idade Moderna dunha Igrexa galega, nin buscar ningunha unidade dentro dos eclesiásticos"[6]. Bispos e Cabidos constituían unha minoría no conxunto da Igrexa galega. A maioría conformábana un groso número de eclesiásticos correspondentes ao baixo clero, cunha situación económica máis precaria, unha forte adscrición ao medio rural e un recrutamento máis modesto dende o punto de vista social. Remitímonos ao achegado por estudos particulares sobre estas cuantificacións para afirmar que, os eclesiásticos españois no século XVIII, eran: o 46% clero secular, o 36% monxes e frades, e un 18% monxas[7]. En 1725, a provincia eclesiástica de Santiago de Compostela estaba organizada en 14 dioceses sufragáneas, 1.050 parroquias (das que 25 eran vilas), 1 cate-

6. P. Saavedra Fernández, "Historia da Idade Moderna 1480-1808" en: *Historia de Galicia*, Barcelona, Cupsa-Planeta 1980, Vol. II, 63.

7. Cf. L. M. Enciso Recio, *La aportación de la Iglesia a la cultura literaria en la España del siglo XVIII*, en: "Boletín de la Real Academia de la Historia" 211 (2014) 1, 79-158.

dral (con 31 cóengos, 9 beneficiados, 5 músicos, 18 capeláns maiores e 22 menores), 5 colexiatas e 36 arciprestados[8]. Imos describir a presenza dos grupos dos que atopamos noticia no Concello de Pontedeume.

1.1 Párrocos

En primeiro lugar están os párrocos ou reitores, titulares dos curatos, denominados así por teren a servidume da cura de almas. Piares básicos das parroquias, estaban obrigados a residiren no lugar onde estaba radicado o seu beneficio; á administración dos sacramentos; elaborar os padróns parroquiais anotando o cumprimento do precepto pascual por parte dos fregueses; levar os libros sacramentais (bautismos, matrimonios, defuncións…); vixiar pola santificacións das festas e o cumprimento do precepto dominical; ensinar a doutrina contida nos catecismos; emendar os pecados públicos e suavizar e mediar nos conflitos comunitarios, administrar os dereitos da parroquia (rendas, censos, actualizacións de legados ou mandas testamentarias)[9]. Para o veciño, a pertenza a unha parroquia marca o seu sinal de identidade. A ela acode os días de precepto para relacio-narse cos seus veciños e parentes, nela desenvólvense os actos máis importantes da vida. Na igrexa identifícase o ritual, inmutable na súa esencia, onde cada un ocupa o lugar que lle está asignado no mundo onde é alimentada a promesa de igualdade no Alén.

A parroquia desempeña unha función chave na sociedade galega: amén da súa función especificamente relixiosa, constitúe un elemento de socialización, un espazo relacional forxador de vínculos humanos que, en moitas ocasións, aglutina grupos sociais moi concretos, axudando a conformar unha conciencia de pertenza a un espazo común, tanto dende o punto de vista de comunidade espiritual como social. O párroco era tamén recadador dos décimos, primicias e outros impostos, conexión entre o mundo e os veciños, informador dende o púlpito de temas relixiosos e políticos, onde o propio Goberno lle facía ler bandos. Daba fe nas levas militares e emitía parecer e consello verbo de casamentos e herdanzas[10].

Se en 1768 había unha parroquia en España por cada 490 habitantes, en Galicia, segundo o *Censo de Floridablanca* de 1787, había 3.678 parroquias (3.544 radicadas en territorio rural e 134 radicas en cidades e vilas) e 1.345.676 habitantes, o que corresponde a unha media de 365 habitantes por parroquia. Aínda hoxe atopámonos coas mesmas parroquias rurais que a principios do século XVII[11].

Curiosamente, a pesar do elevado número de eclesiásticos, había escaseza de párrocos encargados da cura de almas. Moitos integrantes daquel clero entendían o estado

8. Cf. J. R. Hernández Figueiredo, *Las "relationes ad limina" de los arzobispos compostelanos (1589-1932). Una fuente vaticana para la historia de la Iglesia gallega*, Roma, Instituto Español de Historia Eclesiástica 2018, 123-124.

9. Cf. *Constituciones Synodales del Arzobispado de Santiago hechas por el Ilmo. Señor D. Cayetano Gil Taboada, Arzobispo y señor de la Santa Yglesia, Ciudad y Arzobispado de Santiago, en la Santa Synodo que su Señoría Ilma. celebró en los días 1, 2 y 3 de Junio del año 1746, Impresas en la misma Ciudad por Buenaventura Aguayo, en la Rúa Nova, Año de M.DCC.XL.VII.*

10. Cf. S. Gómez Navarro, *La institución parroquial católica en el Antiguo Régimen. Propuesta de análisis y estado de la cuestión*, en: "Vínculos de Historia" 9 (2020) 246-271.

11. Cf. P. Saavedra-H. Sobrado-A. Presedo, *La red parroquial y el clero rural en la Galicia de los siglos XVI-XIX: resultados de una investigación en curso*, en: "Obradoiro de Historia Moderna" 22 (2013) 93-128.

eclesiástico como unha forma de vida ou un emprego, por iso amoreábanse en zonas urbanas e ricas, quedando abandonadas as zonas rurais e pobres. Unha mentalidade de supervivencia máis que de servizo e un amoreamento que tamén se producía no clero regular na concentración de frades mendicantes como, por exemplo, os agostiños. Era máis doado pedir esmola na cidade e nas concentracións de poboación que no campo. Tamén era normal, por exemplo, que os hospitais se fundaran onde había grandes núcleos de poboación mentres que nas aldeas o servizo relixioso era escaso. No concello eumés desta época existían 8 curatos cos seus correspondentes reitores. No momento da redacción dos expedientes de Única Contribución eran os seus titulares: de Pontedeume e o seu anexo San Martiño de Porto, **Tomás Moreira y Montenegro** (antecedido por **Jacinto Pardo Maceda** e sucedido por **José de Fraga Freire**); de Centroña, **Pedro Meilán**; de Boebre, **Juan Caballero Romero**; de Breamo, **Antonio Reimondez**; de Nogueriosa e o seu anexo San Martiño de Andrade, **José Rivera**; de Vilar, **Pedro de Sanmartín** e de Ombre, **José Ventura de Veiga**.

No Pontedeume de 1751 había, segundo os expedientes manexados, 2.000 habitantes e unhas 389 casas que, logo dun período de expansión no 1763, aumentarán a 412 e, no 1798, chegarán até os 600 veciños[12]. Estes curatos formaban parte de tres territorios máis: o arciprestado de Pruzos, o arcedianago de Nendos e o arcebispado de Santiago de Compostela.

1.2 Beneficiados simples e dobres

En contraste cos párrocos estaban os clérigos beneficiados. Por beneficio eclesiástico enténdese o dereito perpetuo de oficiar na Igrexa constituído pola autoridade do bispo co dereito de percibir un estipendio. Cómpre subliñar os dous trazos identificadores desta tipoloxía: o oficio e as rendas. Dous eran os tipos de beneficios: simples e dobres. Nos primeiros agrupamos os oficios sen servidume de cura de almas e con rendas derivadas dos décimos detraídos ás parroquias. En moitas ocasións dábase unha situación especial: o propietario obtiña as rendas, porén eran poucos os propietarios que desempeñaban o seu oficio pois o Dereito Canónico non requiría para eles o deber de residencia, razón pola que os propietarios de beneficios simples decote subrogaban o seu beneficio nun terceiro (denominado vice cura), ao que entregaban un estipendio anual polo seu servizo. O segundo grupo, beneficiados dobres ou curados, eran aqueles que comportaban cura de almas e, polo tanto, non gozaban de dispensa no deber da residencia. Os beneficiados curados coidaban da tarefa pastoral e, en casos de ausencia debidamente solicitada e xustificada dos párrocos, repartíanse as obrigas dos propietarios dos curatos polo que, en argot eclesiástico, eran tamén chamados tenentes curas.

Os beneficios simples máis comúns eran as capelanías que procedían, na súa maioría, de fundacións piadosas realizadas por particulares ou institucións para perpetuar servizos espirituais de diferente carácter: ben relacionados coa alma do fundador, familia ou

12. Cf. C. de Castro Álvarez, *Los factores del desarrollo urbanístico de Pontedeume a lo largo de historia*, en: "Cátedra" 8 (2001) 40.

parentela, ou ben para labores de culto ou mantemento dunha capela, de aí o su nome. Obviamente a súa fundación requiría unha dotación económica sustentada en bens inmobles, censos ou xuros, rendas que, por seren espiritualizadas, non estaban suxeitas a tributación fiscal. Estes sacerdotes eran coñecidos como ordenados a título de capelanía e as súas obrigas consistían no cumprimento do seu oficio: asistencia ao coro, procesións, determinados cultos e, sobre todo, a celebración de misas pola alma dos fundadores.

Estas capelanías, á súa vez, podían ser leigas ou colativas. As primeiras dependían da xustiza civil e, en moitos casos, fundábanse para asegurar aos familiares do fundador unha existencia cómoda. As segundas caracterizábanse porque a titularidade dos bens pasaba a ser propiedade da Igrexa. En 1763 prohíbense a fundación de novas capelanías sen autorización real, en 1798 invitouse os prelados á desamortización dos seus bens para, finalmente, prohibírense as súas fundacións en 1820.

Os beneficiados empezaron a diminuír notablemente dende a segunda metade do século XVIII, sinal de que os ingresos da Igrexa diminuían e había menos candidatos. Non tiñan cargas pastorais limitándose a celebrar as misas que debían aplicar e participar nas funcións relixiosas parroquiais. En 1768 os beneficiados supoñían o 78% do total do clero secular español. No 1787, vinte anos despois, só eran o 33% e, xa no fin de século, en 1797, non chegaban ao 25%. Ao medrar o número de clérigos, os beneficios curados eran cada vez menos en proporción aos demandantes, co que aumenta o número de fundacións de capelanías, provocando que este grupo perda capacidade adquisitiva e os seus ingresos fosen extremadamente baixos en relación cos reitores dos curatos, marcando unha fronteira entre eles, convertendo os capeláns nun sector residual e con dificultades para encadralos nas actividades das parroquias.

Exemplos locais deste tipo de fundacións xa foron investigados dabondo[13]. Por iso só deixamos agora uns breves trazos das máis coñecidas. **Vera Cruz***:* Fundada en 1560 por Xoán de Castro e a súa esposa María Alonso quen deixan á capelanía como herdeira universal de todos os seus bens, con carga de celebrar todos os días nela unha misa polos fundadores. Para a administración dos seus bens, os testamenteiros recibirían o consello do Prior do convento agostiño da vila. Ao longo do tempo, os bens desta fundación pasaron á confraría da Virxe das Dores de Pontedeume. **Misa de Alba** ou **Degolación de San Xoán Bautista**: Capelanía de padroado leigo fundada en 1697 por Xoán Pérez e dotada coas rendas producidas por bens radicados maiormente na parroquia de Santa María de Ombre. Tiña como principal carga a celebración dunha misa diaria á hora da alba, ademais dun responso pola alma do fundador e outra misa cantada todos os sábados. Tamén debería aboar o abasto de aceite para a lámpada do Santísimo da capela maior da igrexa de Pontedeume. Se logo do cumprimento das cargas aínda quedase renda sobrante, esta distribuiríase en esmolas e dotes para os pobres. Esta fundación estivo funcionado até mediados do século XIX. **Trindade**: Capelanía colativa fundada en 1516 por Gómez de Riobó e Seixas, Señor das Torres do Allo. No segmento de tempo que nos ocupa, tiña

13. Cf. X. A. López Calvo, *As escrituras fundacionais de obras pías coma fonte para o estudo da historia social: o exemplo de Pontedeume*, en: "Cátedra" 13 (2006) 49-78.

como carga e correspondente pensión a celebración de dúas misas rezadas, os mércores e venres de cada semana. Na Visita Pastoral de 1727, o Visitador confirma que se están a cumprir as cargas e, en 1789, o párroco de Pontedeume, Jacinto Pardo Maceda, informa que a fundación continúa a xerar rendas. *Trindade e Candeloria*: Capelanía de padroado leigo fundada polo rexedor Alonso de Mancebo en 1548, que mantiña catro capeláns con carga de seis misas semanais cada un, até 1798, en que pasaron aos frades agostiños. Os mariñeiros considerábanse, dende tempo inmemorial, con prerrogativas verbo desta capelanía[14]. **As Neves***:* Antes da reedificación da igrexa de Santiago de Pontedeume semella que as confrarías do Rosario e o Clero estaban xunguidas baixo a advocación de Nosa Señora das Neves. En 1761 o arcebispo Rajoy y Losada erixe a capelanía. **Fundación Andrés Copeiro y Parga**. Tiña como carga a celebración de dúas misas diarias (ás oito e ás once da mañá) na igrexa parroquial de Pontedeume.

No convento agostiño tamén había fundación de capelanías atendidas polos propios frades. As de maior contía fundacional era a do **Rosario** ou **O Socorro**. Fundada polo rexedor da Vila Andrés Mosquera, tiña como obriga unha misa diaria ás nove da mañá, Rosario todas as tardes, Salve cantada todos os sábados, función solemne o día de San Pedro e outros sufraxios ao longo do ano. En 1712 ten a súa sé nunha capela anexa á igrexa conventual que, ao ser privada, elude a súa demolición a medidos do século XIX, trasladándose a súa fábrica ao camposanto municipal.

1.3 Capeláns de sangue

Tanto párrocos como beneficiados, estaban inmersos nas estruturas oficiais dos bispados, porén, nin uns nin outros describen a pauta da inmensa maioría do estamento eclesiástico eumés que estaba formada por unha non escasa nómina de capeláns denominados *de sangue* ou *de parentes*. Trátase de fundacións que requirían para a súa provisión como capelán un descendente do fundador.

Dado que as súas rendas non dependían das dotacións dos bispados senón das fundacións particulares, estas prebendas eran moi cobizadas e non foron poucos os litixios causados polo acceso a elas xerando, dunha banda, unha superpoboación eclesiástica nas parroquias e, doutra, a interrupción de carreiras eclesiásticas por ausencia de rendas e a perda de efectivos no clero secular.

Para acceder a estes beneficios cumpría estar tonsurado e contar con catorce anos de idade, adscribíndose os fundadores na maior parte dos casos ás elites sociais e aos grupos medios, e baseando a súa dotación en bens raíces ou censos, o que denota unha grande adaptación á estrutura económica da comarca en cuestión. A xerarquía eclesiástica tiña pouco que dicir na provisión destas capelanías sempre que o proposto polo patrón cumprise cos requisitos esixidos (a tonsura e os catorce anos de idade)[15], e estaba claro que

14. Cf. M. Santalla López, *Os individuos do gremio de mar da vila de Pontedeume contra o concello da vila, no ano de 1803. Auto ordinario sobre o uso e posesión do retablo, capela e confraría da Santísima Trindade de Pontedeume*, en: "Cátedra" 10 (2003) 121-127.

15. En 1701 ocupaba o cargo de Prior de Breamo Miguel de Marichalar quen nese ano deixa a carreira eclesiástica para iniciar a militar. Sucédeo no goberno do priorado o seu irmán José Joaquín, que tiña 14 anos e aínda estaba a estudar gramática en Madrid. Mantívose como Prior até o 1744. Cf. C. de Castro Álvarez, *En torno al Real Priorato de San Miguel de Breamo*

este ía defender os intereses da liñaxe. En primeiro lugar porque os fundadores, nunha boa proporción, determinaban que o padroado recaese en membros do clan, seguindo a mesma orde sucesoria que o empregado para a constitución dos morgados. En segundo termo, porque a maior parte das capelanías debían ser servidas ante todo por membros da propia liñaxe do fundador, chegándose incluso a penalizar cunha maior carga de misas a todos aqueles que fosen estraños á mesma.

Aínda que a primeira vista a fundación destas capelanías leigas estivese determinada por motivos espirituais, a realidade semellaba ser outra[16]. A capelanía creaba un patrimonio vinculado e aseguraba a boa vida dun fillo segundo ou terceiro, conservándose o dereito de padroado nas mans da liña principal da familia, co que se reafirmaba a solidariedade da estirpe: unha capelanía pode ser considerada un morgado de pouca entidade, sendo o dereito de padroado un instrumento de nobreza, servindo para perpetuala, demostrala ou intentar acceder a ela. As capelanías eran institucións fundamentais no funcionamento da familia aristocrática, pois unha constelación de fundacións menores arredor do morgado aseguraban a solidariedade da liñaxe[17].

Estas capelanías eran, ademais, figuras importantes no dereito sucesorio do Antigo Réxime. Ofrecían a posibilidade de dividir o patrimonio entre os fillos dun testador, porén facendo que volvera a unirse na liña principal, co que se evitaba a atomización. O capelán era un célibe sen descendencia, polo que o dereito a dispor dos seus bens volvía á liña principal da familia, que tornaba a empregalos dotando ramas secundarias. De igual xeito, as capelanías achegaban numerosos beneficios á familia fundadora: creación dun patrimonio vinculado para os *segundóns*, mantemento de relacións de clientela coas ramas colaterais da liñaxe, ganancia espiritual en forma de misas polas almas dos defuntos da familia, valor propagandístico que supoñía a existencia de sepulturas en lugares preferentes das igrexas e o control social que implicaba o dereito de presentación[18].

Exemplos destas capelanías en Pontedeume eras as tituladas *Nosa Señora da Concepción*[19]. Nacendo ao abeiro de dúas liñaxes fidalgas locais: os Maldonado e os Pita da Veiga que, co tempo e por mor de matrimonios, veñen a ter un único patrón.

y a su iglesia, en: "Cátedra" 2 (1995) 137.

16. Cf. S. Pro Ruíz, *Las capellanías: Familia, Iglesia y propiedad en el Antiguo Régimen*, en: "Hispania Sacra" XLI (1989) 84, 585-602.

17. Cf. E. Soria Mesa, "Las capellanías en la Castilla Moderna: familia y ascenso social", en: A. Irigoyen López-A. Pérez Ortíz (Eds.), *Familia, transmisión y perpetuación (Siglos XVI-XIX)*, Murcia, Universidad de Murcia, 2002.

18. Cf. A. Morgado García, *Ser clérigo en la España del Antiguo Régimen*, Cádiz, Servicio de Publicaciones de la Universidad, 2000.Tamén: Id., *Curas y Parroquias en la Diócesis de Cádiz (1700-1834)*, en: "Obradoiro de Historia Moderna" 22 (2013) 207-230 y *Provisión de beneficios eclesiásticos en la diócesis de Cádiz durante el Antiguo Régimen (1700-1834),* en: "Chronica Nova" 18 (1990) 343-363.

19. Cf. G. Pita da Veiga, *Capillas de la Concepción; Maldonado-Pita da Veiga*, en: "Cátedra" 13 (2006) 295-312. A denominación da *Concepción* tampouco está allea ás coxunturas políticas e sociais. Aínda que foi en 1854 cando Pío IX estableceu a Concepción Inmaculada da Virxe como dogma da Igrexa católica, no século XVII este argumento teolóxico no estivo exento de controversia pública. A monarquía decantouse a favor do dogma, converténdose así a disputa nunha cuestión de interese nacional. Os defensores traballaron arreo para que toda a sociedade española se identificara coa súa causa. Con este propósito construíuse unha campaña de márketing que empregou como medio de comunicación as artes, a imprenta e as festas. Campaña que foi un éxito pois foi quen de transformar un complicado asunto doutrinal nun produto de consumo masivo.

A primeira foi fundada en 1665 por Alonso Pita da Veiga e a súa muller Antonia Vaamonde Feixoo Ribadeneyra[20]. Ademais da que funda en Pontedeume, tamén fundaron outra coa mesma advocación en San Vicente de Vigo (Carral). Estaba radicada nunha estancia abovedada sobre a porta arcada que daba entrada á Vila pola banda da ponte. Tiña a carga da celebración dunha misa todos os últimos domingos de mes (día de feira na vila) e outras 19 máis en días sinalados. A esta misa dos últimos domingos podíase asistir dende a rúa, pois abríase unha fiestra enriba do arco para poder así presenciar a liturxia. A segunda, que ás veces tamén aparece denominada como de *Nosa Señora da Paz*, estaba radicada no muro S da igrexa do convento de frades agostiños, e fora fundada en 1581 (case contemporaneamente á fundación do propio convento agostiño) por Gaspar Maldonado Ponce de Léon, cuxa familia orixinaria de Cobisa (Toledo) afincárase en Pontedeume por seren funcionarios dos Estados dos condes de Lemos, herdeiros da Casa de Andrade.

Na Visita Pastoral de 1771 aparece como patrón da mesma o titular da casa da entrada da Vila, Gaspar Vicente Maldonado Pita da Veiga e Pimentel, herdeiro do morgado dos Pita da Veiga e do clérigo **Joaquín Tomás Maldonado Pita da Veiga** que, nunha data sen precisar, asume a condición dese estado[21]. O Bispo Visitador determina que se suprima esa misa pois haina á mesma hora tanto na igrexa parroquial como no convento e así tamén evitábanse fallas de decoro por mor do tránsito, ao ser entrada concorrida ao recinto da vila. Esta capela desapareceu en 1906 cando se demoleu o arco onde estaba sustentada[22].

Outro caso significativo deste tipo de capelanías son as obras pías fundadas en Pontedeume polo cóengo compostelán **Pedro Hombre y Varela**, que xa foron tratadas en concretas investigacións[23]. Do mesmo xeito que acontecía coas igrexas propias, os fundadores de capelanías utilizábanas como símbolo de superioridade social. A necesidade de publicitar diante da comunidade o seu poder levaba a reservar un espazo propio de enterramentos no interior do templo, e así escenificar a preeminencia dos benfeitores non só en vida senón alén a morte. A capela coa súa advocación particular, ornamentos, cenotafios… era a manifestación palpable do lugar que ocupaba a familia dentro da sociedade.

20. Cf. C. de Castro Álvarez, *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público (1270-1970)*, Pontedeume, Concello 2007, 51.

21. Fillo de Gaspar Maldonado Ponce de León Osorio (nacido en Pontedeume en 1637, Señor do couto e Xurisdición dos Casares, herdeiro do padroado da Capela da Concepción no convento agostiño) e Antonia Pita da Veiga (que ao enviuvar casará en segundas nupcias con Gabriel Piñeiro de Ulloa, Rexedor Perpetuo de Betanzos). Joaquín casará con Andrea Bermúdez de Castro y Piñeiro, e terán, polo menos, dous fillos: Roque e Francisca Xaviera. O primeiro casa con Josefa Pimentel de Sotomayor, pais do herdeiro mencionado Gaspar e mais outro irmán de nome Agustín. A segunda, casa con Ramón Blanco Somoza.

22. Cf. C. De Castro Álvarez – J. C. Vázquez Arias, *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, Deputación Provincial, 2003, 20.

23. Cf. C. García Cortés, *Pedro Hombre Varela (1724-1789), un eumés cóengo en Compostela*, en: "Cátedra" 5 (1998) 5-30; Id., *José Jacinto del Río López (1757-1819). Apuntes biográficos de un sacerdote eumés*, en: "Cátedra" 8 (2001) 181-204; J. A. López Calvo, *Beneficencia y prestigio familiar en el Antiguo Régimen: las obras pías fundadas por Pedro Hombre Varela*, en: "Compostellanum" LVI (2011) 1-4, 643-680.

1.4 Ordenados a título de patrimonio (patrimonistas)

En terminoloxía eclesiástica chámase congrua á renda anual que un clérigo precisaría para poder ser ordenado, condición disposta polo Concilio de Trento. Xa sinalamos que esta congrua podía orixinarse ben do usufruto dun beneficio, ben dunha capelanía, mais tamén podería vir por medio dun patrimonio persoal ou familiar a título do que un aspirante podería solicitar ser ordenado. A Xerarquía outorgáballe o estado clerical, mais sen contraer a obriga da súa sustentación pois xa a acreditaba co patrimonio que declaraba. A cantidade mínima esixida variaba segundo as dioceses, porén en xeral os bispos estaban convencidos de que as contías fixadas eran sempre insuficientes para a decente manutención dun clérigo. Normalmente, esixíase un mínimo de 50 ducados de vellón[24].

Na diocese de Santiago de Compostela, no século XVIII, un 63% dos presbíteros ordenábanse a titulo de patrimonio[25]. Este tipo de eclesiástico non estivo exento de problemas coa Coroa, pois como se trataba da amortización dunha renda espiritualizada, tampouco contribuía ao fisco e mesmo podía servir para evasión de tributos ao Estado. Así, o Concordato de 1737 determinou os alcances destas rendas: non podía exceder os 103 ducados, esixíndolle aos pretendentes, ademais de seren honestos e virtuosos, unha verdadeira inclinación ao estado eclesiástico e non como desculpa para eximirse da xurisdición civil, algo nada doado de obxectivar pois a clerical tonsura podía recibirse aos 14 anos de idade[26].

De patrimonistas, vivindo no termo municipal eumés, citamos algúns exemplos: José Antonio de Lamas, patrimonista dende 1753 († 11-marzo-1798); José de Ulloa († 6-decembro-1794); Benito de Lamas y Ocampo († 29-IX-1788). Os irmáns Manuel Inocencio e Miguel Pita Vahamonde, que vivían o primeiro na rúa Maior, e o segundo nunha casa na rúa Travesa que vén dende a porta da Vila á igrexa. Manuel Inocencio fina o 29 de novembro de 1788, e sotérrano na capela do Clero da igrexa parroquial de Pontedeume. No seu testamento dispón a fundación de 14 misas votivas a distintos santos e 3.000 misas pola súa alma cun estipendio de 2 reais cada unha[27]. José de Anca († 22-decembro-1778); Nicolás Rey († 29-abril-1769); Baltasar Arias Alfeirán († 12-xaneiro-1768); José Antonio de Graña Tenreiro († 28-febreiro-1752); Juan Ignacio de Vega († 25-decembro-1747); Francisco Antonio de Bouzas († 28-abril-1746); Antonio Freire de Andrade († 6-xullo-1703); e Pedro Ribera Maceda († 1-novembro-1769).

1.5 Frades agostiños (Clero regular)

O convento agostiño de Pontedeume era un dos 2.067 conventos de frades que había en España a finais do século XVIII, nos que vivían 37.000 profesos, 2.000 novizos,

24. Cf. *Constituciones Synodales de Gil Taboada…, O. c*., Título XXIV, Constitución VI.

25. Cf. J. García Oro-M. Regal Ledo-A. López Rivas, *Historia da Igrexa galega*, Vigo, Sept 1994, 208.

26. Cf. M. Barrio Gozalo, *El clero bajo sospecha a principios del siglo XVIII. El Informe de Macanaz y la respuesta de los Obispos*, en: "Investigaciones Históricas" 22 (2002) 47-62.

27. Cf. C. García Cortés, *Clero fallecido en Pontedeume durante el siglo XVIII,* en: "Cátedra" 10 (2003) 183.

8.000 irmáns leigos, 8.000 doados e 4.000 criados[28]. Fundado por Fernando de Andrade en 1538, os seus habitantes orientábanse, dun xeito máis claro que os monxes, cara a actividades como a predicación e o confesionario. Facían votos de pobreza, castidade e obediencia. A pobreza significaba renuncia á posesión de calquera ben, adquirilo ou legalo. O reitor do convento era o Prior que gobernaba a comunidade composta por outra ducia de profesos. Os irmáns debían estar dispostos en canto o seu superior llelo pedise a cambiar de convento e vestían hábito para a vida ordinaria e os actos litúrxicos. En 1761 o seu convento afronta unha ampliación froito do mecenado do Arcebispo Rajoy quen achega unha importante suma (catro mil ducados ou 44.000 reais de vellón) a xeito de fundación, para que os frades celebrasen anualmente tres misas cantadas na igrexa conventual, dentro da oitava das festas de San Agostiño, San Nicolao de Tolentino e Santo Tomé de Villanueva[29].

Estaban tamén encargados do culto e administración do santuario das Virtudes, fundado extra muros da Vila no século XIV por Nuno Freire de Andrade, dentro do termo da parroquia de San Pedro de Vilar en terreos que pertencían aos Andrade, o mesmo que onde se erguía o convento agostiño. O santuario tamén tiña radicadas varias fundacións, por exemplo, a de Andrés Copeiro y Parga, refundador do santuario, quen en 1677, no propio convento, asina legados píos para a celebración de misas diarias, unha ás oito e outra ás once da mañá, tamén percibía ingresos dos veciños que vivían nas casas anexas ao santuario cara á capela de san Roque na praza homónima, por mor dun curioso imposto polo que tiñan que aboar unha libra de cera ou o seu importe en cartos, en compensación dos soportais construídos nas fachadas das súa casas[30].

Na época ilustrada o clero regular tiña abertas varias frontes de conflitividade social. Primeiramente co propio Estado. Se a desculpa era a súa oposición ás reformas do Goberno por acadar modernidade, o certo é que este desexaba as súas terras e rachar cos seus indultos fiscais[31]. Os políticos adoitaban acusar o clero regular de ser excesivo en número, opositor aos avances científicos e monopolizador da ensinanza. Unha segunda fronte de aversión social producíana os preitos das ordes monásticas cos seus colonos, sobre todo cando se anunciaba a actualización das rendas das terras. Tampouco o clero regular adoitaba ter relacións fluídas cos bispos, pois procuraban escapar da súa xurisdición, escusándose con que eles dependían do Superior Xeral da Orde ou da Congregación. Sentimento extensible ás relacións co clero secular que, a cotío, litigaban polos décimos, esmolas e novas fundacións de conventos.

28. Cf. O. Rey Castelao –B. Barreiro Mallón, *El clero regular mendicante en Galicia: evolución numérica, procedencia social y comportamiento de los franciscanos (ss. XVI-XIX),* en: "Archivo Ibero Americano" 49 (1989) 195-196, 459-490.

29. Cf. C. García Cortés, *Bartolomé Rajoy y Losada (1690-1772). Un arzobispo edificador y filántropo en la Galicia ilustrada*, Pontedeume, Espino Alvar 2011, 230.

30. Cf. Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Eclesiástico, Sección:*Libro Contador del Convento agustino de Puentedeume*, Atado 596

31. Cf. R. Franch Benavent, *Regalismo e inmunidad e inmunidad eclesiástica en la España del siglo XVIII: La resistencia del clero valenciano a la imposición del estanco del tabaco*, en: "Hispania" LXVII (2007) 225, 295-316.

1.6 Outros regulares en mosteiros e conventos próximos

Na contorna do concello de Pontedeume no século XVIII tiñan comunidade os cóengos regulares de Santo Agostiño nos Priorados de San Xoán de Caaveiro e San Miguel de Breamo; os monxes bernardos no Mosteiro de Santa María de Monfero, e os frades franciscanos terceiros no Convento de Santa Catarina de Montefaro.

Monfero en 1737 por mor dunha bula de Clemente XII, xunto aos mosteiros de Montederramo, Sobrado e Armenteira, acada certa autonomía verbo da Congregación do Císter de Castela. Nestes anos experimenta un verdadeiro movemento reformista manifestado tanto nos monxes que alí viviron como nas obras construtivas (reparacións, ampliacións e novas construcións) que se desenvolveron nese tempo. De 13 relixiosos que había antes da reforma axiña chegaron a ser 24. O seu *scriptorium* foi célebre durante moito tempo, a súa Biblioteca conservaba gran número de libros, códices e manuscritos traídos de toda Europa. Monxes que aquí profesaron mesmo chegaron a ser Xenerais da súa Orde como Frei Agustín Vázquez Varela, que o foi entre 1775 e 1779, antes de ser abade de Poblet e bispo de Solsona[32]. Do seu señorío dependían 731 veciños (447 máis que no século XVI)[33]. **Caaveiro** tamén vive na primeira metade do século XVIII unha fase de bonanza económica traducida nunha continua actividade construtora. Porén, a finais da centuria a vida comunitaria xa non mantiña nin fondo nin formas, conducíndose inexorablemente cara súa supresión que acaecerá nos albores do século XIX. En 1744, o mosteiro tiña 347 foros sobre casas, viñas e soutos, cun alcance de 32.130 reais, algúns deles en Andrade e Ombre[34]; era tamén dono de gran parte do río Eume, sendo do resto a Casa de Andrade. **Montefaro**, radicado no territorio do concello de Ares, fundouse no 1393 por desexo de Fernán Pérez de Andrade. No seu momento de maior esplendor chegou a ter 30 relixiosos franciscanos. Neste século tamén acometéronse reformas construtivas que modificaron o seu estilo arquitectónico inicial. Os seus frades serán os encargados da atención do hospital de peregrinos no medio da ponte[35]. Por último, mención a **Breamo** para sinalar que este século supuxo para este Priorado un tempo de esmorecemento, dunha banda por mor da usurpación dos seus terreos polos titulares e herdeiros da casa de Andrade, que mesmo compartían os décimos e, doutra, pola desaparición dos mosteiros de cóengos regulares de Santo Agostiño[36].

32. Cf. H. de Sá Bravo, *El Monacato en Galicia*, A Coruña, Librigal 1972, Vol. I, 305-306. Tamén: D. Yáñez Neira, "Vázquez Varela, Agustín", en: Q. Aldea-T.Martín-J. Vives (Dirs.), *Diccionario de Historia Eclesiástica de España*, Madrid, Instituto Enrique Flórez-CSIC, 1975, Vol. IV, 2719.

33. Cf. J. L. López Sangil, *Historia del Monasterio de Monfero*, A Coruña, Deputación Provincial, 1999, 91.

34. Cf. C. de Castro – J.I. Fernández de Viana – M. T. González, *El monasterio de San Juan de Caaveiro*, A Coruña, Deputación Provincial 1999, 57.

35. Cf. M. López Picher, "Notas para el estudio de la desamortización del patrimonio cultural de la Iglesia en la provincia de A Coruña: El Convento de los Franciscanos Terceros de Santa Catalina de Montefaro", en: F. J. Campos Fernández Sevilla (Coord.), *La desamortización: el expolio del patrimonio artístico y cultural de la Iglesia en España. Actas del Simposium del 6 al 9 de septiembre de 2007*, Real Centro Universitario de El Escorial 2007, 848-863.

36. Cf. C. de Castro Álvarez, *En torno al Real Priorato de San Miguel de Breamo…, A. c.,* 111-162.

2. Estatísticas

Grazas ás fontes manexadas e a estudos específicos[37], nun primeiro momento imos cuantificar número e porcentaxe dos eclesiásticos que viviron en Pontedeume ao longo do século XVIII para, nun segundo, ofrecer unhas claves interpretativas dese censo.

Porcentaxe dos tipos de ordenación na diocese de Santiago de Compostela no século XVIII (Fonte: Barrio Gozalo, 2002)

Tipos	Porcentaxe
Beneficios simples e curados	14,9 %
Capeláns	38,3 %
Patrimonistas	45,6%
Outros	1,2 %

Evolución da ratio clérigo por habitante nas provincias da Coruña e Betanzos en 1752 (Fonte: B. Barreiro Mallón, 2002)

Habitantes	Cregos seculares	Cregos regulares	Total
135.049	716 0,53% da poboación; 1 crego por cada 188 habitantes	471 0,34% da poboación; 1 frade por cada 286 habitantes	1.187 0,87% da poboación

Datos do clero secular no Arciprestado de Pruzos na década de 1740 (Fonte: B. Barreiro Mallón, 2002)

Parroquias	Veciños	Media de veciños por parroquia	Eclesiásticos	% do total da poboación	Estudantes
43 en total (31 matrices e 12 anexos)	3.242	75	73 en total. (31 párrocos e outros 42 clérigos	2,3	43

Datos do clero secular no Arciprestado de Pruzos na década de 1753 (Fonte: B. Barreiro Mallón, 2002)

Parroquias	Veciños	Media de veciños por parroquia	Eclesiásticos	Veciños por clérigo	Estudantes
43 en total (31 matrices e 12 anexos)	3.422	95	61 clérigos	56	66

37. Cf. B. Barreiro Mallón, "La diócesis de Santiago en la época moderna", en: J. García Oro (Coord.), *Historia de las Diócesis Españolas, Vol. 14, Iglesias de Santiago de Compostela y Tuy-Vigo*, Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos 2002,177-408.

Se ben a segunda metade do século anterior supuxo unha multiplicación dos presbíteros ordenados, moi por diante do crecemento económico e demográfico, semella que algunha crise fai reducir o número de clérigos segundo evoluciona o século. En 1751, o *Catastro de Ensenada* informa que na vila de Pontedeume había 13 presbíteros incluído o Párroco, 12 frades agostiños e outros 7 tonsurados. En 1763, ano da consagración da actual igrexa de Santiago, só na parroquia de Pontedeume había 20 sacerdotes seculares, 14 regulares (todos sacerdotes), 2 epistolarios, 6 con ordes menores e 1 sancristán. En total, 43 eclesiásticos na vila.

Parroquia	Seculares	Regulares	Sancristáns	Menores
Pontedeume	20	14	1	8
Breamo	-	-	-	-
Centroña	1	-	-	-
Boebre	1	-	-	-
Vilar	1	-	-	-
Andrade	-	-	-	-
Nogueirosa	1	-	-	-
Ombre	1	-	-	-
Total	25	14	1	8

Facendo comparanzas e consultando as relacións dos escribáns que en 1751 traballaron na redacción do *Catastro de Ensenada* a veciñanza secular da vila de Pontedeume, entre outros gremios, comporíase de: 48 mercadores e tendeiros; 69 avogados e procuradores; 13 forneiros; 104 zapateiros e curtidores; 223 labradores; 65 xastres; 427 mariñeiros, 37 canteiros… dun total de 1.727 veciños. O que viría a resultar que os eclesiásticos supoñían o 2,48% do total da veciñanza[38].

Como dato xeral, "entre 1591 e 1797 houbo un aumento de eclesiásticos superior ao do conxunto da poboación. Na segunda metade do século XVIII, dous terzos dos aspirantes a clérigos seculares debían ordenarse a título de patrimonio, feito que, entre outras cousas, pon de relevo o atractivo que nos sectores sociais dalgún acomodo continuaba a exercer a carreira clerical, a pesar de que moitos presbíteros endexamais chegarían a rexentar unha parroquia, pois se a disposición dun patrimonio –en ocasións reunido traballosamente pola familia– abría a porta de entrada ao estado eclesiástico, o control dos dereitos de presentación de moitas parroquias por persoas e institucións determinadas facía que as oportunidades para acceder a un curato fose moi diferentes para uns e outros postulantes"[39].

38. Cf. S. Daviña Sáinz, *Pontedeume a través del Catastro de Ensenada*, en: "Cátedra" 8 (2001) 113-157.

39. Cf. P. Saavedra Fernández, "La Iglesia gallega del Antiguo Régimen", en: R. Villares (Dir.), *Historia de Galicia*, Vigo, Faro de Vigo-Caixa Vigo-Xunta de Galicia 1991, Fasc. 31, 579.

III. Facenda, Bens e Rendas

Ademais ao aboamento dos dereitos señoriais, os veciños tiñan que engadir o pago dos tributos eclesiásticos. De feito, o patrimonio da Igrexa era o resultado da suma de bens con titularidades individuais e colectivas usufrutuarias. O clero regular administraba propiedades para o mantemento material das súas institucións (mosteiros, conventos, colexios…). Máis complicado é o caso do clero secular, pois este tiña dous tipos de propiedades: as que servían para o mantemento das persoas e as que o seu produto se destinaba para o mantemento material da parroquia ou diocese. As primeiras tiñan como titular os curatos, os beneficios, capeláns, dignidades… As segundas, tiñan un titular colectivo (mosteiros, cabidos, confrarías…), aínda que tamén o seu capital, administrado desta volta por xuntas ou consellos, dedicábase tamén ao mantemento de capelas ou igrexas[40]. No territorio que nos ocupa atopamos exemplos de ambas as dúas. Globalmente as fontes de ingresos dos eclesiásticos en Galicia, cara ao 1750, comporíanse nun 60% de décimos, nun 35% de foros, e o 5% restante primicias e outros capítulos menores[41].

1. Ingresos dos beneficios eclesiásticos

As diferentes retribucións explícanse pola riqueza cerealista e vitivinícola da zona e pola diversa participación que os curas tiñan verbo dos décimos e primicias:

> *"La media de ingresos por cada rector de un beneficio parroquial se situaba en la década de 1740 en 3.190 reales anuales, dato que supone un gran salto en comparación con los 700 reales que se calcula que ingresaba de media dos siglos antes. Es decir, el clero había multiplicado por 4,5 sus ingresos durante dicho período, bastante más de lo que h*

Para comprender o alcance destas rendas cómpre sinalar que o ferrado de trigo, que ocupa sempre as terras de mellor calidade, daba 4 ferrados de gran por ferrado de terra. O ferrado de maínzo, entre 5 e 10 ferrados de gran por 1 ferrado de terra de 1ª calidade; e de 3 a 6 por cada 1 nas de 2ª e 3ª. Prezo: de 4 a 7 reais o ferrado. O ferrado de millo miúdo de 2 a 7 reais. O centeo, normalmente, plantábase en terras de 2ª e 3ª pero o cultivo do centeo en terras de 1ª calidade obtiña 5 ferrados de gran por un ferrado de terra. A de 2ª calidade da entre 3, 4 e 6 ferrados. Os prezos oscilaban sempre entre 3 e 4 reais por ferrado de gran. O prezo dun ferrado de fabas estaba entre 5 e 6 reais, e 2 xornais de viña equivalían a un ferrado de terra[43].

> *"En el término de esta dicha jurisdicción el precio a que comúnmente se vende un año con otro el ferrado de trigo, es a siete reales de vellón, el de*

40. Cf. J. M. Donézar Díez de Ulzurrum, *La Única Contribución y los Eclesiásticos*, en: "Cuadernos de Historia Moderna" 21(1998) 219-263.

41. Cf. P. Saavedra Fernández, "La Iglesia gallega", en: R. Villares (Ed.): *Historia de Galicia, O. c*., 585.

maíz a seis y el de centeno a cinco, cada ferrado de castañas verdes a dos reales, cada carro de tojo a tres reales, el de leña de esta especie a ocho reales y el de roble a cinco, cada azumbre de vino de viña rasa a real y quartillo y de parra a tres quartillos, un ferrado de nuezes a tres reales. Y por lo que conduce para la estimación de la utilidad de foros y otros derechos regulan un carnero en once reales, un cordero en tres, un cabrito en tres, una marrana en seis, una gallina en dos, un pollo veinte y quatro maravedís, una libra de carne de lechón salado un real, una libra de manteca dos, una libra de cera amarilla ocho reales, cada pescada curada dos reales, el ciento de sardinas saldas un real y seis maravedís, una libra de congrio fresco veinte y quatro maravedís, un carro de paja de trigo catorce reales y un az del mismo jénero un real, un ferrado de abas a siete reales, uno de mijo menudo a tres y medio, uno de cebada en cinco y uno de castañas secas en siete, todos de vellón"[44].

Velaquí as principais fontes de ingresos.

1.1 Décimos

Logo das rendas dos bens inmobles, os décimos eran o ingreso fundamental dos eclesiásticos galegos. Décimos e primicias foran escrupulosamente regulados polos sínodos e polos propios arcebispos no século XVII, e mesmo inventariada a súa distribución en todas as parroquias da diocese compostelá[45]. As constitucións sinodais de 1747 recollían expresamente as normas do Concilio de Trento e, a partir del título IX até o XXII, determinaban escrupulosamente todos os oficios canónicos, a súas competencias e a percepción e alcance dos décimos e primicias con rigor, e mesmo declaran que había de pagarse completo o décimo, sen separar renda, nin semente, nin outra cousa ningunha e sen impedir nin defraudar, baixo pena de excomuñón[46]. A mediados do século XVIII o clero secular, nos seus distintos niveis, era beneficiario do 78,4% da masa decimal galega e o clero regular do 8,9% mentres que o resto estaba repartido entre nobreza, fidalguía, ordes militares, obras pías e a Coroa[47].

Os perceptores de décimos e primicias eran os párrocos respectivos, a condesa de

42. B. Barreiro Mallón, *La diócesis de Santiago en la época moderna…, A. c*., 265.

44. *Interrogatorio do Marqués de Ensenada da xurisdición de Pontedeume*, reprodución en: A. Ares Legaspi – J. Coira Pociña – C. de Castro Álvarez (Eds.), *750 anos construíndo a historia de Pontedeume*, Pontedeume Espino Alvar 2020, 85.

45. Cf. J. del Hoyo, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, A Coruña, Imprenta Moret 1944. Ofrece moitos e curiosos exemplos do reparto dos décimos.

46. Cf. *Constituciones Synodales del Arzobispado de Santiago de Compostela de D. Cayetano Gil Taboada…, O. c.* Tamén: R. Otero Pedrayo, *La polémica sobre los diezmos en Galicia a principios del siglo XIX*, en: "Cuadernos de Estudios Gallegos" X (1955) 435 e G. M. Morán, *La evolución de las relaciones Iglesia-Estado en Galicia hasta el siglo XIX: Pautas y peculiaridades históricas de la organización eclesiástica*, en: "Anuario da Facultade de Dereito da Universidade de A Coruña" 2 (1998) 390.

43. Cf. I. Rionegro Fariña, *La producción agraria de Galicia interior a finales del Antiguo Régimen: Dos comarcas de Ourense*, en "Historia Agraria" 18 (1999) 181-199.

47. Cf. C. Rey, *Historia social del clero en Galicia*, en: "Obradoiro de Historia Moderna" 1 (1992) 145-162.

Lemos, o Prior de Breamo e o Arcediago de Nendos. O reitor da Parroquia percibía a metade dos décimos dos froitos que se colectasen no territorio parroquial, a excepción das terras dominiais da casa condal de Andrade. Os veciños das parroquias da xurisdición de Pontedeume pagaban décimos e primicias dos seguintes produtos e animais: trigo, centeo, cebada, viño, millo miúdo, año e porco salgado. Segundo o calculado polos peritos que redactaron os expedientes para a Única Contribución, estes décimos repartíanse deste xeito: en Pontedeume, Párroco e Convento de Montefaro elevaban a metade dos décimos dos produtos da Horta do Pazo da Condesa de Lemos (no núcleo da vila non había montes, terras de sementeira nin viñas); en Breamo, o Prior de Breamo levaba todos os décimos dos produtos, se ben estes percibíanos en arrendo os veciños de Pontedeume Andrés Antonio Varela, Tadeo de la Peña Roberes e Andrés Díaz, cun alcance total de 11.000 reais de vellón; en Vilar o propio Prior de Breamo percibía 1/4 dos décimos (os outros 3/4 a Condesa de Lemos), cun alcance de 275 reais por cada parte; en Nogueirosa, a Condesa de Lemos percibía as ¾ partes dos décimos e o Párroco a outra cuarta parte que lle supoñían 3.000 reais de renda anual. Pola súa banda, Xosé Rivera, párroco de Nogueirosa e Andrade, percibía a cuarta parte dos décimos do froito e especies do producido nesta última, que os peritos calcularon en 510 reais e 9 marabedís aos que cómpre engadir outros 55 reais anuais polo décimo do leite ao que tiña dereito do que producían as vacas nos domingos do mes de xuño.

1.2 Primicias

Imposto destinado ao mantemento da fábrica das igrexas e ao culto parroquial que consistía no aboamento anual, por cada cabeza de familia, dunha medida de gran ou froitos. Este tributo foi practicado pola maioría dos pobos da Antigüidade: a ofrenda dos primeiros froitos agrícolas e que aparece como o recoñecemento do dominio absoluto da divindade como dona do solo e fonte da fecundidade. Israel adoptou este costume cando se asentou en Canaán[48].

Nunhas parroquias percibíanas íntegras (algo excepcional) mentres que noutras o habitual era percibir unha parte que cumpría repartir co prelado ou o cabido catedral, o que producía certo resentimento por parte do titular do curato. Por exemplo, a parroquia de Santiago de Boebre pagaba décimos ao convento agostiño de Caión (A Laracha) e dábanlle ao párroco 16 marabedís en cartos e dúas ducias de ovos en especie[49]. En 1761, o Cura Vicario de Vilar (esta parroquia nese momento non tiña cura propio por ser anexo de Breamo) percibía uns 130 reais anuais en concepto de primicias, mentres que, na mesma época o de Ombre, por idéntica razón, recibía oblatas e outras ofrendas (non tiña dereito a décimos que os percibían a Condesa de Lemos e o Prior de Breamo) por valor

48. Cf. Éxodo 2, 3-16 e Deuteronomio, 12.

49. Cf. S. Daviña Sáinz, *Las parroquias de la Jurisdicción de la Villa de Pontedeume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada*, en: "Cátedra" 8 (2002) 186.

de 250 reais anuais[50].

Relación de importe e reparto por décimos e primicias nas parroquias de Pontedeume (Fonte: Catastro de Ensenada 1752)

Parroquia	Cantidades
Andrade	"Percive el diezmo de los referidos frutos de vino, trigo, centeno, cevada, mijo menudo, castaña, de loscorderos y de la carne salada de lechón y de la carne salada de lechón, y considerado un año con otropor quinquenio ascenderá el diezmo del vino a cinquenta azumbres, el de trigo a veinte y ocho ferrados, el de centeno a noventa y seis, el de maíz a ducientos cinquenta y cinco, el de mijo menudo a ferrado y medio, el de cevada a uno, el de castañas a quarenta, el de corderos considerado un año (segúnel estilo que hay de pagarlo) ymportará seis reales vellón y el de carne salada diez y seis libras computadas en diez y seis reales. Ygualmente cobra el precitado párrocho el diezmero maior por razón de escusado que importará un año con otro quatro azumbres de vino; un ferrado de trigo cinco de maíz, dos de centeno, medio de castaña y dos libras de dicha carne salada".
Centroña	"Percivese el diezmo de las especies de vino, trigo, centeno, maíz, mijo menudo, castañas; y del ganado, de lana y cerda, y de éste, después de salada la carne. De cuio diezmo percive la dicha Señora Condesade Lemos las dos terzeras partes, y la otra restante el párrocho de la citada feligresía de Centroña; y por no considerar el producto y valor de cada uno de las referidas especies se regula por un quinquenio en arrendamiento en cinco mil y quinientos reales al año".
Boebre	"De los frutos arriba expresados como también de carne salada de cerdo percibe el diezmo de ello el conbento de religiosos de San Agustín de la villa de Cayón las dos tercias partes, y la otra restante el cura párrocho que por quinquenio ascenderá el todo a tres mil y trescientos reales; y dicho cura párrocho percibe también por razón de primicia de cada vecino diez y seis maravedís en dinero y dos dozenas de huebos que por quinquenio ascenderá a ochenta reales. De las tierras diestrales percibe el diezmo la Dignidad del arcedianato de Nendos ynclusa en la santa Yglesa de Santiago que por quinquenio ascenderá a mil y cien reales. Y a más de ello percibe por razónde Boto de cada uno de dichos vecinos que labra con yunta de bueies suios dos ferrados de zenteno, ysiendo agenos solamente un ferrado que por quinquenio ascenderá a tres cientos reales.Percibe el monasterio de Monfero, Orden de San Bernardo, el quarto del diezmo de los vienes de su dominio que importa por quinquenio al año veinte y quatro reales y diez y siete maravedís de vellón".
Ombre	"Percíbese el diezmo de trigo, zenteno, maíz, vino, castañas, y del ganado lanar, y de la carne dezerdo salada por el prior de Breamo y la Excma. Señora Condesa de Lemos en esta conformidad: dicho prior percibe el diezmo enteramente de maíz y castaña y la terzia parte del trigo, zenteno y vino que se coje; percibe también el diezmo enteramente de los puercos después de muertos y salados y un ferrado de zenteno de primicia de cada feligresía, cuio producto por quinquenio ascenderá a tres mil reales ynclusos doscientos ochenta de esta según los arrendamientos que se han hecho de dichos frutos, diezmos y primicias. Y la referida Señora Condesa percibe las dos tercias partes del diezmo de trigo, zenteno y vino, cuio producto por quinquenio ascenderá a mil y quinientos reales al año".
Nogueirosa	"Percíbese el diezmo y primicia por dicha Excelentísima Señora Condesa de Lemos y Don Andrés de Gaioso, cura párroco; del fructo de trigo, zenteno, maíz, vino, castaña y del ganado menor de lana y de zerda de éste después de muerto y salado por cabezas o peso, llebando dicha Señora Condesa las dos tercias y el enunciado cura la otra restante y un diezmero, y además de esto por razón de lutuosa percibe de cada feligrés que sea cabeza de casa al tiempo de su muerte las dos mejores piezas de ropade vestir que tenga; y el producto a que ascenderá al año por quinquenio a dicho cura serán tres mil reales inclusos veinte del total de la luctuosa y seis cientos veinte y cinco de la tercera parte de la primicia y a su Excelencia quatro mil, y a la Dignidad del arcedianato de Nendos se le contribuie el diezmo de todos los vienes dieztrales de la yglesia parrochial, cuio producto aszenderá a setecientos realespor quinquenio".
Vilar	"Los diezmos de esta feligresía se perciben las tres quartas partes de ellos por dicha Excelentísima Señora Condesa de Lemos o sus maiordomos, y la otra quarta parte restante la percibe el prior de Breamo que por quinquenio ymportará su producto total un mil y cien reales y además de ello percibela Dignidad del arcedianato de Nendos ynclusa en la Santa Yglesia de Santiago los diezmos de todos los vienes diestrales cuio producto ascenderá por quinquenio a quinientos reales de vellón al año".

50. En Ombre, o Prior de Breamo percibía en décimos: ¼ parte do trigo, centeo e viño, e o décimo completo do maínzo, as castañas, carne salgada, porco e todos os legumes, que podía ascender anualmente a uns 3.500 reais. A Condesa de Andrade percibía as outras ¾ partes restantes do trigo, centeo e viño que podían acadar os 2.000 reais anuais.

1.3 Lutuosa

Os veciños de Ombre e Nogueirosa engadían ao pago de décimos e primicias o da lutuosa que consistía na entrega ao párroco, no momento que finaba un veciño cabeza de casa, de dúas pezas de roupa da mellor calidade. No resto das parroquias esta lutuosa entregábaselle á Condesa de Lemos.

1.4 Voto de Santiago

Tratábase dunha carga fiscal cunha dobre explicación de orixe. Unha mítica, relacionada co monarca Ramiro I que concede á Igrexa compostelá o Voto en acción de grazas ao Apóstolo por mor da súa milagreira intervención na batalla de Clavijo (A Rioxa) en prol do exército cristián e na contra do musulmán. E a outra, máis real, que se corresponde a prácticas tributarias medievais. Na época da redacción das nosas fontes, este imposto gozaba do seu maior apoxeo pois recadábase no 65% da España peninsular, chegando a acadar os 80.000 ducados de recadación[51]. En Galicia afectaba a maioría do campesiñado, chegando nalgunhas comarcas ao 90% dos veciños. Deste Voto eran especialmente beneficiarios o Cabido da Catedral compostelá, que percibía o 50% dos Votos, e o Arcebispo de Santiago que percibía outro 33%. O seu aboamento creou moita conflitividade até que, en 1834, quedou abolido definitivamente[52]. O cóengo dignidade Arcediago de Nendos recadaba polo Voto uns 3.000 ducados de renda anual[53].

Nas parroquias eumesas, segundo o *Catastro de Ensenada*, este imposto pagábase anualmente en todas as parroquias a excepción de Santiago de Boebre. Aboábase en cereal, normalmente dous ferrados de centeo por cada veciño que labrase as terras cunha parella de bois propia, e un ferrado cando o veciño non dispuña deles e araba cunha parella de vacas. En Andrade, tal pago acadaba a cantidade de 65 ferrados de centeo e, na de Centroña, o importe en cartos acadaba os 300 reais. En Ombre, o pago do Voto era igual ao referido para Andrade e Centroña, coa diferenza de que, na de Ombre, só pagaban un ferrado, ademais dos que no fosen propietarios de bois e as viúvas, ascendendo o importe a 112 ferrados de centeo. En Nogueirosa os veciños que non eran propietarios de bois estaban exentos do pago, mentres que en Vilar os veciños pagaban un ferrado de centeo fosen ou non propietarios de bois. En cartos, este imposto oscilaba entre os 200 reais que aboaba Vilar os 330 que aboaba Nogueirosa até chegar aos 500 reais que aboaban os veciños de Ombre[54].

1.5 Igrexarios

O termo igrexario trátase dunha voz case exclusiva do galego, e define o conxunto

51. Cf. J. R. Hernández Figueiredo, *Las "relationes…, O. c.,* 114.

52. Cf. O. Rey Castelao, *El Voto de Santiago en Galicia: regímenes contributivos y sus interpretación de sus series*, en: "Compostellanum" 33 (1988) 3-4, 385-468.

53. M. Rodríguez Pazos, *Episcopado Gallego, Tomo I: Arzobispos de Santiago (1550-1850)*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas-Instituto Jerónimo Zurita 1946, 247 e 277.

54. Cf. S. Daviña Sáinz, *Las parroquias de la Jurisdicción de la Villa de Pontedeume…, A. c.,* 190.

de terras que pertencen a unha igrexa e cuxos froitos teñen dereito a seren percibidos como dote polo exercicio dun oficio eclesiástico. Polo xeral, o beneficio destas terras era percibido polo cóengo Arcediago de Nendos. Imos describir as súas extensións e rendementos por parroquias.

Bens do Igrexario de Santa María de Centroña en 1763

Lugar	Descrición	Produto
Centroña	Casa de 8 varas de fronte e 26 de fondo	14 rs.
Centroña	4 ferrados e medio de horta murada contigua á casa	
Carreira	Medio ferrado de terra de semente de 2ª calidade 1 xornal de viña de 3ª	
Salgueiro	Medio ferrado de terra de semente de 3ª	
Igrexa	24 xornais de viña de 1 e 2ª calidade por metade 3 ferrados de souto de 2ª	
Tarreo do Mar	Medio xornal de parra	

Bens do igrexario de Santiago de Boebre en 1762

Lugar	Descrición	Produto
O Carballo	1 ferrado de terra de semente de 3ª calidade	
As Canles	2 ferrados de terra de 2ª	
Os Acidros	6 ferrados de monte baixo de 3ª	

Bens do igrexario de San Cosme de Nogueirosaen 1762

Lugar	Descrición	Produto
Nogueirosa	Casa dun alto de 7 varas e media de fronte e doce e media de fondo 3/4de ferrado de horta de 2ª Ferrado e medio de horta de 1ª	10 reais

Bens do igrexario de San Pedro de Vilar en 1761

Lugar	Descrición	Produto
Cermuzo	Casa dun alto de 7 varas e media de fronte e dezaoito de fondo Casa dun alto contigua á anterior de 8 varas de fronte e 7 de fondo 1 ferrado de horta contigua á casa mura e de 2ª calidade 10 ferrados de terra de semente de 3ª calidade	15 reais 6 reais

Ferrados de terra dedicada a rendas eclesiásticas na segunda metade do Século XVIII no Arciprestado de Pruzos (Fonte: B. Barreiro Mallón, 2002)

Décimos e Primicias	Oblata	Igrexarios
80,7	13,8	5,4

1.6 Estipendios

O estipendio das misas era outro dos ingresos máis básicos dos eclesiásticos que se combinaba coas rendas dos beneficios. A misa diaria rara vez lle faltaba ao clérigo pois, ademais das numerosas funcións, era costume encargalas en cantidade, polo menos nos centros de certa entidade de poboación[55]. No século XVIII, a taxa pola celebración da misa oscilou entre real e medio e dous reais, que viña ser o salario medio dun peón polo traballo dunha xornada.

2. Rendas dos bens eclesiásticos de titularidade colectiva

Nas fontes manexadas aparecen informacións de bens eclesiásticos taxados ao clero regular e capelanías.

2.1 Cátedra de Latinidade

Case a totalidade dos docentes e preceptores desta institución académica fundada en 1580 foron clérigos e, polas mandas testamentarias do seu fundador, tamén titulares da capela de Santa Catarina radicada na igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume. E aínda que neste segmento de tempo o padroado da mesma era do Concello aínda posuía rendas dalgúns bens de titularidade eclesiástica.

Lugar	Descrición do ben	Calidade
Viñas Novas - Boebre	5 xornais de viña	2ª
Peral - Boebre	18 xornais de viña	2ª e 3ª
Costa da Graña - Nogueirosa	7 xornais de viña	1ª e 2ª

2.2 Convento de San Agostiño

Verbo dos frades agostiños, os seus ingresos eran produto de estipendios, esmolas, arrendos, foros e censos[56]. Como contrapunto ás ordes monásticas, os agostiños estaban carentes de señoríos polo que dependían economicamente da participación dos frades no culto funerario, das fundacións de misas e das moitas fórmulas de obras pías orixinarias de diversos sectores sociais, sen esquecer a súa condición de mendicantes. Como as súas rendas estaban fixadas na súa maior parte en cereais, a economía do convento mantívose robusta ao logo do Antigo Réxime e mesmo beneficiouse da subida dos prezos do século XVIII. E aínda que non deron resolto ao seu favor preitos de renovación de foros, nada fai que pensar que os frades pasaran penurias económicas. Velaquí uns exemplos de rendas de carácter directo sobre propiedades radicadas nas parroquias do distrito municipal.

A maiores, había fundacións de misas como a de Xoán Fariña, onde encargaba a celebración dunha misa cantada todos os sábados á hora de prima (hora canónica primeira,

55. A principios do século XVIII, ao enviuvar a novena duquesa de Medinaceli, escúsase de encargar non máis de dez mil misas pola alma do seu home porque tiña moitas débedas. Cf. A. Domínguez Ortíz, *La sociedad española del siglo XVII… O. c*., 62.

56. Para unha información do inventario de foros e censos deste convento, cf. J. A. López Calvo, *El convento agustino de Pontedeume. Estudio Histórico y Colección Documental*, Pontedeume, Sociedade Filatélica "Eume", 2006, 101-114.

Lugar	Descrición do ben	Calidade
Amenedo - Ombre	2 ferrados de terra murada	3ª
Prado - Ombre	4 xornais de viña	1ª
Carboeiro - Ombre	110 xornais e medio de viña	1ª, 2ª e 3ª
Castro - Ombre	2 ferrados de terra	2ª e 3ª
Campo - Nogueirosa	3 ferrados de terra	1ª
Trobo - Vilar	11 xornais de viña	2ª e 3ª
Viña - Andrade	2 xornais e medio de viña	2ª
Armada - Andrade	Media casa de planta baixa de 8 varas de fronte e 9 de fondo	6 reais Anuais
Covés - Andrade	5 ferrados de terra	1ª e 2ª
Os Loureiros - Andrade	¾ de ferrado de terra de semente	2ª
Tarreo Grande - Andrade	2 ferrados de terra de semente que en virtude foro pagan Santos Barral e Benito Quintía a cuarta parte do que produce	2ª e 3ª
Porto - Andrade	Ferrado e medio de terra de semente	1ª e 2ª
Rigueira - Andrade	1 ferrado de monte alto	1ª
O Campo - Nogueirosa	3 ferrados de terra, da fundación de Juán de Castro	1ª
Pumariño - Boebre	2 ferrados de terra de sementeira	1ª e 2ª
Arcuín - Boebre	3 ferrados de souto	2ª
Ardeleiros - Boebre	5 ferrados de monte baixo murado	3ª
Longarela - Centroña	15 xornais de viña	1ª e 2ª
Os Loureiros - Centroña	12 ferrados de terra	2ª e 3ª
A Devesa - Centroña	3 ferrados de terra de sementeira murados	2ª
A Cabana - Centroña	½ ferrado de souto	1ª

é dicir, ao amencer en torno ás 6 da mañá). En concepto de estipendios o convento percibía 260 reais anuais da renda dun muíño radicado en Esteiro, que tiña unha roda e moía mediante auga corrente durante todo o ano.

2.3 Capela do Socorro de Santa María de Recemel

O presbítero **Blas Antonio Pardo y Hermida** era o beneficiario dunha obra pía radicada na igrexa parroquial de Santa María de Recemel (As Somozas), baixo o titulo Nosa Señora do Socorro e, como o seu cumpridor de cargas, percibía as rendas de capitais sitos na parroquia de Nogueirosa:

Lugar	Descrición do ben	Calidade
O Trobo - Vilar	28 xornais e medio de viña	1ª e 2ª
Ferreira - Nogueirosa	Casa dun alto de 6 varas e media de fronte e 5 de fondo	6 reais
Ferreira - Nogueirosa	Casa terrea de 5,5 varas de fronte e 7,5 de fondo	5 reais
Chousa da Viña - Nogueirosa	7 xornais de viña de 2ª e 3ª	2ª e 3ª
A Torre	7 xornais de viña	3ª
O Bispal - Nogueirosa	14 xornais de viña	2ª e 3ª
A Gándara - Nogueirosa	6 xornais de viña	2ª

Para decatarnos do seu valor en cartos, cómpre reparar en que se dous xornais de viña equivalían a un ferrado de terra (medida vinculada á produtividade da terra que no Partido Xudicial de Pontedeume acada unha extensión de 548 m^2) e este, aínda dependendo da súa calidade, rendía unha media de 6 reais anuais, temos un capital en valores do actual sistema métrico decimal de 16.988 m^2 cun rendemento en cartos de 186 reais das viñas, máis outros 11 dos alugueiros das casas, facían un total de 197 reais de vellón ao ano.

2.4 Capela da Virxe das Virtudes de Pontedeume

Jacinto Pérez deixou unha fundación de misas para celebrar na capela das Virtudes. Para percibir os preceptivos estipendios, os frades do convento agostiño percibían o rendemento das seguintes fincas na parroquia de San Pedro de Vilar: en Campolongo 7,5 ferrados de terra de sementeira de 1ª, 2ª e 3ª calidade, outros 5,5 máis no lugar do Chapizo e unha casa terrea, tamén en Campolongo, de 9 varas de fronte e 4,5 de fondo que rendía un aluguer anual de 8 reais.

PORCENTAXE DO PRODUTO BRUTO AGRARIO QUE SUPOÑÍAN EN 1752 AS DIVERSAS CARGAS SATISFEITAS POLO CAMPESIÑADO DAS PROVINCIAS DE BETANZOS E A CORUÑA (FONTE: P. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, 1991)

Provincia	Foros	Décimos	Primicias	Señorío	Total
Betanzos	8,4	6,3	0,6	0,2	15,5
A Coruña	10,1	7,8	0,6	0,3	18,8
Galicia	12	8,9	1,2	0,4	22,5

2. MOSTRAXE DO PATRIMONIO INDIVIDUAL DALGÚNS ECLESIÁSTICOS

Ao tratar este tema interesa destacar que, aínda que as rendas eclesiásticas tiñan un considerable volume, tamén existía desigualdade na súa repartición. Non esquezamos que, dende o punto de vista económico, o estamento eclesiástico non é máis que unha abstracción, pois como expuxemos está constituído por multitude de unidades de moi distinta tipoloxía, dende o máis opulento mosteiro ou arcebispo até o cura rural que, non poucas veces, experimentaba dificultades similares ás dos seus fregueses por subsistir. Por exemplo, de **Blas García de Lamas**, finado en Pontedeume o 22 de xaneiro de 1769, os expedientes de Única Contribición sinalan que "no posee cosa alguna"; de **Bartolomé Domínguez**, a súa acta de defunción de 30 de outubro de 1739 recolle que "murió pobre"; o mesmo que **Manuel Ares** "murió pobre" o 17 de marzo de 1737. Isto reforza a idea dun clero non homoxéneo, polarizado e mal repartido, onde nunhas zonas hai exceso e noutras escaseza. En definitiva, reflexo da sociedade da que forman parte. A un alto clero adiñeirado contrapúñase o baixo clero, entre uns e outros as desavinzas eran constantes.

Tamén está a cuestión de que non sempre cómpre considerar as rendas eclesiásticas como rendas para os clérigos. Rendas eclesiásticas considéranse, por exemplo, as das ordes militares, os establecementos benéficos e docentes que están baixo padroado

eclesiástico, confrarías gremiais e os ingresos que van directamente ás fábricas das igrexas pero non aos clérigos. E, dentro dos bens destes últimos, tampouco cómpre incluír os posuídos por eclesiásticos a título particular que, como xa indicamos no seu momento, espiritualizábanse para evadir impostos[57]. Estes parámetros de análise dan idea da complexidade da cuestión e das dificultades de concretar cifras, aínda así ofrecemos os datos manexados nas fontes consultadas.

3.1 Patrimonio do Arcebispo Rajoy y Losada en Pontedeume

Un caso especial define o estamento eclesial en Pontedeume comparado con outros territorios: que o arcebispo compostelán entre 1751 e 1772 era un natural deste concello. Velaquí o declarado:

Parroquia	Bens	Calidade
Ombre	6 xornais de viña en Avellos	4 de 2ª e 2 de 3ª
	8 xornais de viña en Caaveiro	5 de 1ª e 3 de2ª
Longarela-Centroña	10 ferrados de viña	2 de 3ª
Porto - Breamo	Ferrado e medio de sementeira	2ª
Rúa Real de Pontedeume	Casa de 2 altos de 9 varas de fronte e 20 de fondo xunto ao alfolí da sal	Aluguer de 150 reais anuais
Rúa Travesa de Santiago, tamén chamada da Marina, para a fábrica da igrexa parroquial.	Casa de 2 altos de 12 varas de fronte e 22 e medio de fondo, que linda con outra pertencente ao Mosteiro de Monfero	360 reais anuais

3.2 Patrimonios de Párrocos

As listaxes que, de seguido, describimos indicarán como hai a tendencia por aproveitar o crecente valor dos produtos do campo e explotalos ben directamente ou ben con arrendos de terceiros.

Bens propios declarados por Xosé Ventura de Vega, Cura Vicario de Santa María de Ombre

Lugar	Ben	Produto
A Mediña	Casa dun alto de 14 varas de fronte e 5 e medio de fondo Unha bodega contigua á casa de 4 varas e media de fronte e 12 de fondo Ferrado e medio de horta contigua á casa (2ª calidade) 2 xornais de viña de 2ª calidade	12 rs. anuais 4 reais
Soutiño	2 xornais de viña de 2ª	
Prado	1 ferrado de terra de semente de 3ª	
Igrexa de Abaixo	2 xornais e medio de viña (1ª e 2ª calidade)	
Souto de Amenedo	16 castiñeiros dispersos de 2ª calidade	
Lourido	2 ferrados de souto de 2ª e 3ª calidade 1 ferrado de prado de regadío de 2ª calidade	

57. Cf. A. Domínguez Ortíz, *La sociedad española en el siglo XVIII…, O. c.*, 131.

Bens propios declarados por Xosé Rivera, Párroco de San Cosme de Nogueirosa

Lugar	Ben	Produto
Pena Longa - Ombre	¾ de ferrado de monte alto	2ª calidade
Jardín Ombre	1/2 ferrado de souto	3ª calidade
Fonte de Cabría- Ombre	1/2 ferrado de souto	2ª calidade
Nogueirosa		
Andrade		

3.3 Patrimonio de Capeláns

Para exemplificar algúns destes casos nomeamos **Domingo Antonio Pardo** ordenado presbítero en 1712 a título de capelán na parroquia de San Miguel de Valadares, no actual concello de Outes (A Coruña). En 1728 deixa aquel beneficio e vén a vivir a Pontedeume, logo de constituír un patrimonio suficiente. Vivía nunha casa dun alto, que tiña 6 varas e media de fronte e outras 12 de fondo na rúa dos Ferreiros regulando o seu alugueiro en 90 reais anuais, e percibía dos rexedores municipais unha renda de 116 reais pola atención da capelanía da Vera Cruz radicada na igrexa parroquial de Pontedeume ademais doutros 224 da fundación de Alonso Nogueirido. Tamén percibía outros 6 reais de réditos da Obra Pía Alonso de Mancebo. Era posuidor de 6 cabezas de gando vacún e outras 2 de porcino. Segundo os expedientes de Comprobación da Única Contribución os peritos redactores adxudicábanlle estes bens:

Lugar	Ben	Produto
A Fraga-Centroña	2 casas terreas, a primeira de 12 varas de forte e 14 de fondo; a segunda de 7 varas de fronte e 9 de fondo	16 rs.
Idem	6 ferrados e medio de terra de semente contiguas á casas e ferrado e medio de souto	3ª calidade
O Casal-Centroña	Ferrado e medio ferrado de terra de hortaliza murado	3ª calidade
A Fonte-Centroña	2 ferrados de terra de semente	
Golpilleira-Centroña	Ferrado e medio de terra de semente	3ª calidade
A Revolta-Centroña	Ferrado e ¼ de terra de semente 7 xornais de viña	3ª calidade
Salgueiro-Centroña	¼ de ferrado de terra de semente	3ª calidade
Casal do Conde-Centroña	10 xornais de viñas	
Bollo-Boebre	5 xornais de viña	2ª calidade
Porto-Breamo	Unha peza de horta	

Faleceu o 17 de agosto de 1768, aos 84 anos de idade, sendo soterrado na igrexa parroquial de Pontedeume, dentro da capela da confraría do clero, deixando no seu testamento estipendios para a celebración de 100 misas[58].

Outro exemplo a citar é o de **Baltasar Arias Alfeirán**, capelán da Trindade. Natural de San Xoán de Piñeiro (Mugardos), ordenouse presbítero en 1743 a título patrimonio. Vivía na Vila nunha casa da rúa Maior. Morre en 1768, aos 60 anos de idade, e sotérrano na igrexa parroquial de Santiago. No seu testamento deixa estipendios para funerais e misas pola súa alma[59]. Entre 1751 e 1763, declara estes bens dos que é propietario ou posuidor como capelán da Trindade:

Lugar	Ben	Produto
Pontedeume	Casa dun alto na rúa Maior, de 6 varas de fronte e 16 de fondo	66 reais
Pontedeume	2 porcos na súa casa, un de 11 meses e outro de 3	
Pontedeume	Foro dunha casa sita na rúa Pescadería	22 reais
A Cancela-Ombre	Medio xornal de viña murada	2ª calidade
Río - Centroña	Xornal e medio de viña	2ª calidade
Río - Centroña	Un cuarto de xornal de parra	2ª calidade
As Viñas - Centroña	7 xornais de viña	2ª e 3ª calidade
Río dos Ferros - Centroña	Ferrado e cuarto de terra de semente murada	3ª calidade
O Sancristán - Nogueirosa	2,5 xornais de viña	2ª calidade
Chousa da Viña-Nogueirosa	2/3 dun xornal de viña	2ª calidade
Vilar	2,5 xornais de viña	1ª e 2ªª calidade

Ademais, tiña 17 cabezas de gando vacún esparexidas en distintas casas de veciños de Taboada, Doroña, Vilar e Andrade[60].

Referimos como último exemplo desta escolla, o que o *Catastro de Ensenada* refire verbo do percibido en décimos e primicias polo anteriormente expresado Joaquín Maldonado na parroquia de Andrade:

> *"Don Joaquín Maldonado, vecino de Puente de Heume por el derecho que representa hace la mitad de todo el cura párroco una cuarta parte y la restante Baltasar Pardo, vecino de la feligresía de San Martín de Meirás, jurisdicción de Miraflores, con declaración que de la cuarta parte de éste*

58. Cf. C. García Cortés, *Clero fallecido…, A. c*., 176.

59. *Ibíd.,* 175.

60. Cf. S. Daviña Sáinz, *Pontedeume a través del Castastro de Ensenada…, A. c*., 147.

saca otra cuarta el priorato de Jubia que es del monasterio de Lorenzana orden de Nuestro Padre San Benito y de esta última segunda cuarta parte vuelve a deducirla diez y seis el referido Don Joaquín Maldonado"[61].



G. P. Pannini (1691–1765) "Visita de Carlos III a la basílica de San pedro en Roma, cuando era rey de Nápoles

IV. O Clero como grupo social

No ambiente social a herdanza do barroco segue a sentirse marcada, sobre todo no rigorismo moral que, practicamente, absorbe calquera outro contido relixioso. O clero parroquial debía ser un axente de concordia. O cura era moito máis que un mero axente burocrático da Igrexa institucional: nos pequenos núcleos rurais o contacto cos fregueses era constante, o cura era o seu conselleiro natural, compañeiro de faladoiro que podía instruílos, aínda que tamén podía xogar un papel máis represor como multalos por non iren á misa, ou mesmo poñelos en interdito se non pagaban o décimo ou non cumprían coa asistencia aos sacramentos. Incluso nas grandes cidades, a abnegación, o desinterese e o celo de moitos destes homes, deberon contribuír a que se gañaran o respecto, e ás veces mesmo o afecto, dos seus fregueses.

1. Igrexa e sociedade na Galicia do século XVIII

Esta centuria do XVIII, no ámbito das relacións entre Igrexa e o Estado, caracterízase polo regalismo da Coroa, quen trataba de impor a súa xurisdición sobre a da Igrexa[62]. Esta intrusión durante o reinado dos últimos Austrias xustificábase polos privi-

61. Id., *Las parroquias de la jurisdicción de Pontedeume…, A. c*., 154.

62. O gran ideólogo en España desta idea foi Pedro Rodríguez de Campomanes, político e intelectual no reinado de Carlos III.

lexios que a Santa Sé lle concedera aos reis de España como recompensa por servizos prestados á Igrexa (por exemplo, a conquista e a evanxelización de infieis). Unha vez asegurado o trono de España, Filipe V restableceu as relacións coa Santa Sé mantendo as ideas regalistas do padroado universal, é dicir, do dereito do soberano na presentación e provisión de oficios e beneficios eclesiásticos, dereito que foi moi protestado dende Roma. Logo de sisudas negociacións, en 1737 asínase un Concordato, que deixaba sen resolver o problema barruntando a continuación de negociacións para aclarar este punto. Por fin, en 1753, o papa Bieito XIV recoñece o dereito do padroado español no nomeamento de bispos, abades de mosteiros e beneficios diversos e, polo tanto, á administración das súas correspondentes rendas. Como compensación por esta renuncia pontificia, a Coroa comprometíase ao aboamento de importantes cantidades de pensións.

Este regalismo borbónico e o seu esforzo por crear unha Igrexa nacional foi apoiado ideoloxicamente polos *xansenistas*, un movemento reformista europeo con particular arraigo en Francia que poñía o seu acento en purgar o catolicismo das súas formas máis emotivas, suntuosas e barrocas. Pretendendo a febleza do Papa e da Inquisición, promoveron as ideas ilustradas a través da reafirmación do poder episcopal, en orde a reformar a moralidade, a devoción popular, o control do sistema de educación e, así, acadar o cambio social e relixioso. Estas ideas converteron a Compañía de Xesús no seu principal inimigo a bater[63].

Por iso consideramos que outro dos trazos descritores desta relación foi a expulsión dos xesuítas de España, pois aínda que estaba lonxe de ser unha cuestión relixiosa –foi froito dunha decisión política–, tivo amplas repercusións no estamento eclesiástico. Practicamente, tódolos bispos españois apoiaron o decreto real afastándose da postura do Pontificado que non aceptaba aquela proscrición, provocando unha evidente dualidade de formas relixiosas e de mentalidades que, por forza, produciron diverxencias e mesmo violentas discusións. Ao marcharen os xesuítas, os dominicos e agostiños dirixirán a conciencia dos españois, favorecendo o debate entre rigoristas e probabilistas e dous estilos de pastoral. Os primeiros, usando da relixiosidade popular, con planeamentos doutrinais moi superficiais, os segundos tratando de asumir actitudes ilustradas: superación das supersticións e piedade racional. Noutras palabras: rigorismo e interiorización, en contraste con sermóns e cerimonias[64].

No campo das ideas, espállase o enciclopedismo que acentuará o principio protestante do libre exame e mesmo o indiferentismo deísta que cuestiona as relixións positivas.

Nas súa obra de 1752 (un pouco antes da firma do Concordato): *Tratado de la regalía de España, o sea, el derecho real a nombrar a los beneficios eclesiásticos de toda España y guarda de las Iglesia vacantes*, reclamaba para a Coroa o exercicio do padroado pois era unha regalía inherente ao Soberano na súa calidade de representante do pobo e esencial para protexer os seus vasalos e evitar o nomeamento de estranxeiros.

63. Outra das disputas entre a Coroa e a Compañía de Xesús tiña que ver sobre se os relixiosos estaban ou non exentos de pagar décimos nas súas extensas posesións no Novo Mundo.

64. Cf. A. Mestre, *Sociedad y religión en el siglo XVIII*, en: "Chronica Nova" 19 (1991) 257-270.

Outro dos acontecementos a ter en conta foi a chegada da Revolución Francesa en 1789. Até que punto o clero galego, especialmente o rural, tiña coñecemento do que estaba a suceder en Francia? Fose como fose, o certo é que o Decreto da Asemblea Lexislativa Francesa de 20 de maio de 1792 condena ao desterro a todos os sacerdotes que non prestaran xuramento da Constitución de 1791. Froito deste desterro chegan a Galicia uns 300 eclesiásticos exiliados, a través dos portos de Ribadeo e A Coruña ingresando moitos deles en mosteiros rurais. Axiña inculcaron no pobo e no clero a aversión ás ideas e prácticas revolucionarias. En marzo de 1793 España decláralle a guerra a Francia e, ao ano seguinte, o Capitán Xeneral de Galicia en previsión dun posible desembarco dos franceses polo que lle prega á xerarquía eclesiástica que exhorte os fregueses sobre a necesidade de tomar as armas. En decembro de 1793, o arcebispo Malvar Pinto redacta unha circular dirixida aos párrocos e ecónomos do Arcebispado para que no ofertorio das misas populares expuxeran aos homes asistentes e que non fosen necesarios para o cultivo, a posibilidade dun alistamento voluntario e participar nunha posible guerra contra Francia, xustificándose tanto pola defensa da fe como a salvagarda dos dereitos do Soberano. Dos 460 destinatarios entre o clero baixo desa circular (párrocos e arciprestes), só 133 (un 28,9%) decántanse expresamente por participar e animar a ir á guerra e as escasas manifestacións favorables á revolución tiveron eco entre párrocos, porén en concordancia coa súa formación regalista e o seu pensamento favorable ao xansenismo, amósanse como firmes adversarios da revolución[65].

2. Formación e acceso á clerecía

Entre 1680 e 1750 producíronse na Europa católica acontecementos políticos e cambios socioculturais que modificaron o perfil social do clero, alterando a súa constitución cultural e mesmo a práctica pastoral e a propia vivencia íntima da relixiosidade. Cambios que afectaron as institucións e os contidos que até o de entón configuraran o proceso formativo dos que ían exercer a cura de almas. En adiante, impulsaranse accións de cara a que a preparación do clero, particularmente o secular, tivese un carácter máis permanente co obxectivo de mellorar a súa calidade intelectual e moral.

Na sociedade do Antigo Réxime o ton da relixiosidade popular dábao o clero, "de ahí que la misma sociedad civil sentía por el problema de su reclutamiento y de su formación"[66]. Xa o Concilio de Trento establecera uns mínimos para acceder á clerecía, mais foi o papa Inocencio XIII coa constitución *Apostolici Ministerii*[67] de 23 de maio de 1723 quen, entre outros asuntos, regulou o recrutamento, a selección e a formación dos futuros clérigos. Mandaba que ningún aspirante accedese ao presbiterado antes dos 25 anos de

65. Cf. J. A Vázquez Vilanova. *El clero gallego ante la Revolución Francesa de 1789*, en: "Estudios Mindonienses" 19 (2003) 645-667.

66. B. Barreiro Mallón, *El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos (Siglos XVI-XIX)*, en: "Compostellanum" XXXIII (1988) 3-4, 470.

67. Cf. *Bullarium Romanum*, nº 21, 931-942. Ao ano seguinte foi lexitimada polo seguinte pontífice, Bieito XIII.

idade, e urxía o clero parroquial á dedicación pastoral e catequética como con-dición indispensable na súa tarefa da cura de almas[68]. "Se a Igrexa española coñeceu mo-mentos de auténtica renovación –que os tivo, e moitos–, talvez sexa o do século XVIII un dos máis sinalados, e decididamente no que a seminarios se refire"[69].

A principios de século, a entrada no estado eclesiástico facíase mediante a recepción da tonsura clerical e as catro ordes menores e, segundo as prácticas da época, ao sacerdocio accedíase bastantes anos despois, moitas veces tras concluír unha carreira universitaria e obter un cargo eclesiástico suficiente para a congrua sustentación. Porén, xa chegados os mediados do século XVII e os principios do seguinte significan unha época decadente nos que á formación eclesiástica se refire. Neses tempos, o futuro clérigo formábase en colexios universitarios seguindo as consignas da sesión XXIII do Concilio de Trento[70]. O máis importante a considerar no futuro clérigo era un comportamento absolutamente sen chata. Os párrocos da localidade natal do candidato eran os responsables de interrogar a unha serie de testemuñas sobre este matiz, tentando obter a máxima información sobre calquera ausencia inxustificada, a frecuencia na recepción dos sacramentos, cumprimento das súas obrigas, compañas que frecuentaba ou evitaba, antecedentes familiares... Por suposto, era imprescindible estar bautizado e confirmado, e a limpeza de sangue era requisito indispensable. A existencia de defectos físicos excluía ou obstaculizaba a adscrición ao estamento eclesiástico.

Porén, aquelas normas que serviran para outros tempos, agora quedaran obsoletas e os estudos moi pobres, na maior parte dos casos pola falla de bo profesorado, con exceso de etiquetas e cerimonias, que fixeron desaparecer a naturalidade e o san humanismo das primeiras fundacións. As ciencias sagradas estudábanse entre moitas loitas de escolas e teorías probabilistas. Da ciencia positiva, nada, e menos de algo tan renovado que soara a pastoral ou preparación directa para o apostolado. Ao longo do século, a Coroa interésase pola reforma dos estudos eclesiásticos e, no reinado de Carlos III (1759-1788), publícanse ordenanzas e pragmáticas para regulamentar o estudo da Teoloxía, determinando estendela ao longo de sete anos, tornando ao coñecemento dos Lugares Teolóxicos de Melchor Cano, Sagrada Escritura, Literatura cristiá, Historia da Igrexa e Teoloxía Moral[71].

68. Cf. L. Resines Llorente, *La catequesis en España. Historia y textos*, Madrid, BAC 1997, 376.

69. F. Martín Hernández, "Seminarios", en: Q. Aldea - T. Marín- J. Vives (Dirs), *Diccionario de Historia Eclesiástica de España*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas 1975, Vol. IV, 2426.

70. Catro eran os Colexios Maiores: o de Fonseca (a Universidade), San Xerome, San Clemente para pasantes e outro específico para os irlandeses, creado por Filipe III e rexentado polos xesuítas. As testemuñas que declaran nos procesos de designación de dous arcebispos composteláns do século XVIII (Luis Salcedo y Azcona 1716-1722 e Cayetano Gil Taboada 1745-1751) depoñen que: "Hay dos Colegios para estudiantes Mayores, y otro como seminario para estudiar muchos pobres, en que se admiten de todas las Provincias de este Reino de Galicia, en que sustentan veinte y cuatro muchachos para estudiar Artes y Filosofía, en que se les asiste con todo lo necesario, pero a expensas de la Universidad de aquella Ciudad" (...) "En dicha Santa Iglesia hay una Universidad con un Colegio Mayor en ella de Teólogos y Juristas, y mantiene un seminario de veinte y cuatro estudiantes Artistas con su rector, regente y fámulos, sus fondos serán de veinte mil ducados"; M. Rodríguez Pazos, *O. c.,* 247.

71. Cf. M. L. Candau Chacón, *La carrera eclesiástica en el siglo XVIII*, Sevilla, Publicaciones de la Universidad, 1993.

Un indicativo verbo destas reformas témolo na análise das bibliotecas particulares dos eclesiásticos. Autores que desenvolveron esta liña de investigación[72] conclúen que predominan os libros dirixidos á practica pastoral e, como norma xeral, son bibliotecas que non superan a ducia de títulos. Os libros redúcense a obras de devoción e piedade barroca (en particular vidas de santos e exercicios espirituais), ás veces aparece algún libro de teoloxía moral e manuais de confesores ou do bo sacerdote. Os máis correntes son, sen dúbida, os libros do rezo eclesiástico, ferramentas básicas para o exercicio do ministerio pastoral: breviarios, misais, diúrnos, oficios de Semana Santa e de defuntos. Non adoitaba faltar algún manual de confesión ou sobre o matrimonio, a preparación do individuo e da súa alma ante a morte, guías para as rúbricas, un ou dous breviarios e, máis raramente, textos de apoloxética. Un par de libros de doutrina ou catecismos, algún texto de ascética, un exemplar da Biblia, algún libro de dereito canónico e, en casos especiais, tamén de historia eclesiástica. Libros de patrística e de dogmática e escolástica resultan moi excepcionais.

A medidos de século, co asinamento do Concordato de 1753, a situación da teoloxía veuse moi afectada polo control que sobre dela facía o Monarca, creando fortes controversias, por exemplo verbo da obediencia ao Papa, que chegaron á toma de decisións como a xa indicada de expulsar os xesuítas de España, provocando un baleiro difícil de cubrir en colexios maiores, cátedras e universidades.

Polo que se refire á diocese compostelá tardarase 266 anos en fundar un seminario dende que Trento o dispuxera. Nos colexios universitarios compostelán había establecidas cátedras de Teoloxía e Dereito Canónico. Os arcebispos do momento miraban só o lado académico do tema, sen caer na conta de que aqueles centros non aseguraban a formación sacerdotal que o Concilio desexaba[73] e, por iso e por algunhas oposicións do Cabido Catedral, non urxiron a súa inmediata fundación.

3. Posesión do beneficio: padroado e dereito de presentación

O Padroado é unha institución multisecular que, en Galicia e no norte de Portugal, desenvólvese cunhas peculiaridades propias, estreitamente vinculado ao beneficio e que, sen dúbida, contribuíu á expansión dos señoríos ao seren os propios señores e fundadores das igrexas quen controlaban e mesmo dispoñían del. Ese era o caso, entre outros, dos beneficios de Centroña, Porto e Vilar, concedidos polo papa León X (1513-1521) ao Conde de Andrade[74].

72. Cf. J. Burgos Rincón, *Los libros privados del clero. La cultura del libro del clero barcelonés en el siglo XVIII*, en: "Manuscrits" 14 (1996) 231-258.

73. Cf. C. García Cortés, *El Seminario Conciliar de Santiago. Nuevos datos para su historia*, en: "Compostellanum" XXVI (1981) 1-4, 206.

74. Cf. C. Vaamonde Lores, *Ferrol y Puentedeume: escrituras referentes a propiedades adquiridas por el Monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV precedidas de una breve reseña histórica de las granjas de Brión y Noguerosa con un prólogo de Manuel Murguía*, A Coruña, Tipografía García Ybarra 1909, 4-5, e tamén: A. López Ferreiro, *Historia de la SAMI Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, Imprenta del Seminario Conciliar 1898-1911, Vol. VII, 22-23 e Vol. VIII, 194.

"Los señores eclesiásticos y civiles eran realmente quienes ostentaban en la mayor parte de nuestras parroquias este derecho, a diferencia de Asturias, donde en un gran número de ellas, eran los feligreses los patronos. Los señores o nobles, civiles o eclesiásticos, convirtieron las parroquias rurales gallegas en centros para la depredación y la granjería, como se deduce de un gran número de documentos y disposiciones de toda la Edad Media, y cuando ésta finaliza, como exponente de la situación de todo un obispado, tenemos el Libro de la Visita Pastoral de la Diócesis Auriense en 1478, en el cual cuanto se conocía hasta la fecha acerca de la rapacidad de los señores contra las iglesias y estado de pobreza de los templos aldeanos, es poca en relación al cuadro trazado en las páginas de este libro"[75].

Xa indicamos como Filipe V tentou acadar o carácter universal do Padroado español requirindo á Santa Sé para a Coroa española o exercicio do dereito de actuación en todos os seus territorios sobre cuestións eclesiásticas, mesmo sen a participación do Papado. Deste xeito, e por mor destas reclamacións, asináronse os concordatos de 1737 e 1753. Nun principio a Igrexa non concedeu o expresado padroado universal, o que trouxo como consecuencia unha situación de enorme tensión entre as dúas institucións. Finalmente, redactarase o pacto de concesión polo que a Santa Sé ofrecerá á Coroa a posibilidade de presentar e nomear bispos, cóengos, abades e beneficios seculares ou regulares, tanto en España como nas Indias.

Reiteramos que, logo de rematar o tempo de formación, a recepción das ordes dilatábase uns dous ou tres anos. A que era debido isto? Pois a que se o candidato fracasaba na oposición pola obtención dun curato, ou non atopaba un padroado que o presentase para un beneficio ou capelanía, estaba obrigado a constituír un patrimonio sen o que non sería admitido ás ordes[76].

En ambos os dous casos, a provisión de moitos curatos e beneficios estaba suxeita ao padroado leigo. No caso que nos ocupa aos herdeiros dos Condes de Andrade, que exercían o dereito de presentación sen intervención da Coroa, aínda que había tamén, noutra boa parte de territorios, unha situación complexa e mesmo confusa, por seren á vez de presentación mixta e alternativa. En Galicia, actuaban como verdadeiros señores os mosteiros que tamén presentaban beneficios curados[77].

O desexo xeral de todos os presenteiros era ampliar as súas atribucións de prebendas eclesiásticas, dando lugar esta actitude a problemas e litixios cos bispos. Xa fixemos notar que o propio Concilio de Trento ordenaba garantir a idoneidade dos candidatos me-

75. J. M. Fariña Jamardo, *La parroquia rural en Galicia*, Madrid, Instituto de Estudios de Administración Local 1975, 178.

76. Cf. M. Barrio Gozalo, *El clero bajo sospecha…, A. c.,* 47-62.

77. No informe que en 1740 o arcebispo compostelán Manuel Isidro Orozco Manrique de Lara (1738-1745) envía a Roma por mor dunha Visita *Adlimina* á Santa Sé, fai alusión ao problema que xeraban os dereitos de presentación, pois sendo algúns persoais e outros hereditarios e xentilicios, nalgún beneficio se estendía a máis de dous mil presenteiros, polo que os Tribunais do Reino arrepiaban dos litixios que se seguían para a colación, acabando por seren as prexudicadas as propias parroquias que tardaban mesmo anos en seren provistas. Cf. J. R. Hernández Figueiredo, *Las "relationes…, O. c*., 134.

diante os exercicios de concursos, mais as oposicións só se verificaban para os curatos importantes, mentres que as parroquias rurais e pobres non atopaban quen quixese servilas, prolongando unha situación de desigualdade, consecuencia da distribución pouco racional, circunstancias históricas e inmobilismo típico da Igrexa española do século anterior[78].

Tipoloxía dos Presenteiros das parroquias do Arciprestado de Pruzos (Fonte: B. Barreiro Mallón, 2002)

Señores leigos	Mosteiros	Nobreza	Arcebispo
21	41	29	8

Os leigos controlaban, xa que logo, a metade dos curatos de Pontedeume. Problema serio para os bispos, que quedaban coas mans atadas verbo da atención pastoral idónea. Problema agrandado cando as presentacións se facían para oficios eclesiásticos que non tiñan aparellada a cura de almas (as coñecidas como *sinecura*), conflitos xudiciais que eran frecuentes e arriscados.

4. Vida familiar

Unha vez que o clérigo acadaba un curato ou beneficio, fose mediante concurso ou por presentación, axiña creaba ao seu redor unha forte trama de pertenza e recursos de parentesco.

> *"Tradicionalmente el clero católico no funda familias, en el sentido clásico del término, ni tampoco constituye grupos domésticos tal y como la metodología de la Escuela de Cambridge los entiende. Pero, ¿es que acaso esta dificultad metodológica ha impedido que el clero, y más concretamente el del Antiguo Régimen, participe y tenga una vida familiar?"*[79].

A sociedade do Antigo Réxime tiña un grao de corporativismo moi superior a outras épocas. No artello de poderes e distintas situacións económicas, a familia asumía un rol importante e esencial. Formaba parte dos poderes intermedios entre a persoa e o Estado. A través dela regulábanse procesos de reprodución social por medio de múltiples estratexias: matrimonios, herdanzas, vínculos, fundacións de obras pías… Con todo, cómpre dicir que o clero era todo o contrario a unha clase pechada, ou exclusiva, en parte porque procedían de todos os estratos sociais, porque a súa formación se desenvolvía entre outros segrares (xa fixemos notar como en Galicia os Seminarios aínda non acadaran moita implantación) e mesmo porque a súas vidas estaban ao mesmo plano das ideas, sentimentos e angueiras que o resto dos seus veciños.

78. Cf. A. Domínguez Ortíz, *La sociedad española en el siglo XVII*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas 1970. Vol. II, 53.

79. I. Dubert García, *Los comportamientos del clero urbano en Galicia: El ejemplo de Santiago de Compostela en el siglo XVIII*, en: "Compostellanum" XXXI (1986) 3-4, 443.

Na época que nos ocupa, o clérigo era o protector da súa familia, e esta non só comprendía os individuos que vivían no mesmo fogar, senón que estaba constituída por persoas cuxos lazos persoais, de parentesco, afinidade e consanguinidade axudaban á reprodución do sistema social[80]. En máis dunha ocasión, os eclesiásticos (especialmente o clero secular) foron acusados dun amor desordenado cara aos seus parentes, despoxaban en beneficio propio á Igrexa do produto das rendas que disfrutaban. O Arcebispo eumés Rajoy y Losada albergaba baixo o seu teito un total de 56 individuos, entre familiares e serventes[81]. Neste senso, a amplitude dun grupo é similar aos da nobreza, producíndose unha relación entre a extensión e o status social que durará mesmo até o século XIX. A cantidade e número de domésticos son un indicador de prestixio social. Porén, a outra categoría (o clero baixo), amosa a menor cantidade de individuos por fogar. Chegan a ter consigo un ou dous serventes. Maior importancia semellan ter os parentes, nais, irmás, sobriñas... Sen o seu parente eclesiástico, aquelas mulleres atoparíanse desamparadas nun mundo que lles era hostil. Estes comportamentos familiares tamén explican a calidade e condición das vivendas nos que poden atoparse, ben como propietarios ou como inquilinos. Evidentemente, a casa do arcebispo Rajoy está na rúa principal da Vila, edificio con tres altos, grandes habitacións, cociñas, bodegas e cabalerías, xustificadas por manter un gran número de serventes ao seu abeiro. Pola contra, o clero baixo vive en residencias modestas de acordo cos seus ingresos. Os seus desvelos pola familia estenderase até o momento da morte, á que doaran todas as pertenzas asegurándolles un futuro inmediato.

Dende unha concepción de preeminencia, radicaban as súas casas no corazón da Vila. Por exemplo: na rúa Real ou Maior, ademais da casa propiedade do arcebispo Rajoy tamén tiveron a súa residencia: Xosé Graña, Xosé Varela, Xoán de Castro, Xoaquín Maldonado, Bieito Arias de Mandiá, Baltasar Arias Alfeirán, Bernardo de Arriola, Manuel Inocencio Pita, Nicolás Rey e Pedro Rivera. Na praza do Conde tiñan casa: Xacinto da Fraga, Matías Fernández, Nicolás del Río e Francisco Tenreiro. Na de Santiago: Martín Antonio de Prado e Cristóbal Martínez. A maioría das casas eran de pequeno tamaño e as construcións moi básicas, cun alto que diferenciaba a súa disposición interior e a súa habitabilidade. En xeral estaban fabricadas con materiais de baixa calidade; cómpre ter en conta que a masa forestal existente na Galicia occidental era inferior ao 2% da superficie, que as pezas de madeira grandes non se conseguían doadamente e que a expansión do piñeiro –madeira barata– era aínda incipiente a mediados do XVIII; por outra parte, o arborado estaba sometido a control oficial xa que as madeiras grandes se destinaban á construción naval en Ferrol. En canto á pedra, tampouco resultaba de fácil obtención, tanto pola súa extracción e labrado, como porque os espazos onde a había tiñan os seus propietarios, particulares ou colectivos que restrinxían ou cobraban o seu uso[82].

80. Cf. A Erias Roel y Otros, *La historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos*, Santiago de Compostela, Universidad 1981, 21-113.

81. Cf. I. Dubert García, *Los comportamientos del clero..., A. c*., 444.

82. Cf. O. Rey Castelao, *Casas y Cosas en la Galicia occidental en el siglo XVIII*, en: "Cuadernos de Historia Moderna"

Tamén nas parroquias do concello extramuros da vila creábase no seu nivel a mesma rede. Xosé Rivera, de 46 anos de idade e Párroco de San Cosme de Nogueirosa, convivía cun criado maior de 18 anos. Pedro Sanmartín, párroco de San Pedro de Vilar, convivía con 2 criados, un maior de 18 anos e o outro menor desa idade. Parécenos interesante dicir algunha palabra verbo do servizo doméstico dos eclesiásticos pois o nivel de ingresos económicos incidía con forza sobre a forma que adoptaban na súa vida doméstica. A opción dos eclesiásticos de vivir en relativa soidade non era só unha opción de natureza relixiosa senón tamén unha circunstancia sobre a que pesaban factores de orde económica e social. De xeito semellante a como acontecía no conxunto da sociedade galega da época, a presenza ou ausencia de criados nas casas reitorais ou domicilios do clero rural estaba determinada pola posición que ocupaban na gradación do estamento, e polas rendas percibidas polo exercicio da cura de almas, criterio que mesmo explicaría o diferente tamaño e radicación dos seus fogares. O número de serventes que traballaban nas casas dos clérigos tende a reducirse a medida que descendemos na xerarquía, do mesmo xeito que o fai tamén a posibilidade de contar con criados varóns, sobre todo se estes son maiores dos 18 años. A preferencia que os sectores máis baixos do clero secular da Galicia interior amosaban polas criadas está en relación co menor custo do seu traballo[83].

5. Vestimenta

Os atavíos utilizados polos eclesiásticos, fose no ámbito doméstico ou na súa perspectiva pública, enxertábanse nos parámetros xerais dos hábitos do vestir da poboación en todas as súas categorías socio-profesionais. Porén, a vestimenta eclesiástica socializaba, diferenciaba e mesmo daba prestancia. Unha das posibles terapias para exorcizar as crises do século das luces, consecuencia directa dunha mellora nos niveis de vida, era vestirse máis e mellor, aínda que iso retrucara a modestia, a moderación e o combate contra a suntuosidade que requirían as vereas eclesiásticas. Outra era comer mellor.

Certamente non todos os eclesiásticos podían permitirse uns idénticos xeitos de vida, nin de cultura material, nin todos usufrutuaban un fondo de armario igual de nutrido e de similar calidade. As circunstancias persoais estaban mediatizadas polas rendas que colocaban a cada quen nun chanzo diferente da pirámide social. Xa fixemos notar como no clero secular había marcadas diferenzas no tocante aos niveis de renda, fortuna, familia e mesmo confort doméstico, parámetros que describen as diferenzas entre clero baixo e clero superior. Estas circunstancias de certo que tamén se reflectiron no número e calidade das súas vestimentas.

O vestir simboliza a identidade do sacerdote, é unha ferramenta coa que transmite a dignidade do seu oficio ministerial pola que se distingue do resto da sociedade. Os eclesiásticos dispoñían de enfeites de marcado carácter clerical e tamén doutras roupas de

83. Cf. I. Dubert García, Composición, salarios y promoción social en el servicio doméstico rural de la Galicia interior 1700-1825, en: "Mundo Agrario" 18 (2017) 39, 5-6.

uso xeneralizado entre a poboación leiga. Os espazos cotiáns en que materializaban as súas existencias, na casa, na parroquia, nas rúas, na caza, na montura… impelíaos, ben por comodidade ben por imperativo laboral, a vestirse con indumentarias apropiadas para cada situación.

Varias prendas eran esenciais do adobío clerical. Sobrepelices, manteos e sotanas, hábitos e roupas de coro, roquetes, bonetes e camisas –ademais dos complementos básicos de calzado e vestimenta da cabeza– respondían a unha fuxida xeneralizada das cores suxestivas o mesmo que de todos aqueles indicadores que puidesen facer atractivo o home que os portara e, sobre todo, á lonxitude da roupaxe. O vestir dos eclesiásticos respondía ao criterio básico de non ser nin demasiado curto nin demasiado longo, se ben foise impoñendo o hábito até os tacóns -*talar*- que, dende o século XVI, privilexiaba a cor negra e a sotana, sobre a que se axustaba unha capa para andar por fóra, quedando a cor branca para as prendas litúrxicas.

O sobrepeliz, vestidura eclesiástica de liño, branca, nin demasiado longa nin demasiado curta, con mangas anchas, abertas de par en par, era habitual nos acompañamentos fúnebres. Porén, o roquete, de escasa implantación entre o clero baixo e medio, estaba moi presente nas casas do clero capitular. Aínda que tamén se confeccionaba con liño, distinguíase do sobrepeliz porque tiña as mangas estreitas e axustadas que mesmo chegaban até os pulsos. De forma similar aos sobrepelices, os roquetes aparecen xerarquizados, en calidade e prezo. Entre os inventarios do clero baixo son escasas as súas aparicións, e a súa taxación –a máis barata entre 22 e 38 reais/peza de termo medio– convertíano en patrimonio case exclusivo do clero catedralicio ou de maior rango. Os roquetes de Cambray con encaixes de Flandres, adoitaban roldar os 100 reais a peza. Similares apreciacións son aplicables no referente a sotanas, manteos, hábitos e roupas de coro. As camisas e camisolas, brancas, signo de pulcritude, decencia e honestidade, non eran unha mera sucesión da pel. Non se concibían como un tecido sen estridencias que pasara desapercibido, senón como un símbolo da humildade sacerdotal, en contraste cos tons escuros da sotana e o manteo[84].

6. Incidencia na vida pública local

Analizando o estamento eclesiástico, "conocemos bastante bien la realidad del siglo XVIII desde el punto de vista material y de funcionamiento, pero no tanto desde la perspectiva del comportamiento del conjunto del clero"[85]. Como eran quen de harmonizar recato, pulcritude, honestidade, prestixio e distinción nun mesmo discurso intelectual e funcional? Cómpre, xa que logo, dicir algo verbo desta fasquía.

A función pública eclesiástica está constituída polo conxunto de actividades que se levan a cabo mediante a potestade de xurisdición e están destinadas a obter os fins da

84. Cf. F. J. Sanz de la Higuera, *La vestimenta del clero en el siglo XVIII*, en: "Revista de Historia Moderna" 31 (2013) 127-146.

85. B. Barreiro Mallón, *El clero de la Diócesis de Santiago a través de las visitas pastorales, visitas ad limina, registros de licencias ministeriales y concursos a curatos*, en: "Compostellanum" XXXV (1990) 3-4, 503.

Igrexa como institución, cuxa ordenación e articulación realízase a través dunha serie de técnicas organizativas. A primeira e máis básica é o oficio canónico, é dicir: o exercicio do cargo[86]. Non ofrece dúbida: os eclesiásticos, polo exercicio do seu cargo, tiñan unha relevante influencia na vida pública, o que traerá como consecuencia unha veta anticlerical que se exacerbará no séculos seguintes. Son coñecidas as nóminas de eclesiásticos que desempeñaban altos cargos estatais, mesmo a gobernación do Reino de Galicia estivo en varias ocasións nas mans de arcebispos composteláns. Igualmente, son coñecidas as figuras dos confesores dos monarcas que acababan, en moitos casos, influíndo nos asuntos públicos. A nivel local, tampouco foron escasas as intromisións dos eclesiásticos en asuntos do poder secular. Esta pouca claridade nos límites entre dominio temporal e espiritual carreou conflitos xurisdicionais que, rara vez, atoparon solución en Roma, pois en España sempre era El-Rei quen tiña a última palabra.

No caso galego, ao contrario do que sucedía noutras rexións peninsulares, os párrocos chegaron a absorber o 60 % do volume total dos décimos. Este feito é esencial para comprender como se articulaba o poder local no Antigo Réxime, pois á influencia como representantes da Igrexa –condición que lles permitía controlar o comportamento moral dos fregueses– uníase moitas veces un notable nivel de ingresos, e unha clara vinculación coa fidalguía ou do campesiñado acomodado do que procedían e cos patróns que os designaban. A súa residencia case permanente na parroquia dáballes un gran coñecemento do día a día dos seus conveciños que o convertía nun aliado ideal ou nun mal inimigo de quen tivese terras ou percibise décimos. A súa capacidade de velar polo pago das rendas, ou de detectar todo intento de fraude ou engano a un propietario absentista, de declarar a favor nun preito ou influír nas declaracións dos fregueses convertía moitos párrocos en elementos destacados do poder local das súas respectivas demarcacións. E non esquezamos que a súa capacidade financeira, baseada case sempre nos ingresos decimais, permitíalles estar entre os prestamistas más solicitados polos fregueses[87].

Outra actividade da potestade de xurisdición era o sermón. Nesta época caracterizábase por ter unha gran difusión e capacidade para adoutrinar, moldear conciencias e mesmo marcar pautas de comportamento. Os sermóns foron chave para manter a unidade da fe católica e o estado de opinión verbo de sucesos e acontecementos nunha sociedade maioritariamente analfabeta que se servía da transmisión acústica do saber. Ademais podía ser tamén un medio enormemente apto para a propaganda política, especialmente en circunstancias como, por exemplo, a dos inicios de século que coinciden coa guerra de sucesión española, ou a de 1719 coa invasión, por parte da Armada inglesa, das costas galegas. Esta ocupou, en non pequena medida, o clero en funcións directamente castrenses[88],

86. Cf. G.M. Morán, *La evolución de las relaciones Iglesia-Estado en Galicia hasta el siglo XIX: Pautas y peculiaridades históricas de la organización eclesiástica*, en: "Anuario da Facultade de Dereito da Universidade de A Coruña" 2 (1998) 369-394.

87. Cf. A. Fernández González, *Los grupos de poder local en Galicia (1750-1780),* en: "Noticiario de Historia Agraria" 9 (1995) 129-153.

88. O 26 de febreiro de 1740 fina en Pontedeume o presbítero Francisco Varela, na súa acta de defunción sinálase que: "era

e o sermonario adoitaba ao enxalzamento da institución monárquica e á xustificación da lexitimidade relixiosa das súas causas[89].

Durante o século XVIII a xerarquía tentou incorporar o clero mercenario ás funcións ministeriais e pasar obrigatoriamente as correspondentes probas e controis avaliadores, tanto dos seus coñecementos como dos seus comportamentos. Os estudos feitos sobre este tema determinan que, na diocese compostelá, só 1 de cada 6 cregos mercenarios suspenderon o exame de coñecementos e 1 de cada 22 foi reprobado pola súa mala conduta expresada en defectos de incontinencia, embriaguez, dedicación aos negocios e exorcismos[90].

O clero secular, moi burocratizado, tomaba escasa parte nas actividades misionais. Estas foron máis ben obra das ordes relixiosas. Predicación, ofensiva contra o mal a través de resortes de psicoloxía de masas, uso frecuente do canto, organizábanse procesións, actos de contrición e confesións… Porén, é argumento bastante avinzado que a transformación moral era pasaxeira e ao cabo dun tempo os vicios e defectos rexurdían, aínda que a reiteración destas prédicas misionais acabaron por deixar unha pegada na sociedade española.

Mentres o clero regular actuaba por medio da persuasión e o exemplo, a xerarquía eclesiástica adoitaba a actuar por vía coactiva, usando se fixera falla, os recursos que concedían as leis civís. En todas as capitais había un xuíz eclesiástico que, se ben en principio estaba destinado aos relixiosos delincuentes, en máis dunha ocasión tamén xulgaba segrares creando conflitos xurisdicionais verbo de quebrantos de traballos en domingos e festas, cumprimento do precepto pascual, censuras…

No que se refire ás confrarías (Trento obrigaba á institución en todas as parroquias á do Santísimo e á da Doutrina Cristiá), a súa distribución territorial está bastante regulada a nivel de concello, mais tamén na vila é onde se produce unha verdadeira concentración, confirmando que a relixiosidade era un problema fundamentalmente urbano. Por exemplo, na segunda metade do século XVIII, Pontedeume contaba con nada menos que 13 confrarías para 490 veciños, que sen dúbida xustificaba o peso dos seus 18 curas na vila... Polo que é doado concluír que a mellora do estado eclesiástico traduciuse tamén nunha mellor actividade e formación relixiosa do pobo, dato contrastado polas declaracións dos Visitadores que no século XVIII confirman que o 92% das parroquias visitadas amosaban un bo nivel de coñecemento da doutrina cristiá[91].

7. Moral e costumes

Aínda que con menos forza que noutras zonas de España, tamén na Galicia do século XVIII houbo eclesiásticos adheridos ás ideas e realizacións ilustradas para

capelán do hospital que El Rey Nuestro Señor tiene en dicha Villa para sus tropas". Cf. C. García Cortés, *Clero fallecido en Pontedeume…, A. c*., 171.

89. Cf. F. Martínez Gil, *Los sermones como cauce de propaganda política: La Guerra de Sucesión*, en: "Obradoiro de Historia Moderna" 22 (2011) 304-305.

90. Cf. B. Barreiro Mallón, *El clero de la diócesis de Santiago…, A. c.,* 504.

91. *Ibíd.,* 515.

purificar a Igrexa dos elementos barrocos e supersticiosos de herdanzas pasadas. Porén, en pobos e vilas como Pontedeume encadrados nunha mentalidade medieval de cristiandade clerical, mesmo vixiada pola Inquisición, estes esforzos de renovación non tiveron moi longo percorrido.

> *"Tal situación creaba un tono pesimista de la vida en sintonía con la decadencia nacional. Conciencia aguda de finitud y negatividad de las cosas (mal, pecado, muerte), vivencia de la inseguridad frente a la naturaleza (inclemencias atmosféricas, cataclismos, pestes y enfermedades), temor a las consecuencias escatológicas (castigos divinos, juicios de Dios, condenación eterna, tormentos del infierno). Los historiadores se preguntan por esa atmósfera de miedo y angustia"*[92].

Os decretos do Concilio de Trento trataron de converter os membros do baixo clero en figuras respectables para os seus fieis, e para iso fomentaron dous instrumentos: os sínodos e as visitas pastorais. Os primeiros eran asembleas do bispo co seu clero. Deles emanaban unhas constitucións ou normas que, entre outras cousas, ían dirixidas a evitar transgresións morais dos sacerdotes. As segundas eran inspeccións das parroquias dunha diocese, realizadas polo bispo ou un visitador nomeado por este, para avaliar a dedicación ao traballo pastoral dos clérigos. Estas visitas tiveron unha grande importancia como medio para difundir os decretos tridentinos. O Visitador comprobaba o cumprimento das normas sinodais insistindo nelas no caso de non cumprirse. Revisaba as contas da parroquia e o estado das posesións da Igrexa (fábrica, ermidas, hospitais, ornamentos...); atendía a moral da poboación e mesmo actuaba contra veciños con comportamento moral especialmente censurable; examinaba os labores de beneficencia e recollía información xeral sobre o clero regular. Adoitaban a xirarse de xeito esporádico por mor das dificultades que estas tiñan, por exemplo, o mal estado dos camiños e as longas distancias que, nalgún caso, obrigaron á demora de varios anos. Tanto as constitucións sinodais como os informes das visitas pastorais ofrecen valiosa información sobre a conduta dos eclesiásticos rurais. Trento ditara estas consignas: aumentar a formación intelectual, vestir sempre con sotana, erradicar o concubinato e prohibición de participar en festexos dos fregueses. Estas instrucións tiñan o seu reflexo nas constitucións sinodais, que as ampliaron á abstención de certos temas de conversación, sobriedade na comida, non levar armas, non dedicarse a negocios seculares e evitar un excesivo contacto coas freguesas[93].

Nos informes das visitas pastorais xirados no noso contexto obsérvase un bo comportamento na maioría dos clérigos, aínda que no faltan os que presentan diversas faltas. Entre os sacerdotes dábanse os escándalos máis notorios pois moitos deles tiñan por

92. E. Vilanova Bosch, *Historia de la teología cristiana*, Barcelona, Herder 1992, Tomo III (Siglos XVIII, XIX y XX), 306.

93. Cf. J. Ayarza Montero, *El clero rural secular en la España del siglo XVIII*, TFG, Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Zaragoza, 2014, recurso electrónico consultado en línea el 23 de abril de 2021 en www.zaguan.unizar.es/record/31256?ln=es#.

única vocación o beneficiarse da capelanía. Nesta época que investigamos os informes sobre clérigos da Visitas Pastorais dan fe dalgúns comportamentos impropios. Por exemplo: o de **Simón Menaya Pulleiro** (1650-1715), quen foi cura de Ombre e Vilar antes de ser sancristán da igrexa de Pontedeume, que seica: "era bo moralista, celebraba ben a Misa mais era tamén mal falado, amigo de preitos e mesmo de roldas nocturnas". Ou tamén o caso de **Antonio Freire de Andrade** (1637-1703) quen anteriormente fora beneficiado dunha capelanía no bispado de Mondoñedo e do que os informes determinan: "era pouco letrado, protagonista de certos escándalos, entre eles, frecuentar unha moza da que se rumoreaba tiña fillos"[94]. Nos casos máis probados abondaba con enviar os clérigos en cues-tión un tempo de retiro espiritual para facelos recapacitar.

8. A Confraría do Clero

As confrarías durante a Idade Moderna son un fenómeno extensivo a todos os estamentos que participan dunha relixiosidade común. Porén, os grupos privilexiados tenderon a crear corporacións exclusivas que lles servían para manifestar a súa posición privilexiada. Xa se sabe que as confrarías eran as representacións institucionais dos antigos gremios profesionais e, polo tanto, os eclesiásticos, como gremio, tamén mantiñan a súa propia, mais no seu caso, a confraría do clero no respondía tanto a un mecanismo de dife-renciación social, innecesario nunha estrutura xerárquica como a eclesiástica, onde o clero sempre ostentou a primacía social sobre as asociacións de leigos, senón ás propias inquietudes espirituais e, sobre todo, ás necesidades asistenciais dos seus membros, especialmente no auxilio na enfermidade, na certeza de ter un enterro acorde coa súa dignidade e sufraxios polas súas ánimas. Tratábase, xa que logo, dunha organización de solidariedade entre clérigos que se agrupan por criterios de territorialidade que foi moi común en toda España.

A do clero eumés, nun primeiro momento antes da reedificación da igrexa de Santiago de Pontedeume, estaba xunguida á confraría do Rosario, que logo quedou identificada coa advocación de Nosa Señora das Neves[95]. Esta confraría mantiña un dobre obxectivo. Dunha banda, contribuía a afianzar un sentimento de unión entre os eclesiásticos dun mesmo territorio, membros todos dun estamento privilexiado. Buscábase con constancia un tipo de clérigo afastado da sociedade no vestir e no convivir, moi concordante cos postulados tridentinos. Estas confrarías tipificaban esa tendencia. E, doutra, atender o confrade na hora da morte. Naquela época, a morte vívese colectivamente, e non se entende a mesma en soidade; todo o mundo debe ser acompañado no tránsito final por un cura e polos veciños, gozar de oracións pola súa alma e procurar unhas honras fúnebres de acordo coa súa posición social.

Os membros da confraría do clero soterrábanse na capela de Nosa Señora das Neves da igrexa parroquial de Santiago. Até finais do século XVIII as inhumacións

94. Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, *Fondo Xeral*, 1.52, Santas Visitas Pastorais, Atado 8 Mazo 3. Arciprestado de Pruzos, Informes sobre Clérigos nº 45 e 49. Citado en: C. García Cortés, *Clero fallecido…, A. c*., 166 e 169.

95. Cf. C. De Castro Álvarez – J. C. Vázquez Arias, *O. c.,* 85.

facíanse normalmente en pequenas parcelas anexas ou no interior dos templos parroquiais. Eran os chamados enterramentos *ad sanctos* ou *apud ecclesiam*. Os altos estamentos dispoñían dunha capela particular para sepultar familiares de xeito diferenciado ao resto da poboación que, logo dunha primeira inhumación, remataba nun osario común para poder acomodar novos enterramentos. Coa chegada da Ilustración comeza a cuestionarse a hixiene dos enterramentos *ad sanctos*. En 1787 Carlos III promulgará unha Real Cédula prohibindo os enterramentos intramuros dos templos, ao tempo que ordenará a construción de camposantos nas aforas de vilas e cidades.

A xerarquía mirou sempre con bos ollos este tipo de asociacións pois exercían unha certa tarefa de control sobre os comportamentos dos seus congregantes e servía de ferramenta para a formación moral dos eclesiásticos resultando así útiles para mellorar os comportamentos dos seus asociados[96].

V. A súa presenza en obras de caridade e cultura

Sabido é que antes da Idade Contemporánea a cobertura das necesidades básicas da poboación (saúde, ensinanza, protección social…) non estaba sempre asegurada polas institucións públicas. Maioritariamente estas necesidades viñan cubertas por persoas, gremios ou ordes relixiosas que, inspiradas na caridade cristiá, atendían as necesidades da poboación. Aínda que xa algo minguada en comparación co século anterior, a considerable riqueza do estado eclesiástico, e a pesar de actitudes pouco evanxélicas na conduta dalgúns clérigos, o certo é que se recoñecía que os bens da Igrexa eran bens dos pobres, salvo o debido ao culto e ao mantemento dos seus ministros, por iso non foron poucas as contribucións ás necesidades sociais e educativas. Imos describir as coñecidas no noso ámbito.

1. Labores docentes

O Concilio de Trento xa deixara disposto que en todas as parroquias un clérigo estaría dedicado á ensinanza da gramática a nenos con escasos recursos. De aquí que, en moitos sínodos posteriores, houbese disposicións verbo das escolas e que mesmo o Estado deixara nas mans da Igrexa (ademais dos municipios e iniciativas particulares) a cuestión da instrución pública. Non é de estrañar. A Igrexa dispoñía dos homes máis cultivados e dunha masa de bens con obrigas de distribuílos no beneficio de todos.

Porén, non foron poucos os da elite reformista ilustrada que argumentaron a posición de excluír do maxisterio todo corpo e institución relixiosa. Por exemplo, o ideario de Gregorio Mayans que sinala, taxativamente, a recomendación de non permitir que ningún relixioso ensine publicamente, a non ser dentro dos seus claustros e só aos da

96. Cf. J. M. Latorre Ciria, *La cofradía de clérigos del Obispado de Albarracín en la Edad Moderna*, en: "Rehalda" XII (2016) 25, 75-85.

súa relixión; ou o de Pablo Olavide, que no seu plan de modernización da Universidade de Sevilla afirma que non hai razón nin utilidade para que os clérigos regulares estuden ou ensinen nas Universidades públicas. E cómpre ter en conta tamén as leis ordenadoras de ensinanza de 1771 e 1780, tratando de por baixo a tutela do Estado a formación profesional ou os examinadores dos contidos de relixión[97].

Sexa por iso ou por outros motivos, certo é que o clero regular foi máis proclive que o secular ás actividades docentes; porén, as ordes relixiosas percibiron as vantaxes que lles ofrecía esta actividade: clientela, ingresos e posibilidade de labor apostólico. Todo convento posuía algún home culto e, ben por propia iniciativa ou ben por contrato cos concellos, admitían alumnos. Por moita que fose a decadencia de estudos, foi moi benéfica a acción destes conventos, sobre todo naquelas comarcas rurais onde fallaba a iniciativa administrativa. Os únicos libros accesibles ben poderían ser os da biblioteca conventual, a única ensinanza, boa ou mala, para os que non tiñan bens de fortuna que os eclesiásticos proporcionaban[98]. En 1803, Monfero tiña 119.150 reais de renda anual e destinaba ao pucheiro de enfermos pan da portería e ao sostemento dunha escola de nenos 6.000 reais anuais un 5% da renda anual[99].

Verbo da ensinanza primaria, nas poboacións pequenas, normalmente destinábase a este labor o clérigo identificado como sancristán quen debería ser retribuído por ensinar a doutrina cristiá[100]. Os estudos de gramática (ensinanza media) en Pontedeume estaban medianamente cubertos polas Cátedras de Latinidade. Unha primeira fundada polo rexedor do Concello, Juan Beltrán de Anido en 1580, e outra fundada en 1707 por Francisco Pérez, cóengo da Colexiata de Santa María do Campo da Coruña e preceptor na Cátedra de Latinidade da Coruña. O latín era a chave de todos os saberes, e nelas estudábase gramática latina para mínimos, medianos e maiores, segundo a idade dos estudantes[101].

As fontes manexadas dan coñecemento dalgúns docentes eclesiásticos destas Cátedras. Por exemplo: **Matías Fernández**, que en 1760 figura como ausente. Percibía 2.200 reais anuais como salario e era, ademais, capelán da fundación de Alonso Nogueirido. **Bartolomé Pérez**, nacido en 1721 en San Adrián de Veiga (Ortigueira), era titular da cátedra de maiores e medianos e sucesor do anterior, cunha pensión de 1.500 reais anuais. Vivía no propio colexio que os expedientes describen como unha casa dun alto situada na praza do Conde, que tiña 9 varas de fronte e 25 de fondo, lindando, pola dereita, coa rúa da Pescadería e pola esquerda coa praza do Conde, regulando os peritos a súa utilidade anual en 88 reais. Falece en Pontedeume o 5 de xullo de 1783, sendo soterrado tamén na

97. Cf. A. Mayordomo Pérez, *Iglesia, Religión y Estado en el Reformismo Pedagógico de la Ilustración Española*, en: "Revista de Educación" 1 (1988) 448-449.

98. Cf. G. Delpy, *L'Espagne et l'esprit européen. L'oeuvre de Feijóo*, París 1936.

99. Cf. B. Barreiro Mallón, *La diócesis de Santiago de Compostela en la época moderna…, O. c*., 386.

100. Nas fontes manexadas atopamos identificados con este cargo: Rafael de Esmorís Sierra (que percibía 300 reais anuais polo seu oficio), Lucas da Fonte e os irmáns Francisco e Simón Menaya Pulleiro.

101. Cf. J. M. Domínguez García, *A Cátedra de Latinidad de Pontedeume*, en: "Cátedra" 2 (1995) 97-110. Tamén: I. Velo Pensado, *La Cátedra de Gramática de La Coruña en la Colegiata*, A Coruña, Archivo de la Colegiata 2004.

capela da confraría do Clero. Nas súas mandas testamentarias deixa fundacións de misas, unha casa á Confraría de Ánimas e diversos bens aos seus familiares entre os que se atopa o seu irmán Francisco, tamén sacerdote. **Nicolás Rey**, nacido en 1701 e ordenado en 1730 a título de patrimonio, gaña a praza en 1739 e percibía uns ingresos anuais de 1.964 reais como catedrático de gramática para mínimos e menores. Era tamén o capelán das fundacións de Mancebo e Nogueirido polo que percibía, respectivamente, outros 1.224 reais do Concello e 247 reais e 14 marabedís do Padroado. Falece en Pontedeume en 1769 sendo soterrado na capela da confraría do clero da igrexa parroquial de Pontedeume. Foi substituído por **José Rodríguez**, clérigo de ordes menores. En 1766 aparece como catedrático de maiores o presbítero **Pablo Cayetano Ameneiro**, que tamén era preceptor de gramática en Ferrol[102].

Son coñecidas as achegas do arcebispo Rajoy á súa vila natal. Non imos redundar no xa investigado e publicado. Só deixamos constancia da fundación en 1769 de dúas escolas de ensinanza primaria sufragadas polas rendas do alugueiro das lonxas de pescadores que el mesmo construíra no peirao[103].

Cómpre lembrar que a acción educativa da Igrexa abarcaba moito máis que estes establecementos docentes. Transmitindo sentimentos, imaxes e predicación actuaba constantemente sobre un pobo na súa maior parte analfabeto, mais non inculto. Sermóns, autos sacramentais, elementos figurativos nas igrexas, capiteis, canzorros, vidreiras… eran elementos dun ambiente cultural de encontro entre mundo relixioso e profano.

2. As fundacións benéfico - asistenciais

No século XVIII a ausencia dun aparato asistencial estatal cubríase co recurso do sistema caritativo dirixido polo estamento eclesiástico. Un sistema de hospitais, que conxugaban os tratamentos clínico e o asilo, daba cobertura a enfermos pobres e a asistencia ás vítimas das crises. A financiación desta armazón realizábase a través de rendas de capitais constituídos o efecto e que se xestionaban por padroados, esmolas e legados píos, habitualmente controlados polas xerarquías eclesiásticas. Na última década do século XVIII estes fundamentos financeiros comezaron a afundirse. A fiscalidade e a presión dunha pobreza en aumento dificultaron que a Igrexa e as súas asociacións de caridade puidesen manter as boas condiciones á atención aos pobres. O inicio dos procesos desamortizadores remataron por colapsar esta estrutura asistencial e caritativa, iniciándose unha etapa de transición que levaría desde a caridade, como eixo da asistencia social, e do mutualismo gremial de fundamento relixioso, cara á beneficencia pública e á filantropía[104]. En calquera caso, un autor do século XVII para combater a aqueles que criticaban o exceso de eclesiásticos e bens amortizados escribía:

102. Cf. J. M. Domínguez García, *A Cátedra de Latinidade de Pontedeume…, A. c*., 105.

103. Cf. C. García Cortés, *Bartolomé Rajoy y Losada (1690-1772)…, O. c.,* 231.

104. Cf. A. P. Martínez Soto, *La protección social en la época liberal: de la beneficencia a la previsión social*, en: "Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales" 37 (2018) 109-126.

"¿Qué fuera de tantos pobres como cada día se sustentan en las porterías de los conventos adonde les dan de comer, y en particular en años de necesidad? Sino tras innumerables limosnas que dan a pobres honrados que no van a las porterías, y los socorros grandes que se han por las Pascuas de fundaciones que para esto han dexado hombres píos y cristianos"[105].

2.1 Hospitais

Na mentalidade desta época, os hospitais era máis lugares para a práctica da caridade que lugares para a curación. A asistencia considerábase non só como unha obra de caridade, senón como unha obriga dos relixiosos. Non imos redundar no xa exposto polos particulares estudos verbo destas institucións[106], só facemos constar que, ao longo do século XVIII, en Pontedeume existían e funcionaban tres hospitais dotados de cadansúa capela: o Hospital do *Sancti Spiritus*, o de Santa María Madalena e o de Santa Margarida.

O primeiro fora fundado na idade media por Fernán Pérez de Andrade e no pasamento do fundador quedou administrado polos frades de Montefaro (Cervás - Ares), un veciño convento de terciarios franciscanos. Situado entre os arcos 20 e 21 da ponte de pedra, polo seu lado sur tiña arrimada unha capela dedicada ao Espírito Santo. Para o funcionamento da media ducia de camas que ofrecía e os traballos do capelán e mailos hospitaleiros, cedíaselle ao convento o imposto do portádego, dous terzos dos décimos de Pontedeume e unhas viñas radicadas en San Martiño de Porto, ademais das propias esmolas dos usuarios polo xeral pobres, peregrinos e transeúntes. A partires de 1707, o imposto do portádego pasou a ser recadado pola Coroa. En 1739 o hospital tiña unha renda anual de 340 reais[107] e, en 1798, por mor das primeiras medidas desamortizadoras, deixou de funcionar, aínda así, a capela mantivo o culto até mediados do século XIX.

O segundo, Santa María Madalena (ás veces tamén denominado de San Lázaro), radicábase no areal de Cabanas. Tratábase dun lazareto (albergue para gafos e leprosos), un conxunto de enfermería, catro casas terreas para aloxar os enfermos e unha capela. Deste hospital hai poucos datos. Non se coñece a data da súa fundación ou a quen se lle debe a construción. Si sabemos que, no segmento de tempo que nos ocupa, estaba a cargo dos frades agostiños de Pontedeume e que, en 1724, fixeran de novo a súa capela[108]. Nas informacións achegadas polo *Catastro de Ensenada* figura como patrón principal del o Concello de Pontedeume que o arrendaba anualmente en 200 reais[109]. Porén, sábese que en 1794, e como consecuencia de suprimirse outro establecemento de igual índole en

105. A. Domínguez Ortiz, *O. c.,* 185.

106. Cf. J. F. Correa Arias, *Hospitais e Capelas*, en: "Programa das Festas das Peras" (1994) 12-13; Id., *A ponte do Eume na tradición xacobea*, en: "Programa das Festas das Peras (1999) s/p.

107. Cf. J. A. López Calvo, *El Libro Registrador de Propiedades del Concejo en el Fondo de Patrimonio del Archivo Municipal. Unos apuntes sobre Pontedeume y su alfoz en el siglo XVIII,* en: "Compostellanum" XLI (1996) 3-4, 549.

108. Cf. *Ibíd.*, 537.

109. Cf. S. Daviña Sáinz, *Pontedeume a través del Catastro de Ensenada…, A. c*., 123.

Ferrol, o Concello desa cidade acordou remitirlle os seus enfermos e reunir esmolas para o sostemento dos mesmos. Extinguiuse cara ao 1838. A súa capela mantívose en pe até 1919, ao carecer de mérito artístico foi reedificada en época contemporánea[110].

O terceiro, Santa Margarida, seica fora fundado por Alonso Pita da Veiga na parroquia de San Pedro de Vilar para o tratamento de enfermidades venéreas e que tiña unha capela coa imaxe desa santa.

2.2 Obra Pía de Alonso Mancebo

Alonso de Mancebo, rexedor do Concello e mercador de profesión, xunto coa súa dona Catalina Torquemada, por testamentos outorgados a mediados do século XVI, fundaron a capela da Trindade radicada na igrexa parroquial da vila de Pontedeume. Obrigábanse a manter catro capeláns cunhas cargas de misas e o resto dos intereses dos bens raíces e capital fundacional habería que repartilo o día da Candeloria de cada ano, en esmolas e diversos auxilios sociais. A mediados do século XVIII o seu principal administrador era o Prior do Convento agostiño o que, entre 1751 e 1757, chegou a distribuír: 27.813 reais en beneficencia; 11.815 reais en estipendios aos capeláns polas Misas e ao mantemento da capela outros 2.729 reais[111]. Os fins desta fundación viñéronse cumprindo até 1778, cando o padroado conmuta por bula papal os sufraxios establecidos por unha misa ás horas de alba, dez, once e doce os días festivos. En 1838, ao suprimirse o hospital de Santa María Madalena, a súa parte dedicouse a investimentos en obras de instrución pública. Anos máis tarde o Estado fíxose dono dos seus bens raíces[112].

2.3 Mandas testamentarias

As teses tridentinas e da teoloxía agostiña reforzaron a crenza de orixe medieval de que as oracións dos vivos servían para redimir os pecados dos fieis defuntos e acurtar a súa estadía no Purgatorio, costume e crenza que favoreceu a proliferación de mandas testamentarias con fundacións de misas, esmolas e sufraxios. Dos 53 clérigos finados en Pontedeume ao longo do século XVIII, 37 deles deixaron mandas testamentarias dispoñendo fundacións e reparto de esmolas entre pobres. Velaquí algúns exemplos.

Antonio da Fraga Sanjurjo, Capelán da Misa de Alba, fina o 15 de xullo de 1710 e deixa rendas a cargo dos seis bens á ermida de Vila Vella, nas Pontes de García Rodríguez. **Antonio Ares Vilacoba**, Comisario do Santo Oficio e vicario de Santa María de Ombre que fina o 22 de xuño de 1720, dispón no seu testamento que ao seu enterro asistan 50 sacerdotes e mesmo os frades franciscanos de Ferrol, ademais funda 100 misas

110. Cf. M. A. González Bonome, "Los hospitales de peregrinos: de Ferrol a Santiago", en: J. Leira López-Vizoso (Coord.),*O Camiño inglés e as rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, II Aulas no Camiño*, A Coruña, Servizo de Publicacións da Universidade 1997, 311-329.

111. Cf. R. Pena Pena, *A Obra Pía de Mancebo na segunda metade do século XVIII. Características e Documentos*, en: "Cátedra" 1 (1994) 86.

112. Cf. A. Couceiro Freijomil, *Historia de Puentedeume y su Comarca*, Santiago 1944, 353-354. Tamén:. X. A. López Calvo, *As escrituras de obras pías…, A. c*., 57.

anuais en Ombre. **José de Anca**, eclesiástico patrimonista natural e veciño de Pontedeume, falece o 22 de decembro de 1778. Deixou no seu testamento unha fundación de misas e 150 reais para os pobres, nomeando testamenteiros os cóengos Tomás e Francisco Moreira Montenegro, familiares do Arcebispo Rajoy que antes de seren capitulares en Compostela foran, respectivamente, párrocos de Pontedeume e Boiro. **José Brandariz**, falecido en Pontedeume o 1de xullo de 1780, deixa esmolas para os pobres. **Benito de Lamas Ocampo**, tamén clérigo patrimonista, deixa disposto que, logo do seu pasamento acaecido o 29 de setembro de 1788 na súa casa da rúa Pescadería, se repartisen 300 reais entre os pobres, e os seus bens inmobles quedasen no usufruto da súa criada e, á morte desta, pasasen á fábrica da igrexa parroquial de Pontedeume. **Gabriel José de Ulloa**, finado o 6 de decembro de 1794, deixou disposto que asistise ao seu enterro todo o clero e frades agostiños da vila, dispoñendo ademais que nos días das súas honras fúnebres se dese esmola a todos os pobres que houbese[113].

2.4 Asociacionismo relixioso

No ambiente das freguesías galegas desta época desenvólvese un próspero asociacionismo relixioso que se traduce no volume de confrarías erixidas canonicamente nas parroquias. Ás veces confraría e gremio fúndense e procuran unha coincidencia de funcións: culto ao santo patrón e medidas benéficas a favor dos agremiados, ben fosen oficios ou profesións liberais, onde a irmandade convertíase nun sucedáneo da estrutura gremial, proporcionando aos membros unha plataforma relevante na sociedade urbana.

Aínda que as confrarías máis senlleiras, tanto as radicadas na igrexa parroquial como no convento, xa levaban tempo fundadas, en 1765 fúndase a confraría da Virxe das Dores de Pontedeume que, entre outros servizos, quedará encargada de custear as procesións dos Venres Santos. Couceiro Freijomil reproduce parte dos seus estatutos fundacionais onde se reflicte ese dobre aspecto deste tipo de asociacións: institución de caridade e de culto.

> *"Se ordena que cuando algún hermano o congregante enfermare de peligro, sea visitado por los hermanos, enfermeros (...) le asistan los sacerdotes congregantes vestidos de sobrepelliz a los que se les dará de limosna un real de vellón (...) Y si se hallase sin medios para su remedio le asista la Venerable Congregación con lo que le pareciere conveniente (...) Luego que fallezca un congregante, avisará el sacristán menor por las calles con campanilla, para que le encomienden a Dios con tres Padrenuestros y tres Avemarías, y los sacerdotes con tres responsos, y al día siguiente al entierro se celebrará misa cantada y vigilia"*[114].

113. Cf. C. García Cortés, *Clero fallecido en Pontedeume..., A .c.*, 184.

114. A. Couceiro Freijomil, *Historia de Pontedeume..., O. c.*, 375-380.

A súa participación colectiva nas grandes solemnidades cidadás reproduce, no ámbito simbólico, a orde social establecida. Esta destacable presenza do mundo gremial, especialmente na solemnidade e procesión do Corpus Christi, visualizaba a escala xerárquica do Antigo Réxime. Nas cidades e vilas onde os oficios eran moi poderosos os gremios e confrarías contribuían economicamente a gastos extraordinarios con ocasión tanto de festas como de calamidades públicas. Adoitaban a exercer a caridade e a asistencia, preocupándose do sustento e educación dos desfavorecidos. Estas actividades axeitábanse mellor á relixiosidade ilustrada[115].

3. Atención do cárcere do partido xudicial

Moi posiblemente o cárcere estaba radicado a carón do Torreón dos Andrade e a atención espiritual dos presos estaba encomendada á comunidade agostiña. Na acta da Visita Pastoral de 1771 xirada por Juan Varela Fondevila, bispo auxiliar de D. Bartolomé Rajoy, faise constar a existencia dunha capela na cadea da vila, baixo a advocación da Virxe do Consolo, cunha fundación dunha misa os días festivos que corría a cargo dos relixiosos do convento agostiño[116]. Aínda que a semente humanitaria fose xa un empeño secular por acadar preceptos garantistas en favor dos presos pobres, trala luz ilustrada de finais do século XVIII, xerminaron actitudes sociais e manifestacións efectivas en prol dos reclusos desenvolvidas por ordes relixiosas.

Un manual publicado en 1795 para o goberno da Real Cárcel de Cádiz, describe deste xeito o labor desenvolvido por estes capeláns:

> *"Dicta la Religión y la razón, que haya un Eclesiástico, dotado de verdadera piedad, el qual concurra diariamente en la Cárcel, y desempeñe las obligaciones propias de su Ministerio, ejercitando juntamente las obras de misericordia. Sus obligaciones serán decir Misa los días festivos, en los quales hará una exhortación clara y sencilla del Evangelio del día, ó la leerá, ó hará leer sirviéndose de aquellas obras más conocidas: dispondrá que se rece el Rosario en cada uno de los departamentos, concurriendo á ellos las más veces que pueda: promoverá todos los actos piadosos y religiosos que insensiblemente ablandan y suavisan el corazón, disponiéndolo, é inclinándolo á obras buenas: zelará que no se introduzcan practicas viciosas y perjudiciales, y procurará que estas sean las mejores, valiéndose de todos aquellos medios que le dicte su prudencia, y caridad, avisando á el Alcayde para que corrija con el castigo, y separación, los que ocasionen y causen escándalo. (...) asistirá de noche en la Cárcel, siempre que haya algún enfermo que se le haya administrado el Santo Viático, á fin de soco-*

115. Cf. I. Arias de Saavedra-M. L. López-Guadalupe Muñoz, *Cofradías y ciudad en la España del siglo XVIII*, en: "Studia Histórica: Historia Moderna" 19 (2009) 197-228.

116. Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, *Fondo Parroquia de Santiago de Pontedeume*, Libro de Fábrica V, Folios 107-124.

rrerlo, y que tenga la debida asistencia espiritual (...). Concurrirá á las confesiones con los demás Eclesiásticos, distribuyéndolos por salas y departamentos (...). Proveerá de rosarios, libros del catecismo y otros de devociones, los quales se le facilitarán por los Señores Diputados, a quienes pedirá los que necesite: será un verdadero Ministro de paz, que contribuya con sus consejos, exhortaciones y persuasiones, al orden, quietud y religiosidad con que deben vivir todos (...)". Por su parte el alcaide debe presenciar todos los actos religiosos, "para que se executen con la seriedad y circunspección debida, reprehendiendo y castigando à los indevotos, y auxiliando y sosteniendo todas las operaciones del Padre Capellán"[117].

VI. Conclusións

Rematamos esta achega sobre a institución eclesiástica no século XVIII que quixemos redactar como un ensaio de historia local, investigando varios compoñentes do baixo clero secular e rural, do clero regular e ás parroquias: a súa estrutura administrativa (tipoloxía, réxime de padroado, sistema beneficial); demografía (efectivos, urbanismo, veciñanza); bases económicas (niveis de renda); recrutamento e formación e grupo social (familia, xeitos de vida, mentalidade, moralidade, impacto do reformismo borbónico e relacións coa freguesía). Neste segmento de tempo, o estamento eclesiástico segue a ter influencia e poder, no só como axente principal da vida relixiosa senón tamén como un dos grupos que máis inflúe na configuración da sociedade, por iso o seu estudo traspasa o ámbito e os límites da simple historia eclesiástica, interesando tamén a outros campos do saber histórico. Quixemos proporcionar unha visión de conxunto do mesmo, aplicando a metodoloxía da historia local: agrupar e organizar os datos achegados polas fontes manexadas, interpretar os feitos tal como os textos os transmiten e devolvelos á comunidade. Polo xeral, os pobos pequenos non contan cun corpus sistemático de coñecementos que dean conta da súa identidade. Cómpre, xa que logo, devolverlle a historia cotiá aos seus poboadores, que construíron o seu lugar nun tempo determinado.

Coa chegada da dinastía borbónica a España, entra tamén un vello vicio da nación francesa consistente en non saber distinguir a actuación do Papa como soberano dun Estado, e a súa misión como cabeza visible da Igrexa. A sociedade do século XVIII, a pesar de navegar nas intuicións do século das luces, seguía a ser unha sociedade sacralizada, até o extremo de que a base da intervención do monarca en asuntos eclesiásticos radicaba no feito de que era rei pola graza de Deus, e o seu poder procedía *iure divino*. Calquera aspecto relixioso entrañaba amplas repercusións políticas e culturais.

117. Cf. A Payá Rico, *La asistencia religiosa en los centros penitenciarios y de internamiento de extranjeros*. Tesis Doctoral defendida en la Facultad de Derecho de la Universidad de Valencia en 2017, 67-72.

E tamén, a pesar das distancias, aquelas confrontacións entre Coroa e Pontificado, regalismo e xansenismo, tradición hispana e galicanismo, rigorismo e probabilismo, axiña tiveron expresión local e consecuencias na vida dos eclesiásticos eumeses, sobre todo en dous ámbitos: o ideolóxico e o económico.

Os amplos e variados recursos que tradicionalmente obtiña o clero por décimos e rendas das súas posesións e beneficios chegaron a ser máis cuantiosos que os da Facenda pública, o que conformou unhas difíciles relacións entre autoridades para obter os recursos que necesitaban as arcas do Reino. Comeza así unha tensión que irá medrando até chegar, no seguinte século, á desamortización dos bens eclesiásticos, á redución da súa capacidade fiscal e á eliminación de privilexios e á implantación de figuras impositivas coas que a Igrexa debía contribuír aos gastos xerais. O clero secular viuse moi beneficiado pola esixencia de proverse dun ingreso digno (congrua) como condición para recibir as ordes. Grazas a este requisito púidose reducir –que non eliminar– o eclesiástico con ingresos miserables, que malvive noutro tipo de traballos, ou mesmo co exercicio de actividades transgresoras.

Porén, na aplicación da mentalidade regalista non todo resultou ser detrimento do estamento eclesiástico, pois ao debilitarse a intervención de Roma, facilitou a reforma e a mellora cualitativa dos eclesiásticos. Neste tempo, a Xerarquía implicouse con decisión no combate das desviacións morais, sobre todo a través das Visitas Pastorais que, aínda que non eran moi frecuentes, os seus informes –de gran valor como fonte para a descrición das parroquias e dos eclesiásticos que as compoñen– terán unha incuestionable incidencia en todo o labor pastoral.

Ao seren expulsados os xesuítas de España, representantes da liña pastoral de adhesión ao Papado e con grande influencia na educación universitaria, a liña teolóxica pola que avogaban (a importancia da libre vontade para acadar a salvación en vez da graza ou da predestinación), dilúese a favor da que primaban os agostiños, que sostiñan que este probabilismo só levaba a Igrexa cara á lasitude moral e teolóxica. Este troco foi quen de conducir a un profundo resentimento entre clérigos e leigos[118]. Nin que dicir ten que, na nosa contorna, e especialmente na Vila de Pontedeume, a influencia do convento agostiño decantou a conformación da mentalidade dos fregueses na liña xansenista e do desprezo pola moral laxa.

Foi no ámbito rural onde principalmente os gobernos do Estado trataron de instrumentalizar a figura dos párrocos converténdoos nunha clase de funcionarios de quen o mesmo se agardaba que cumprisen tarefas de información como difundir as ideas ilustradas.

Verbo do clero regular, que até as primeiras décadas do XVIII vivira unha etapa de esplendor, axiña veu a sufrir uns anos máis críticos, sendo o branco preferido dos ataques ilustrados. O seu elevado número, a súa condición de grupo sen utilidade social aparente

118. Expoñentes desta liña son os agostiños Emilio Noris, Prefecto da Biblioteca Vaticana, Pedro Manso, Profesor en Salamanca, Manuel Martí, deán da catedral de Orihuela, que atoparán eco no ilustrado Gregorio Mayáns defensor dun catolicismo ilustrado e regalista.

e as súas cuantiosas riquezas eran as tres principais razóns que concitaron esta actitude. Porén, se é verdade o primeiro argumento, ao segundo cómprenlle matizacións, pois monxes e frades en maior ou menor medida, e especialmente nos centros urbanos, desenvolvían un labor caritativo ou educativo que non podía descoñecerse. En canto ás súas riquezas, tan certo era o seu gran volume global como a existencia de enormes dife-renzas entre familias relixiosas. Por exemplo, nada teñen que ver nas súas cifras os bens do mosteiro de Monfero comparados cos do convento de mendicantes agostiños da vila, que seguían vivindo fundamentalmente das esmolas directas o indirectas dos fieis. Ademais, a independencia das Ordes fronte os bispos fixeron que o apoio da xerarquía eclesiástica secular non fose sempre incondicional. Por iso, tampouco foron poucas as tirapuxas entre o clero parroquial e os frades de Pontedeume por cuestións, case sempre, de captación de fieis, esmolas, reparto de sufraxios e grao de influencia e prestixio entre a poboación.

As implicacións no exercicio da asistencia e a caridade explican como a pesar dos conflitos de intereses e refráns e parodias verbo dos cregos e frades, no seu conxunto, a Igrexa era querida e popular. Ela, e mailos seus representantes, acompañaban os membros das sociedades rurais, se cadra máis que nas urbanas, ao longo de todo o proceso vital, dende o bautismo ao funeral. Tamén tiña presenza nun gran número de actividades, dende as máis cotiás como a división das xornadas mediante o toque de campá, ás máis importantes como o matrimonio, que supón o cambio de status dentro da parroquia. Ademais, a partir de 1755 e até 1768 desenvólvese na vila a reconstrución da igrexa parroquial de Santiago que levaba catrocentos anos de existencia e, como consecuencia, estaba con ameaza de ruína. As obras tanto relixiosas como civís auspiciadas polo arcebispo eumés Bartolomé Rajoy, o mesmo que outras actuacións de mecenado na contorna (por exemplo a capela de Nosa Señora do Rosario de Covés-Andrade) favorecen un sentimento de adhesión ao relixioso e aos eclesiásticos locais. Mentres duraron os traballos, a freguesía da vila acudía ás capelas menores (San Roque, As Virtudes e San Miguel) e, nas funcións de maior concorrencia, á igrexa dos frades.

Dúas son, finalmente, as nosas derradeiras consideracións. A primeira para reivindicar a novidade dalgúns datos extraídos das fontes manexadas. A segunda, a convición de que a esta liña de investigación cómprenlle máis estudos e profundidade historiográfica, para o cabal coñecemento do estamento eclesiástico (persoas físicas e xurídicas) desta época, especificamente no medio rural galego. Abofé que os datos do *Catastro de Ensenada* e as súas *Comprobaciones* permitíronnos xa encher algún baleiro.

VII. Bibliografía

1. Fuentes

Arquivo do Reino de Galicia,
Fondo Eclesiástico, Sección: *Libro Contador del Convento agustino de Puentedeume*, Atado 596.

ARCHIVO GENERAL DE SIMANCAS

Expedientes de Comprobación de bienes, rentas y cargas de las feligresías de San, por Decreto de diciembre de 1760 para el establecimiento de la Única Contribución, signaturas: Pontedeume DGR/1RE/1012, 3; Santa María de Centroña DGR/1RE, 1133,8; Santiago de Boebre DGR, 1RE, 993,3; San Miguel de Breamo DGR, 1RE, 101,5; San Martiño de Andrade DGR, 1RE, 992,2; San Pedro de Vilar DGR 1RE, 1015,7; San Cosme de Nogueirosa DGR1RE, 1004, 2; Santa María de Ombre DGR, 1RE, 1008,6.

ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO

Fondo Parroquia de Santiago de Pontedeume, Libro de Fábrica V, Folios 107-124.

Fondo Xeral, 1.52, Santas Visitas Pastorais, Atado 8 Mazo 3. Arciprestado de Pruzos, Informes sobre Clérigos nº 45 e 49.

Bullarium Romanum, nº 21, 931-942.

Constituciones Synodales del Arzobispado de Santiago hechas por el Ilmo. Señor D. Cayetano Gil Taboada, Arzobispo y señor de la Santa Yglesia, Ciudad y Arzobispado de Santiago, en la Santa Synodo que su Señoría Ilma. celebró en los días 1, 2 y 3 de Junio del año 1746, Impresas en la misma Ciudad por Buenaventura Aguayo, en la Rúa Nova, Año de M.DCC.XL.VII.

DEL HOYO, J.; *Memorias del Arzobispado de Santiago*, A Coruña, Imprenta Moret 1944.

Interrogatorio do Marqués de Ensenada da xurisdición de Pontedeume, reprodución en: A. ARES LEGASPI – J. COIRA POCIÑA – C. DE CASTRO ÁLVAREZ (EDS.), *750 anos construíndo a historia de Pontedeume*, Pontedeume Espino Alvar 2020, 80-91.

2. ESTUDIOS

ARIAS DE SAAVEDRA, I. - LÓPEZ-GUADALUPE MUÑOZ, M. L.; *Cofradías y ciudad en la España del siglo XVIII*, en: "Studia Histórica: Historia Moderna" 19 (2009) 197-228.

AYARZA MONTERO, J.; *El clero rural secular en la España del siglo XVIII*, TFG, Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Zaragoza, 2014, recurso electrónico consultado en línea el 23 de abril de 2021 en www.zaguan.unizar.es/record/31256?ln=es#.

BARREIRO MALLÓN, B.; "La diócesis de Santiago en la época moderna", en: J. GARCÍA ORO (COORD.), *Historia de las Diócesis Españolas, Vol. 14, Iglesias de Santiago de Compostela y Tuy-Vigo*, Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos 2002,177-408.

BARREIRO MALLÓN, B.; *El clero de la Diócesis de Santiago a través de las visitas pastorales, visitas ad limina, registros de licencias ministeriales y concursos a curatos*, en: "Compostellanum" XXXV (1990) 3-4, 489-515.

BARREIRO MALLÓN, B.; *El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos (Siglos XVI-XIX)*, en: "Compostellanum" XXXIII (1988) 3-4, 469-507.

BARRIO GOZALO, M.; *El clero bajo sospecha a principios del siglo XVIII. El Informe de*

Macanaz y la respuesta de los Obispos, en: "Investigaciones Históricas" 22 (2002) 47-62.

Burgos Rincón, J.; *Los libros privados del clero. La cultura del libro del clero barcelonés en el siglo XVIII*, en: "Manuscrits" 14 (1996) 231-258.

Candau Chacón, M. L.; *La carrera eclesiástica en el siglo XVIII*, Sevilla, Publicaciones de la Universidad, 1993.

Correa Arias, J. F.; *Hospitais e Capelas*, en: "Programa das Festas das Peras" (1994) 12-13.

Correa Arias, J. F.;*A ponte do Eume na tradición xacobea*, en: "Programa das Festas das Peras (1999) s/p.

Couceiro Freijomil, A. *Historia de Puentedeume y su Comarca*, Santiago 1944, 353-354.

Cuenca Toribio, J. M.; "La Iglesia española en la crisis del Antiguo Régimen (1789-1833)", en: A. Fliche - V. Martin, *Historia de la Iglesia*, Valencia, EDICEP 1975, T. XXIII, 547-572.

Daviña Sáinz, S.; *Las parroquias de la Jurisdicción de la Villa de Pontedeume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada*, en: "Cátedra" 9 (2002) 179-230.

Daviña Sáinz, S.; *Pontedeume a través del Catastro de Ensenada*, en: "Cátedra" 8 (2001) 113-157.

De Castro Álvarez, C. – Vázquez Arias, J.C.; *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, Deputación Provincial 2003.

De Castro Álvarez, C.; *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público (1270-1970)*, Pontedeume, Concello 2007.

De Castro Álvarez, C.; *En torno al Real Priorato de San Miguel de Breamo y a su iglesia*, en: "Cátedra" 2 (1995) 111-162.

De Castro Álvarez, C.; *Los factores del desarrollo urbanístico de Pontedeume a lo largo de historia*, en: "Cátedra" 8 (2001) 31-50.

De Castro, C. – Fernández de Viana, J. L. – González, M. T.; *El monasterio de San Juan de Caaveiro*, A Coruña, Deputación Provincial 1999.

De Sá Bravo, H.; *El Monacato en Galicia*, A Coruña, Librigal 1972, Vol. I, 305-306.

Delpy, G.; *L'Espagne et l'esprit européen. L'oeuvre de Feijóo*, París 1936.

Domínguez García, J. M.; *A Cátedra de Latinidad de Pontedeume*, en: "Cátedra" 2 (1995) 97-110.

Domínguez Ortíz, A.; *La sociedad española en el siglo XVII*, Vol. II Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas 1970.

Domínguez Ortíz, A.; *Las clases privilegiadas en el Antiguo Régimen*, Madrid, Itsmo 1973.

DONÉZAR DÍEZ DE ULZURRUM, J. M.; *La Única Contribución y los Eclesiásticos*, en: "Cuadernos de Historia Moderna" 21 (1998) 219-263.

DUBERT GARCÍA, I.; *Composición, salarios y promoción social en el servicio doméstico rural de la Galicia interior 1700-1825*, en: "Mundo Agrario" 18 (2017) 39, 5-6.

DUBERT GARCÍA, I.; *Los comportamientos del clero urbano en Galicia: El ejemplo de Santiago de Compostela en el siglo XVIII*, en: "Compostellanum" XXXI (1986) 3-4, 443-455.

ENCISO RECIO, L. M.; *La aportación de la Iglesia a la cultura literaria en la España del siglo XVIII*, en: "Boletín de la Real Academia de la Historia" 211 (2014) 1, 79-158.

ERIAS ROEL, A. Y OTROS; *La historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos*, Santiago de Compostela, Universidad 1981.

FARIÑA JAMARDO, J.M.; *La parroquia rural en Galicia*, Madrid, Instituto de Estudios de Administración Local, 1975.

FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, A.; *Los grupos de poder local en Galicia(1750-1780),* en: "Noticiario de Historia Agraria" 9 (1995) 129-153.

FRANCH BENAVENT, R.; *Regalismo e inmunidad e inmunidad eclesiástica en la España del siglo XVIII: La resistencia del clero valenciano a la imposición del estanco del tabaco*, en: "Hispania" LXVII (2007) 225, 295-316.

GARCÍA CORTÉS, C., *José Jacinto del Río López (1757-1819). Apuntes biográficos de un sacerdote eumés*, en: "Cátedra" 8 (2001) 181-204.

GARCÍA CORTÉS, C.; *Bartolomé Rajoy y Losada (1690-1772). Un arzobispo edificador y filántropo en la Galicia ilustrada*, Pontedeume, Espino Alvar 2011.

GARCÍA CORTÉS, C.; *Clero fallecido en Pontedeume durante el siglo XVIII,* en: "Cátedra" 10 (2003) 161-188.

GARCÍA CORTÉS, C.; *El Seminario Conciliar de Santiago. Nuevos datos para su historia*, en: "Compostellanum" XXVI (1981) 1-4, 206.

GARCÍA CORTÉS, C.; *Pedro Hombre Varela (1724-1789), un eumés cóengo en Compostela*, en: "Cátedra" 5 (1998) 5-30.

GARCÍA ORO, J. - REGAL LEDO, M. - LÓPEZ RIVAS, A.; *Historia da Igrexa galega*, Vigo, Sept 1994.

GÓMEZ NAVARRO, S.; *La institución parroquial católica en el Antiguo Régimen. Propuesta de análisis y estado de la cuestión*, en: "Vínculos de Historia" 9 (2020) 246-271.

GONZÁLEZ BONOME, M. A.; "Los hospitales de peregrinos: de Ferrol a Santiago", en: J. LEIRA LÓPEZ-VIZOSO (COORD.), *O Camiño inglés e as rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, II Aulas no Camiño*, A Coruña, Servizo de Publicacións da Universidade 1997, 311-329.

GONZÁLEZ LÓPEZ, E.; *Historia de Galicia*, A Coruña, La Voz de Galicia 1980, =Biblioteca Gallega Serie Nova.

HERNÁNDEZ FIGUEIREDO, J.R.; *Las "relationes ad limina" de los arzobispos compostelanos (1589-1932). Una fuente vaticana para la historia de la Iglesia gallega*, Roma, Instituto Español de Historia Eclesiástica 2018.

Latorre Ciria, J. M.; *La cofradía de clérigos del Obispado de Albarracín en la Edad Moderna*, en: "Rehalda" XII (2016) 25, 75-85.

López Calvo, J. A.; *Beneficencia y prestigio familiar en el Antiguo Régimen: las obras pías fundadas por Pedro Hombre Varela*, en: "Compostellanum" LVI (2011) 1-4, 643-680.

López Calvo, J. A.; *El convento agustino de Pontedeume. Estudio Histórico y Colección Documental*, =Colección Pablo Díaz Novo[3], Pontedeume, Sociedade Filatélica "Eume" 2006.

López Calvo, J. A.; *El Libro Registrador de Propiedades del Concejo en el Fondo de Patrimonio del Archivo Municipal. Unos apuntes sobre Pontedeume y su alfoz en el siglo XVIII,* en: "Compostellanum" XLI (1996) 3-4, 519-584.

López Calvo, J. A.; *As escrituras fundacionais de obras pías coma fonte para o estudo da historia social: o exemplo de Pontedeume*, en: "Cátedra" 13 (2006) 49-78.

López Ferreiro, A.; *Historia de la SAMI Catedral de Santiago*, Vol. VII e Vol. VIII Santiago de Compostela, Imprenta del Seminario Conciliar 1898-1911.

López Picher, M.; "Notas para el estudio de la desamortización del patrimonio cultural de la Iglesia en la provincia de A Coruña: El Convento de los Franciscanos Terceros de Santa Catalina de Montefaro", en: F. J. Campos Fernández Sevilla (Coord.), *La desamortización: el expolio del patrimonio artístico y cultural de la Iglesia en España. Actas del Simposium del 6 al 9 de septiembre de 2007*, Real Centro Universitario de El Escorial 2007, 848-863.

López Sangil, J. L.; *Historia del Monasterio de Monfero*, A Coruña, Deputación Provincial, 1999.

Martín Hernández, F.; "Seminarios", en: Q. Aldea - T. Marín- J. Vives (Dirs), *Diccionario de Historia Eclesiástica de España*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas 1975, Vol. IV, 2426.

Martínez Gil, F.; *Los sermones como cauce de propaganda política: La Guerra de Sucesión*, en: "Obradoiro de Historia Moderna" 22 (2011) 304-305.

Martínez Soto, A. P.; *La protección social en la época liberal: de la beneficencia a la previsión social*, en: "Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales" 37 (2018) 109-126.

Mayordomo Pérez, A.; *Iglesia, Religión y Estado en el Reformismo Pedagógico de la Ilustración Española*, en: "Revista de Educación" 1 (1988) 448-449.

Mestre, A.; *Sociedad y religión en el siglo XVIII*, en: "Chronica Nova" 19 (19991) 257-270.

Morán, G. M.; *La evolución de las relaciones Iglesia-Estado en Galicia hasta el siglo XIX: Pautas y peculiaridades históricas de la organización eclesiástica*, en: "Anuario da Facultade de Dereito da Universidade de A Coruña" 2 (1998) 369-394.

Morgado García, A.; *Curas y Parroquias en la Diócesis de Cádiz (1700-1834)*, en: "Obradoiro de Historia Moderna" 22 (2013) 207-230.

MORGADO GARCÍA, A.; *Provisión de beneficios eclesiásticos en la diócesis de Cádiz durante el Antiguo Régimen (1700-1834),* en: "Chronica Nova" 18 (1990) 343-363.

MORGADO GARCÍA, A.; *Ser clérigo en la España del Antiguo Régimen*, Cádiz, Servicio de Publicaciones de la Universidad, 2000.

OTERO PEDRAYO, R.; *La polémica sobre los diezmos en Galicia a principios del siglo XIX*, en: "Cuadernos de Estudios Gallegos" X (1955) 435.

PAYÁ RICO, A.; *La asistencia religiosa en los centros penitenciarios y de internamiento de extranjeros*. Tesis Doctoral defendida en la Facultad de Derecho de la Universidad de Valencia en 2017.

PENA PENA, R.; *A Obra Pía de Mancebo na segunda metade do século XVIII. Características e Documentos*, en: "Cátedra" 1 (1994) 86.

PITA DA VEIGA, G.; *Capillas de la Concepción; Maldonado-Pita da Veiga*, en: "Cátedra" 13 (2006) 295-312.

PRO RUÍZ, S.; *Las capellanías: Familia, Iglesia y propiedad en el Antiguo Régimen*, en: "Hispania Sacra" XLI (1989) 84, 585-602.

RESINES LLORENTE, L.; *La catequesis en España. Historia y textos*, Madrid, BAC 1997.

REY CASTELAO, O. – BARREIRO MALLÓN, B.; *El clero regular mendicante en Galicia: evolución numérica, procedencia social y comportamiento de los franciscanos (ss. XVI-XIX),* en: "Archivo Ibero Americano" 49 (1989) 195-196, 459-490.

REY CASTELAO, O.; *Casas y Cosas en la Galicia occidental en el siglo XVIII*, en: "Cuadernos de Historia Moderna" XIV (2015) 211-233.

REY CASTELAO, O.; *El reparto social del diezmo en Galicia*, en: "Obradoiro de Historia Moderna" 1 (1992) 145-162.

REY CASTELAO, O.; *El Voto de Santiago en Galicia: regímenes contributivos y sus interpretación de sus series*, en: "Compostellanum" 33 (1988) 3-4, 385-468.

RIONEGRO FARIÑA, I.; *La producción agraria de Galicia interior a finales del Antiguo Régimen: Dos comarcas de Ourense*, en: "Historia Agraria" 18 (1999) 181-199.

RODRÍGUEZ PAZOS, M.; *Episcopado Gallego, Tomo I: Arzobispos de Santiago (1550-1850)*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas-Instituto Jerónimo Zurita 1946.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.; "Historia da Idade Moderna 1480-1808" en: *Historia de Galicia*, Barcelona, Cupsa-Planeta 1980, Vol. II, 63.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.; "La Iglesia gallega del Antiguo Régimen", en: R. VILLARES (DIR.), *Historia de Galicia*, Vigo, Faro de Vigo-Caixa Vigo-Xunta de Galicia 1991, Fasc. 31, 579.

SAAVEDRA, P. – SOBRADO, H. - PRESEDO, A.; *La red parroquial y el clero rural en la Galicia de los siglos XVI-XIX: resultados de una investigación en curso*, en: "Obradoiro de Historia Moderna" 22 (2013) 93-128.

SANTALLA LÓPEZ, M.; *Os individuos do gremio de mar da vila de Pontedeume contra o concello da vila, no ano de 1803. Auto ordinario sobre o uso e posesión do retablo,*

capela e confraría da Santísima Trindade de Pontedeume, en: "Cátedra" 10 (2003) 121-127.

Sanz de la Higuera, F. J.; *La vestimenta del clero en el siglo XVIII*, en: "Revista de Historia Moderna" 31 (2013) 127-146.

Soria Mesa, E.; "Las capellanías en la Castilla Moderna: familia y ascenso social", en: A. Irigoyen López-A. Pérez Ortíz (Eds.), *Familia, transmisión y perpetuación (Siglos XVI-XIX)*, Murcia, Universidad de Murcia, 2002.

Vaamonde Lores, C.; *Ferrol y Puentedeume: escrituras referentes a propiedades adquiridas por el Monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV precedidas de una breve reseña histórica de las granjas de Brión y Noguerosa con un prólogo de Manuel Murguía*, A Coruña, Tipografía García Ybarra 1909.

Valenzuela García, C. M.; *Vida cotidiana y mentalidad en el bajo clero secular. Montoro en el siglo XVIII*, en: "Ámbitos. Revista de estudios de Ciencias Sociales y Humanidades" 19 (2004) 35-46.

Vázquez Vilanova, J. A.; *El clero gallego ante la Revolución Francesa de 1789*, en: "Estudios Mindonienses" 19 (2003) 645-667.

Velo Pensado, I.; *La Cátedra de Gramática de La Coruña en la Colegiata*, A Coruña, Archivo de la Colegiata 2004.

Vilanova Bosch, E.; *Historia de la teología cristiana*, Tomo III (Siglos XVIII, XIX y XX), Barcelona, Herder 1992.

Yáñez Neira, D.; "Vázquez Varela, Agustín", en: Q. Aldea-T. Martín-J. Vives (Dirs.), *Diccionario de Historia Eclesiástica de España*, Madrid, Instituto Enrique Flórez-CSIC, 1975, Vol. IV, 2719.

CÁTEDRA


ESCOLMA DA NOSA HISTORIA


Este ano con motivo do **400 aniversario** do voto de San Nicolás de Tolentino, reproducimos o artigo titulado, ***San Nicolás de Tolentino: aspectos históricos-culturais***, de Francisco Correa Arias*, traballo que xunto con outros cinco forma parte do libro **San Nicolás de Tolentino co-patrón de la Villa de Pontededeume**, publicado en 1997 e impreso na imprenta López Torre de Pontedeume.

*No texto que reeditamos engadirónse algunhas imaxes que non estaban no orixinal. As ilustracións dos textos manuscritos, están extraidos do **libro do voto de San Nicolás de Tolentino,** actualmente na secretaría do Concello de Pontedeume.


Libro dela VIIe. Co
gacion de Sn. Nicolas
Tolentino dela Villa
Puentedeume.


Libro dela Vtl. Congre
gacion de Sn. Nicolas de
Tolentino dela Villa de
Puentedeume.


Testo dn Nicolas
de Tolentino
Entendido fue en el año
1607
En 1º de septiembre de 1621 el
Illmo Sor Obispo de santiago dio
la dha Sor Justa y Rentimento
p.a tomar por Conpatrono de ta
Ville al Sor dn Nicolas de tolen
tino. En virtud della se obligo de
Guardar sudia. La Octava la hi
zo la enpreziòn. solegne. abier
misa y sermon. Con lo mas que Con
tiene el Instrum.to



- SOLEMNES CULTOS -

QUE SE CELEBRAN EN ESTA SANTA IGLESIA PARROQUIAL EL DIA 10 DE SEPTIEMBRE, EN HONOR A

SAN NICOLAS DE TOLENTINO

TEXTO del voto y juramento hecho por la Justicia, Regimiento y vecinos de Puentedeume el año de 1622, eligiendo por Patrono de la Villa a San Nicolás de Tolentino, en unión del Apóstol Santiago, su principal Patrón.


Previa la autorización, licencia y aprobación del voto, dada por el Excmo. Prelado de Santiago, D. Juan Beltrán de Güevara a 1.º de Abril de 1621, los Sres. Lic. D. Pedro Labora de Andrade, Alcalde mayor de los Estados de Andrade por el Conde de Lemus y de Andrade, D. Pedro de Ojea y Albán, Alcalde ordinario de la Villa, y D. Gaspar Maldonado y Ponce de León, Caballero del Hábito de Santiago, comisionados por la Justicia, Regimiento y vecinos de la Villa para este acto, el día 10 de Septiembre de 1622, ante el Cura-Rector de la parroquia Lic. D. Antonio Diaz de Neira, que ofició de preste en la misa mayor, hincadas las rodillas, aceptando la comisión que les fué conferida y cumpliendo con ella hicieron el voto y juramento en la forma siguiente:

"Prometemos y juramos por » Dios Nuestro Señor y Santa Ma» ría, su Madre bendita, y por los » Santos cuatro Evangelistas y Cruz » en que corporalmente ponemos » nuestras manos derechas, que » desde el presente día en adelan» te, para todo tiempo de siempre » jamás, habremos y tendremos, y » esta Villa habrá y tendrá, por su » Protector y Abogado al glorioso » San Nicolás de Tolentino junta» mente con el Santo Apóstol Se» ñor Santiago, principal Patrón de » ella y de toda España. Y que la » víspera y vigilia de su día, que es » a diez de Septiembre de cada un » año, para siempre jamás tendre» mos, y esta Villa tendrá por día » de viernes, absteniéndose de co» mer carne y todo género de gro» sura sin obligación de ayuno. Y » el primer domingo siguiente, la » Justicia y Regimiento celebrará » la fiesta de dicho Santo y asisti» rá en forma de Villa a las víspe» ras del Sábado antes y el Domin» go a la Misa y sermón, y proce» sión en este convento del Señor » San Agustín, viniendo a ella con » procesión general desde la Iglesia » mayor y trayendo en ella los pa» ñecillos que se suelen bendecir » en aquel día y fiesta para el mis» mo efecto. Y lo cumplirá así la » dicha Villa para siempre jamás. » Y así lo votamos y juramos so» lemnemente en nombre de ella » y en virtud de la comisión y po» der a nos dado".

Puentedeume, Septiembre de 1947

El Párroco
JOSÉ M. CENDÁN SÁNCHEZ

Voto de N. Nicolas
de Tolentino
Sucedio fue en el año
1607
En 1.º de septiembre de 1621. el
Ill.mo Sr. Arzobispo de santiago dio
a los de Justicia y Regimiento
para tomar por Compatrono de la
Villa al Sor. S. Nicolas de Tolen
tino. En virtud della se obliga do
Guardar cada. Año. la Novena la Vi
spa. su empezion. se oye ne. Misa
Sermon. Con lo mas que Con
tiene el Instrum.to



t Fólio primeyro.


Individual Noticia delos Cofiadores de la Ylle Congregacion de san Nicolas de Tolentino, para cuio regimen se ha formado este Libro por sus antelaciones, como corresponde, que son los que siguen:

Delos antiguos y que fueron Maiordomos que aun biven:

+ Dn Roque Pineiro M.
+ Dn Andres del Rio M.
+ Dn Juan Bermudez M.
+ Dn Josef Cardigon M.
+ Dn Gabriel Pineiro M.
+ Dn Josef Andres Pardo M.
+ Dn Thomas Serames M.
+ Dn Ygnacio Arn.o M.
+ Dn Juan Ramon Serames M.
+ Dn Luis Suarez M.

todos los que sirvieron de cnay.mos

Dn Josef Piñeiro, electo para el año de 96
+ Dn Gabriel de Mella oficial de mar.a 97
+ Dn Andres Moreno Alvarez 98.



Tercero.

Por allarse concluso el Libro viejo de esta Cofradia, y hacerse los nombramientos de Mayordomos en Quaderno a parte desde el año de mill setecientos ochenta, y uno, la devocion, y celo del Canonigo de Santiago D. Thomas Serranes Mayordomo que fue el dicho año y nueve, como Cofrade despues de hayer dado un Velo de Seda para la Imagen del Santo, unas Andas de toda moda, y un Estandarte de Damasco blanco con encage de oro, y tarjeta del Santo, dirigio este Libro para los dos Libros dela Cofradia, nombramientos desus Mayordomos, y cuentas, queseles deven tomar, y como para dar principio atodo ello es necesario un resumen delo que resulta del Libro viejo en estos particulares, y especialmente en el dela Renta que tiene en el dia la Cofradia, y sus Cofrades actuales con las

SAN NICOLÁS DE TOLENTINO. ASPECTOS HISTÓRICOS-CULTURAIS

Francisco Correa Arias

Desde o 15 de maio de 1622, San Nicolás de Tolentino convértese en Santo benefactor e Copatrón co Apóstolo Santiago, da vila de Pontedeume. O feito está motivado polo milagre atribuído ó Santo cando, no incendio que asolou a vila no 11 do VIII de 1607, os monxes do Convento de Santo Agostiño, aplacaron as chamas arrebolando ó incendio as reliquias do Santo. En agradecemento, en 1622 declárase ó Santo Copatrón e procédese ó voto solemne e xuramento popular polo que as veciñas e veciños da vila eumesa prometen celebrar misa, sermón e procesión o día do Santo así como absterse de carne nas vísperas. Un fragmento do texto do xuramento é o que pode verse a continuación:

> *"A festividade ten lugar o primeiro domingo seguinte, cando o Xustiza e Rexemento celebrarán a festa do Santo e asistirán ás vésperas do sábado antes, e, o domingo, á misa, sermón e procesión neste convento do Señor Santo Agostiño, e virá en procesión xeral desde a Igrexa maior e traendo os boliños que se ten costume de bendecir aquel día e festa para o mesmo efecto"*

A proximidade do Convento dos Agostiños, fundado por sendos escritos de Don Fernando de Andrade en 1538 e 1540, fora do recinto amurallado, foi xunto cos feítos arriba citados a causa do patrocinio de San Nicolás sobre a vila eumesa.

Os conventos agostinos foron abundantes en Galicia. Incluso na comarca eumesa existían ademais do de Pontedeume, o de Breamo e o de Caaveiro ainda que este pertenecía ós coengos regulares. Todos eles inspirábanse na vida do Santo de Hipona e nos seus escritos traducidos en regla monástica.

San Nicolás de Tolentino: Vida e tradición

A relación entre San Nicolás de Tolentino e o Convento dos Agostiños de Pontedeume, nace do apostolado deste Santo levada a cabo desde o Convento Agostiño da



Portada do libro

mesma vila. Sen embargo e, para que este aserto resulte comprensible, faremos unha breve historia da vida e milagres do Santo italiano.

San Nicolás nace en 1245 en Castel Sant'Angelo, un pequeno pobo da rexión italiana das Marcas, na ribeira adriática dos Estados Pontificais de entón. Neno de 11 anos, os seus pais Amada e Compagnone, métenno interno no Convento dos agostiños de Castel Sant'Angelo nacido no mesmo ano 1256 da fusión entre o Convento agostiño de Congregación de Brettino e a Colexiata de coengos regulares existentes ata entón no lugar. En 1260 o Santo faise novicio para profesar un ano máis tarde. É ordenado presbítero en 1269.

Entre 1369 e 1375, recorre a rexión que o veu nacer entregado totalmente ó apostolado. A súa delicada saúde e a vida de renuncia e abnegación que leva, obrígano a recluirse no Convento de Tolentino, cidade na que permanecerá ata a súa morte, acaecida en 1305. Tanto a súa morte, como no seu día o seu nacemento, están, segundo a tradición, rodeadas de acontecementos extraordinarios.

En 1325, o Papa Juan XXII comeza o proceso de canonización interrumpido en tres papados máis –non esquecer que estamos en pleno desterro de Avignon– ata que en 1446, Eugenio IV eleva a Nicolás de Tolentino ós Altares. No proceso, realizado a partir de 1327, recollense 375 testemuñas dos feítos e milagres a él atribuidas. Destacan das testemuñas ás continuas referencias á súa preocupación polos pobres, os desprotexidos, os enfermos, etc. A súa entrega en casos de epidemias ou catástrofes e a súa despreocupación polo seu propio carpo ó que apenas lle deixaba descansar máis de 4 horas. Non comía máis que auga, pan e verduras, etc.

Atribúenselle multitude de milagres. Tanto é así que Lope de Vega lle dedica unha obra titulada "El Santo de los milagros". O seu culto difúndese por Europa no século XVI e XVII. Considerase ó Santo protector dos pobres, dos enfermos, dos aflixidos, da xuventude (con San Nicolás de Bari), avogado das ánimas do purgatorio e Santo Salvador en caso de calamidades como tempestades, pestilencias ou, sobre todo, incendios.

En moitos pobos en que se celebra o seu santo como en Pontedeume, bendícese unhos boliños que logo se reparten a xente da vila para a súa custodia e protección. O feito, segundo a tradición, ten orixe na propia vida do Santo cando, por azar, un pan consagrado á Virxe servera para apagar un incendio.

En Pontedeume, o feito de 1607, repítese en varias ocasións das que, as últimas de que temos constancia, prodúcense en 1892 e 1941 en sendos incendios nos que, os veciños, tiran ó lume os bolos de San Nicolás para extinguilo. Ignoramos, sen embargo o seu efecto.

As representacións iconográficas de San Nicolás de Tolentino

Son moitas as formas en que a pintura recolle a figura de San Nicolás de Tolentino. Normalmente estas representacións aluden ás múltiples peripecias da súa vida e milagres. Sen embargo a imaxe máis tradicional do Santo, difundida a partir da escultura do Santo no seu sepulcro da Basílica Tolentina de Cappellone, este aparece, normalmente, en posición erecta con figura xuvenil fina e delicada, vestido co hábito agustino ceñido por un austero cinturón de coiro. Como atributos iconográficos, no seu peito leva unha estrela e, nas súas mans, unha cruz –ou crucifixo– e o libro da regla agustiniana.

Na parroquia de Pontedeume, a única imaxe do SantoTolentino está colocada no retábulo do Corazón de Xesús, na hornacina situada á súa dereita, namentras que á esquerda do Corazón de Xesús está a imaxe do Corazón de María. No frontispicio, a imaxe de Santiago Peregrino corona a representación iconográfica do retábulo.

O retábulo presenta un aspecto pseudo-barroco, de madeira con adornos policromados e contrastes de líneas e planos e xogos de volúmenes adornados con orlas douradas. O conxunto adáptase perfectamente ás estructuras arquitectónicas polo que, sen entrar na antigüedade de cada unha das imaxes antes citadas, –logo falaremos da de San Nicolás– poderíamos asegurar que corresponden a finais do século XVIII ou a principios do século XIX ainda que, por tratarse dun retábulo das súas características sen unha clara identificación estilística, a súa construcción podería ser máis recente. Sen dúbida os Libros de Fábrica da Parroquia, no Arquivo Diocesano, poderían aclararnos este extremo. De tódalas maneiras, o se-la igrexa de estilo barroco –remátase no ano 1763– e mostrar formas barrocas o retábulo, o máis lóxico é pensar que foi colocado pouco despois do remate da obra arquitectónica, esto é, entre 1763 e 1790.

A imaxe de San Nicolás de Tolentino

A representación iconográfica de San Nicolás, que, como dixemos, está colocada na hornacina esquerda do retábulo do Corazón de Xesús, á súa dereita, non é unha



verdadeira obra escultórica, senón un simple armazón de madeira vestido cun hábito negro de orla bordada en branco do que sobresaen as mans, os pés e a cabeza do Santo, os únicos detalles anatómicos tallados en bulto redondo. O rostro do Santo aparece tocado dos rasgos clásicos con que a tradición haxiográfica o adorna. De expresión serena e bondadosa, amosa rasgos delicados e xuvenís propios dun Santo que na súa vida real tivo que afrontar sempre unha saude moi precaria pola escasa alimentación e as excesivas mortificacións a que se entregaba.

Dos atributos iconográficos que habitualmente adornan a imaxe do Santo, a Cruz do Apostolado ou, no seu lugar, un crucifixo, o libro da regla de San Agustín e a estrela que alude os presaxios que anuncian a súa marte, a imaxe da igrexa de Pontedeume, só ten a estrela e ésta, que tradicionalmente caía do peito do Santo, no caso que nos ocupa, aparece no centro do nimbo de Santidade que adorna a cabeza de San Nicolás.

Sen embargo, na súa man esquerda, sobre unha bandexa dourada, aparece un paxaro que poidera ser unha pomba pero que, polo que diremos máis abaixo, inclinamonos porque sexa unha codorniz. Si prescindimos do hábito, sen dúbida moitas veces renovado, a imaxe é moito máis antiga que o retábulo no que está colocada a xuzgar pala talla da cabeza, con expresión serena e ollos coloreados, pode incluso que sexa a imaxe orixinaria a que os distintos cambios de ubicación –Convento dos Agustinos, lgrexa das Virtudes, Retábulo do Sagrado Corazón– provocaron a perda ou cambio dos atributos iconográficos antes citados. No senso anterior, a disposición da man dereita parece indicarnos que o Santo portaba nela unha cruz, o símbolo de apostolado que tanto gustara ó Santo.

O sentido da pomba ou codorniz que aparece na man esquerda do Santo, en lugar donde habitualmente se representaba o libro que aludía á regla de Santo Agostiño, posiblemente faga alusión ó patrocinio que o Santo de Tolentino exerce sobre os animais. Pensemos que Tolentino está perta de Asís, na mesma rexión das Marcas e, San Nicolás, nace cando ainda está recente a morte de San Francisco, cantor da natureza, irmán das flores e dos animais. San Nicolás, de espíritu bondadoso e altruista está moi próximo ó Santo de Asís, nese amor embargado por todo o que o rodea como manifestación de gloria de Deus. De feito nas testemuñas do seu proceso de canonización, aparecen varias referencias a esta proximidade espiritual. Nunha ocasión regálanlle ó Santo dúas codornices xa preparadas para guisar. O Santo rexeitaas docemente e mándalles seguir o seu camiño co que inmediatamente as codornices saen voando. A pasaxe explica ó noso entender o atributo representado na man esquerda do Santo así como o feito de que tamén se lle teña por protector dos animais e das aves. Voltemos a Italia, onde cerca de Tolentino, en Padua, un Santo de orixen portugués, San Antonio de Padua, profeso da orde de San Francisco, morre algo máis tarde co naso copatrón (1331). Este Santo, con arraigada veneración en toda Galicia, e con representación iconográfica na lgrexa de Pontedeume, tamén se lle considera amigo e protector dos animais domésticos.

Todo o anterior fainos reflexionar ainda que só sexa brevemente, sobre a relación existente entre os complexos entramados psicolóxicos dunha época –o espallamento da

orde franciscana ou seu mensaxe de amor desnudo– e o comportamento de homes reais como o Santo de Tolentino que, posteriormente, as xentes impregnadas dos mesmos complexos psicolóxicos, converten en tradición a través do santoral. Os milagres e propiedades que se atribúen o Santo de Tolentino, San Nicolás, son froito desta simbiosis cultural.

Orixen do culto eumés a San Nicolás

É case normal, atopar en igrexas galegas, como a de Pontedeume, a imaxe de San Antonio de Padua. Ó fin e ó cabo, San Antonio, ainda que vive e marre na cidade italiana de Padua, nun convento franciscano, é portugués de Lisboa e, xa sabemos da proximidade cultural de Portugal e Galicia ademáis, claro está, da proximidade xeográfica.

Choca sen embargo, que un Santo sen ser fundador de ningunha orde relixiosa, desenvolvendo a súa mortal existencia nun país como Italia, entón tan alexada de Galicia polas dificultades do transporte e das comunicacións, se venerara en Pontedeume, xa no século XVI. A explicación ó feito de que un santo italiano chegase a converterse en Copatrón de Pontedeume, hai que buscala na historia.

Nas tres primeiras décadas do século XVI, os Reis "Españois" levan a cabo unha política, primeiro de implantación e lago de consolidación do seu dominio sobre unha gran parte do que hoxe é Italia: Nápoles e Sicilia. Por outra banda, a veces en alianza co Papa e, ás veces coa súa ambigua oposición, Italia central e norte, convértense en espacio de disputa pala hexemonía europea. En todo caso, os contactos entre a Península Ibérica son intensos e non só militares. Un dos persoaxes que participa nestes contactos é Don Fernando de Andrade, Conde de Vilalba, Señor de Ferrol e Pontedeume, vila na que tiña pazo e na que finou en 1540.

Nas súas tres estancias en Italia –1503, 1511 e 1522– Don Fernando, primeiro como militar e como diplomático na última, recorre gran parte de Italia. Concretamente en 1522, parte dos Estados Pontificios nos que estaba a rexión das Marcas onde nace e morre o Santo Tolentiniano. Pois ben, a única orixe viable das reliquias que, según algunhas testemuñas, os relixiosos do convento de San Agustín de Pontedeume utilizan para apagalo incendio da vila en 1607, son as viaxes de Don Fernando de Andrade, é él o que funda o convento de Santo Agostiño, en 1538 e, sen dúbida, non só a advocación agustiniana do convento senón tamén as citadas reliquias, débense ás viaxes do ilustre prócer e/ou os seus contactos en Italia. A imaxe do Santo estivo no convento citado ata a súa extinción en 1835. Máis tarde, posiblemente estivo na lgrexa das Virtudes rexentada polos agustinos para terminar no altar do Sagrado Corazón, nunha hornacina que, sen dúbida foi concebida para outro Santo. Como podemos ver, tradición, cultura e historia compleméntanse.



CÁTEDRA. Revista eumesa de estudios
XUÑO 2022. NUM. 29

ÍNDICE

"Aficionados y amantes". Introdución e desenvolvemento do deporte en Pontedeume (1910-1940)
Roque Sanfíz Arias 7

A simbólica retirada dos crucifixos e o conflito relixioso na Segunda República
Sindo Vilariño 37

"A Rianxeira" (As verdadeiras orixes da "Foliada de Rianxo")
Xosé Paz Fernández 51

Estudo toponímico do concello de Cabanas (A Coruña)
María José López Venancio 69

As pedras que falan
Juan Coira 113

Os mariñeiros que defenderon o santuario. Segundo os libros da Axudantía de Mariña de Pontedeume
Xavier Brisset Martín 139

Documentos para a historia do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro
Adrián Ares Legaspi 167

A pandemia da COVID-19 en Ferrolterra
José Antonio Carpente Sardiña 225

Patrimonio desaparecido del monasterio de Caaveiro
Francisco Rubia Alejos 239

Os outros Andrade: algunhas pólas dunha frondosa árbore
Fernando Dopico Blanco 267

A casa de Maruxa Pena na rúa de Santo Agostiño 23, unha edificación singular do Pontedeume contemporáneo
Franciso Alonso Toucido, Carlos Galbán Malagón e Mario César Vila .291

A rehabilitación do patrimonio local e o camiño de Santiago. Pontedeume e o antigo hospitalillo
María Luisa Malizia 311

Rosalía, e Murguía, en Breamo e Ferrolterra
Diego Rodríguez González 325

Unha ollada a "El Eco de Puentedeume"
Alexandre Caínzos e Sindo Vilariño 333

PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME 2021:
A sociedade eumesa no século XVIII; o estamento eclesiástico
Jesús Andrés López Calvo 337

ESCOLMA DA NOSA HISTORIA
Con motivo do 400 anivesario do voto de San Nicolás de Tolenino:
Texto do artigo: **San Nicolás de Tolentino: aspectos históricos culturais**,
de Francisco Correa Arias, publicado en 1997.
E imáxenes do **Libro do voto de San Nicolás de Tolentino** 399